

O viaxeiro astral

Jack London

Tradución de Xoán Abeleira



CAPÍTULO I

Durante toda a miña vida tiven visións doutros lugares e doutras épocas. Fun consciente das outras persoas que bulían dentro de min. Ah, e o mesmo che ocorreu a ti, creme: a ti que estás a lerne. Repasa a túa infancia, remóntate a ela, e seguramente acordarás que ti tamén tiveches experiencias coma estas das que che estou a falar. Na nenez, o teu eu aínda non se fixara, non cristalizara. Ti tan só eras plástico, un alma a fluír, unha conciencia e unha identidade en proceso de formación –de formación e de esquecemento, aí.

Pois ti esqueciches moito, lector. E, inda así, ó leres estas páxinas, irás lembrando vagamente as borrosas imaxes desoutros lugares, desoutras épocas que albiscaron os teus ollos de neno. Arestora, parécenche soños. Mais se foron soños, soños que tiveches daquela, de onde provén a súa consistencia? Os nosos soños son un mestrugallo de cousas que coñecemos, e mesmo os nosos soños máis puros están feitos da mesma materia cá da nosa experiencia. Cando eras un neno, un cativiño, soñabas que caías dende moita altura; que voabas polo ar como voan os espíritos do ar; que te amolaban as arañas e todas esas criaturas cun cento de patas que buligan no bulleiro; que sentías outras voces, que vías outras faces xa habituais nos teus pesadelos, e que ollabas albores e solpores distintos dos que, como agora sabes, ó mirar atrás, sempre viches.

Pois ben: esas cousas que enxergaches de neno son cousas doutro mundo, doutra vida; cousas que endexamais ollaches neste mundo concreto desta vida concreta. Daquela, de onde proveñen? Doutras vidas? Doutros mundos? Se cadra, cando acabes de ler todo o que vou escribir, acharás respostas ós enigmas que eu che formulei e que ti mesmo, antes de lerne, xa te formularas.

Wordsworth sabía. El non era un vidente nin un profeta, senón unha persoa corrente, coma ti ou coma calquera. O que el sabía, ti tamén o sabes, calquera o sabe. Mais el expresouno mellor que ninguén, naquela pasaxe que principia: «Non na nudez total, non no esquecemento absoluto...»²

Ah, abofé, as sombras da casa–prisión péchanse sobre nós en nacendo, e demasiado pronto esquecemos todo. E, secasí, cando viñamos de nacer, aínda lembrabamos outros lugares e outras épocas. Nós, nenos desamparados no colo ou gateando coma cuadrúpedes polo chan, soñabamos que voabamos polo ar. Si, e aturabamos o tormento do pánico que nos producían os pesadelos, cheos de cousas sombrizas e monstruosas. Nós, acabados de chegar, sen experiencia ningunha, nacemos xa con medo, coa lembranza do medo. E a lembranza é experiencia.

No tocante a min, mesmo nos inicios do meu vocabulario, naquel período tan tenro no que aínda expresaba con balbucidos a sensación de fame ou de sono, xa sabía que fora un viaxeiro astral. Si, eu, que endexamais pronunciara a palabra “rei”, lembraba que fora unha vez o fillo dun rei. E tamén que fora un escravo e o fillo dun escravo, e que levara un colar de ferro colgado ó pescozo.

E aínda máis. Ós tres, catro, cinco anos de idade, eu non era eu aínda. Era tan só un devir, un fluxo espiritual que aínda non se arrefriara nin se solidificara no molde dun corpo concreto, nun lugar e nunha época concretos. Daquela, todo canto eu fora durante dez mil vidas anteriores pugnaba en min, turbaba o fluxo que eu era, a fin de se incorporar a min e devir en min.

Seguro que todo isto che parecerá unha parvada, non si? Mais lembra –ti, a quen espero levar comigo nestas longas viaxes a través do tempo e do espazo–, lembra, por favor, que eu matinei moito con estes asuntos; que, durante anos de noites cruentas e suores de escuridade, estiven só cos meus moitos eus, consultando e contemplando os meus moitos eus. Lembra, si, que atravesei os infernos de todas as existencias para traerche noticias que logo puideras compartir comigo, nun momento informal e agradable, na miña páxina impresa.

Mais, como che ía dicindo, ós tres, catro, cinco anos de idade, eu non era eu aínda. Tan só estaba a devir, a conformarme no molde do meu corpo, e todo o pasado poderoso, indestrutible traballaba na mestura que eu era para determinar a forma que ía cobrar ese devir. Non era a miña voz a que berraba na noite o seu medo a aquelas cousas coñecidas pero que, en realidade, eu non coñecía nin podía coñecer. Nin tampouco a que manifestaba as miñas perrenchas, os meus amores, os meus risos infantís. Outras voces bruaban a través da miña voz, voces de homes e de mulleres de outrora, voces de todas as hostes confusas dos meus devanceiros. E o bruazo da miña carraxe mesturábase cos griñidos das bestas máis antergas cás montañas, e a loucura

vocal da miña histeria infantil, con toda a cor vermella da súa ira, acordaba cos berros brutos, irracionais das bestas preadámicas e dos tempos proxeolóxicos.

E velaí o meu segredo. A ira vermella! Ela foi a miña ruína nesta vida, na actual. Por mor dela, dentro dunhas semanas, ben poucas, levaranme dende esta cela ata un lugar alto e inestable, adobiaranme cunha sogá ben preta, e colgaranme alí polo pescozo, ata que morra. Ela, a ira vermella, foi a miña ruína en todas as vidas; pois ela é a miña desastrosa, a miña catastrófica herdanza dende os tempos das cousas lamacentas, antes da aurora do mundo.

Mais xa é hora de que me presente, coído. Eu non son nin un tolo nin un aluado, e quero que o saibas, a fin de que creas as cousas que che vou contar. Eu son Darrell Standing. Se cadra, algúns dos que me leades, recoñecerédesme axiña.³ Pero á meirande parte de vós, seguramente descoñecidos, permitídemme que vos explique algunhas cousas sobre min. Hai oito anos, eu era profesor de agronomía na Escola de Agricultura da Universidade de California. Hai oito anos, a pequena e soporífera cidade universitaria de Berkeley conmocionouse tras a morte do profesor Haskell, asasinado nun dos laboratorios do edificio de Enxeñería de Minas. Darrell Standing era o asasino.

Eu son Darrel Standing. Pilláronme *in fraganti*, e, amais, agora non vén a conto poñerme a dilucidar se tiña ou non razóns para matar o profesor Haskell: iso é algo que nos concirne unicamente a nós. O caso é que eu, nunha arroutada de carraxe, obsesionado pola catastrófica ira vermella que dende hai séculos me persegue coma unha maldición, matei o meu colega. A sentenza do tribunal demostra que o fixen, e, por unha vez, estou de acordo co tribunal.

Non, non van aforcarme por ese asasinato. Como castigo, condenáronme a cadea perpetua. Eu tiña trinta e seis anos daquela. Agora teño corenta e catro. Pasei estes últimos oito anos na Prisión Estatal de San Quintín, California. Deles, botei cinco na escuridade. Niso que eles chaman “cela de illamento”, pero que os presos sometidos a ese castigo chaman “morte en vida”. Porén, durante eses cinco anos de morte en vida, dei en atinxir unha liberdade como moi poucos homes coñeceron. Mesmo confinado e illado do resto dos prisioneiros, non só percorrín o mundo senón tamén o tempo. Os que me encerraron entre eses muros durante cinco míseros anos, agasalláronme, sen decatárense, coa amplitude dos séculos. Abofé, grazas a Ed Morrell, estiven cinco anos

viaxando polas estrelas. Pero esa, a de Morrell, é outra historia.⁴ Xa che falarei del máis adiante. Polo de agora... Teño tantas cousas que dicir que non sei por onde empezar...

Mais empecemos dunha vez. Digamos que nacín nun rueiro de Minnesota. A miña nai, Hilda Tonnesson, era filla dun emigrante sueco. Mais o meu pai, Chauncey Standing, era un estadounidense de pura cepa. A súa liñaxe remóntase ata Alfred Standing, un servo obrigado⁵ –ou un escravo, se o prefires– que foi transportado de Inglaterra ás plantacións de Virxinia nos tempos que xa eran vellos cando un mozo chamado Washington traballaba de topógrafo nas terras virxes de Pennsylvania.

Un fillo de Alfred Standing loitou na Guerra da Independencia, e un neto seu na de 1812. Dende entón, non houbo guerra na que os Standing non estivesen representados. Eu, o derradeiro Standing, que pronto morrerei sen descendencia, loitei como soldado raso nas Filipinas, a nosa última guerra. E, para facelo, tiven que renunciar, en plena madurez profesional, ó meu posto na Universidade de Nebraska. Xusto cando acababan de propoñerme para decano da Escola de Agricultura! A min, o viaxeiro astral, o aventureiro asasino, o Caín erradío dos séculos, o sacerdote belicoso dos tempos remotos, o poeta–que–soña–coa–lúa das idades esquecidas e endexamais rexistradas polo home na historia do home!

E velaquí estou, coas mans manchadas de sangue, no Pavillón de Asasinos⁶ da Prisión Estatal de Folsom, agardando o día, decretado pola maquinaria do Estado, no que os seus servos me conducirán ata o que eles coidan que é a escuridade –a escuridade que temen; a escuridade que os leva a inventaren andrómenas e supersticións; a escuridade que os impulsa a axeonllárense, desbarrando e choromicando, ante os altares dos seus deuses antropomórficos, produto do seu medo.

Non, xamais serei decano de ningunha Escola de Agricultura. E, emporiso, eu sabía de agricultura, abofé. Esa era a miña profesión. Fun parido para ela, criado para ela, preparado para ela, ata que cheguei a dominala. A agricultura era o meu. Podía calcular a ollo a porcentaxe de graxa no leite de vaca e deixar que o frasco Babcock confirmase o meu cálculo. Podía ollar non un terreo senón unha paisaxe enteira e pronunciar-me sobre as virtudes e as carencias do solo. Non precisaba papel de tornasol para determinar se un solo era ácido ou alcalino. Insisto: a ciencia agraria, no senso máis elevado do termo, era o meu, e segue a selo. Mais o Estado –que inclúe a todos os cidadáns do Estado– cre que pode destruír este talento de meu na escuridade final cunha simple soga e unha brusca sacudida gravitacional; este talento de meu que foi incubado

durante milenios e que agromou denantes de que nas searas de Troia pastasen os rabaños dos pastores nómades!

O millo? Quen o coñece coma min? Ben que o demostrei en Winstar, onde incrementei o rendemento de todos os condados de Iowa en medio millón de dólares – un feito xa histórico. A maioría dos agricultores que arestora conducen un coche saben grazas a quen o teñen. En troques, a maioría desas mozas de doces peitos e deses mozos de fronte brillantes que están a chapar nos institutos nin sequera sospeitan que deben a súa boa educación ó labor que eu fixen en Winstar.

A xestión agrícola? Boh: eu recoñezo a perda que supón o movemento superfluo sen necesidade de ver unha película ó respecto, xa sexa este dunha granxa agrícola en concreto ou dos agricultores en xeral, da distribución dos edificios ou da distribución da man de obra. Velaí están o meu manual e as miñas táboas sobre o tema. Alén de calquera sombra de dúbida, cen mil agricultores engurran arestora a fronte sobre as súas páxinas abertas, antes de apagaren a última pipa e marcharen á cama. E, emporiso, eu estou tan por enriba das miñas táboas que me abonda con botar unha ollada a un home para coñecer as súas predisposicións, as súas maneiras de coordinar, o índice da súa perda de movemento.

Mais, chegados a este punto, debo rematar o primeiro capítulo do meu relato. Son as nove en punto, e iso, no Pavillón de Asasinos, significa que van apagar as luces. Agora mesmo estou a sentir as lenes pisadas dos zapatos de goma do garda que vén rifarme por ter a lámpada de parafina aínda acesa. Coma se os vivos puideran rifar ós condenados a morte!

CAPÍTULO II

Eu son Darrell Standing. Moi pronto me sacarán aí fóra e me colgarán. Namentres, digo o que penso e escribo nestas páxinas verbo doutros lugares e doutras épocas.

Despois de condenárenme, vin pasar o resto da miña “vida natural” na prisión de San Quintín. Resultei ser un incorrizable, ou sexa unha persoa terrible –cando menos no senso que ten a palabra “incorrizable” na psicoloxía carceraria. Devín nun incorrizable porque decidín non facer ningún movemento superfluo, non malgastar en van, non desbaldir, en fin, as miñas enerxías. Esta prisión, coma todas as prisións, parecíame un escándalo e un insulto a ese respecto, ó da perda de enerxía. Ó chegar, destináronme á fabrica de fibra vexetal. Para min, o dispendio é un crime, non podo aturalo. Como podería? Erradicar o movemento superfluo, a perda de enerxía era a miña especialidade. Antes do descubrimento da forza do vapor, tres mil anos antes dos teares á vapor, eu xa podecía nunha prisión da anterga Babilonia; e asegúroche que, xa daquela, nós, os prisioneiros de entón, teciamos mellor nos teares a man cós prisioneiros de hoxe en San Quintín coas súas máquinas a vapor.

Semellante perda, semellante crime horrorizábame. E rebeleime. Tentei aprender ós gardas maneiras máis eficaces de traballaren. E que foi o que conseguín? Que se queixaran de min e me meteran no alxube, privado de luz e de comida. Ó saír, tentei traballar naquel caos de ineficacia que eran as salas de tecer. E rebeleime de novo. Volveron meterme no alxube e puxéronme a camisa de forza.⁷ Aqueles gardas boubexos, cuxa intelixencia non ía máis aló do feito de decatárense de que eu era distinto deles, e, abofé, non tan parvo coma eles, escarranchábanme no chan, maltratábanme, zoscábanme ás agochadas.

Dous anos aturei aquela estúpida persecución. Para un home é terrible verse así, inmobilizado e rilado polas ratas. Pois aqueles gardas estúpidos, aqueles brutos non eran máis ca unhas ratas; ratas que ían rilando a miña intelixencia, todos os nervios sutís do meu corpo e da miña consciencia. E eu, que no pasado fora un valente guerreiro, nesta vida actual non o era en absoluto. Era un agricultor, un enxeñeiro agrónomo, un profesor atado ó seu escritorio, un escravo de laboratorio, preocupado tan só pola calidade e polo incremento da produtividade do solo.

Se loitei en Filipinas foi por seguir a tradición dos afoutados Standing. Eu non tiña a menor aptitude para a loita. Parecíame absolutamente ridículo inocular substancias nocivas e alleas nos corpos dos negros. Dábame riso ver como a Ciencia prostituía o poder dos seus achados e o talento para a violencia dos seus inventores introducindo substancias alleas nos corpos daquela xente.

Seguindo, xa que logo, a tradición dos Standing, fun á guerra, e alí decateime de que non tiña ningunha aptitude para ela. E o mesmo deberon de pensar os meus mandos, pois de contado me puxeron de oficinista no cuartel xeral. E así foi como loitei na guerra hispano–estadounidense, detrás dun escritorio.

Así que, se me encabuxei pola perda de enerxía que supoñían aquelas salas de tecer, e se fun perseguido polos gardas ata me converter nun “incorrixible”, non foi por ser un loitador senón un pensador. O meu cerebro traballaba, e castigáronme por iso. Como lle dixen daquela ó alcaide Atherton, cando a miña incorrixibilidade deveu tan notoria que fixo que me levaran ó seu despacho para botarme unha bronca:

– Mais é absurdo, querido alcaide, coidar que esas ratas estranguladoras, eses gardas seus poden extirpar do meu cerebro as cousas que están clara e definitivamente enraizadas nel. Toda a organización desta prisión é propia dunha mente estúpida. Vostede é un político. Vostede pode tecer unha boa trama, conseguir a influencia dos homes de café de San Francisco e dos intrigantes políticos para acadar un posto corrupto coma o que agora ocupa, pero non pode tecer fibra vexetal. As súas salas de tecer levan cincuenta anos de atraso...

Mais por que seguir coa diatriba? Porque diatriba foi. Demostreille ó alcaide o parvo que era. E, daquela, decidiu que eu era un incorrixible sen remedio.

«Cría fama e...», xa coñeces o refrán. Así foi. O alcaide Atherton corroborou o epíteto negativo que me aplicaran. Devín no chibo expiatorio. A partir de entón, apandei coas culpas de máis dun convicto, estando no alxube a pan e auga ou sendo izado polos polgares, sobre a puntiña dos pés, durante horas e horas nas que cada unha se me facía máis longa que calquera das miñas vidas pasadas.

Se os homes intelixentes son crueis, os homes estúpidos son monstruosamente crueis. Os gardas e os homes que estaban por riba de min, do alcaide para abaixo, eran uns monstros estúpidos. Escoita, e xa verás o que me fixeron. Resulta que había alí, na prisión, un fulano, un convicto, un poeta dexenerado de queixelo feble e fronte ampla que, en realidade, era un falsificador. Un cagainas. Un laretas. Un papexón.⁸ (Palabras,

xa o sei, que soan raras en boca dun profesor de agronomía, pero é que un profesor de agronomía ben pode aprender palabras raras cando vai estar engaiolado o resto da súa vida natural, non si?)

O nome dese poeta–falsificador era Cecil Winwood. Xa fora condenado varias veces con anterioridade, mais, como o tipo era o cuzo chorón dun demócrata do sur,⁹ reducíranlle a última condena a sete anos –os cales, grazas os seus bos servizos, serían bastantes menos. Eu, en troques, ía ficar alí toda a vida. Mais aquel miserable dexenerado, a fin de gañar algúns anos máis de liberdade, deu en engadir unha boa porción de eternidade ó meu período de vida.

Vouche contar o que ocorreu, tal e como o vexo agora, pois tan só me decatei do asunto logo dun período ben penoso da miña vida. O tal Cecil Winwood, a fin de se congraciar, sucesivamente, co capitán dos gardas, o alcaide, os directores das prisións, o Consello de Indultos e o gobernador de California, planeou unha fuga. Mais, denantes de seguir, cómpre aclarar tres cousas: 1^a) que os demais presos detestaban tanto a Cecil Winwood que nin sequera lle deixaban apostar unha onza de tabaco nunha carreira de chinchas –un dos grandes pasatempos dos reclusos; 2^a) que era eu quen tiña a mala sona; e 3^a) que, para levar a cabo o seu plan, Cecil Winwood precisaba dos que tiñan mala sona, dos condenados a cadea perpetua, dos desesperados, dos incorrixibles.

Mais, como digo, os presos de por vida detestaban a ese fulano, e, cando Winwood se achegou a eles para contarlles o seu plan de fuga, estes ríronse del e viráronlle as costas maldicíndoo por delator. Pero el, ó final, deu en engarguelalos, e enleou a corenta dos máis amargados que había na cadea insistindo arreo. Díxolles que tiña influencia na prisión por ser o recluso de confianza do alcaide e a persoa que levaba o dispensario.

– Demóstramo –pediulle Long Bill Hodge, un montañeiro condenado a cadea perpetua por asaltar un tren, e que levaba anos arelando fuxir para matar o seu compañeiro no asalto, que foi quen o delatou.

Cecil Winwood aceptou a proba, asegurando que podía drogar os gardas a noite da fuga.

– Xa, prometer é doado –retrucou Long Bill Hodge–, pero o que nós queremos son feitos. Droga a un dos gardas esta noite, veña. A Barnum, por exemplo, que é un mal becho. Onte mallou o tolo de Chink na Calella do Manicomio –cando tampouco el

estaba de servizo. Esta noite fai a garda. Drógao e faille perder o choio. Demostra o que dis, e logo falaremos contigo de negocios.

Todo isto contoumo o propio Long Bill despois, nos alxubes. Winwood puxo reparos ante a proximidade da proba que lle esixían. Obxectou que debían darlle máis tempo para poder roubar a droga do dispensario. Eles aceptaron, e, unha semana despois, Winwood anunciou que todo estaba preparado. Corenta duros reclusos agardaban a que o garda Barnum ficara durmido na súa quenda. E así foi. Pillárono *in fraganti*, e Barnum foi despedido por botar unha sonada no cumprimento do seu deber.

Por suposto, aquilo convenceu os reclusos. Pero aínda había que convencer o capitán dos gardas, a quen Winwood informaba a cotío dos progresos do plan de fuga –todos eles imaxinacións súas. O capitán esixiu probas. Winwood deullas –aínda que eu non coñecín todos os detalles do asunto ata un ano despois, pois os segredos das intrigas carcerarias tardan tempo en se filtrar.

Winwood dixo que os corenta cómplices do plan, cuxa confianza gañara, tiñan xa tanta influencia na prisión que estaban a piques de empezar a introducir pistolas automáticas de contrabando por medio dos gardas que as mercaran.

– Demóstramo –seica lle pediu o capitán.

E o poeta–falsificador demostroullo. Na prisión, era algo normal que a panadería funcionara pola noite. Un dos convictos, panadeiro el, estaba na primeira rolda de noite. Era un dos papexóns do capitán, e Winwood sabíao.

– Esta noite –díxolle ó capitán–, Summerface introducirá unha ducia de automáticas do 44. Na súa vindeira saída, traerá a munición. Pero esta noite vaime pasar as pistolas na panadería. Vostede ten alí un bo informador, que mañá lle confirmará todo.

O garda Summerface era un labrego robusto procedente do condado de Humboldt. Un boubexo simplón, de bo xacer, ó que non lle importaba sacar un dólar introducindo tabaco para os convictos. Aquela noite, ó volver de San Francisco, traía canda el sete quilos de excelente tabaco de lear. Levaba tempo facéndoo, e sempre lle entregaba a mercancía a Winwood. Así que, aquela noite en concreto, Summerface, que non estaba ó tanto de nada, pasoulle a mercancía a Winwood na panadería. Unha brazada grande e sólida de inocente tabaco envolta en papel. O panadeiro papexón viu, dende o seu acocho, como Summerface lle entregaba a Winwood o paquete, e así llo comunicou ó capitán pola mañá.

Pero, entre tanto, a imaxinación excesivamente vívida do poeta–falsificador disparouse canda el. Por mor da súa farolada caéronme cinco anos de illamento nesta maldita cela na que agora estou a escribir. E o caso é que, en todo este tempo, eu non souben nada do tema. Nin sequera coñecía o plan de fuga no que o moi raposeiro involucrara eses corenta reclusos. Non sabía ren, absolutamente ren. E os demais, ben pouco. Os convictos non sospeitaban que Winwood estaba a ferrarlles unha traguxada. E o capitán ignoraba que a traguxada estaba a ferrarse á súa conta. Summerface era o máis inocente de todos. No peor dos casos, a súa conciencia podería acusalo de coar uns cantos quilos de inofensivo tabaco.

E agora pasemos á estúpida, á ridícula, á patética farolada de Cecil Winwood. Á mañá seguinte, cando bateu co capitán, estaba triunfante. A súa imaxinación desatouse a feito.

– Ben, a mercancía entrou, tal e como dixeches –comentou o capitán.

– E hai abondo como para voar polos ares a metade da falcona! –espetoulle Winwood.

– Abondo de que? –preguntou o capitán.

– De dinamita e detonadores –soltou o moi fanfurriñeiro–. Dezasete quilos. O seu informador viu como Summerface mos entregaba.

O capitán houbo morrer nese momento. Agora non podo senón compadecelo: dezasete quilos de dinamita soltos pola charpela!

Disque o capitán Jamie –o seu alcume– caeu de cu no chan, levando as mans á cabeza.

– Onde carallo a tes? –berrou–. Quero vela. Lévame alí de contado!

Daquela, o pasmón de Cecil Winwood decatouse do seu erro.

– Acocheina –mentiu, e non lle quedaba outra, xa que, despois de facer varios paquetiños con el, repartira o tabaco entre os presos polos canais habituais.

– Moi ben –dixo o capitán Jamie, tentando dominarse–. Lévame alí de contado.

Mais alí non había acocho ningún onde Winwood puidese levalo. A dinamita non existía. Non existira nunca, agás na imaxinación do coitado de Winwood.

Nunha prisión tan grande coma a de San Quintín, sempre se atopa algún recuncho para agochar algo. E, mentres Winwood acompañaba o capitán Jamie, houbo matinar ás presas algunha escusa.

Tal e como o capitán Jamie testemuñou ante a Xunta Superior de Prisións, e tal e como aseverou o propio Winwood, de camiño ó suposto acocho, Winwood dixo que el e máis eu escondéramos a dinamita xuntos.

E eu, que acababa de pasar cinco días nos alxubes e de aturar oito horas de camisa de forza; eu, a quen mesmo os pasmóns dos gardas viran excesivamente feble como para traballar na sala de tecer; eu, a quen lle deran o día libre para poder recuperarse daquel terrible castigo, resulta que axudara a agochar dezasete quilos inexistentes de explosivo!

Winwood levou o capitán Jamie ó imaxinario acocho –no que, por suposto, non acharon dinamita ningunha.

– Meu Deus! –mentiu Winwood–. Standing ferrouma! Ripou a mercancía e acochouna noutro sitio!

O capitán non dixo precisamente “Meu Deus!”, senón outras lindezas moito máis enfáticas. Tamén, nunha arroutada irrefreable pero, asemade, con moito sangue frío, levou a Winwood á súa oficina privada, pechou as portas e bourou nel sen dó –o cal saíu relucir ante a Xunta Superior de Prisións. Pero iso foi despois. Namentres, mesmo cando o capitán facía del un bólico, Winwood xuraba que era verdade o que dicía.

Que podía facer o capitán? Estaba convencido de que eses dezasete quilos de dinamita andaban soltos pola falcona e de que corenta reclusos desesperados estaban prestos para fuxir. Por suposto, deulle unha boa quenta de orellas a Summerface, e, aínda que este insistía en que o paquete só contiña tabaco, Winwood xuraba que era dinamita. E el creuno.

E aquí é cando entro –ou, máis ben, saio– eu, pois quitáronme da luz do sol e do día para metérenme de novo nos alxubes. E alí, no pavillón de castigo, fóra da luz do sol e do día, podrecín cinco anos.

Eu estaba pampo. A penas acababa de saír da negrume, e xacía alí, na miña cela, torturado polas dores, cando de súpeto van e me levan outra vez ó maldito cagarrón.

– Agora –díxolle Winwood ó capitán Jamie–, malia que non sabemos onde carallo a acochou, a dinamita está a salvo. Standing é o único que o sabe, mais non poderá dicirllo a ninguén mentres estea na cadea. Os homes están preparados para liscar, pero podemos pillalos *in fraganti*. Son eu quen ha fixar a hora. Direilles que ás dúas en punto da mañá, e tamén que, cos gardas fóra de xogo, lles abrirei a celas e lles

darei as pistolas. Se as dúas en punto vostede non pescou eses corenta fulanos –cuxos nomes lle darei– vestidos e espertos, daquela, capitán, poderá meterme tamén a min nunha cela de illamento prós restos. Mais, xa verá: con Standing e os corenta convictos nos alxubes, teremos todo o tempo do mundo para atopar a dinamita.

– Aínda que teñamos que demoler a prisión pedra por pedra –engadiu o capitán, todo fachendoso.

Diso hai seis anos. En todo este tempo, xamais acharon o inexistente explosivo, e iso que rebeiraron a prisión de enriba a embaixo un cento de veces. Secasí, ata o derradeiro día que pasou no seu despacho, o alcaide Atherton creu na existencia da dinamita. O capitán Jamie, que aínda é o xefe dos gardas, segue a crer que a dinamita está nalgures. Onte mesmo, fixo o camiño de San Quintín a Folsom nun intento máis por lurpiarme o paradiro da suposta dinamita. E eu sei que endexamais descansará tranquilo ata que me vexa pender dunha corda.

CAPÍTULO III

Pasei todo o día deitado no alxube, matinando a razón daquel novo e inexplicable castigo. E a única conclusión á que cheguei foi que algún papexón inventara unha infracción das regras para gañarse os gardas.

Mentres o capitán Jamie, desacougado, barrenaba decote, preparándose para a súa actuación da noite, Winwood facía correr a mensaxe entre os corenta reclusos de que estivesen prestos para fuxiren. Dúas horas despois da media noite, todos os gardas da cadea –incluídos os que fixeran a quenda de día, que, supostamente, habían estar durmidos– andaban alertas, e, ás dúas en punto, entraron a saque nas celas dos corenta reclusos. O asalto foi simultáneo. Abriron as celas asemade, e todos os homes que Winwood delantara foron pescados fóra das súas liteiras, vestidos de cabo a cabo e anicados tras cadansúa porta. Por suposto, aquilo demostraba a absoluta veracidade da manchea de loias que o poeta–falsificador artellara para o capitán Jamie. Os corenta convictos foron pillados *in fraganti*, prestos a fuxiren. De nada serviu que se uniran para declararen que fora el, Winwood, quen argallara a fuga. Todos os membros da Xunta Superior, sen excepción, creron que os reclusos mentían para salvaren o pelexo. E a Xunta de Indultos houbo coidar o mesmo, pois, antes de tres meses, Cecil Winwood, o falsificador e poeta, o máis desprezable dos homes, foi perdoado.

Oh, si, a charpela, a falcona –como se di no argot carcerario– é unha boa escola filosófica. Non hai preso que poida sobrevivir moitos anos nela sen ver as súas máis fondas ilusións, as súas máis nobres burbullas metafísicas estouparen en mil anacos. A verdade sempre trunfa, disque; o crime, tarde ou cedo, descóbrese. Ben, pois o meu caso é unha proba de que o crime non sempre sae relucir. O capitán dos gardas, o ex alcaide Atherton, os membros da Xunta Superior, todos, sen excepción, seguen a crer, arestora, na existencia desa dinamita que endexamais existiu, bardante no disparado e disparatado cerebro dese poeta–falsificador: Cecil Winwood. E o moi dexenerado aínda che vive, mentres que eu, o máis profunda e absolutamente inocente de todos os implicados, irei ó patíbulo dentro dunhas semanas.

E agora heiche contar como irromperon na quietude do meu alxube os corenta condenados a cadea perpetua. Xa estaba durmindo cando sentín abriren estrepitosamente a porta exterior que dá ó corredor, e espertei. «Algún malpocado», coidei. E o meu seguinte pensamento foi que o pobre infeliz ía recibir unha boa, cando oín o ruxido dos pés, o seco impacto dos golpes na carne, os repentinos berros de dor, as groserías e os insultos, e o son dos corpos arrastrados. Pois todo o mundo era maltratado ó longo dese traxecto.

Unha tras outra, as portas dos alxubes foron abríndose, e, un tras outro, os corpos foron empurrados, guindados ou arrastrados dentro. E cadora chegaban máis grupos de gardas con máis convictos mallados a golpes que aínda ían recibir máis, e cadora se abrían máis portas para acolleren as figuras sanguentas deses homes culpables de arelar a liberdade.

Si, cando volvo a vista atrás e reflexiono sobre isto, coido que un home ha ser un filósofo para superar o continuo impacto de experiencias tan brutais durante anos e anos. Eu son un filósofo así, pois aturei oito anos o seu tormento. E agora, ó final, como non atopan outro medio para desfacerse de min, botaron man da maquinaria do Estado para poñerme unha soga ó pescozo e deixar que sexa o peso do meu propio corpo o que extinga o meu folgo. Oh, xa sei que, segundo a sabia opinión dos expertos, a caída pola trapela fai tronzar o pescozo da vítima. E as vítimas, coma o viaxeiro de Shakespeare, nunca volven para desmentir ese xuízo. Mais os que vivimos na charpela sabemos dalgúns casos –casos que se silencian nas súas criptas– nos que o pescozo do malfadado non tronzou.

No fondo, é algo divertido iso de aforcar un home. Nunca asistín a unha execución, pero varias testemuñas oculares contáronme os detalles dunha ducia de aforcamentos. Así que sei moi ben o que me vai ocorrer. Erguido sobre a trapela, esposado de pés e mans, co nó apegado ó pescozo e o carapuchón negro na cabeza, deixaranme caer ata o intre no que o descenso do meu corpo sexa bruscamente interrompido pola tensión da corda. Entón, os médicos apiñáranse ó meu redor, e, un tras outro, irán relevándose decote para subiren a un tallo, pasaren os brazos ó redor do meu corpo, evitando que me abanee coma un péndulo, e achegaren o oído ó meu peito, mentres contan os minguentes latexos do meu corazón. Ás veces pasan vinte minutos, logo de abrirse a trapela, denantes de que o corazón deixe de latexar. Ah, si, ben podes

crelo: para eles é moito máis doado certificaren cientificamente que un home está morto cando o teñen diante pendurando dunha soga.

Aínda debo afastarme un chisco máis do meu relato para facer un par de preguntas á sociedade. Teño dereito a ambas cousas, a afastarme e a preguntar, pois, dentro de nada, vanme facer o que xa dixen, así que... Se o pescozo tronza por mor do suposto axeitamento do nó e do lazo, do suposto cálculo do peso do corpo e da lonxitude da soga, por que lle esposan as mans á vítima? A sociedade, en conxunto, é incapaz de responder esta pregunta. Pero eu si sei a resposta, como a sabe calquera afeccionado que participase algunha vez nun linchamento popular e vise a vítima alzar as mans, coller a soga e tentar afrouxar o lazo que está a asfixialo.

Outra pregunta que me gustaría facerche a ti, fachendoso e acomodado membro da sociedade, cuxa alma endexamais se extraviou nos infernos vermellos, é esta: por que lle cobren a cabeza e a faciana á vítima con ese carapuchón negro antes de guindalo pola trapela? Por favor, lembra que, de aquí a un pouco, vanmo facer iso a min, así que teño dereito a preguntar. Será que os teus sabuxos—verdugos ¹⁰, oh fachendoso cidadán, temen ver nesa faciana o horror do horror que eles perpetrán por ti e no teu nome?

Por favor, lembra que non fago esta pregunta no ano 1200 d.C., nin na época de Cristo, nin no ano 1200 a.C. Eu, que vou ser aforcado hogano, no 1913 d.C., fágоче, fágovos estas preguntas a todos vos, presuntos seguidores de Cristo, cuxos sabuxos—verdugos van levarme ó patíbulo e cubrirme a cabeza cunha tea de algodón negro, porque seica non serei quen de fitar o horror que me causarán mentres aínda estea vivo.

E agora volvamos á situación nos alxubes. Cando o último garda marchou e pechou a porta exterior, aqueles corenta homes mallados, desesperados, empezaron a falar e a facer preguntas. Pero, case que de contado, bruando coma un touro para se facer sentir, Skysail Jack, un mariñeiro xigante, condenado a cadea perpetua, mandou calaren a todos mentres facíamos reconto dos que alí estabamos. Os alxubes estaban petados de hóspedes, e, un tras outro, en orde numérica, fomos berrando os nosos nomes para pasarmos lista. Así soubemos que cada alxube estaba ocupado por un convicto de fiar, e que non había ningún papexón entre nós.

Os convictos tan só dubidaban de min, pois era o único que non participara no complot. Así que me someteron a un minucioso interrogatorio. Pero o único que podía dicirlles era a verdade: que pola mañá me liberaran do alxube e da camisa forza e que

logo, sen máis aquel –cando menos polo que eu sabía–, volveran encerrarme ó cabo de a penas unhas horas. A miña sona de incorrizable falaba no meu favor, de modo que non tardaron en poñerse a parolar.

Foi entón, ó sentilos, cando souben o da fuga abortada. Durante toda a noite estiveron pescudando a ver «quen tocara a choca». E, como Cecil Winwood non estaba entre eles, todas as sospeitas recaeron nel.

– Unha cousa está ben clara, ho –dixo finalmente Skysail Jack–, e é que pronto amencerá, sacarannos aí fóra e medirannos as costas. Pescáronnos con todas as da lei, e coa roupa posta. Winwood ferróunola e delatounos. Agora van sacarnos, un por un, e bourarnos. Nós somos corenta. Non fai falla mentirmos en nada. Así que, cando vos aperten as caravillas aí fóra, dicide a verdade, simplemente; toda a verdade, e que Deus vos axude.

E alí, naquel burato escuro da inhumanidade do home, de alxube en alxube, coa boca apegada ós barrotes, os dobreamente condenados a cadea perpetua comprometéronse ante Deus a dicir a verdade.

De pouco lles valeu facelo. Ás nove en punto, os gardas, –eses matóns a soldo dos fachendosos cidadáns que conforman o Estado, imbrados de comida e de sono–, caeron sobre nós. Non só non nos deron almorzo, senón que nos privaron mesmo de bebermos auga, e un home mallado corre o risco de morrer de febre. Eu non sei, prezado lector, se tes a menor idea do que connota esa expresión, «un home mallado» – ou «felpado», como dicimos nós–, mais non penso explicarcho. Abonda con que saibas que aqueles homes moídos coma o sal, consumidos pola febre, estiveron sete horas sen auga.

Ás nove chegaron os gardas. Non eran moitos, e tampouco habían de selo, pois ían abrindo os alxubes dun en un. Viñan armados con mangos de pico –un trebello manexable para “disciplinaren” a un home desvalido. Alxube a alxube, foron bourando e machucando os condenados. E, como eran moi imparciais, eu recibín a mesma felpa cós demais. Pero aquilo foi só o principio, o preludio do interrogatorio que cada un de nós ía sufrir en presenza dos brutos a soldo do Estado. Un anticipo do que nos agardaba na sala de interrogatorios.

Eu pasei por case que todos os infernos da vida carceraria, mais o peor de todos, moito peor que o que pretenden facer comigo dentro dunhas semanas, foi o inferno que vivimos naqueles alxubes do demo durante os seguintes días.

O primeiro que interrogaron foi Long Bill Hodge, o rudo montañés, que volveu –ou, mellor dito, que trouxeron de volta e guindaron sobre o chan de pedra da súa cela– dúas horas máis tarde. Logo levaron a Luigi Polazzo, un matón de San Francisco, o primeiro fillo estadounidense dunha familia de italianos, que os insultaba e se mofaba deles como desafiándoos a que lle inflixisen o peor dos seus castigos.

Iso foi un cacho antes de que Long Bill Hodge fora quen de controlar a súa dor como para falar con certa coherencia.

– Que hai desa dinamita? –preguntou–. Alguén sabe algo ó respecto?

E, por suposto, ninguén sabía nada da dinamita, aínda que esta era a causa principal do interrogatorio.

Luigi Polazzo volveu un pouco antes das dúas horas, feito un despoxo humano e delirando de tal xeito que non podía responder o balón de preguntas que ecoaban no corredor das alxubas, feitas por aqueles que ían sufrir o que el sufrira e que agoaban saber que carallo lle fixeran, que carallo lle preguntaran.

Durante as corenta e oito horas seguintes, dúas veces máis sacaron a Luigi para interrogalo. Despois daquilo, completamente aparvado e farfallando desatinos, foi trasladado á Calella do Manicomio. Luigi era un rapazote forte, de costas largas, nariz ancho, peito robusto e sangue puro, pero seguirá igual, farfallando no manicomio, moito despois de que me aforquen a min e me libren do tormento das cadeas de California.

Un a un, foron levando os condenados, e, un a un, traendo de volta os despojos humanos para mandalos á escuridade, desvariando e ouveando. Mentres eu xacía alí, sentindo os laios e as queixumes, todos aqueles desvaríos provocados polo sufrimento, non sei como lembrei vagamente algo, como se en xalundes, nalgunha época anterior, estivese sentado nun lugar preeminente, escoitando, insensible e altivo, un coro de laios e queixumes semellante a ese. Máis tarde, como verás, identifíquei esa reminiscencia, e decateime de que os laios e as queixumes foran os dos escravos dunha anterga galera romana encadeados ós seus bancos, ós que eu, un soldado de viaxe, escoitara dende a popa. Eu ía a Alexandría, camiño de Xerusalén, cos homes que capitaneaba... Mais esa é unha historia que logo che contarei. Polo de agora...

CAPÍTULO IV

Polo de agora só existía o horror dos alxubes, logo de descubriren o plan de fuga. Exxamais, durante aquelas horas eternas de espera, deixei de ser consciente de que ía sufrir a mesma sorte que aqueles condenados, o mesmo infernal interrogatorio ca eles, antes de que me trouxeran de volta tundido, feito un bandallo, e me guindaran ó chan da miña cela de pedra con porta de aceiro.

Viñeron por min. Sen piedade e ás presas, zorregándome e insultándome, conducíronme ante o capitán Jamie e o alcaide Atherthon, parapetados trala forza de media ducia de gardas brutais comprados polo Estado, pagados cos nosos impostos, aliñados no cuarto e dispostos a cumprir calquera orde. Mais non eran necesarios.

– Senta –dixo o alcaide Atherthon, sinalando unha sólida butaca.

Eu, felpado e dorido, asurado despois dunha noite e un día sen probar auga, esfameado, debilitado por unha malleira que viña sumarse ós cinco días de alxube e ás oito horas de camisa de forza, agoniado pola calamidade do destino humano, e temendo o que me ía pasar despois de ver o que lle fixeran ós outros; eu, cambaleante despois de humano e outrora profesor de agronomía nunha tranquila cidade universitaria, dubidaba se aceptar aquela invitación.

O alcaide Atherthon era un home alto e moi robusto. As súas mans botáronse ós meus ombros. Eu era como unha palla entre os seus vigorosos dedos. O alcaide levantoume do chan como se nada e arreboloume contra a butaca.

– E agora –dixo, mentres eu ampeaba e tragaba a miña dor– cóntame todo o que saibas ó respecto, Standing. Cúspeo dunha vez, se sabes o que che convén.

– Non sei nada do que ocorreu... –empecei a dicir.

E de aí non pasei. O alcaide griñiu e chimpou sobre min. De novo alzoume no ar e arreboloume contra a butaca.

– Non me veñas con parvadas, Standing –avisoume–. Papéxao todo. Onde está a dinamita?

– Non sei nada de ningunha dinamita –retruquei.

Unha vez máis, ergueume e esmagoume contra a butaca.

Eu aturei varios tipos de tortura na miña vida, mais, cando penso nelas na quietude destes últimos días, confeso que ningunha pode compararse coa tortura daquela butaca que, a forza de bourealo meu corpo, semellaba calquera cousa menos un asento. Daquela trouxeron outra, que acabou igual de estragada. E logo outra, e outra, e outra, mentres seguían a facerme a mesma e eterna pregunta sobre a dinamita.

Cando o alcaide Warthon se cansou, seguiu o capitán Jamie; e logo o garda Monohan relevou a este no suplicio de esmagarme contra a butaca. E sempre o carallo da dinamita –«Onde está a dinamita?»–, e non había dinamita ningunha. E o certo é que, ó final, tivese dado boa parte da miña alma inmortal por uns cantos quilos da maldita dinamita, para poder confesar algo.

Non sei cantas butacas daquelas cheguei a romper co corpo. Esvaecinme un sen fin de veces, e, ó final, aquilo deveu nun pesadelo. Leváronme, metade a rastro, metade a empurróns, de volta á negrume. Alí, cando volví en min, achei un delator na miña cela. Un fulaniño de rostro lívido, un drogadicto ó que a penas lle caeran uns cantos anos, mais capaz de calquera cousa con tal de pillar droga. Des que o recoñecín, arrastreime ata a porta e berrei pola reixa:

– Hai un papexón comigo, compañeiros! É Ignatius Irvine! Ollo co que dicides!

A explosión de insultos que se produciu entón faría tremer a calquera máis afoutado ca Ignatius Irvine. Estaba tan aterrado que daba mágoa velo, mentres todos os que me arrodeaban ruxían coma feras. Os doridos convictos empezaron a dicirlle as espantosas cousas que lle farían durante os vindeiros anos se os delataba.

De haber algún segredo, a presenza dun papexón nos alxubes faría calar a todos. Mais como os convictos xuraran pouco antes dicir toda a verdade, faloron abertamente diante de Ignatius Irvine. A única grande incógnita era a dinamita, da que eles sabían tan pouco coma min. Daquela interpeláronme. Pregáronme que, se sabía algo, o confesase, para así libralos de males maiores. Pero eu tan só podía dicirlles a verdade, que non sabía ren do explosivo.

Antes de que os gardas viñeran buscalo, o papexón díxome algo que me demostrou o grave que era aquel asunto da dinamita. Por suposto, contéillelo ós demais, ou sexa, que, na falcona, non se movera nin unha folla en todo o día. Os milleiros de presos que choiaban nela ficaran encerrados nas súas celas, e que daba a impresión de que ningunha das fábricas–prisións volvería funcionar ata que non aparecera a dinamita que alguén acochara nalgures.

Mais o interrogatorio continuou. Cadora, e dun nun, os convictos eran levados e traídos a rastro. Logo contaban que o alcaide Atherton e o capitán Jamie, baldados polo esforzo, se relevaban cada dúas horas. Mentres un durmía, o outro interrogaba. E durmían vestidos alí mesmo, no cuarto no que, un tras outro, ían escachando todos aqueles homes robustos.

Hora tras hora, naqueles escuros alxubes, ía medrando a nosa loucura por mor do tormento. Ah, e podes crerme: a forza é un paseo comparada cos sufrimentos que os vivos poden chegar a padecer ó longo de toda a súa existencia e, malia todo, seguir vivindo. Tamén eu sufrín con eles a asura e a dor, mais, no meu caso, había que sumar o feito de que me decataba dos sufrimentos dos demais. Eu fora un incorrizable durante dous anos, e os meus nervios e o meu cerebro estaban afeitos a sufrir. Se, xa de por si, é algo espantoso ver un home forte esnaquizado, imaxina ver corenta nese estado. Os berros pedindo auga non cesaban, e aquilo deveu nun manicomio onde ecoaban os xemidos, os salaios, os parrafeos e os desvaríos daqueles homes febrís.

Entendes? A nosa verdade, o feito de contar a pura verdade, foi a nosa condena. Dado que corenta homes dixeron o mesmo con tanta unanimidade, o alcaide Atherton e o capitán Jamie tan só puideron concluír que o seu testemuño era unha grola pactada que cada un deles repetía coma un loro.

Dende o punto de vista das autoridades, a súa situación era tan desesperada coma a nosa. Segundo souben despois, enviaron telegramas convocando os membros da Xunta Superior de Prisións e pediran dúas compañías da milicia estatal para protexeren a falcona.

Era inverno, e, nesa época, as xeadas son por veces moi crúas, mesmo en California. Non tiñamos mantas nos alxubes, e non podes imaxinar o frío que sentiamos o apoiar o corpo mazado naqueles perpiaños conxelados. Ó final, déronnos auga. Entre burlas e insultos, os gardas entraron correndo coas mangueiras contra incendios e deitaron os seus chorros intensos sobre nós, alxube tras alxube, hora tras hora, castigando de novo a nosa carne mazada cos seus violentos ballóns, ata que aquela auga, que tanto desexamos antes e que tanto desexabamos agora que deixara de fluír, nos asolagou ata os xeonllos.

Prefiro obviar o resto do que aconteceu alí. Tan só vou contar, de pasada, que ningún dos corenta condenados a cadea perpetua volveu ser o mesmo. Luigi Polazzo xamais recobrou o xuízo. Long Bill Hodge foi perdendo de vagariño a razón, de xeito

que, un ano despois, tamén el foi trasladado á Calella do Manicomio. Ah, e foron moitos os que acabaron coma eles; e outros, cuxa resistencia física semellara outrora inquebrantable, caeron vítimas da tuberculose que facía estragos na charpela. En total, un vintecinco por cento dos corenta convictos morreron nos seguintes seis anos.

Logo dos meus cinco anos de illamento, cando me sacaron de San Quintín para xulgarme, vin a Skysail Jack. Apenas o alisquei, en realidade, pois a luz do sol cegábame coma a un morcego, tras cinco anos de negrume. Secasí, vino abondo como para que se me partise a alma. Foi ó cruzarmos o patio da prisión. O pobre era un vello prematuro. Tiña o pelo cano. O peito afundido. A faciana enxoita. Tremíanlle as mans decote e cambaleábase ó andar. Ó recoñecerme, enchéronse os ollos de bágoas, pois tamén eu era un penoso despoxo do que outrora fora un home. A penas pesaba corenta e tres quilos, levaba unha guedella gris de cinco anos sen cortar, igual cá barba e có bigote. Tamén eu me abalaba ó andar, tanto que os gardas tiveron que axudarme a cruzar aquel patio martelado por un sol cegador. Pero ambos os dous nos miramos e nos recoñecemos, malia o estrago físico.

Os homes coma el son seres privilexiados, aínda que estean presos, ata o punto de que se atreveu a infrinxir as regras dicíndome con voz rota e tremente:

– Es un tipo grande, Standing – soltou rindo–. Xamais tocaches a choca.

– Pero se eu non sabía nada, Jack –múñei como puideron, pois, a forza de non usala durante cinco anos, case que chegara a perder a voz–. Aquela dinamita... coido que nunca existiu.

– Vale, vale –volveu rir, asentindo coa cabeza dun xeito infantil–. Ti sigues así. Non lles digas ren. Es un tipo grande. Quito o sombreiro ante ti, Standing, porque non papexaches.

Os gardas seguironme levando case que no ar, e aquela foi a derradeira vez que vin a Skysail Jack. Estaba claro que mesmo el chegara a crer o conto da dinamita.

Dúas veces leváronme ante a Xunta Superior en pleno. Tan pronto tentaban intimidarme como engaiolarme. A súa actitude acabou resumíndose en dúas propostas. Se eu entregaba a dinamita, eles castigaríanme nominalmente con trinta días de alxube e logo faríanme preso de confianza na biblioteca da prisión. Pero se eu teimaba en non dicirlles onde estaba o explosivo, daquela meteríanme nunha cela de illamento durante o

resto da miña condena. Cousa que, no meu caso, un condenado a cadea perpetua, era illarme de por vida.

Pero non, non pode ser: California é un estado civilizado. Semellante lei non figura en ningún Código Penal. Ese é un castigo cruel e insólito, e ningún Estado moderno aprobaría algo así. Emporiso, na historia de California, eu son o terceiro home condenado de por vida a un cela de illamento. Os outros dous foron Jake Oppenheimer e Ed Morrell. Falareiche deles axiña, pois podrecín ó seu carón durante anos, nas celas do silencio.

Ah, outra cousa. Moi pronto me levarán ó patíbulo, mais non por matar o profesor Haskell. Por iso xa me condenaron a cadea perpetua. Non, van aforcarme porque me acusaron de asalto con agresión. E iso non vai contra as regras da prisión, senón contra a Lei, e, daquela, contra o Código Penal.

Seica fixen sangrar o nariz dun home. Eu nunca o vin sangrar, mais esa foi a proba que aduciron. Thurston, chamábase o tipo. Un garda de San Quintín. Pesaba oitenta e tantos quilos e gozaba de boa saúde. Eu pesaba daquela uns corenta e cinco quilos, estaba cego coma unha toupa por mor da prolongada escuridade, e levaba tanto tempo encerrado entre aqueles estreitos muros que os grandes espazos abertos me producían vertixe. Abofé, o meu era un caso obvio de incipiente agorafobia, como souben de contado o día en que lisquei da cela de illamento e seica lle dei unha piña no nariz ó tal Thurston.

Zosqueille e fixenlle sangrar cando se interpuxo no meu camiño e tentou pillarme –disque. E por iso van colgarme. Consonte a Lei do Estado de California, un condenado a cadea perpetua coma min é culpable dun delito capital cando golpea un carcereiro coma Thurston. Seguramente, as molestias que lle causei co puñazo non houberon durar máis de media hora, pero, xa ves: agora van colgarme por iso. Manda carallo.

E pásmate: esa lei, no meu caso, é *ex post facto*,¹¹ ou sexa, que non estaba en vigor cando matei o profesor Haskell –e, de feito, non foi aprobada ata despois de que eu fora condenado. E esa é a clave do asunto: o meu status de condenado a cadea perpetua situoume *posteriormente* baixo o peso desa lei que aínda non figuraba no Código Penal cando me xulgaron. E, baseándose niso, no meu status, van aforcarme por agredir o garda Thurston. Apoiándose nunha lei que é claramente *ex post facto* e, daquela, anticonstitucional.

Mais, que lles importa a Constitución ós avogados constitucionais se o que queren é librarse do coñecido profesor Darrell Standing? Amais, a miña execución nin sequera vai establecer precedente. Un ano antes, como saberá calquera que adoite ler os xornais, aforcaron a Jake Oppenheimer, aquí mesmo, en Folsom, por un delito moi semellante... Coa salvidade de que, no seu caso, el non fixo sangrar polo nariz a ningún garda. Fíxolle, sen querer, a outro preso un corte cun coitelo de cociña.

Que estraño é todo –a vida, os costumes, as leis–, e como se van ensarillando os distintos camiños dos homes... Agora estou a escribir estas liñas na mesma cela do Pavillón de Asasinos que ocupou Jake Oppenheimer antes de que lle fixeran o que me van facer a min.

Xa che dixeran ó principio que tiña moitas cousas que contar. Pero non nos desviemos do relato. Daquela, a Xunta Superior de Prisións deume a elixir entre: a) confesar o paradoiro da dinamita inexistente e deixar de traballar nos teares de fibra vexetal para me facer un preso de confianza; e b) non confesalo e pasar o resto da miña vida nunha cela de illamento.

Para que o pensara mellor, déronme vinte catro horas de sesión de camisa de forza. Logo volveron levarme ante a Xunta Superior. Que diaños podía facer? Non podía confesarlles o paradoiro dunha dinamita que non existía, e así llo dixeran, pero eles retrucaron que mentía. Dixéronme que era un caso perdido, un home perigoso e dexenerado, o criminal do século. Dixéronme moitas cousas polo estilo, antes de me encerraren na cela de illamento. Na número 1, concretamente. Na número 5 xacía Ed Morrell. Na número 12, Jake Oppenheimer, que xa levaba dez anos alí. Ed Morrell tan só levaba un ano, pero caéranlle cincuenta de condena. A Jake Oppenheimer botáranlle a perpetua, igual cá min. En fin que, con ese panorama, estaba claro que iamos ficar alí moito tempo. E o caso é que, seis anos despois daquilo, ningún dos tres segue no Buraco –nome co que tamén designamos as celas de castigo. A Jake Oppenheimer aforcárono. A Ed Morrell fixérono preso de confianza de San Quintín e indultárono hai nada. E eu... Velaquí estou, na Prisión de Folsom, agardando o día que, cumpridamente, sentenciou o xuíz Morgan. O derradeiro desta a miña vida.

Babecos! Como se eles puideren aniquilar a miña inmortalidade con esa trangallada súa da soga e do cadafalso! Eu camiñarei, unha e outra vez, ah, innumerables veces, por esta terra belida. Camiñarei en carne e óso, sendo príncipe e labrego, sabio e boubexo, e sentarei no trono, e xemerei no poldro.

CAPÍTULO V

Ó principio fíxoseme moi dura a soidade na cela de illamento. As horas parecíanme eternas. A única maneira que tiña de medir o tempo era observando os cambios de garda e a alternancia do día e da noite. O día a penas era un feixiño de luz, pero eu preferíao á total negrume da noite. Na cela, o día era coma a zoldra: un regatiño lamacente de luz que se filtraba dende o mundo escintilante.

Xamais había luz abonda para ler –aínda que tampouco había ren para ler. O único que podía facer era deitarme e pensar, pensar... Eu estaba condenado a cadea perpetua, e era obvio que, se non facía algún milagre, como sacar da nada eses dezasete quilos de dinamita inexistente, malgastaría o resto da miña vida naquela escuridade silenciosa.

O meu catre era unha escasa morea de palla podre estendida polo chan, cuxa única cobertura era unha fina e carrañosa manta. Non tiña cadeira nin mesa –nada de nada, agás a morea de palla e a fina manta luída. Sempre fun un home de pouco durmir e de moito barrenar. Na cela de castigo, un enferma de si, matinando arreo, e a única maneira de fuxir dun mesmo é durmindo. Durante anos, durmira tan só unha media de cinco horas ó día. Na cela, dediqueime a cultivar o sono. Fixen unha ciencia del. Primeiro dei en durmir dez horas. Logo doce. E, ó final, mesmo catorce ou quince das vinte e catro horas que ten o día. Pero non fun quen de pasar de aí, e vinme obrigado a xacer esperto, cismando e cismando. E iso, a un home cun cerebro tan activo coma o meu, pono ó bordo da loucura.

Busquei, xa que logo, algúns recursos que me permitisen aturar, mecanicamente, as miñas horas en vela. Facía raíces cadradas e cúbicas de longas series de números. A por de concentración e de vontade, realicei as máis abraiantes progresións xeométricas. Entretíveme mesmo tentando a cuadratura do círculo... ata que me decatei de que xa empezara a crer que tal cousa era posible. Daquela, ó darme conta de que iso tamén me poñía ó bordo da loucura, renunciei á cuadratura do círculo, aínda que con moito dó, asegúrocho, pois o exercicio mental que implicaba esta era un fabuloso pasatempo.

Logo, a por de visualizalos cos ollos pechados, fabriquei taboleiros de xadrez, e botaba longas partidas contra min mesmo ata darme xaque mate. Mais, cando xa me

fixera un experto naquel xogo memorístico visualizado, aburrín o exercicio. Pois exercicio era, xa que non pode haber unha auténtica rivalidade cando o mesmo xogador ocupa ambos os dous lados do taboleiro. Tentei, vanamente, desdobrarme en dúas personalidades e enfrontalas, mais sempre seguía a ser o mesmo xogador, incapaz de argallar unha estrataxema da que o hipotético outro non se decatara axiña.

O tempo, daquela, facíase ben aburrido, ben longo. Xogaba coas moscas, coas extraordinarias moscas que se coaban na cela coma a débil luz cincenta do día, e aprendín que estas teñen un increíble senso do xogo. Por exemplo: deitado no chan da cela, establecía unha arbitraria e imaxinaria liña divisoria ó longo da parede, a un metro por riba do chan. Cando as moscas pousaban na parede por riba desa liña, deixábaas en paz, pero, des que aterraban na parede por debaixo desta, tentaba cazalas. Tiña sempre coidado de non mancalas, e, co tempo, chegaron a saber tan ben coma min onde estaba a liña imaxinaria. Cando querían xogar, aterraban su a liña, e, con frecuencia, había unha mosca disposta a practicar ese deporte durante unha hora seguida. Cando se cansaba del, marchaba descansar a territorio seguro.

Da ducia de moscas, máis ou menos, que vivían comigo, tan só había unha que non se interesaba polo xogo. Negábase teimudamente a xogar, e, sabedora da falta que implicaba aterrar su a liña, evitaba con sumo coidado esa perigosa metade do campo. Aquela mosca era unha criatura túzara, rabuda. Como dicimos os presos, estaba “resentida” co mundo. Endexamais xogaba coas outras moscas. Era forte a condenada, e tiña unha saúde de ferro, tal e como descubrín despois de moito estudala. Ou sexa que a súa indisposición para o xogo era temperamental, non física.

Creme: eu coñecía ben as miñas moscas. Abraiábame a multitude de diferenzas que descubría entre elas. Oh, cada unha era ben distinta, individualmente —e non só no tamaño e nas marcas, na forza e na velocidade de voo, no xeito e na afección a voar e a xogar, a esquivar e a liscar coma unha frecha, a dar voltas e repetir axiña o mesmo traxecto, ou a dar voltas e cambiar o rumbo de socate, a rozar a parte perigosa da parede e logo seguir voando, ou a finxir que a rozaba e logo aterrar noutra parte. Non. Tamén se diferenciaban claramente nas súas máis mínimas trazas de mentalidade e de xorne.

Eu distinguía as nerviosas das pousonas. Había unha, algo máis pequecha, que adoitaba voar verdadeiramente encabuxada —ás veces comigo, outras coas súas compañeiras. E que perrenchas collía a condenada! Viches algunha vez un poldro ou un xato coucear e botarse coma tolo sobre o pasto nun exceso de vitalidade e de brío? Ben,

pois había outra mosca –a xogadora máis entusiasta de todas, por certo– que, logo de aterrar tres ou catro veces en veloz sucesión na parte tabú da parede e de evitar cadora a batida lene coma o veludo da miña man, adoitaba poñerse tan leda e excitada que empezaba a voar ó redor da miña cabeza a escape, xirando, virando, voltando, mais sempre dentro dos límites do estreito círculo no que festexaba a súa vitoria sobre min.

Eu podía dicir de antemán cando tal ou cal mosca se decidía a empezar a xogar, mais... Sobre este asunto hai milleiros de detalles cos que non quero aburrirte, aínda que foron eles os que evitaron que eu me aburrise mortalmente durante aquel primeiro período de illamento. Iso si: hai algo que si debo contarche. Algo que lembro especialmente: a vez na que a mosca esa renarte, a que nunca xogaba, aterrou, nun intre de descoido, no recinto prohibido e, decontado, foi presa da miña man. Pois sabes que? Logo estivo unha hora enteira amuada.

E as horas eran ben longas naquela cela. Non podía matalas todas durmindo, nin tampouco xogando coas moscas, por moi intelixentes que fosen. Pois as moscas non son máis ca iso, moscas, e eu era un home, un home cun cerebro. E o meu cerebro estaba afeito a manterse activo, ateigado de cultura e de ciencia, e sempre en tensión, sempre devecendo por facer algo. Mais non había nada que facer, e a miña mente extraviábase abominablemente en vanas especulacións. Alí, por exemplo, volví pensar sobre a maneira de determinar a pentosa e a metilpentosa nas uvas e nos viños –labor ó que dedicara as miñas derradeiras vacacións de verán nos Viñedos de Asti. O único que me restara fora completar a serie de experimentos. Preguntábame se alguén proseguira ese labor, e, nese caso, se tivera éxito.

En fin que, como ves, o mundo morrera para min. Non me chegaba ningunha noticia do exterior. A historia da ciencia desenvolvíase rapidamente, e eu estaba interesado en infinidade de temas. Tamén lembraba, por exemplo, a miña teoría da hidrólise da caseína por medio da tripsina, que o profesor Walters levara a cabo no seu laboratorio. Tamén que o profesor Schleimer colaborara igualmente comigo na detección do fitosterol en mesturas de graxas animais e vexetais. O traballo seguramente proseguiría, mais con que resultados? A soa idea de que toda esa actividade se desenvolvese alén dos muros da prisión, e de que eu non podía tomar parte nela, peor aínda, de que nin sequera podía ter noticias dela, toleábame. E, entre tanto, eu xacía alí, no chan do meu alxube, xogando coas moscas.

Secasí, non todo era silencio no meu confinamento. Pronto me afixen a sentir, a intervalos irregulares, uns golpeciños febles, apagados. Dende máis lonxe aínda, chegaban outros golpes aínda máis febles e apagados. Unhas cotenadas que interrompía cadora o griñido do garda. Nunha ocasión, cando o cotobelar continuou arreo, viñeron máis gardas, e decateime, polo rebumbio, de que estaban a pór ós outros dous prisioneiros a camisa de forza.

A explicación era doada. Eu sabía, como calquera convicto da prisión de San Quintín, que os dous homes condenados ó Buraco, amais de min, eran Ed Morrell e Jake Oppenheimer. E sabía que eran eles os que se comunicaban cotenando na parede, e que estaban a castigalos por facelo.

Eu non tiña a menor dúbida de que o código que empregaban había de ser sinxelo, aínda que dediquei moitas horas ó van esforzo de descifralo. Non podía ser complicado, por moito que eu non puidera entendelo. E, abofé, era ben simple, como logo descubrín, e máis simple aínda o truco que utilizaban e que a min tanto me desconcertaba. Pois non só cambiaban a cotío a letra do alfabeto coa que iniciaban o código senón que a variaban en cada conversa, e, a miúdo, en metade dunha.

De feito, un día pillei o código dende a letra inicial e sentín con claridade dúas frases enteiras da conversa. Mais, a seguinte vez que falaron, non entendín nin papa. Pero era un bo comezo!

– Di... Ed... canto... darías... agora... por... unha... saquetiña... de... tabaco... e... papel... de... lear –preguntou o que cotenaba dende máis lonxe.

Houben soltar un berro de ledicia. Había un xeito de comunicármonos! Había compañeirismo! Seguí a escoitar con toda a miña alma, e as seguintes cotenadas, que coidei eran de Morrell, responderon:

– Eu... daría... vinte... horas... de... camisa... de... forza... por... unha... saquetiña... de... cinco... centavos.

Nise intre, ecoou o brúo do garda:

– Corta, Morrell!

O profano nesta materia coidará que iso era o peor que lle podían facer a uns homes condenados a cadea perpetua, e que un simple garda non tiña maneira de obrígalos a acatar a orde de que deixaran de comunicarse. Mais velaí estaba a camisa de forza. A fame. A sede. O maltrato. Pois, abofé, un home encerrado nunha cela estreita está indefenso de todo.

O caso é que deixaron de comunicarse, e aquela noite, cando retomaron a conversa, eu estaba de novo a monte virón. Morrell e Oppenheimer acordaran cambiar a letra inicial do código, pero eu xa descubrira a clave, e, ó cabo duns días, volveron principiar dende a letra que xa coñecía. Así que non o dubidei.

– Ola –cotobelei.

– Ola, forasteiro –respondeu Morrell.

E Oppenheimer proseguíu:

– Benvido á nosa cidade.

Tiñan curiosidade por saber quen era eu, cantos anos me caeran e por que me condenaran. Mais eu adiei estas cuestións porque primeiro quería aprender o seu sistema para cambiaren o código inicial. Unha vez aclarado este punto, falei. Foi un gran día para todos, pois agora sabíamos que eramos tres os que podíamos comunicarnos, aínda que eles non estaban seguros de se debían aceptarme ou non. Segundo me dixeron moito despois, temían que eu fose un papexón introducido alí para inculpalos. Xa llo fixeran antes a Oppenheimer, e este pagou ben cara a confianza depositada nun delator do alcaide.

Para sorpresa miña –e mesmo para ledicia, diría–, ambos os dous me coñecían pola miña sona de incorruxible. Si, a miña fama, ou a miña notoriedade, chegara mesmo a alí, ata a tumba que Oppenheimer levaba dez anos ocupando en vida.

Eu tiña moito que contarlles verbo das cousas que pasaran dentro e fóra da cadea. O plan de fuga dos corenta convictos, a procura da suposta dinamita, e as traizoeiras maquinacións de Cecil Winwood eran novas para eles. Segundo me dixeron, de cando en vez os gardas filtrábanlles algunha que outra noticia, mais levaban dous meses sen saber ren. Os fulanos que estaban agora a prestar servizo eran especialmente crueis e vingativos.

Aquel día, a nosa conversa foi interrompida, unha e outra vez, polos sucesivos gardas de servizo. Pero non podíamos refrearnos. Agora eramos tres, e tiñamos moito que contarnos, aínda que o medio de comunicación fose exasperadamente lento, e eu non tivera tanta soltura coma eles cotenando.

– Espera a que veña Pie–Face esta noite –transmitíume Morrell–. Durme a meirande parte da súa quenda, así que poderemos falar arreo.

E vaia se o fixemos! O sono marchou dos nosos ollos. Pie–Face Jones era un fulano ruín e amargado, malia a súa gordura.¹² Mais nós beiciamos esa gordura porque

o inducía a botar unhas boas sonecas. Aínda que o noso incesante cotelearmos perturbaba o seu sono e o amolaba, polo que non cesaba de rifarnos. Os demais gardas que estiveron de servizo esa noite tamén se encabuxaron connosco. Pola mañá, todos deron parte do que fixeramos, e saíunos ben cara a xolda. A iso das nove, veu o capitán Jamie con varios gardas para sometérennos ó suplicio da camisa de forza, e ata as nove do día seguinte, durante vinte catro horas, estivemos atados e desamparados no chan, sen comermos nin bebermos. Ise foi o prezo que pagamos pola nosa conversa.

Que bestas eran aqueles gardas! Co trato que nos daban, non tiñamos máis remedio que endurecermos. Sermos coma animais para podermos sobrevivir. Así é. O traballo duro encalcece as mans. Os gardas duros endurecen os presos. Nós teimamos en falar, aínda que, de cando en vez, nos castigaran co suplicio. A noite era o mellor momento, e, cando había algún garda substituíndo un dos bestas habituais, adoitabamos falar durante toda a quenda.

Para os que vivimos na negrume, tanto nos ten a noite có día. Podíamos durmir a calquera hora, mais falar cotenando... tan só de cando en vez. Contabámonos moitas cousas, e, durante horas, Morrell e mais eu ficabamos calados, mentres Oppenheimer ía soletreando arreo, paseniño, con febles e distantes golpes, a historia da súa vida: dende os seus primeiros anos nun arrabalde de San Francisco, pasando pola súa aprendizaxe nas bandas da rúa, a súa iniciación en todos os vicios posibles, cando ós catorce anos fixera de mensaxeiro nocturno no Barrio Chino, ata a primeira vez que o pillaran infrinxindo a Lei. E así, furto tras furto, atraco tras atraco, ata sufrir a traizón dun colega que o delatou e cometer varios asasinatos, dentro xa da prisión.

A Oppenheimer chamábano o “Tigre Humano”. Algún xornalista novato cuñou ese alcume que sobrevivirá moito tempo ó home ó que llo aplicaban. E, emporiso, eu sempre atopei nel todas as virtudes cardinais da verdadeira humanidade. Era un home fiel e nobre. Sei que houbo veces en que preferiu que o castigaran antes que delatar a un compañeiro. Jake era afoutado, paciente, capaz de sacrificarse por alguén –cousa que podería demostrar aquí doadamente, pero levaríame moito tempo. Tiña paixón pola xustiza. Os asasinatos que cometeu na falcona foron estrictamente produto do seu extremo senso da xustiza. E tiña unha mente espléndida. A condena a cadea perpetua e os dez anos de cela de illamento non lograran ofuscar o seu cerebro.

Morrell, un auténtico camarada, tamén tiña unha mente lúcida. De feito –e eu, que estou a piques de morrer, ben podó dicir isto sen pecar de inmodestia–, os tres

mellores cerebros de San Quintín, do alcaide para abaixo, podrecían xuntos nas celas de illamento. E agora, ó final dos meus días, ó revisar todo canto sei da vida, cheguei á conclusión de que as mentes fortes nunca son dóciles. Os paspáns, os covardes, os incapaces de defender con afouteza aquilo que é xusto, eses son os presos modélicos. Ende ben, nin Jake Oppenheimer, nin Ed Morrell, nin eu eramos presos modélicos.

CAPÍTULO VI

Malia a facilidade dos nenos para creren en cousas erróneas, hai moito de verdade na súa definición da memoria como aquilo co que un esquece. Ser quen de esquecer é indicio de saúde mental. Lembrar arreo, de obsesión e de medo. Así me ocorreu a min, pois o problema que houben de afrontar na cela de castigo, onde o lembrar incesante tentaba apoderarse de min, era o de esquecer. Cando me entretiña coas moscas, ou xogaba ó xadrez comigo mesmo, ou dialogaba cos meus compañeiros cotenando, daba en esquecer un nada. Pero o que eu quería era esquecer de todo.

Velaí estaban, por exemplo, as lembranzas infantís doutros lugares e doutras épocas –«esas nubes de gloria» que, consonte Wordsworth, pasan por nós «deixando o seu ronsel».¹³ Se un neno ten esas lembranzas, pérdeas irremediabilmente ó se facer adulto? Desaparece completamente do seu cerebro ese contido concreto, ou máis ben esas lembranzas doutros lugares e doutras épocas fican coma residuos, durmidas, encerradas nas celas do seu cerebro, igual que o estaba eu en San Quintín?

Disque os condenados a cadea perpetua, recluídos en celas de illamento, resucitan cando volven ver a luz do sol. Daquela, por que non van resucitar os recordos de outrora que xacen dentro dun neno?

Mais como os resucita un? Na miña opinión, esquecendo por completo o seu presente e o seu pasado de adulto.

E como se consegue iso? Se cadra, mediante a hipnose. Se, por medio dese recurso, se puidese durmir a mente consciente e acordar a inconsciente, daquela conseguiríámolo. Daquela todas as portas dos alxubes do cerebro abríríanse a feito, e os condenados saírían á luz do sol.

Así coidaba eu –co resultado que axiña verás. Mais denantes hei dicir que, de pequeno, eu xa tiña lembranzas de outrora.¹⁴ Eu xa escintilara nos ronseis desas nubes de gloria que arrastraba dende vidas anteriores. Como calquera neno, sentíame axexado polos seres que eu fora noutras épocas. Iso aconteceu durante o meu proceso de devir, denantes de que o fluxo de todo o que eu fora se conformase no molde desa única personalidade que os homes ían coñecer, durante uns poucos anos, co novo nome de Darrell Standing.

Déixame que che conte un incidente. Aconteceu en Minnesota, na vella granxa. Eu tiña case que seis anos.¹⁵ Un misioneiro en China, que acababa de volver ós Estados Unidos e ó que o Consello de Misións lle encargara recadar fondos entre os granxeiros, pasou a noite cas os meus pais. O incidente ocorreu na cociña, xusto despois de cearmos, mentres madre me axudaba a espirme para ir á cama e o misioneiro nos amosaba fotos de Terra Santa.

Mais todo isto que che estou a contar esqueceríao hai tempo se non sentise a padre repetilo moitas veces, durante a miña nenez, ante os seus abraiados oíntes.

O caso é que, ó ver unha das fotos, soltei un berro e quedei ollando para ela: primeiro con anxeio e logo con desilusión. De súpeto parecérame moito máis familiar que se fose a foto do celeiro do meu pai, mais logo resultoume estraña. Pero axiña, mentres seguía a fitala, a persistente sensación de familiaridade volveu.

– A Torre de David –díxolle o misioneiro á miña nai.

– Non! –berrei eu con grande seguridade.

– Queres dicir que non se chama así? –preguntou o misioneiro.

Eu asentín coa cabeza.

– Daquela, como se chama, raparigo?

– Chámase... – empecei a dicir, dubitativo-. Xa non o lembro...

Mais, logo dun intre, proseguín:

– Xa non parece a mesma. Deixárona horrible.

Nese momento, o misioneiro pasoulle a madre outra fotografía que estivera buscando.

– Este son eu hai seis meses, señora Standing –aseverou sinalando co dedo-. E esta é a Porta de Xaffa, pola que entrei para subir camiñando deica a Torre de David, que se ve aquí, ó fondo da fotografía, onde está agora o meu dedo. Os entendidos están de acordo nestes temas. El Kul’ah, como a chaman os...

Pero, nese intre, volvínterrompelo, sinalando unhas moreas de escombros que había no recanto esquerdo da foto.

– Estaba por aí, nalgures –aseverei-. O nome que dixo vostede era o que lle daban os xudeus. Pero nós chamabámolo doutro xeito. Chamabámolo... Xa non o lembro.

– Carafío co pequeno! –riu o meu pai-. Se mesmo parece que estivo alí!

Eu asentín coa cabeza, pois nese momento souben que estivera alí, aínda que todo me parecera tan estrañamente distinto. O meu pai riu máis forte, pero o misioneiro coidou que me estaba burlando del. Colleu outra fotografía: unha paraxe deserta, sen árbores nin vexetación, unha golga non moi profunda, coas ruínas duns muros doados de escalar. A media distancia, víase un grupo de caspos miserables, de teito chan.

– Agora, rapaz, dime: onde está isto? – interrogoume o misioneiro.

E o nome veume á cabeza!

– En Samaria! –dixen decontado.

Padre empezou a aplaudir con xúbilo, madre ficou pampa ante os meus coñecementos sobre a Antigüidade, mentres ó misioneiro o levaba o demo.

– O cativo ten razón –dixo–. É unha aldea de Samaria. Eu pasei por alí. Por iso merquei a foto. E isto demostra que o rapaz xa viu fotos coma estas, denantes.

Os meus pais retrucaron que non.

– Pero semella distinta na foto –comentei, mentres a miña memoria tentaba arreo reconstruír a imaxe.

En liñas xerais, tanto a paisaxe coma os outeiros que se vían ó fondo eran os mesmos, pero había algunhas diferencias que lles fun explicando e sinalando.

– As casas estaban por aquí, á dereita, e había máis árbores, moreas de árbores, moreas de herbais, moreas de cabras. Estou a ollalas agora mesmo, e velaí van dous nenos guiando o rabaño. E aquí, á dereita, hai un grupo de homes camiñando detrás dun. E alí –sinaiei o lugar onde situara a aldea– hai unha morea de esmoleiros. Non teñen nada, agás os seus farrapos. E están enfermos. As súas faxes, as súas mans, as súas pernas están cubertas de chagas.

– Claro, o neno sentiu esta pasaxe na igrexa ou allur... Non é? Estás a lembrar a pasaxe de san Lucas verbo dos leprosos, rapaz... –dixo o misioneiro cun sorriso de satisfacción–. Dime, cantos mendigos enfermos hai?

Ós meus case que seis anos, eu xa aprendera a contar ata cen, así que examinei o grupo coidadosamente e aseverei:

– Dez. Todos están a axitar os brazos e a berrar ós demais homes.

– Mais, non se achegan a eles? –preguntoume.

Eu neguei coa cabeza.

– Non. Fican aí, de pé, e laiándose como se estivesen en apuros.

– Veña –acirroume o misioneiro–. E que máis? Que está a facer o home que vai ó fronte da outra multitude que dis que está a pasar cabo deles?

– Detivéronse, e ese home está a dicir algo ós enfermos. E os pastoriños tamén se detiveron a ollar. Todo o mundo está a mirar.

– Xa, e logo?

– Máis nada. Os enfermos marchan a cadansúa casa. Xa non se laian, xa non parecen enfermos. E eu estou aí, montado no meu cabalo, observándoos.

Daquela, os meus tres oíntes romperon a rir.

– Eu son un home grande! –berrei con carraxe–. E levo unha espada enorme!

– Os dez leprosos que curou Cristo denantes de pasar por Xericó, camiño de Xerusalén –explicou o misioneiro ós meus pais–. O neno debeu de ver imaxes de cadros famosos nalgunha sesión de lanterna máxica...

Pero nin padre nin madre lembraban que eu vise algunha vez unha lanterna máxica.

– Probe con outra foto –suxeriulle o meu pai.

– Todo semella distinto –queixeime eu ó analizar a foto que me pasou o misioneiro–. Aquí non había ren, agás este outeiro, e estoutros. Aquí debía de haber un camiño. E, por aquí enriba, xardíns, árbores, casas, detrás dunha murallas de perpiaños. E, por aquí, ó outro lado, uns buratos nas rochas onde enterraban os mortos. Ve vostede este sitio? Pois aquí apedraban a xente, ata matárena. Eu nunca vin facelo, pero alguén mo contou.

– E o outeiro? –preguntoume o misioneiro, sinalando o centro da fotografía, que semellaba ser o seu motivo principal–. Podes dicirnos como se chama?

Eu neguei coa cabeza.

– Xamais tivo un nome. Pero aí mataban a xente. Eu vino máis dunha vez.

– Abofé: niso coincide o rapaz coa maioría dos especialistas –afirmou o misioneiro con enorme satisfacción–. Este outeiro é o Gólgota, o Lugar das Caveiras, chamado así porque semella unha caveira. Fíxense. Foi aí onde crucificaron... –dixo antes de calar e volveuse cara a min–. A quen, pequeno erudito? Dinos, que máis ves?

Ah, eu vino... Padre contaba que eu tiña os ollos estartelados, naquel intre. Pero axitei a choliña teimudamente e espeteilles:

– Non penso dicírvolo porque estades a rir de min! Eu vin morrer aí moreas e moreas de homes. Cravábannos a unhas cruces, e aquilo durou moito. Eu vino, pero non

penso contárvolo. Eu nunca digo mentiras. Padre sábeo moi ben. Zoscaríame se o fixese. Pregúntello a el.

E, a partir dese intre, o misioneiro non logrou sacarme nin unha soa palabra máis, por moito que teimou en amosarme máis fotos que provocaban en min un turbillón de imaxes–lembranzas e un ballón de palabras que a duras penas daba contido.

– Este cativo... Sen dúbida será un grande estudoso da Biblia –dixo o misioneiro ós meus pais despois de que eu lles dese o bico de boas noites e marchase á cama–. Ou ben, con semellante imaxinación, podería devir nun novelista de moita sona.

O cal demostra o erradas que poden ser as profecías. Pois, xa ves: agora estou sentado aquí, no Pavillón de Asasinos de Folsom, escribindo estas liñas nos meus derradeiros días, ou, mellor dito, nos derradeiros días de Darrell Standing, denantes de que o leven ó patíbulo e tenten guindalo á escuridade, pendurando dunha soga. E sorrío por dentro. Xamais cheguei a ser nin un grande estudoso da Biblia nin un célebre novelista. Todo o contrario. Ata que me enterraron nas celas do silencio durante un lustro, fun calquera cousa bardante o que profetizou o misioneiro: un experto en agricultura, un profesor de agronomía, un especialista en impedir a perda de enerxía, un mestre da eficacia agrícola, un minucioso científico de laboratorio, onde a precisión e a concentración no labor microscópico son requisitos fundamentais.

E agora estou sentado aquí, no Pavillón de Asasinos, e deixo de escribir un intre as miñas memorias para sentir o tranquilizador zunido das moscas no ar soporífero deste cálido serán. E capto algunhas frases da conversa en voz alta que están a ter Josephus Jackson, o asasino negro da cela da dereita, e Bambeccio, o asasino italiano da cela da esquerda, parolando, a través da rexa de cadansúa porta, a un lado e ó outro da miña, sobre as virtudes e as calidades antisépticas do tabaco de mascar aplicado ás feridas.

Na miña man suspendida do ar sosteño a pluma, e, mentres lembro que outras mans miñas, en épocas remotas, empregaron o pincel, a pluma de ave e o estilete, acho tamén un espazo mental no tempo para preguntarme se aquel misioneiro, cando era un raparigo, albiscaría tamén os ronseis das súas nubes de gloria e o escintileo dos seus antergos días de vagaxeiro astral.

Pero, en fin, volvamos a aquela cela de San Quintín, cando eu xa aprendera o código da conversa cos cotobelos e aínda se me facían demasiado longas as miñas horas de vixilia. Mediante a autohipnose, que empecei a practicar con éxito, fun quen de adurmiñar a miña mente consciente e de espertar e liberar a inconsciente. Mais esta

última era indisciplinada e ingobernable. Vagaba ceibe por un mundo de delirios e pesadelos, sen a menor coherencia, sen a menor continuidade de lugar, acción ou persoa.

O meu método de autohipnose mecánica non podía ser máis sinxelo. Sentado coas pernas cruzadas no catre de palla, fitaba un anaco de palla brillante que apegara á parede da cela, a rentes da porta, onde a luz era máis intensa. Fixábame no punto brillante, cravando os ollos nel e erguéndoos lixeiramente para reforzar a concentración.¹⁶ Asemade, relaxábame todo canto podía e entregábame a ese sopor arrolante que sempre se apoderaba de min nalgún intre. E, cando notaba que o corpo se me inclinaba cara atrás, pechaba os ollos e deixábame caer sen forzas, esvaecido, sobre o catre.

Entón, durante dez minutos, media ou, como moito, unha hora, vagaba sen rumbo e sen control polas lembranzas almacenadas da miña eterna andaina terreal. Mais os lugares e as épocas cambiaban con demasiada rapidez. Despois, ó acordar, decatábame de que eu, Darrell Standing, era o vencello que unía todas esas escenas estrañas e grotescas. Pero máis nada. Nunca podía revivir completamente unha desas experiencias, un deses puntos de consciencia no tempo e no espazo. Os meus soños –se é que podía chamalos así– non tiñan orde nin concerto, e aínda menos un motivo.

Así –e por citar un exemplo das miñas vagabundaxes–, nun pequeno intervalo de quince minutos de inconsciencia, pasei de bruar e andar a catro patas pola lama a estar sentado xunta a Haas¹⁷ –fendendo o ar do século XX nun monoplane a motor. Ó espertar, lembraba que eu, Darrel Standing, en carne e óso, un ano antes de que me encerrasen en San Quintín, sobrevoara con Haas o Pacífico, en Santa Mónica. Mais non lembraba bruar nin andar a catro patas pola lama endexamais. Secasí, ó espertar e reflexionar sobre o asunto, decatábame de que, dalgún xeito, acordara aquela aventura primixenia na lama, a proba dunha experiencia vivida tempo atrás, cando eu non era aínda Darrel Standing senón outra persoa ou animal que bruaba e andaba a catro patas. Evidentemente, esta experiencia era moi anterior á outra, mais ambas as dúas eran reais –xa que, se non, como podía lembralas?

Ah, que remuíño de imaxes e de accións luminosas! En a penas dez minutos de desatada inconsciencia, senteime nos salóns dos reis, onda os ricos e onda os pobres, coma bufón, xograr, home de armas, crego e monxe. Mais tamén coma o soberano de todos, na cabeceira da mesa, ostentando o poder temporal que me outorgaban a miña

espada, os grosos muros do meu castelo e os meus numerosos cabaleiros; e tamén o poder espiritual, a xulgar polos encarapuchados cregos e os grosos abades que sentaban ós meus pes, larpando o meu viño e papando a miña comida.

Levei a argola da servidume no pescozo, aló nos países fríos; e amei princesas de estirpe real nas noites do Trópico perfumado de sol, onde as escravas negras axitaban o tórrido ambiente cos seus abanos de plumas de pavo real, mentres, ó lonxe, entre as palmeiras e os mananciais, aboiaban o ruxidos dos leóns e os ouveos dos chacais. Acuruxeime nas frías noites desérticas, quentando as mans ante cacheiras prendidas con bostas de camelo, e tombeime á escasa sombra dun mato de salvia apincurada de sol, cabo duns lagotos secos, asurado de todo e degoirando un grolo de auga, mentres ó meu redor, tronzados e espallados no álcali, xacían os ósos dos homes e das bestas que tamén degoiraran un grolo de auga e morreran sen bebelo.

Eu fun grumete e matón, erudito e recluso. Debruceime sobre os manuscritos de enormes e balorentos tombos na escolástica quietude, bañada pola luz do solpor, dos mosteiros construídos entre os penedos dos riscos, mentres nas lombas de abaixo, entre os viñedos e os oliveirais, os labregos sachaban ata despois de morrer o día e levaban de volta ás cortes os meos das súas cabras e os brúos das súas vacas. Si, eu guiei as chusmas barballeiras sobre os pavimentos desgastados polas rodas dos carros en cidades esquecidas, e, cunha voz solemne e grave, proclamei a lei, decidín a gravidade do delito e condenei a morte homes que, coma Darrell Standing no cárcere de Folsom, quebrantaran os meus mandatos.

Empoleirado nos altos mastros que se abaneaban por riba das cubertas dos barcos, eu esculquei os lampexos do sol sobre as ondas dos mares, en cuxas profundidades de cor verde turquesa escintilaban os corais; eu guiei os barcos ata as lagoas espellantes nas que botamos a áncora, á beira de praias cubertas de verdes palmeiras e rochas coralinas azoutadas polo mar; eu loitei en campos de batalla de antano, xa esquecidos, cando o sol ía poñéndose sobre aquelas matanzas incesantes que proseguían durante a noite baixo os astros brillantes e o frío vento que, soprando dende os remotos cumes nevados, non conseguía xear a suor dos guerreiros; e, unha vez máis, fun o pequeno Darrell Standing que camiñaba descalzo sobre a herba primaveral, cuberta de orballo, dunha granxa de Minnesota, e que, nas mañás de inverno, coas mans cheas de frieiras, daba de comer ó gando nas cortes enchidas do seu bafo; o pequeno Darrell Standing que, os domingos, sentado nun banco da igrexa, cheo de solemnidade e

de temor reverencial ante o pavoroso esplendor de Deus, escoitaba as inflamadas prédicas sobre a Nova Xerusalén e as terribles agonías nas chamas do Inferno...

Como xa dixen, todas esas escenas, todas esas imaxes chegaron a min, a modo de flashes, cando, na cela de illamento número 1 da prisión de San Quintín, observaba o meu inconsciente a partir dun chisco de palla radiante, luminosa. Mais, como chegaban a min tales cousas? Abofé, eu non podía crealas da nada, encerrado entre aquelas catro paredes, como tampouco podía sacar da manga os dezasete quilos de dinamita que, de maneira tan cruel e tan brutal, me esixían o capitán Jamie, o alcaide Atherton e a Xunta Superior de Prisións.

Eu son Darrell Standing, nado e criado nunha zona rural de Minnesota; antes profesor de agronomía, prisioneiro incorrizable en San Quintín, e agora condenado a morte no cárcere de Folsom. Eu non coñezo, a partir das experiencias de Darrell Standing, estas cousas sobre as que escribo e que, máis ben, atopei nos almacéns do meu inconsciente. Eu, Darrell Standing, nado en Minnesota e, moi pronto, morto en California, xamais ameí, evidentemente, ningunha filla dun rei no pazo dun rei; xamais loitei, alfanxe contra alfanxe, na ondulante cuberta dun barco; xamais afoguei na adega dunha galera, apurando un licor forte baixo o xúbilo histérico e o canto fúnebre dos matalotes, mentres o barco se erguía, se estrelaba contra as rochas de dentes negros, e a auga gurgullaba por enriba, por embaixo, allur.

Tales cousas non forman parte da experiencia vital de Darrell Standing. Emporiso, eu, Darrell Standing, achei esas cousas dentro de min, na cela de illamento de San Quintín, recorrendo a autohipnose mecánica. Pero esas experiencias non eran de Darrell Standing, como tampouco o era a palabra “Samaria” que, de neno, lle veu ós beizos ó ver unha foto.

Ninguén pode crear algo da nada. Na miña cela, eu non podía fabricar dezasete quilos de dinamita, como tampouco podía, a partir das experiencias de Darrell Standing, inventar esas amplas e remotas visións espaciais e temporais. Todo iso xacía xa agochado na miña mente, e eu a penas estaba empezando a abirme camiño nela.

CAPÍTULO VII

Velaí o problema: eu sabía que dentro de min estaba a Golconda¹⁸ das lembranzas doutras vidas, mais o único que daba en facer era revoar coma un tolo por entre esas lembranzas. Eu tiña a miña Golconda, mais non era quen de explorarlá, de adentrarme nela.

Lembraba o caso de Stainton Moses, o crego que estivera posuído polas personalidades de san Hipólito, Plotino, Atenodoro, e dese amigo de Erasmo apelidado Grocyn.¹⁹ E, cando pensaba nos experimentos do coronel de Rochas²⁰, que eu lera outrora ó chou, entre tarefa e tarefa, estaba certo de que Stainton Moses fora, en vidas anteriores, todas esas personalidades que, de cando en vez, o posuían. Abofé, elas eran el, elas eran os elos da súa cadea de renacementos.

Pero no que máis afondei foi nos experimentos do coronel de Rochas. Este aseveraba que, actuando, mediante hipnose, sobre os suxeitos axeitados, fora quen de retrotraelos ata as súas vidas anteriores. Así explicaba, por exemplo, o caso de Josephine, unha rapaza de dezasete anos que vivía en Voiron, no departamento de Isère. Tras hipnotizala, o coronel de Rochas enviouna a aventurarse na súa adolescencia, na súa nenez, na súa máis tenra infancia e na silenciosa negrume da súa etapa fetal; e, logo, a través do silencio e da escuridade do tempo en que ela, Josephine, aínda non nacera, moito máis atrás, ata a luz e a vida dunha existencia previa, cando fora un vello raña, desconfiado e amargado chamado Jean-Claude Bourdon, que servira no Sétimo de Artería en Besançon, e que morrera ós setenta anos, tras unha longa doenza. Si, e aínda máis, pois acaso o coronel de Rochas non hipnotizou, á súa vez, aquela sombra de Jean-Claude Bourdon e a fixo retrotraerse ata a súa infancia, o seu nacemento e o seu estado prenatal, e logo ata a luz e a vida na que el fora unha vella murcha, chamada Philomène Carteron?

Eu, en troques, coa miña técnica do resplandecente anaco de palla, escintilando baixo o regatiño de luz que se filtraba na cela, non puideren ver con nitidez ningunha das miñas personalidades previas. Así que, ante o fracaso dos meus experimentos, cheguei á conclusión de que só na morte podería revivir, clara e coherentemente, as lembranzas dos meus eus anteriores.

Mais as correntes da vida fervían en min con forza. Eu, Darrell Standing, sentíame tan pouco disposto a morrer que me negaba a deixar que o alcaide Atherton e o capitán Jamie me matasen. Sempre me sentín tan innatamente impulsado a vivir que ás veces penso que só por iso sigo aquí, comendo e durmindo, pensando e soñando, escribindo este relato dos meus distintos eus, e agardando a ineludible soga que pechará este elo efémero da miña longa cadea existencial.

E daquela chegou “a morte breve”.²¹ Aprendín o truco que me ensinou Ed Morrell, como axiña verás. Todo empezou por mor do alcaide Atherton e do capitán Jamie, quen volveran aterrorizarse ante a idea da dinamita que, segundo crían, seguía agochada nalgures. Viñeron verme á miña escura cela e dixéronme, sinxelamente, que, se non lles confesaba onde diaños estaba o explosivo, me poñerían a camisa de forza ata morrer. E aseguráronme que podían facelo de maneira legal, sen arriscar os seus legais pelexos. A miña desaparición aparecería cualificada no rexistro da prisión como “morte natural”.

Ah, prezado e aburguesado cidadán: creme, por favor, cando che digo que aínda os homes matan os homes nas prisións de todo o mundo, igual que o levan facendo dende as primeiras cadeas.

Eu coñezo ben o terror, a agonía e o perigo que entraña a camisa de forza. Ah, a cantos homes non lles quebrantaría ela o espírito! Eu vin uns cantos. E vin homes aleixados de por vida por mor desa tortura. Vin homes, homes varudos, homes tan vigorosos que eran quen de aturar todos os embates da tuberculose carceraria, vírense abaixo, murcharen e morreren desa doenza ós seis meses, logo dunha sesión prolongada de camisa de forza. Como Slant–Eyed Wilson, que morreu de espanto ó cabo dunha hora con ela posta, mentres o inepto médico da prisión, que non cría que tivese un sopro no corazón, o fitaba e sorría. E vin un home confesar, despois de media hora de tormento, verdades e mentiras que lle custaron moitos anos de condena.

Tamén eu a padecín, como o demostra o medio millar de cicatrices que levo no corpo e que subirán canda min ó patíbulo. E, aínda que vivira cen anos máis, irían comigo á tumba.

Se cadra, prezado cidadán que permites e costeas o feito de que eses sabuxos–verdugos me torturen no canto de ti, non saibas aínda que é unha “camisa de forza”.²² Ben, pois voucha describir para que poidas entender o método polo cal

experimentei ese estado de case que morte, devín temporalmente no dono do tempo e do espazo, rompín os muros da prisión e vaguei polas estrelas.

Viches algunha vez un encerado de lona ou un cobertor de goma con ollais de metal aliñados nos bordos? Pois maxina unha peza de lona maciza, dun metro e medio de lonxitude, con grandes e pesados ollais ó longo dos dous bordos. A anchura desa peza sempre é menor cá do corpo do home ó que, dese xeito, nunca chega a arrodear de todo, e tamén irregular –maior na zona dos ombros, case igual nos costados e menor na cintura.

Primeiro estenden a camisa de forza no chan, e logo ordenan ó home que van castigar ou torturar para que confese que se deite boca abaixo sobre a lona. Se se nega, mállano a paos. Despois do cal o home déitase por fin, mais non por propia vontade senón pola vontade dos seus torturadores, que é a túa, prezado cidadán, xa que es ti quen os alimenta e quen lles paga para que fagan iso no teu nome.

O home xace, daquela, boca abaixo. Os teus sabuxos–verdugos xuntan todo canto poden os bordos da camisa no centro do lombo do preso. Logo meten polos ollais unha corda, como se fose o cordón dun zapato, coa que atan o home á lona, igual que se ata un zapato. Só que, nesta tortura, o preso é atado cunha tensión brutal que ninguén empregaría para se atar un zapato. A iso chamámolo nós, na falcona, “cinchar”. Ás veces, cando os gardas son especialmente crueis e vingativos, ou cando reciben “ordes de arriba”, para impoñer a maior severidade no castigo, apertan ó máximo a cincha, fincando os pes no lombo da súa vítima.

Atácheste algunha vez os zapatos con tanta forza que, logo de media hora, sentiches esa dor atroz que produce a falla de circulación nas veas? E lembras que, logo de aturar uns minutos esa dor, sinxelamente non podías dar nin un paso máis e tiveches que afrouxar o cordón? Daquela, tenta maxinar todo o teu corpo atado así, só que con moita máis tensión, e que a presión, no canto dun só pé, séntela en todo o tronco do corpo, comprimindo o teu corazón, os teus pulmóns e o resto dos teus órganos vitais como se te quixera matar. Pois así é ese suplicio.

Lembro a primeira vez que me puxeron a camisa de forza alí abaixo, no Buraco. Aquilo foi o principio da miña incorrixibilidade, pouco despois de entrar na cadea, cando estaba a tecer os meus cen metros de fibra vexetal a cotío e remataba a tarefa dúas horas antes do habitual. Si, e o resultado estaba moi por riba do habitual. Por iso me puxeron a camisa de forza a primeira vez, segundo pode lerse nos informes da

prisión; porque había “saltos” e “rupturas” na tea –ou sexa, porque o meu traballo era defectuoso. O cal era unha falacia ridícula. En realidade, castigáronme coa camisa de forza porque eu, un preso novo, un mestre da eficiencia, un experto en eliminar o desbaldir de enerxía, atrevérame a dicirlle ó estúpido encargado dos teares unhas cantas cousas que ignoraba verbo do seu oficio. E este, en presenza do capitán Jamie, mandoume achegarme á súa mesa para acusarme de facer unhas teas ruíns que endexamais saíran das miñas mans. Tres veces fixome ir. A terceira rifa significaba castigo, segundo as regras das salas de tecer. E o castigo foi estar vintecatro horas coa camisa de forza posta.

Baixáronme ós alxubes. Ordenáronme deitarme boca abaixo sobre a lona estendida no chan. Negueime. Un dos gardas, o tal Morrison, agarroume polo pescozo, mentres Mobins, un preso de confianza mais tamén condenado ó Buraco, me zorregaba. Ó final, deiteime como me ordenaron. E, por enfrontarme a eles, cincháronme todo canto puideron. Logo rodáronme como se fose un toro e deixáronme tombado boca arriba.

Ó principio atureino ben. Cando pecharon a porta, con ese estrépito arrepiante de aldrabas e ferrollos, deixándome na máis profunda negrume, eran as once da mañá. Durante uns minutos, tan só sentín unha incómoda presión, e eu estaba realmente certo de que me resultaría máis leve a cousa a medida que me afixera a ela. Pero, moi ó contrario, os meus latexos aceleráronse, e o meu sangue parecía non recibir ar abondo dos pulmóns. Aquela sensación de afogo era aterradora, e cada latexo do meu corazón ameazaba con rebentarme os pulmóns –xa, de por si, a piques de rebentaren.

Despois dun cacho que a min me pareceu un sen fin de horas, pero que, baseándome nas miñas incontables experiencias nese suplicio, deduzo que non debeu de durar máis de media hora, empecei a berrar, xemer, bruar, ouvear cunha furia mortal. O problema era a dor que sentía no corazón. Unha dor aguda, penetrante, similar á da pleuresía, só que aquela era coma un puñal que me abrasaba o corazón.

Morrer non é difícil, mais morrer dun xeito tan espantosamente lento é algo enlouquecedor. Coma unha fera atrapada nun cepo, fun presa do pánico, e berrei e ouveei ata decatarme de que o único que conseguía con iso era acentuar as ardentes picadas que me furaban o corazón e, inda por riba, consumir o escaso ar que chegaba ós meus pulmóns.

Así que deixei de facelo e fiquei quedo outro bo cacho –que tamén me pareceu, daquela, unha eternidade, mais que agora estou certo de que non puido durar máis dun cuarto de hora. Cando xa estaba mareado a causa da sensación de afogo, e o meu corazón latexaba con tanta forza que parecía ir romper a lona que me oprimía, perdín de novo o control e empecei a berrar coma un tolo, pedindo axuda.

Entre berro e berro, dei sentido unha voz procedente do alxube contiguo:

– Cala, ho! –bruou, aínda que a min me chegou moi debilmente–. Cala dunha vez! Xa estou farto de oírte!

– Morro! –laieime.

– Pois prega a orella, e esquécete diso –retrucou.

– Pero é que estou a morrer! –insistín.

– Daquela, por que te preocupas? –dixo a voz–. Pronto farás a carantoña e te librarás disto. Adiante, espernexa dunha vez! Pero non armes tanto escándalo, carallo! Para xa de foder o meu marabilloso sono.

A cruel indiferencia daquel fulano indignoume tanto que recobrei o control de min mesmo e limiteime a soltar uns lenes xemidos. Así estiven unha infinidade de tempo –ou sexa, uns dez minutos, seguramente–, ata que un formigante torpor invadiu todo o meu corpo. Sentía como se me estivesen cravando unhas agullas, e, daquela, esa dor tan aguda mantívome consciente. Mais cando cesaron as picadas desa chea de dardos, deixando só ese torpor que cadora ía a máis, o pánico volveu apoderarse de min.

– Cando diaños me vas deixar botar unha sonada? –queixouse o meu veciño–. Eu non o estou pasando mellor ca ti, sabes? Seguro que a miña camisa aperta tanto coma a túa, e por iso quero durmir e esquecer este suplicio.

– Canto levas aí dentro? –pregunteille, coidando que o tipo era un novato no asunto, comparado comigo, que levaba séculos sufríndoo.

– Dende antonte – respondeu.

– Quero dicir *dentro da camisa* – aclareille.

– Pois iso! Dende antonte, amigo.

– Meu Deus! – exclamei.

– Si, amigo, si: cincuenta horas seguidas, e aínda non me oíches soltar nin unha soa queixa. Cincháronme ben cinchado, fíncándome os pes nas costas. Puxéronme ben preta, crete en min. Ti non es o único que tes problemas. Aínda non levas nin unha hora con iso.

– Que dis? Levo un cento de horas aquí!

– Iso cres ti, meu, pero non é así. Dígoche que non levas nin unha hora de suplicio. Sentín como te cinchaban.

Eu non podía crelo. En menos dunha hora, xa morrera un milleiro de veces! E, emporiso, o meu veciño, equilibrado e ecuánime, con voz tranquila e case que benévola malia as primeiras reprimendas, levaba cincuenta horas coa camisa de forza posta!

– Canto tempo máis van terte aí? –pregunteille.

– Sábelo ti? O capitán Jamie está encabuxado comigo, e non creo que me quite isto ata que estea a piques de espernexar. E agora, amigo, vouche explicar de que vai isto. Faime caso: pecha a cancela e tenta esquecer. Con laiarse e berrar non se consegue nada bo aquí. E a única maneira de esquecer é esa: esquecendo. Pensa, por exemplo, en cada unha das *guichas* que coñeciches. Iso che levará unha chea de horas. Se cadra sentirás que che ferve o unto.²³ Ben, pois que ferva. Así matarás mellor o tempo. E cando as rapazas non queiran apertarte, empeza a pensar nos compañeiros por mor dos cales estás aquí; no que lles farías se puideras e no que lles farás en canto poidas.

Ese home era Philadelphia Red. Na súa condena anterior, botáranlle cincuenta anos por atracos cometidos nas rúas de Alameda. Xa cumprira unha ducia deles, daquela, e diso hai sete anos. El era un dos convictos ós que enganara Cecil Winwood. Por ese delito, perdeu todos os seus méritos. Agora é un home de mediana idade, e aínda está en San Quintín. Se sobrevive, será un vello cando o solten.

Cumprín as miñas vinte e catro horas de castigo, e, dende entón, xamais volvíñ ser o mesmo home. Non quero dicir fisicamente –aínda que á mañá seguinte, cando me desataron, estaba medio paralizado e en tal estado de *shock* que os gardas tiveron que patexarme as costelas para obrigarme a levantar e saír a rastro. Non: quero dicir que eu cambiara mentalmente. Moralmente. Pois aquela brutal tortura física fora asemade unha humillación e unha aldraxe ó meu espírito e ó meu senso da xustiza. Semellante castigo non serve para abrandar a un home. Ó contrario: eu saín daquela primeira sesión de camisa de forza enchido dunha amargura e dun odio tal que non só non minguou cos anos, senón que se multiplicou. Deus! Cando penso nas cousas que os homes me fixeron! Vinte e catro horas coa camisa de forza! Quen me ía dicir a min, aquela mañá en que me patexaron para obrigarme a levantar, que chegaría un día en que vinte e catro horas coa camisa de forza non serían nada ós meus ollos; que, despois de cen horas, me

acharían sorrindo ó liberarme; que mesmo duascentas horas me deixarían o mesmo sorriso nos beizos!

Si, duascentas corenta e oito horas cheguei a aturar. Sabes o que iso significa, prezado e acomodado cidadán? Pois dez días e dez noites coa camisa de forza posta. Abofé, tales cousas non poden suceder en ningures, neste suposto mundo cristián do século XX d.C. E, por iso, non che pido que me creas. Mesmo a min me custa crelo. O único que sei e que iso foi o que me fixeron en San Quintín, e que sobrevivín para rirme deles nos seus fociños e obrígalos a aforcarme, se queren librarse de min, por darlle unha puñada no nariz a un garda.

Estou a escribir estas liñas hoxe, no ano do Noso Señor de 1913, e hoxe, no ano do Noso Señor de 1913, aínda hai homes sufrindo a camisa de forza no Buraco de San Quintín.

Endexamais esqueceréi, por moito que viva e por moitas vidas que se me concedan, as palabras coas que nos despedimos Philadelphia Red e mais eu aquela mañá. El xa levaba setenta e catro horas coa camisa de forza.

– Vaia, ho, vexo que aínda segues vivo despois de todo –díxome cando me sacaban a rastro, cambaleándome, da cela ó corredor dos alxubes.

– Cala a boca, Red –rosinou o sarxento.

– Vai pastar, cabrón –retrucou el.

– Vouche dar unha felpa –ameazouno o sarxento.

– Ti? –preguntou Philadelphia Red docemente, antes de cambiar a un ton agresivo–. Ti, vello inútil, ti non podes darme ren! Se non fose pola influencia do teu irmán, non terías nin qué comer, e moito menos este traballo! E sospeito que aquí todos cheiramos de onde procede a influencia do teu irmán!

A min aquilo pareceume admirable: o espírito dun home erguéndose por riba do seu tormento, sen temor ó dano que calquera besta do sistema puidera facerlle.

– Abur, amigo meu –volveu dirixirse a min Philadelphia Red–. Abur. Pórtate ben, e quérelle moito ó alcaide. E, se ves os compañeiros, dilles que me viches mais sen chegar a verme.

O sarxento estaba arroibado de ira, e fun eu, recibindo unha tunda de patadas e puñazos, quen pagou a moinada de Red.

CAPÍTULO VIII

O alcaide Atherton e o capitán Jamie foron interrogarme á cela de illamento número 1.

– Standing –dixo o alcaide–, ti verás: ou papexas onde está a dinamita, ou abofé que te mato aquí mesmo coa camisa de forza. Homes máis duros ca ti preferiron desembuchar antes de que eu me ocupara deles. Así que elixe: dinamita ou ataúde.

– Pois terá de ser o ataúde, alcaide, porque non sei nada de ningunha dinamita.

A miña resposta irritouno e levouno a actuar.

– Tómbate –ordenoume.

Eu obedecín, pois xa me decatara da inutilidade de enfrontarme a tres ou catro brutos coma aqueles. Cincháronme todo canto puideron, e castigáronme con cen horas: cen. Cada vintecatro, dábanme de beber. De comer... Non tiña gana ningunha, a verdade, mais tampouco me deron. Contra o final das cen horas, Jackson, o médico da prisión, veu examíname varias veces.

Pero eu xa me afixera abondo á camisa de forza durante os meus días de incorrrible como para deixar que unha sesión longa me quebrantase. Por suposto, debilitoume, arrincoume parte da vida; pero eu xa aprendera algúns trucos musculares para roubarlles algo de espazo a eles, mentres me ataban a camisa. Ó final daquelas primeiras cen horas, estaba esgotado, pero máis nada. Despois de deixárenme descansar un día e unha noite, castigáronme con outras cen horas. E logo con cento cincuenta, a meirande parte das cales pasei, fisicamente, entumecéndome e, mentalmente, delirando. Secasí, a por de vontade, dei durmido ben de horas.

A vez seguinte, o alcaide Atherton probou unha variante: castigarme e deixarme descansar a intervalos irregulares. Nunca sabía cando me ían cinchar de novo. Así, podía estar dez horas recuperándome e logo pasar doce coa camisa posta –ou ben ter só catro de descanso. Ás horas máis insospeitadas da noite, renxía a miña porta e entraban os gardas desa rolda a poñerme. Ás veces impoñían un certo ritmo. Así, durante tres días e tres noites, alternaban oito horas coa camisa con outras oito sen ela. E, de súpeto, cando eu xa me adaptara, volvían cambiar e poñíanme dous días e dúas noites de castigo.

E sempre facéndome a sempiterna pregunta: «Onde está a dinamita?» Ás veces, o alcaide Atherton encabuxábase comigo. Outras, logo de darme unha ración extra de suplicio, case chegaba a rogarme que confesase. Unha vez, mesmo chegou a prometerme tres meses de absoluto descanso e boa comida nun hospital, sinte o posto de confianza na biblioteca.

O doutor Jackson, unha criaturiña imbele con certas nocións de medicina, amosábase cada vez máis escéptico. Insistía en que aquelas sesións de camisa de forza, por moi longas que fosen, non podían matarme, e a súa insistencia deveu nun reto para o alcaide, que continuou tentándoo.

– Estes lambidos universitarios tolearían ó mesmiño Diaño –refungou–. Sonche duros de roer. Pero, inda así, adondarémolos. Entendiches, Standing? O que che fixemos ata agora non é máis que un adiamento do que che faremos. Aínda que tamén poderías confesar dunha vez, e aforrarte problemas. Eu son un home de palabra. Xa cho dixen: dinamita ou ataúde. Ben, pois mantéño. Ti elixes.

– Supoño que non pensará... que estou a aturar isto... porque me gusta... non si? –dei en balbucir mentres Pie–Face Jones me fincaba o pé no lombo para apertar máis a cincha, e eu tentaba tensar os músculos para roubar un chisco de espazo–. Non hai nada... que confesar... Deus! Daría a man dereita por... poder levalo ata esa... puta dinamita.

– Xa, xa coñezo eu a xente educada coma ti –aseverou con desprezo–. Métesevos unha idea na choliña e zas! Xa non hai quen vola quite. Sodes peor ca un cabestro... Aperta máis, Jones: aínda che sobra media cincha... Mira, Standing, se non papexas... Ó ataúde. Cumprirei o que dixen.

En compensación, decateime de algo: que canto máis feble estás, máis insensible devés ó sufrimento. Entón hai menos dano porque hai menos que danar. A persoa que xa está moi debilitada, debilítase máis devagariño. Todo o mundo sabe que os homes especialmente rexos levan moito peor as doenzas comúns cás mulleres ou os inválidos. A medida que se consomen as reservas de forza, hai menos forza que perder. Cando xa perdiches toda a carne superflua, o que che queda é puro nervio. De feito, iso acabei sendo eu: unha sorte de organismo fibroso, resistente, que teimaba en vivir.

Morrell e Oppenheimer andaban preocupados por min, e transmitíanme mensaxes de solidariedade e consellos. Oppenheimer contoume que tamén pasara por iso, e que fora moito peor, pero que sobrevivira.

–Non deixes que acaben contigo– soletreoume cotenando–. Non te deixes matar, meu, porque iso é o que queren. E non soltes fento!

– Pero se non hai fento que soltar! –respondinlle golpeando a porta de ferro co rebordo do zapato, pois daquela eu tiña a camisa posta e só podía comunicarme co pé–. Eu non sei nada do carallo da dinamita!

– Así me gusta –gaboume Oppenheimer–. Este tenos ben postos, non si, Ed?

O cal demostraba as escasas posibilidades que tiña eu de convencer ó alcaide da miña ignorancia ó respecto. A súa teima en interrogarme convenceu mesmo a un home como Jake Oppenheimer, que tan só podía admirarme pola afouteza coa que eu mantiña a boca pechada.

Durante aquel primeiro período de castigo–interrogatorio, conseguín durmir moito, e os soños que tiven daquela foron moi especiais. Non por seren tan vívidos que pareceran reais –como a maioría dos soños–, senón pola súa coherencia e a súa continuidade. Con frecuencia soñaba que daba unha conferencia perante un grupo de científicos sobre algún tema complexo, lendo en voz alta e con suma atención os resultados das miñas investigacións, ou ben as miñas conclusións sobre as investigacións e os experimentos alleos. Cando espertaba, tiña a impresión de estar sentindo aínda as miñas palabras e ollando todas as frases, todos os parágrafos que mecanografara naquel folio branco, ata o punto de que podía seguir léndoos marabillado, denantes de que a visión se esvaece... Por certo que me gustaría subliñar o feito de que, daquela, me decatei de que o proceso de razoamento que eu empregaba naqueles discursos oníricos era, invariablemente, dedutivo.

Tamén soñei cunha enorme seara que ocupaba, de norte a sur, centos de quilómetros nalgures dunha rexión morna, cun clima, unha flora e unha fauna moi, moi semellantes ós de California. Non unha nin dúas senón centos de veces distintas viaxe por esa rexión onírica. O feito que quero subliñar é que sempre era a mesma rexión; que, sempre que soñaba con ela, esta amosaba as mesmas características esenciais. Alí, por exemplo, eu sempre viaxaba nunha carruaxe de cabalos percheróns, e tardaba oito horas en ir dende uns campos de alfalfa (nos que eu ceibaba moitas vacas de Jersey) ata un lugar perdido, situado á beira dun río seco, onde logo collía un pequeno tren de vía estreita. Naquela viaxe de oito horas de carruaxe, sempre batía cos mesmos sinais, as mesmas árbores, as mesmas montañas, os mesmos vaos e as mesmas pontes, os mesmos cumes e as mesmas abas erosionadas.

Naquela rexión labrega, tan coherente, tan racional, que eu vía mentres durmía coa camisa de forza posta, o que cambiaba, segundo a estación e o labor que estivesen a facer os labregos, eran os pequenos detalles. Así, nos lameiros das terras altas que había detrás dos campos de alfalfa, establecín unha granxa nova con cabras de Angora. Cada vez que visitaba aquel lugar en soños notaba os cambios; cambios que concordaban co tempo transcorrido entre visita e visita.

Ah, aquelas ladeiras inzadas de matos! Aínda estou a velas, xusto no intre en que ceibei as vacas por vez primeira. E aínda lembro os cambios que se produciron: os carreiros cobrando forma mentres as cabras se abrían camiño papando as súas vizosas matogueiras; a desaparición dos arbustos máis tenros, máis pequenos, que aínda non eran abondo grandes como para que elas non arramplasen con eles; as vistas que ían deixando en todas as direccións a través dos arbustos máis vellos, máis altos, mentres devoraban todo ó que se poñía ó seu alcance ou todo o que alcanzaban de seu, ergueitas sobre as patas traseiras; o inzaren dos pastos novos, que ían medrando nos lugares rozados polas cabras. Si, o maior encanto daqueles soños era a súa continuidade. Así, chegou o día no que uns homes con machados pincharon os arbustos máis altos para lle facilitaren o acceso ás follas, ós abrollos e á cortiza ás cabras. Chegou o día, un día de inverno, no que os esqueletos descarnados de todos aqueles arbustos foron amoreados e queimados. Chegou o día en que levei as cabras a outras ladeiras igual de vizosas para logo ceibar alí as vacas, afundidas ata os xeonllos naqueles pastos celmosos que medraran onde antes só houbera arbustos e matogueiras. E chegou, así mesmo, o día en que tamén levei o gando, para que os meus labregos percorresen de enriba a embaixo esas abas, bouzando o fértil solo para arrincaren o podre e remexendo o humus no que logo abrollarían as sementes das vindeiras colleitas.

Si, e, nos meus soños, adoitaba apear-me daquel pequeno tren de vía estreita no lugar perdido que se erguía onda o río seco; marchaba coa miña carruaxe de cabalos, viaxando horas e horas polas vellas paraxes familiares dos meus campos de alfalfa, e logo seguía ata os meus agros das terras altas, onde as miñas colleitas alternadas de millo, de cebada ou de trevo –segundo a época–, xa estaban na propia, listas para seren apañadas, e onde vía os meus labregos colleitando, mentres aló no cimo, sempre rubindo, as miñas cabras ía convertendo as lombas de arbustos máis altas en futuras searas.

Mais aqueles foron soños, simplemente. Soños sinceros, si, aventuras imaxinarias do meu inconsciente dedutivo, pero moi distintos, como verás axiña, a esoutras aventuras miñas nas que crucei as portas da morte breve e revivín a realidade das outras vidas que tiveron noutras épocas.

Durante as longas horas que pasei esperto naquel suplicio da camisa de forza, decateime de que, no fondo, estaba en débeda con Cecil Winwood, o poeta–falsificador que, intencionadamente, me abocara a el, e que agora volvía gozar de liberdade no mundo exterior. Non, eu non o odiaba. “Odio” é unha palabra moi, moi pobre para expresar o que eu sentía cara a el –e, de feito, non hai palabra no dicionario que poida expresalo. O único que podoo dicir é que a arela de vinganza que me corroía por dentro era, de seu, unha dor tan intensa que excedía todos os límites da linguaxe. Non vou falarche da infinidad de horas que dediquei a argallar planes de vinganza contra el, nin das mil e unha maneiras de torturalo que cheguei a matinar. Abondará cun exemplo. Encantábame a idea de empregar con el ese antigo suplicio de apegar ó corpo dun home unha almofia de latón cunha rata dentro. A única maneira na que esta pode liscar de aí é furando o corpo do condenado. Ben, pois, como digo, a min encantábame a idea de facerlle iso a Winwood, ata que me decatei de que era unha morte demasiado rápida, e que prefería con moito o suplicio mouro de... Mais non: prometín non falarche deste asunto. Abonda con que saibas que consagrei moitas daquelas enlouquecedoras horas de sufrimento a coidar as maneiras de vingarme de Cecil Winwood.

CAPÍTULO IX

Unha das cousas máis valiosas que aprendín durante aquelas longas, pesadas e dolorosas horas que pasaba esperto foi os distintos xeitos nos que a mente pode controlar o corpo. Aprendín a sufrir pasivamente, como, sen dúbida, o aprenderon todos os homes que aprobaron os cursos para posgraduados de camisa de forza. Pero, creme: non é nada doado manter a mente acougada, serena, a fin de obviar as punzantes e intensas queixas dun nervio torturado.

E foi iso, o dominio do espírito sobre a carne que adquirín, o que me permitiu levar á práctica o segredo que Ed Morrell me contou.

– Xa te ves no ataúde, eh? –cotenoume unha noite.

Eu acababa de saír dunha sesión de cen horas, e estaba máis feble que nunca. Tanto que coidaba que todo o meu corpo era unha masa de carne mazada e sufrinte da que eu a penas era consciente.

– Pois si –contesteille–. Acabarei nun, se seguen así.

– Non llo permitas –advertiume–. Hai unha maneira de aturar. Eu aprendina só, aquí, no Buraco, cando a Massie e a min nos felparon arreo. Eu dei saído, pero el rebentou. Se non tivese aprendido ese truco, tería rebentado canda el. Pero has estar ben feble antes de practicalo. Se probas cando aínda estás forte, cagáchela, meu; e logo xa nunca che sairá. Creme: eu cometín o erro de contarllo a Jake cando aínda estaba forte, e, por suposto, non foi quen de conseguilo. E, cando chegou o momento no que o precisaba verdadeiramente, xa era demasiado tarde, pois xa a cagara a feito co primeiro fallo. Pero segue sen crelo, o malpocado, e xa non confía en min. Non si, Jake?

E, dende a cela número trece, Jake retrucou:

– Non lle fagas caso, Standing. Non tragues ese conto.

– Tanto ten. Veña, cóntamo –díxenlle a Morrell.

– Por iso esperei a que estiveras realmente feble –prosegiu el–. Agora si que o precisas, e daquela voucho contar. Mais todo depende de ti, da túa forza de vontade. Se teimas, podes logralo. Eu fíxeno tres veces, e sei do que falo.

– Ben, pois de que se trata? –cotobelei ansioso.

– O truco é morrer na camisa de forza, desexar morrer por vontade propia. Xa, xa sei o que estás pensando, pero cala. Xa sabes que nela ficas completamente entumecido, que se che dormen os brazos e as pernas, non é? Iso non podes remedialo, mais podes tomalo como base para levar a cabo a idea, e mellorar o truco. Non esperes a que se che durman as pernas nin nada. Déitate de costas, o máis comodamente que poidas, e empeza a usar a túa vontade. E isto é o que tes que pensar... Mais tes que crelo de verdade, arreo, mentres esteas a facelo, porque se non... Nada: non o conseguirás. Ben, pois has coidar –e crer realmente– que o teu corpo é unha cousa e a túa mente outra. Ti es ti, e o teu corpo é outra cousa ben distinta, e que non che importa un carallo. O corpo non conta. Ti es quen manda nel. E non precisas o corpo para nada. E, coidando e crendo iso, empezas a demostralo usando a túa vontade. Fas que morra o teu corpo. Empezas polas dedas. Vas matándoas unha por unha. Desexando que morran. E, se o cres en serio e tes forza de vontade abonda, as túas dedas morrerán. Éche un labor fodido, empezares a morrer. Mais, en canto consigues que a primeira deda morra, o resto é doado, pois xa non tes que esforzarte en crer. Xa sabes facelo. Daquela, pos toda a túa forza de vontade en atinxires que o resto do teu corpo morra. E, creme, Darrell: é posible. Eu fíxeno tres veces. Unha vez que principia o proceso de morrer, eche ouro sobre azul. E o mellor de todo é que ti estás aí cadora, pois o feito de que as túas dedas estean mortas non significa que ti tamén o esteas de todo. Así, devagariño, vánseche morrendo as pernas, os xeonllos, as coxas... Mais ti segues a ser ti, o mesmo de sempre. É o teu corpo o que vai quedando fóra de xogo, anaco tras anaco. Mais ti es ti, o mesmo que denantes de empezares.

– E que ocorre logo? –pregunteille.

– Ben, pois que, cando todo o teu corpo xa está morto, mais ti segues aí, o que has facer é saír do teu pelexo, abandonar o teu corpo. E así, saíndo do teu corpo, saes da falcona. Os muros de pedra e as portas de aceiro poden encerrar os corpos, mais non os espíritos. Daquela velo, compróballo con claridade. Podes ver o teu corpo dende fóra. E asegúroche que é certo, porque eu o fixen tres veces: ollaba o meu corpo deitado aquí, mentres eu estaba fóra del.

– Ha! Ha! Ha! –transmitiunos Oppenheimer as súas gargalladas, trece celas máis aló.

– Ves? Ese é o problema de Jake –prosegiu Morrell–: non pode crer. A primeira vez que o tentou estaba demasiado forte, e fracasou. E agora pensa que estou de chola.

– Cando morres estás morto, e os mortos, mortos quedan –retrucou Oppenheimer.

– Dígoche que estiven morto tres veces –insistiu Morrell.

– Xa, e volviches para contárnolo –chanceou Oppenheimer.

– Mais non esquezas unha cousa, Darrell –coteleoume Morrell–. O asunto éche fodido. Tes todo o tempo a impresión de que tomas demasiadas liberdades. Non sei como explicarcho, mais digamos que cadora tiña a impresión de que, se eles viñan sacar o meu corpo da camisa de forza cando eu estaba fóra, non podería voltar a el. Ou sexa, que o meu corpo ficaría morto para os restos, entendes? E eu non quería morrer de veras. Non quería darlle ó capitán Jamie e ós demais esa satisfacción. Pero crete en min: se fas ben o truco, poderás rirte do alcaide. Se consigues facer que morra o teu corpo dese xeito, tanto terá que che poñan a camisa un mes. Non sufrirás ren, nin tampouco sufrirá o teu corpo. Sabías que houbo xente que chegou a durmir todo un ano dunha tirada? Pois iso mesmo lle pasará ó teu corpo. Ficaré aí, dentro da camisa, sen sufrir, agardando tan só a que volvas. Téntao e verás que é certo o que che conto.

– E se non volve? –preguntou Oppenheimer.

– Daquela, sería ben afortunado, non cres, Jake? –respondeu Morrell–. E nós uns desgraciados, por seguiren neste lugar de merda cando poderíamos liscar tan doadamente...

E aí rematou a conversa, cando Pie–Face Jones acordou de súpeto da sonada que estaba a botar e ameazou a Morrell e a Oppenheimer con dar parte pola mañá, para que os castigaran cunha nova sesión de camisa de forza. A min non me rifou, claro, pois sabía que xa estaba condenado ó suplicio de todos os xeitos.

Daquela, fiquei alí, un bo cacho, en silencio, esquecendo a aflicción do meu corpo mentres cismaba na proposta que me fixera Morrell. Como xa che expliquei, eu xa tentara, mediante a autohipnose mecánica, retrotraerme ata as miñas vidas anteriores. Sabía que o conseguira en parte, mais todo o que experimentara non fora máis ca un fluxo de aparicións que emerxía de maneira esporádica, sen ningunha continuidade.

O método de Morrell, en troques, fascinárame, pois era xusto o oposto ó meu da autohipnose. No meu, o primeiro era perder a consciencia. No seu, a consciencia

persistía por enriba de todo, e, cando o corpo morría abondo, a consciencia pasaba por estadios tan sublimes que chegaba a abandonar o propio corpo, a prisión de San Quintín, e viaxaba lonxe, sen deixar de ser ela.

Semellante viaxe pagaba a pena –concluín–, pasara o que pasar. E, malia a actitude escéptica do científico que había en min, crin que era posible facela. Non tiña a menor dúbida de que podía atinxir o que Morrell xa atinxira tres veces. Se cadra, aquela fe cega apoderárase de min por mor da miña extrema debilidade. Se cadra, eu no estaba forte abondo como para ser escéptico, non sei. O caso é que Morrell me formulara unha hipótese, unha conclusión puramente empírica, e eu, como verás axiña, decidín demostrala empiricamente.

CAPÍTULO X

Sinte de todo iso, á mañá seguinte presentouse na miña cela o alcaide Atherton, coa evidente intención de asasinarme. Canda el viñan o capitán Jamie, o doutor Jackson, Pie-Face Jones e Al Hutchins. Hutchins estaba a cumprir unha condena de corenta anos, e esperaba que lla perdoaran. Levaba catro anos coma xefe dos presos de confianza de San Quintín, un posto de moito poder, como comprenderás se che digo que tiña un soldo de tres mil dólares anuais. En fin, que o tal Hutchins, con dez ou doce mil dólares xa no peto e a promesa dun perdón, estaba disposto a executar cegamente calquera orde do alcaide.

Este, xa que logo, presentouse na miña cela coa intención de asasinarme –cousa que evidenciaba a súa face e que logo demostraron os seus actos.

– Examíneo –ordenou ó doutor Jackson.

Aquel arremedo ruinoso, aquela especie de criatura arrincoume a cotrosa camisa que levaba incrustada na pel dende que entrara na cela de illamento, deixando ó descuberto o meu pobre corpo estragado, a pel ríxida coma un pergamiño marrón sobre as costelas e infestada de chagas por mor das interminables sesións de camisa de forza.

– Aturará? –preguntou o alcaide.

– Si –respondeu o doutor.

– Que tal o corazón?

– Perfecto.

– Seguro que aturará outros dez días?

– Seguro.

– Pois eu non o creo –soltou o bruto do alcaide–. Pero tentarémolo de tódolos xeitos. Tómbate, Standing!

Eu obedecín, deitándome boca abaixo sobre a camisa de forza estendida. O alcaide pareceu dubidar por un intre.

– Dá a volta –ordenou.

Tenteino varias veces, pero estaba demasiado feble, e o único que daba feito era escarrancharme e retorcerme na miña indefensión.

– Está a finxir –comentou Jackson.

– Si, mais deixará de facelo en canto acabe con el –dixo o alcaide–. Botádelle unha man. Non podo perder máis tempo.

E daquela viráronme, deixándome boca arriba, ollando os fociños do alcaide.

– Standing –empezou moi lene–, xa che dei toda a corda que puiden. Pero agora... Estou cheo, canso da túa gurra. Acabóuseme a paciencia. O doutor Jackson asegura que estás en condicións de aturar dez días máis coa camisa de forza. Así que xa te podes figurar o que che espera... Mais... vouche dar unha derradeira oportunidade para que cantes dunha vez. Ben sabes que está na miña man sacarte de aquí. Poderás bañarte, barbearte e vestir roupa limpa. Dareiche seis meses de descanso e comida no hospital, e logo nomeareite encargado de confianza da biblioteca. Non podo ser máis considerado contigo. Amais, non vas delatar a ninguén. Ti es o único en San Quintín que sabe onde está a dinamita. Non podes ferir os sentimentos de ninguén entregándoma, e todos vos empezaredes a estar mellor en canto ma entregues. Se non...

Fixo unha pausa e engruñou os ombros de maneira ben significativa.

– Se non, xa sabes: os teus dez días de suplicio principiarán decontado.

A perspectiva era aterradora. Nese estado de debilidade, eu sabía –coma el– que eses dez días acabarían comigo... E entón lembrei o truco de Morrell. Agora, máis que nunca, precisaba del, e agora, máis que nunca, había de empregalo con verdadeira fe. Así que esbocei un sorriso ante a ollada pampa de Atherton, poñendo toda a miña fe nese sorriso e na proposta que lle fixen.

– Alcaide –dixen–, ve como sorrío? Pois ben: se ó final deses dez días, cando vostede me libere, sigo a sorrir igual, quero que lle dea unha bolsa de tabaco Bull Durham e un paquete de papel de lear a Morrell e Oppenheimer. Estamos?

– Estes fulanos estudosos están todos trallados –rosmou o capitán Jamie.

O alcaide Atherton era un home colérico, e tomou a miña petición como unha chulería insultante.

– Ves? Só por iso, voute cinchar ó máximo –comentou.

– Tan só estou a facerlle unha aposta –dixen con toda tranquilidade–. Pode cincharme canto queira, pero, se aínda sorrío pasados os dez días, daralle a Morrell e Oppenheimer o tabaco?

– Estás moi seguro de ti, non é?

– Por iso aposto con vostede –retuquei.

– Volvícheste relixioso agora? –dixo burlón.

– Non, mais digamos, sinxelamente, que teño moita máis vida da que vostede pode arrebatarme ou chegar a ver finar. Castígueme cen días se quere, e seguirei sorrindo igual, cando rematen.

– Con dez terás de sobra... Coido.

– Iso di vostede, mais non está moi certo... De estalo, non lle importaría arriscar os dez centavos que custan esas dúas bolsas de tabaco.

– Mira, cabrón: por tan só dous centavos, patexariache a cara agora mesmo – cuspiu.

– Pois non se reprima, ho! –díxenlle con imprudente afabilidade–. Patéxeme canto lle pete, e aínda terei cara abonda para sorrirlle... En canto e non, mentres vostede dubida, supoño que acepta a miña orixinal aposta, non si?

Como imaxinarás, había de estar terriblemente feble ou profundamente desesperado para desafiar, en tales circunstancias e nunha cela de castigo, a un alcaide coma Atherton. Ou ambas as dúas cousas, e, inda por riba, ter fe. Agora sei que a tiña, e que por iso actuei así. Eu cría o que Morrell me dixerá. Cría no señorío da mente sobre o corpo. Cría que nin sequera cen días de camisa de forza poderían matarme.

O capitán Jamie debeu de decatarse daquela fe que me posuía, pois dixo:

– Lembro un sueco que tamén toleou... Hai agora uns... vinte anos. Foi denantes de que vostede viñese, alcaide. O fulano matara outro co que rifara por vintecinco centavos... E caéralle cadea perpetua. Era cociñeiro. E, logo, de socate, deulle pola relixión. Decía que un carro de ouro viría levalo ó ceo, e sentou enriba do fogón, que estaba ardendo, e soltouse a cantar himnos e hosannas mentres cocía... Quitárono de alí, pero o fulano espichou dous días despois, no hospital. Estaba queimado ata os ósos. E, ó final, aínda xuraba que non sentira a calor. Ninguén lle oíu soltar un berro.

– Non se preocupe, Jamie: nós faremos berrar a Standing dabondo –asegurou o alcaide.

– Pois, se está tan certo, por que non acepta a miña aposta? –desafieino.

O alcaide estaba tan rabioso que, de non acharme eu naquela situación tan desesperada, fixérame graza. Tremíalle a cara. Non paraba de apertar os puños con toda a súa carraxe. E houbo un intre no que pensei que se ía botar a min e darme unha malleira. Pero, entón, con grande esforzo, conseguíu dominarse.

– De acordo, Standing –ros mou–. Acepto. Mais podes apostar a túa vidiña de merda a que as pasarás ben putas antes de poder sorrir despois destes dez días. Virádeo,

conáns! E cinchalo ata que lle renxan as costelas! Hutchins! Demóstralle a este cabrón como o fas!

E daquela viráronme e apertáronme a correa como xamais o fixeran. O tal Hutchins, o xefe dos presos de confianza, demostrou, certamente, a súa habelencia. Eu tentei roubar todo o espazo que puiden: ben pouco, a verdade, pois había tempo que estaba nos ósos, e os meus músculos deviñeran en simples cordas. Xa non tiña nin folgo nin corpo para roubar máis que un espazo ínfimo, e, o pouquísimo que roubei, xuro que o conseguín grazas a que dilatei ó máximo as xunturas da miña estrutura ósea. E mesmo ese chisquiño me quitou o Hutchins, quen, denantes de que o nomearan xefe dos presos de confianza, aprendera todos os trucos da camisa de forza aturándoa.

Como ves, Hutchins era un mal becho, unha criatura tocada do demo que outrora fora un home, antes de que a roda do suplicio lle partira a alma. Tiña dez ou doce mil dólares no peto, e a liberdade ó seu alcance, se obedecía as ordes. Logo souben que había unha rapaza que lle fora fiel e que aínda o agardaba. E iso, o factor muller, explica moitas cousas dos homes.

Se algunha vez houbo un home que tentara asasinar a alguén deliberadamente, ese foi Al Hutchins aquela mañá, diante do alcaide, na miña cela de illamento. Quitoume o pouquísimo espazo que eu roubara. E, así, ó fincarme o pé no lombo para cincharme a feito, constrinxíndome como ningún outro verdugo dera en facelo, deixoume de todo indefenso. Hutchins esmagou a miña fráxil estrutura sobre os meus órganos vitais con tanta crueldade que, de súpeto, aquí e aló, sentín chegada a morte. Secasí, eu aínda posuía o milagre da fe. Non cría que fora morrer. *Sabía* –e subliño esta palabra– que non ía morrer. A cabeza dábame voltas. O corazón palpitaba de tal xeito que sentía os seus latexos dende a raíz dos cabelos ata a punta das dedas.

– Xa non se pode apertar máis –dixo o capitán Jamie, malia el.

– Abofé –asentiu o doutor–. Iso é o inferno... Mais, xa lles dixen eu que nada podía afectalo. Está zombi. Xa debería estar morto hai tempo.

O alcaide Atherton, con moitísimo esforzo, deu en meter o furabolos entre a cincha e o meu lombo. Logo pisoume cun pé, e apoiando todo o peso do seu corpo sobre el, turrou da correa, mais non conseguiu apertala nin un centímetro máis.

– Descúbrome ante ti, Hutchins. Sabes facer o teu traballo. Agora, virádeo para que o vexamos.

Hutchins e Pie–Face Jones puxéronme boca arriba. Eu fiteinos a todos cos ollos desorbitados. Agora sei que, de me cincharen dese xeito a primeira vez que me puxeron a camisa de forza, morrera ós dez minutos. Pero daquela xa estaba afeito. Levaba ó lombo milleiros de horas de suplicio, e, o máis importante de todo, tiña fe no que Morrell me dixera.

– E agora ri, condenado, ri! –díxome o alcaide–. Esboza ese sorriso do que tanto te gababas antes...

E, malia que os meus pulmóns alasaban desesperados á procura dun nada de ar; malia que o meu corazón semellaba ir estoupar e a miña mente a se esvaer, fun quen de sorrirle á cara ó alcaide.

CAPÍTULO XI

A porta ecoou. Pecharon todo a chave e tranca, e deixáronme boca arriba, sen outra compañía que a dunha feble luz. Grazas ós trucos que levaba aprendidos na camisa de forza, dei en agatumarme centímetro a centímetro, ata conseguir tocar coa punta do pé dereito a porta –o cal me fixo inmensamente feliz. Xa non estaba de todo só. En caso de necesidade, podía, cando menos, cotenarlle algunha mensaxe a Morrell.

Pero o alcaide Atherton debeu de dar ordes estritas ós gardas, pois, en canto logrei dicirlle a Morrell que ía tentar o experimento, estes ameazárono con castigalo se me contestaba. A min xa só podían insultarme, pois, logo de condenarme a dez días de suplicio, ningunha outra ameaza podía afectarme.

Lembro que, daquela, me abraiou a serenidade da miña mente. A dor habitual que me producía a camisa sentíaa no corpo, mais a miña mente estaba tan acougada que non se decatava moito máis desa dor que do chan ou das paredes que había debaixo e ó redor de min. Nunca houbera un home en mellor estado mental e espiritual para tentar ese experimento, o cal se debía, principalmente, á miña extrema febleza. Pero había algo máis. Eu levaba tempo aprendendo a obviar a dor. Xa non tiña dúbidas nin temores. Toda a ledicia da miña mente semellaba condensarse nunha absoluta fe no señorío da mente. Esa ecuanimidade era coma un soño, e, secasí, á súa maneira, era tan positiva que tiña un certo grao de exaltación.

Empecei a intensificar a miña forza de vontade. Mesmo entón sentía picadelas por todo o corpo entumecido a causa da falla de circulación. Concentreime na deda pequena do pé dereito, e ordeneille que deixara de vivir na miña consciencia. Ordenei a esa deda que morrese –que morrese no tocante a min, o seu señor, ese algo tan diferente a ela. Foi unha loita tremenda. Morrell xa mo advertira. Pero nin unha sombra de dúbida alterou a miña fe. Eu sabía que esa deda morrería, e souben cando morreu exactamente. Falanxe tras falanxe, a deda foi fenecendo baixo a presión da miña forza de vontade.

O resto foi doado, aínda que lento, debo admitilo. Falanxe tras falanxe, deda tras deda, todas as dos pes deixaron de existir. E, falanxe tras falanxe, o proceso continuou. Ata que chegou un momento en que todo canto había por debaixo dos meus nocellos deixara de existir. E, logo, todo canto había por debaixo dos meus xeonllos.

O meu grao de perfecta exaltación era tan intenso que non sentín nin o máis mínimo orgullo, nin o máis mínimo gozo polo éxito. Non quería sentir ren, agás que estaba matando o meu corpo. Todo canto eu era estaba consagrado a ese único labor. A facer o meu traballo co mesmo rigor e coa mesma naturalidade coa que un albanel vai poñendo ladrillos e observando o resultado.

Logo dunha hora, tiña o corpo morto ata as cadeiras. E, de aí para enriba, continúei provocando esa morte ascendente.

Foi entón, ó chegar ó nivel do corazón, cando sentín por primeira vez que se me nubrava a mente. Por medo a esvaecerme, decidín deter o proceso, e desviei a miña atención ós dedos. Unha vez aclarado o meu cerebro, conseguín rematar axiña, dende as mans ata os ombreiros.

Chegado a ese punto, todo o meu corpo estaba morto, no tocante a min, agás a miña cabeza e unha pequena zona do peito. Os latexos estrondosos do meu comprimido corazón xa non ecoaban no meu cerebro, e agora este palpitaba regular pero debilmente. A ledicia máxima –de atreverme eu naquel momento– fora o cese das sensacións.

Nese punto, a miña experiencia difire da de Morrell. Mantendo aínda a miña vontade de forma automática, empecei a caer nunha sorte de entresoño fantástico, nese límite preciso entre o sono e a vixilia. Asemade, tiña a impresión de que o meu cerebro se ensanchaba dun xeito prodixioso dentro do meu cranio, que, inda así, non medraba. De cando en vez, vía lampexos ou escintileos de luz, como se eu, o señor do meu corpo, deixase por un intre de ser eu, e, ó seguinte, volveuse ser o dono desa posesión carnal que estaba a matar devagariño.

O que máis me abraiaba era a devandita impresión de que o meu cerebro se ensanchaba. Malia que aínda non traspasara o muro do cranio, parecíame que a periferia do cerebro estaba xa fóra deste, e expandíndose. Canda esa, tiven unha das sensacións ou experiencias máis impresionantes da miña existencia: a de que o tempo e o espazo, na medida na que estes eran a base da miña consciencia, se dilataban infinitamente. Así, sen abrir os ollos para verificalo, decateime de que as paredes da miña estreita cela retrocederan ata convertela nunha vasta sala de audiencia. E, mentres eu contemplaba aquilo, sabía que as paredes continuaban retrocedendo. Nun intre deume por coidar que, se toda a prisión se estaba a expandir dese xeito, daquela os muros exteriores habían de estar xa no Océano Pacífico, por unha banda, e, pola outra, invadindo o deserto de Nevada. Asemade, deume por coidar que, se a materia podía furar a materia, daquela os

muros da miña cela ben podían furar os muros da cadea, atravesalos e, transportando a miña cela fóra da prisión, liberarme a min. Por suposto, todo era pura fantasía, cousa da que eu era consciente naquel momento.

A dilatación do tempo era igual de abraiante. O meu corazón latexaba agora a longos intervalos. De novo deume por coidar, e contei os segundos, lentos e seguros, que pasaban entre latexo e latexo. Ó principio, tal e como notei con claridade, pasaban uns cen segundos. Mais, a medida que ía contando, os intervalos aumentaban, ata o punto de que me cansei de contar.

E, mentres esa ilusión da extensión do tempo e do espazo persistía e se intensificaba, acheime barrenando, no meu entresoño, cun novo e profundo problema. Morrell díxerame que se liberara do corpo aniquilándoo –ou eliminándoo da súa consciencia, o cal, na práctica, viña ser o mesmo. Agora, o meu corpo estaba tan a piques de morrer de todo que eu estaba absolutamente certo de que, cun pouco máis de forza de vontade, concentrándome na zona do meu torso que seguía viva, conseguiría que esta deixara de existir. Mais –e aí radicaba o problema, pois Morrell non me advertira ó respecto–: podería desexar tamén que a miña cabeza morrese? E, de facelo, fose o que for o que lle acontecese ó espírito de Darrel Standing, non morrería o corpo de Darrell Standing para sempre?

Probei co peito, e máis co corazón, que latexaba tan a modo... A repentina presión da miña vontade xurdiu efecto. Eu xa non tiña nin peito nin corazón. Era tan só unha mente, unha alma, unha consciencia –chámao como queiras–, un algo incorporado a un nebuloso cerebro que, aínda concentrado dentro do meu cranio, estaba expandido, e seguía a expandirse, alén do meu cranio.

E de súpeto, entre lampos de luz, xa estaba fóra, lonxe. Dun chimpo, chegara ó teito da prisión, ó ceo de California, e agora estaba entre as estrelas. E digo “estrelas” á mantenta, porque camiñaba entre as estrelas. Eu era un neno.²⁴ Un pequecho vestido cunhas roupas delicadas, como de la, de finas cores, e que escintilaban baixo a fría luz estelar. Unhas vestiduras que, abofé, se baseaban nas que eu vira na infancia ós actores de circo, e nas que, daquela, coidaba que levaban os anxos noviños.

Así pois, vestido dese xeito, paseaba polo espazo interestelar, exaltado pola certeza de quen viña de emprender unha inmensa aventura, na que, ó final, descubriría todas as fórmulas cósmicas e daría resolto os últimos enigmas do universo. Na man, levaba unha longa varíña de cristal, coa punta da cal debía tocar cada unha das estrelas

que atopara ó meu paso, pois sabía con absoluta certeza que, de esquecer algún astro, me precipitaría nun insondable abismo e me vería condenado a un inimaxinable castigo eterno.

Así proseguín a miña longa procura astral. E, cando digo “longa”, has ter en conta a inmensa extensión de tempo que se producira no meu cerebro. Durante séculos vaguei polo espazo, tocando coa punta da variña todas as estrelas que a miña ollada e a miña man infalibles atopaban. O camiño cada vez era máis brillante. A inefable meta da infinda sabedoría cada vez estaba máis preto. E eu seguía andando, sen trabucarme nunca. E digo ben, pois aquel neno non era outro eu de meu, e a súa experiencia non era algo que eu xa vivira outrora. Non, eu era consciente arreo de que era eu, Darrell Standing, quen camiñaba entre as estrelas e as tocaba cun variña de cristal. Axiña comprendín que alí non había nada real, nada que existise ou que puidese existir. Comprendín que aquilo non era máis que unha ridícula orxía da imaxinación, semellante ás que provocan as drogas, os delirios ou os simples soños ordinarios.

E entón, cando todo me ía ben na miña leda procura celestial, a punta da miña variña deixou pasar unha estrela, e, nese intre, souben que acababa de cometer un tremendo crime. De súpeto, un golpe enorme e compulsivo, unha aldrabada inexorable e imperiosa coma a pisada do casco férreo do destino, abateume e reverberou polo universo. Todo o sistema sideral coruscou, tremeu, ardeu.

Unha agonía exquisita e trastornadora desgarróme. Nese intre, volvíñ ser Darrel Standing, o condenado a cadea perpetua, deitado na súa cela de illamento e castigado a padecer o tormento da camisa de forza. E, decontado, comprendín a causa daquela chamada: era Morrell, quen, dende a cela número cinco, estaba a me transmitir unha mensaxe.

Conto isto para dar unha idea aproximada da maneira na que, daquela, experimentei a dilatación do tempo e do espazo, xa que, moitos días despois, ó preguntarlle a Morrell que diaños tentara dicirme, respondeume que algo moi sinxelo: «Standing, estás aí?» Segundo el, coteleara a súa mensaxe a toda présa, mentres o garda estaba ó cabo do corredor, onda a entrada ó Pavillón de Illamento. A toda présa, disque... Pois, fíxate: entre a primeira e a segunda cotenada, eu estaba fóra, lonxe, entre as estrelas, vestido con esas roupas delicadas, tocando cada un dos astros cos que batía na miña procura das fórmulas que explicarían o misterio último da vida. E, como antes, proseguín a miña busca durante séculos. Ata que, de súpeto, sentín aquela aldrabada, a

pisada do casco férreo do destino, a exquisita agonía trastornadora, e volvíñ estar na cela de San Quintín... por mor da segunda cotenada de Morrell. Entendes? O intervalo entre esta e a primeira non puido durar máis dun cuarto de segundo, e, emporiso, que increíblemente enorme foi para min ese ínfimo lapso de tempo! Para min, que nel estiven vagando polas estrelas durante séculos e séculos!

Xa imaxino, prezado lector, que a ti todo isto che parecerá un lerio. E, sen dúbida, tes razón: éche un auténtico lerio. Pero foi iso o que vivín. Unha experiencia tan real para min coma a serpe que olla un borracho no seu *delirium tremens*.

Sendo moi xeneroso no cálculo, Morrell debeu de tardar uns dous minutos en transmitir a súa mensaxe; mais, para min, transcorreron varios eóns entre a primeira e a última cotenada. Secasí, eu xa non podía proseguir a miña andaina estelar coa mesma inefable e prístina ledicia, pois sentíame ameazado polas inevitables chamadas que podían desgarrarme e abismarme de novo no inferno da camisa de forza. Así que, a partir de entón, os meus eóns de viaxeiro astral deviñeron nunha terrorífica espada de Damocles.

Eu estaba certo de que fora a mensaxe de Morrell a que me precipitara tan cruelmente na Terra. Tentei falar con el, pedirlle que parara, mais, como chegara a eliminar completamente o meu corpo da miña conciencia, agora era incapaz de resucitalo. O meu corpo xacía morto alí, na camisa de forza, aínda que eu seguira a vivir no meu cranio. En van me esforcei por lograr que o meu pé transmitira esa mensaxe a Morrell. Razoei: eu tiña un pé. Mais, como o experimento fora un éxito total, eu xa non tiña pé ningún.

Deseguida –e agora sei que debido a que Morrel terminara xa de transmitir a súa mensaxe–, dei proseguído a miña andaina entre as estrelas, e el xa non me volveu chamar. Despois, e durante ese tempo, decateime, presa do sopor, de que estaba a durmirme, e aquel foi un sono delicioso. De cando en vez, nese sopor, remexíame –por favor, lector, non perdas este verbo: REMEXÍAME. Movía as pernas, os brazos. Sentía o contacto dunhas sabas limpas, lenes na miña pel. Sentía un benestar corporal. Ah, e tan delicioso! Igual cós homes sedentos no deserto soñan con fontes a cachón e pozos rebordantes, eu soñaba co alivio que me produciría librar-me da camisa de forza; soñaba coa limpeza no canto da sucidade, cunha pel donda e sa no canto do meu pobre pelgacho enxoito e engurrado. Mais cunha diferenza, como axiña saberás.

Espertei. Ah, estaba esperto de todo, aínda que sen abrir os ollos. E ben podes crer que nada do que che vou contar me sorprendeu. Todo me pareceu ben natural, e mesmo case que o esperaba. Eu era eu –diso podes estar ben certo– mais non Darrell Standing. Darrell Standing tiña tanto que ver co ser que eu era agora coma o pelgacho enxoito e engurrado que me envolvía na cela coa tersa e donda pel que outrora fora a miña. De feito, nin sequera sabía xa da existencia de Darrell Standing –nin tampouco podía tela, considerando que este aínda non nacera e tardaría aínda séculos en nacer... Pero verás.

Alí estaba eu, deitado e cos ollos pechados, escoitando vagamente. De fóra chegaba o ruído de moitos cascos de cabalos, golpeando ordenadamente as lousas de pedra. Polo rítmico repenicar das partes metálicas das armaduras e dos arneses, souben que unha sorte de desfile estaba a pasar por debaixo das miñas fiestras, mais preguntábame de que clase de desfile podía tratarse. De algures –e axiña souben de onde, pois decateime de que era do patio interior– chegoume logo o son metálico dos cascos e o rincho impaciente dun cabalo: o meu, que me estaba a agardar, como me decatei entón.

Ruído de pasos e movementos –pasos que só me sorprenderon cando fixeron por acalarse, despois, iso si, de armaren un bo rebumbio coa secreta intención de espertarme a propósito, por se aínda estaba durmido. Así que non puideren senón sorrir para os meus adentros ante o truco do pillabán.

– Pons –ordenei, sen abrir aínda os ollos–: auga, ben fría; axiña, unha ferverza enteira. Estiven bebendo toda a noite e teño o inferno na gorxa.

– E levas durmindo todo o día –rifoume el, en pasándome a auga, que xa traía na man.

Eu senteime, abrín os ollos, e acheguei o pichel ós beizos con ambas as dúas mans. E, mentres calmaba a miña asura, fitaba ó tal Pons.

Mais, antes de seguir... Dúas cousas. Eu falaba en francés, pero non me decatei diso ata despois, xa de volta na cela de illamento. Foi entón, ó lembrar o que che estou a narrar, cando caín na conta de que falara en francés –ah, e moi ben, por certo. No tocante a min, este Darrell Standing que agora está a escribir estas liñas no Pavillón de Asasinos de Folsom, co francés que aprendín no instituto, malamente dou lido algo. Porque falalo... Imposible. A penas consigo que me entendan cando pido un prato dun menú.

E agora volvamos. Pons era un velliño mirrado. Nacera na nosa casa –cosa que sei porque trouxemos a conto o tema aquel día que che estou a describir. Tiña sesenta e tantos anos. Case que non lle quedaban dentes, e, malia unha coxeira pronunciada que o obrigaba a andar a chimpos, era áxil e estaba ben atento a todos os seus movementos. Tamén era descaradamente familiar, debido a que levaba case que toda a vida na casa. O vello servira ó meu pai antes de que eu dera os primeiros pasos, e logo da morte deste (segundo me contou aquel día), deveu no meu criado. A coxeira era consecuencia dunha batalla en Italia. Cando cargou a cabalería, Pons arrastrou o meu pai para afastalo dos cascos dos cabalos, mais un soldado atravesoulle a coxa cunha lanza, e logo os cabalos derrubárono e patexárono. O meu pai, consciente mais incapaz de axudalo por mor das súas propias feridas, viuño todo. E así foi como Pons gañou o seu dereito a ser tan descaradamente familiar que o fillo do meu pai non se atrevía a contradicilo.

O vello meneaba a choliña mentres eu apuraba o meu inmenso grolo.

– Sentes como ferve? –díxenlle rindo, mentres lle devolvía o pichel baleiro.

– Igual có teu pai –retrucou o vello, desesperado–, aínda que el aprendeu a mellorare co tempo, cousa que dubido que ti fagas.

– El estaba mal do estómago –encirreino–, e un grolíño de alcohol xa llo poñía do revés. Cando o noso bocoi non pode conter o viño, o mellor é non bebermos.

Mentres falabamos, Pons ía poñendo sobre a cama a roupa que eu había vestir ese día.

– Pois ti sigue a beber, amo, sigue, –retrucou el– que non che fará dano ningún. Morrerás co estómago ben san.

– Queres dicir que teño un estómago de ferro, non si? –espeteille con retranca.

– Quero dicir que... –empezou a dicir el, xa algo encabuxado, mais logo estoupou ó se decatarse de que me moneaba del, e, engurrando os beizos, «Boh!», colocou a miña nova capa de marta no respaldo dunha cadeira–. Oitocentos ducados –rosinou–. Mil cabras e cen bois de primeira metidos nun abrigo... O valor de varias facendas empregado pra quentare o fino lombo do meu señor...

– E ben poderías engadir, a esas cen boas facendas, un castelo ou dous, para non lle restares pallas. E, se cadra, mesmo un pazo –dixen eu, alongando a man e collendo o estoque que el estaba a piques de depositar na cadeira.

– Só que o teu pai gañou todo iso co seu bo brazo dereito –retrucou Pons–, e soubo conservalo.

Daquela fixo unha pausa para soste con desdén o meu novo xibón de satén escarlata –unha prenda marabillosa na que tamén gastara unha fortuna.

– Sesenta ducados por isto –comentou Pons–. O teu pai mandaría ó inferno todos os alfaiates e xudeus da cristiandade antes que pagare esa burrada de cartos.

E, mentres nos vestiamos –ou sexa, mentres Pons me axudaba a vestir–, eu seguín manducándolle a boroa.

– Está claro, prezado Pons, que non estás ó tanto das novidades –díxenlle con malicia ó vello rexoubeiro que, decontado, aguzou a orella.

– Noticias frescas? Se cadra da Corte de Inglaterra?

– Non – meneei a cabeza–. Se cadra son novas para ti, mais non para o resto dos mortais... De verdade non as sentiches? Os filósofos gregos xa as moumeaban hai case que dous mil anos... Por mor delas, levo estas vinte ricas facendas ó lombo, vivo na Corte, e convertinme nun cultivador da elegancia e do pracer.²⁵ Xa ves, Pons: o mundo éche un lugar malvado; a vida éche ben triste; os seres humanos morren, e, cando morren... mortos están. Por iso, para fuxirmos da maldade e da tristura, os homes destes días, coma min, procuramos o abraio, a insensibilidade e a tolemia do galanteo.

– Mais cales son esas novas, amo? Esas que muiñaban os filósofos hai tantísimo?

– Que Deus morreu, Pons –respondín solemnemente–.²⁶ Non o sabías? Deus morreu, si, e eu tamén morrerei pronto. E por iso levo estas vinte ricas facendas ó lombo.

– Deus vive –aseverou Pons con fervor–. Deus vive, e o seu reino está próximo. Asegúrocho, amo: está próximo. Mañá mesmo podería desaparecer a Terra.

– Tamén dicían iso na época dos romanos, Pons, cando Nerón converteu os seus súbditos en fachos para iluminar os seus xogos.

Pons olloume con compaixón.

– Non che é nada bo aprender en exceso –laiouse–. Sempre me opuxen a tal cousa. Mais ti sempre fas o que che peta, arrastrando o meu vello corpo canda ti: estudare astronomía e matemáticas en Venecia; poesía e todas esas parvadas italianas en Florencia; astroloxía en Pisa, e Deus sabe qué nese país de tolos, Alemaña. Ó carallo os filósofos! Crete en min, amo, neste Pons, o teu criado, un pobre velliño que non sabe nin unha letra, cando che digo, con absoluta franqueza, que Deus vive. E que ti non tardarás en comparecere ante El...

Daquela, fixo unha pausa, como lembrando algo de socate, e engadiu:

– Por certo que está aquí... O cura ese do que falaches.

E, nese intre, recordei a miña cita.

– Por que non mo dixeches antes, babiolo? – reprendino iradamente.

– Pra que? –dixo el engruñando os ombreiros–. Agora tanto che ten: leva dúas horas esperándote...

– Pero por que diaños non me chamaches?

Pons botoume unha ollada seria e recriminatoria.

– Pero se non parabas de dare voltas na cama e de berrare coma un galo: «Canta cuco cuquiño, canta cuco cuquiño, cucú, cucú, cucú, cucú, canta cuco cuquiño, canta cuco cuquiño...»

Pons soltouse a imitarme cunha voz de falsete que me furaba os oídos. Sen dúbida, eu estivera cantaruxando aquel retrouso sen senso ó meterme na cama.

– Tes boa memoria –comenteille con sorna, mentres probaba un intre a nova capa de marta antes de darlla a Pons para que a gardase. El meneou a cabeza con acritude.

– Non preciso tela, pois estiveches bruando arreo esa maldita cantilena. Ata que a metade da xente que había na pousada veu petare na porta e berrarche que non a deixabas durmire. E non lembras que, cando por fin te dei metido na cama, con todo o meu agarimo, chamáchesme e pedíchesme que, se viña petare o demo, lle dixese que «a miña dama estaba a descansar»? E que logo volviches chamarme e, agarrándome con tanta forza do brazo que me fixeches un negrón que aínda me dura, ordenáchesme –xúrocho pola fermosa vida, pola boa comida e pola doce calor que amo– que non te espertase en toda a mañá, agás por unha única razón?

– Cal? –saltei eu, incapaz, pola miña vida, de sospeitar que razón podía ser esa.

– Que che trouxera o corazón dun fulano. Un voitre negro, dixeches, chamado Martinelli –sexa quen for o tal–; o corazón dese Martinelli fumegando nunha bandexa de ouro. Pois a bandexa había ser de ouro, dixeches; e pedíchesme que cha trouxera cantando iso de «Canta cuco cuquiño». E daquela empezaches a aprenderme a cantilena: «Canta cuco cuquiño, canta cuco cuquiño...»

Cando Pons dixo o nome, decateime de súpeto de que era ese cura, Martinelli, quen levaba dúas horas mortais patexando o chan do cuarto do lado.

Cando o deixei entrar e el me saudou polo meu título e o meu nome, souben quen era e todo o relacionado coa miña nobre persoa: o conde Guillaume de Sainte–Maure.²⁷ (Como ves, daquela só podía saber, e máis tarde lembrar, o que estaba xa na miña mente consciente.)

O cura era italiano, bruno e baixiño; mirrado de tanto xaxuar ou pasar unha fame negra; e tiña unhas mans tan pequenas e delgadas coma as dunha muller. Pero os seus ollos! Con esa ollada falsa e arteira, con esas pálpebras resgadas e avultadas, tiña toda a fasquía de ser tan espelido coma un furón e tan indolente coma un lagarto ó sol.

– Foi moita a espera, conde de Sainte–Maure –espetoume de socate, des que Pons saíu do cuarto a unha mirada miña–. Aquel a quen sirvo xa empeza a se impacientar.

– Non me fale nese ton –interrompino bruscamente–. Lembre que agora non está en Roma.

– O meu augusto señor...

– Rexe augustamente en Roma, xa o sei; mais aquí estamos en Francia.

Martinelli engruñou os ombros mansa e pacientemente, pero os seus ollos, brillando coma os dun basilisco, desmentían a actitude daqueles.

– O meu augusto señor está algo preocupado con estes asuntos de Francia –dixo con parsimonia–. A dama non é para Vós. O meu señor ten outros plans... –parou un intre para humedecerse os beizos resecos coa lingua–... para ela... e para Vós.

Por suposto, souben que o cura se refería á grande duquesa Philippa, viúva de Geoffroy, o derradeiro duque de Aquitania.²⁸ Mais por moi grande duquesa, viúva e todo o demais que fose, Philippa era unha muller ante todo. E unha muller nova, e leda, e belida, e, abofé, feita para min.

– E que plans ten? –preguntei abertamente.

– Grandes e profundos, prezado conde... Demasiado como para que eu poida gabarme de maximalos, e moito menos coñecelos ou discutilos con Vós ou con calquera.

– Sí, xa sei que se están a tramar grandes cousas, e que os vermes rastreiros, os buleiráns, están a se retorcer baixo a lama.

– Xa me advertiron que erades un home teimudo e altivo... Mais eu só cumpro ordes.

Martinelli levantouse para marchar, e eu levanteime asemade.

– Xa dixen que era inútil –continou–, pero velaquí tedes unha derradeira oportunidade para cambiar de opinión, pois ó meu augusto amo non lle gusta pecar de inxusto.

– Está ben: pensareino –dixen a rumbo, mentres o acompañaba ata a porta.

O cura freou de golpe no limiar.

– Non: o tempo de pensalo xa pasou. O que eu veño buscar é unha resposta clara.

– Pensareino –repetinlle, antes de engadir esta repentina ocorrencia–: se os plans da dama non coinciden cos meus, daquela pode que os plans do teu señor dean o froito que desexa. Pois lembre, reverendo, que o seu señor non é o meu.

– Vós non coñecedes o meu señor –dixo el todo solemne.

– Non, nin ganas que teño –retruquei.

E deseguida sentín os áxiles e lixeiros pés do pequeno cura intrigante facer renxer a escaleira.

Se contase polo miúdo todo o que vin aquel medio día e aquela media noite en que fun o conde Guillaume de Sainte–Maure, non chegarían dez libros do tamaño deste que estou a escribir para abranguer os meus recordos. Terei que calar moitas cousas; de feito, case que todas, pois, ata o de agora, xamais sentín que indultaran un condenado a morte para que este puidese completar as súas memorias –polo menos en California.

Digamos, simplemente, que o París que atopei aquel día era o París de hai varios séculos. As estreitas canellas que percorrín eran horriblemente insalubres, inmundas e lamacentas. Mais hei calar, como dixen. Así que pasarei por alto todo o relativo a aquel serán, ó paseo a cabalo que dei extra muros, á grande festa que deu Hugh de Meung,²⁹ ó banquete, regado con ducias de viños, no que participei. Tan só vou contar o final da aventura, que empeza no momento no que eu estaba chanceando coa devandita Philippa –ah, meu Deus, tan marabillosamente fermosa. Unha grande dama –ai, mais antes que iso e despois diso, sempre, sempre unha muller.

Philippa e máis eu ríamos e chanceabamos alegremente, mentres a leda multitude se amoreaba a empurróns; pero, baixo as nosas chanzas, xacía a profunda seriedade dun home e dunha muller que xa cruzaran o limiar do amor, pero que aínda non estaban certos do outro. Non vou describircha. Era pequena, exquisitamente delgada... Pero que fago? Xa estou a describircha! En fin: que para min non había outra

muller no mundo coma ela, e tanto me tiña que o longo brazo do vello cano de Roma³⁰ puidera cruzar media Europa para se interpoñer entre nós.

Un italiano, apelidado Fortini, debrozouse sobre o meu ombro e moumeoume:

– Alguén desexa falarvos.

– Pois alguén terá que esperar a que a min me praza escoitalo –respondín secamente.

– Eu nunca espero a que ó outro lle praza –foi a súa resposta, igual de seca.

Mais, cando xa me fervía o sangue, acordeime do carallo do cura, Martinelli, e do vello ruzo de Roma. A cousa estaba clara. Aquilo era algo deliberado. Velaí viña o longo brazo. Fortini sorría preguiceiramente mentres eu calaba un intre para pensar. Pero o seu sorriso era a esencia mesma da insolencia.

Se houbo un momento na miña vida no que debín serenarme foi aquel. Mais a miña anterga ira vermella xa empezara a quentarme... Aquilo era cousa do cura. E aquel era Fortini, un fulano pertencente a unha familia á que, logo de arruinarse, só lle quedaba a súa liñaxe, e que tiña sona de ser o mellor espadachín que xurdira en Italia na última década. Si, esa noite era Fortini. E, se el fracasaba, o vello cano de Roma mandarí mañá outro espadachín. E ó día seguinte outro. E, se por sorte fallaban todos, xa acharía algún matón disposto a cravarme un aceiro no lombo ou algún intrigante pronto a envelenar o meu viño, a miña carne, o meu pan.

– Estou ocupado –dixen–. Lisca.

– A miña ocupación con Vós urxe –retrucou el.

Sen decatármonos, o ton da nosa conversa subira abondo, de modo que Philippa a sentiu.

– Lisca, sabuxo italiano! –espeteille–. Deixa xa de ladrar na miña porta. Aténdote de contado.

– Hai lúa chea –dixo el–. A herba está seca, perfecta. Non hai nin pinga de orballo. Ó outro lado do estanque, a un tiro de frecha á esquerda, hai un espazo aberto, tranquilo e retirado.

– Decontado satisfarei o teu desexo –rosmei impaciente.

Pero el seguiu agardando tras de min.

– Decontado! –repetín–. Aténdote decontado.

E entón interveu Philippa, con toda a afouteza e todo o tempero de seu.

– Satisfacede o desexo do cabaleiro, Sainte–Maure. Atendede xa. E que a sorte vos acompañe.

Logo fixo unha pausa para chamar polo seu tío, Jean de Joinville,³¹ que estaba a pasar por alí –tío por parte de nai, dos Joinville de Anjou.³²

– Que a sorte vos acompañe –repetiu, e logo levoume a parte para poderme murmurar–: E o meu corazón vai canda Vós, Sainte–Maure. Non tardedes. Estarei agardándovos no salón.

Eu estaba no sétimo ceo. Como flotando. Aquela era a primeira vez que Philippa me evidenciaba o seu amor. E a súa bendición fortaleceume de tal xeito que sentín que podía matar vinte Fortinis e virarlle o fociño a vinte vellos canos de Roma.

Jean de Joinville sacou de alí a Philippa, e Fortini e máis eu puxémonos de acordo axiña. Separámonos –para ir buscar un par de amigos– e quedamos en vernos todos no devandito lugar, ó outro lado do estanque.

O primeiro que atopei foi Robert Lanfranc, e logo Henry Bohemond. Mais, antes de atopalos, batín cun mequetrefe que me dixo por onde sopraba o vento, advertíndome de que se aveciñaba unha boa tormenta. Eu coñecía o fulano: Guy de Villehardouin, un provinciano rudo que acababa de chegar á Corte, mais tamén un pequeno fanfurriñeiro disposto a todo. Tiña o pelo rubio. Os seus ollos azul celeste estaban coma cheos de sangue, cando menos no branco, e a súa pel, como é habitual nesa clase de persoas, era vermella e pencada. En fin, que tiña unha traza ben curiosa: parecía que o acababan de ferver.

Ó pasar ó seu carón, empurroume de súpeto –cousa que, por suposto, fixo adrede – e fitoume con carraxe mentres levaba a man ó estoque.

«Abofé, o vello cano de Roma ten moitos e estraños recursos», pensei denantes de facerlle unha reverencia ó botaporela e de moumeear:

– Perdoade a miña torpeza. A culpa é miña. Desculpade, Villehardouin.

Mais el non ía calmarse tan doadamente. E mentres este botaba pestes, todo fachendoso, albisquei a Robert Lanfranc, chameino e expliqueille o sucedido.

– Sainte–Maure xa vos deu cumprida satisfacción –sentenciou–. Xa vos pediu perdón.

– Asieu –interrompino no máis lene dos meus tons–, e volvo desculparme, Villehardouin, pola miña grande torpeza. Pídvos mil perdóns. A culpa foi miña, aínda

que sen querer. No meu apuro por acudir a unha cita fun torpe, terriblemente torpe, mais sen querer.

Que outra cousa podía facer o babeco senón aceptar a contragusto as escusas que tan francamente lle daba? Secasí, eu coidei, mentres marchaba de alí canda Lanfranc, que non pasarían moitos días, ou moitas horas, antes de que aquel vehemente mozo quixera medir comigo o seu aceiro.

A Lanfranc o único que lle dixen foi que o necesitaba, e el tampouco se mostrou moi interesado en saber máis. Robert era un rapazote vivaz de non máis de vinte anos, pero experimentado nas armas, pois xa loitara en España, e tiña un honorable palmarés como duelista. De feito, acendéronse os ollos ó saber onde nos dirixiamos, e tiña tanta ganas de se bater que el mesmo se encargou de pedirlle a Henry Bohemond que se unise a nosoutros.

Cando chegamos os tres ó devandito lugar que estaba ó outro lado do estanque, Fortini e os seus dous amigos xa estaban a esperarnos. Un era Felix Pasquini, sobriño do cardeal do mesmo apelido, que gozaba da mesma confianza do seu tío que este da do vello cano. O outro era Raoul de Goncourt, a presenza do cal me sorprendeu, por ser un home demasiado bo e nobre como para ir con semellante compañía.

Saudámonos correctamente e, coa mesma corrección, fomos ó noso. Nada novo para ningún. O terreo era bo, tal e como dixera Fortini. Non había nin pinga de orballo na herba. A lúa estaba en todo o seu esplendor, e a espada de Fortini e maila miña xa estaban desenvaiñadas e prontas á aquel xogo tan serio.

Eu sabía que, malia a sona de bo espadachín que tiña en Francia, Fortini era mellor ca min. Mais sabía tamén que o corazón da miña señora ía comigo esa noite, e que, esa noite, grazas a min, habería un italiano menos no mundo. E sabíao de certo, como digo. Na miña mente, non había lugar para a dúbida. E, mentres os nosos estoques se cruzaban, eu ía tramando a maneira na que o mataría. Non estaba disposto a alongar o asunto. O meu xeito fora sempre rápido e brillante. E, amais, por mor dos meses que pasara de esmorga, entoando a horas intempestivas o meu «Canta cuco cuquiño», sabía que non estaba en condicións de aturar moito. Así que rápida e brillante foi a miña decisión.

Mais non era nada doado ser rápido e brillante cun adversario tan destro como Fortini. Amais, quixo a fortuna que este, sempre tan frío, sempre tan incansable, sempre

tan seguro e seica tan dado a se tomar o asunto con calma, decidira esa noite ser, coma min, rápido e brillante.

O ambiente era tenso, arrepiante, pois, igual que eu notara a súa arela de brevidade, el notara a miña. De feito, de loitarmos a plena luz do día no canto de ó luar, non creo que puidese realizar a miña estratexia. A penumbra axudoume. Como tamén me axudou o feito de adiviñar o que Fortini coidaba. El estaba a empregar a “parada con golpe”³³, un truco habitual que todos os novatos coñecen pero que é moi perigoso, pois, de feito, fixo caer a máis dun que o probou, e os bos espadachíns non adoitan recorrer a el.

A penas levabamos un minuto baténdonos cando xa me decatei –pola súa maneira atrevida, vehemente de atacar– de que Fortini estaba a empregar a devandita estratexia. Con ela pretendía incitarme a dar estocada tras estocada; non para esquivar o golpe senón para esperalo e desvialo co acostumbrado xiro de pulso, e logo deixar o seu estoque apuntado directamente contra min, coa esperanza de que o meu corpo, arrastrado polo pulo da arremetida, se espetara nel... Unha estratexia ben espiñenta, aí, mesmo a plena luz do día, pois, se Fortini desviaba o meu estoque un segundo antes do debido, eu decatárame e afastárame. E, se o facía un segundo despois, a miña estocada acabaría con el.

«Rápido e brillante, non si? –pensaba eu–. Moi ben, meu amigo italiano, pois así será: rápido e brillante. Sobre todo rápido.»

En certa maneira, aquel era un duelo de parada con golpe contra parada con golpe, pero eu tiña que enganalo sendo máis rápido ca el. E érao. Como dixeran, a penas levabamos un minuto baténdonos cando ocorreu. Rápido? Ha! Aquela arremetida e aquela estocada foron únicas. Un acto repentino, unha explosión súbita, unha reacción instantánea. Xúroche que a miña arremetida e a miña estocada duraron unha fracción de segundo menos có que se supón que poden durar normalmente. Vencín, si, por iso: por unha fracción de segundo. Mais foi iso o que tardou Fortini e tentar desviar a miña espada e cravarme a súa. O tempo que eu aproveitei para desviar o seu aceiro, que me pasou coma un raio polo peito ata ficar detrás de min, pendurando no ar, mentres que o meu foi inserirse nel, atravesándoo de lado a lado, á altura do corazón, entrando polo costado dereito e saíndo polo esquerdo.

Que sensación tan estraña produce iso de espetar un aceiro no corazón dun home. Velaquí estou eu, na miña cela, e tiven que deixar de escribir un intre para

reflexionar sobre o asunto. E xa reflexionei moitas veces sobre aquela noite de lúa vella en Francia, acaecida hai tanto tempo, na que lle aprendín a aquel sabuxo italiano o que significa ser rápido e brillante... Si, que doado resultou furar o peito dun home, cando este, en teoría, debiera ofrecer máis resistencia. Non sei, que o meu estoque batese cun óso... Pero non: só atopou a moleza da carne. Furouno como se nada. E aínda hoxe lembro a sensación que me produciu aquilo; aínda a noto na man, no cerebro, mentres escribo. A agulla do chapeu dunha muller non atravesaría tan doadamente un pudín como a miña espada, aquela noite, o corpo do italiano... Oh, por suposto que a Guillaume de Sainte–Maure iso non lle sorprendeu en absoluto, pero sorpréndeme a min, a Darrell Standing, cando o lembro e o penso agora, despois de tantos séculos. Que doado, si, que tremendamente doado é matar un home forte, que vive e respira diante de ti, cunha arma tan sinxela, tan vulgar coma unha folla de aceiro. Ah, pois os seres humanos son tan moles, tan tenros, tan fráxiles e tan vulnerables coma os cangrexos ós que lles vén de saír o cacho!

Mais volvamos a aquela noite de lúa vella. Cando o meu estoque achou acubillo, fíxose unha pausa perceptible. Fortini non caeu decontado, e eu tampouco saquei a espada axiña. Durante todo ese segundo, ficamos parados –eu, coas pernas abertas, arqueadas e tensas, o corpo botado cara a diante, o brazo dereito en horizontal e estirado; e Fortini coa espada detrás de min, apoiando lixeiramente a man e a empuñadura no meu costado esquerdo, o corpo ríxido, os ollos arregalados e escintilantes.

Durante ese segundo interminable, digo, ficamos coma dúas estatuas, ata o punto de que coido que ningún dos que estaba connosco se decatou deseguida do que ocorrera. Logo Fortini inou e tусiu un chisco. Perdeu a rixidez. A man e a empuñadura que tiña apoiadas sobre o meu peito fraquearon, e o brazo ficou colgando a rentes do seu dono, coa punta do estoque apoiada na herba. Daquela Pasquini e de Goncourt botáronse a el, e Fortini afundiuse nos seus brazos. E creme se che digo que me custou máis sacar o aceiro que metelo, pois a súa carne aferrouse a el como se non quixese deixalo partir. Ah, si, creme que me custou un tremendo esforzo físico resolver o que fixera.

Mais a dor que lle causei a Fortini ó sacar o estoque debeu de devolvelo á vida e infundirlle novos azos, pois afastou os seus amigos, ergueuse por si só e púxose en posición de ataque. Eu fixen outro tanto, preguntándome, abraiado, como era posible que, furándoo de lado a lado, á altura do corazón, non lle afectase ningún órgano vital.

Entón, e antes de que os seus amigos puideran sostelo, Fortini abaneouse e caeu redondo sobre a herba. Pasquini e de Goncourt deitárono de costas, mais xa estaba morto, coa faciana cadavericamente ríxida ó luar, e a man igualmente ríxida na empuñadura.

Si: vaia se é doado, incrivelmente doado, matar un home.

Nós despedímonos dos seus amigos, mais, cando xa empezáramos a marchar, Felix Pasquini detívome.

– Perdoádeme –dixen–. Deixémolo para mañá.

– Non temos máis que dar un paso –acirroume el– para irmos alí, onde a herba segue seca.

– Deixade, daquela, que a humedeza eu por Vós, Sainte–Maure –pediume Lanfranc, devecendo por liquidar outro italiano.

Eu neguei coa cabeza.

– Pasquini é meu –respondín–. Será o primeiro mañá.

– Ben, e non queda algún outro? –preguntou Lanfranc.

– Preguntade a de Goncourt –sorrín eu con retranca–. Coido que está desexando reclamar o honor de ser o terceiro.

Ó sentir as miñas palabras, de Goncourt amosou unha angustiosa aquiescencia. Lanfranc fitouno como demandando resposta, e de Goncourt asentiu coa cabeza.

– E, tras el, seguro que vén o fanfurriñeiro –proseguín.

Aínda non acabara eu de dicir isto, cando vimos o rubio Guy de Villehardouin atravesando, só, a herba aluarada.

– Alomenos me queda ese! –exclamou Lanfranc case que con voz melosa, de tantas ganas que tiña de se bater.

– Preguntádelle –rin eu, antes de virarme cara a Pasquini–. Mañá –díxenlle–. Decídeme unha hora e un sitio, e alí estarei.

– A herba está perfecta –insistiu el–, o lugar é perfecto, e eu estou decidido a que lle fagades compañía a Fortini esta noite.

– Sería mellor que o acompañase un amigo coma Vós –chanceei–. E agora, desculpádeme, pois hei de marchar.

Pero el bloqueoume o paso.

– Quen for que se bata comigo, ha ser agora.

Por vez primeira, empecei a encabuxarme con el.

– Servides moi ben o voso amo – ironicei.

– Si, mais por propio gusto –retrucou–. Eu non teño amo.

– Perdoádeme se me atrevo a dicirvos a verdade...

– Cal? –preguntoume tranquilamente.

– Que sodes un embusteiro, Pasquini, un maldito embusteiro, coma todos os italianos.

El virouse de socate cara á Lanfranc e Bohemond.

– Sentistes, non si? –dixo el–. Despois disto, non podeades impedir que me bata con el.

Eles dubidaron e miraron para min como preguntándome que desexaba facer. Pero Pasquini non agardou.

– E se aínda tedes escrúpulos –seguíu acirrándome–, permitide que volos quite... así!

E daquela cuspiume ós pés. E daquela a miña carraxe puido máis ca min. A ira vermella, como a chamo eu: un anxeio irrefreable, imperioso de matar e destruír. Esquecín que Philippa estaba a esperarme no salón. O único que vía ante min eran agravios: a imperdoable intromisión nos meus asuntos do vello cano, o recado do cura, a insolencia de Fortini, a fanfurriñaría de Villehardouin, e agora a Pasquini cortándome o paso e cuspiéndome ós pés. Todo o que vía era vermello. Todo o que pensaba era vermello. Ollaba todas esas criaturas como se fosen fétidas e noxentas malas herbas que había de afastar do meu camiño, erradicar do mundo. Igual ca un león atrapado nunha rede se alporiza coas mallas, así me alporizaba eu con aquelas criaturas. Velaí estaban todas, arroteándome. Tentando atraparme, xaora. E a única maneira que eu tiña de liscar era cortalas, patexalas e esmagalas contra a terra.

– Moi ben –dixen calmado abondo, aínda que me tremía todo o corpo por mor da carraxe–. Ti primeiro, Pasquini. E logo ti, de Goncourt? E, por último ti, de Villehardouin?

Un por un, asentiron os tres, e Pasquini e máis eu fixémonos a un lado, para preparármonos.

– Xa que tedes tanta présa –díxome Henry Bohemond–, e xa que somos tres contra tres, por que non acabamos con isto dunha vez?

– Si, si! –berrou ansioso Lanfranc–. Vós encargádevos de de Goncourt. De Villehardouin é meu.

Mais eu afastei os meus bos amigos.

– Están aquí cumprindo ordes –expliquei–. É a min a quen buscan, e fano con tantas ganas que, abofé, xa me contaxiaron o seu ardor. De modo que agora son eu quen os quere a eles, e vounos conseguir por min mesmo.

As miñas palabras, tal e como me decatei, intensificaron a impaciencia de Pasquini, cheo de tanta dilación. Así que decidín poñelo aínda máis nervioso.

– Con Vós, Pasquini –anuncieille–, acabarei nun amén. Non quero entretervos, sabendo que Fortini está a esperarvos. A Vós, Raoul de Goncourt, dareivos o castigo que merecedes por andar en tan ruín compañía. Estadés groso e alasades coma un porco. Así que, con Vós, tomareino con calma, ata que se vos fundan as graxas e os vosos pulmóns arquexen e alasen coma un fol furado. E, no tocante a Vós, de Villhardouin... Aínda non decidín como vos matarei.

E, en rematando de dicir isto, saudei a Pasquini e principiamos o duelo. Ah, aquela noite eu sentíame estrañamente endiañado. Rápido e brillante: esa era a consigna. Mais non deixaba de pensar no enganoso que era aquel luar. Como con Fortini, a miña idea era liquidar a Pasquini no momento en que este decidira pasar á parada con golpe. E, se el non o facía, e decontado, faríao eu.

Mesmo nervioso, Pasquini era precavido. Mais eu impuxen un ritmo rápido, e, na penumbra, dependendo máis do tacto que da vista, as nosas espadas cruzábanse arreo.

A penas levabamos un minuto de duelo cando iniciiei a miña táctica. Finxín un lixeiro escorregón, e, ó recuperarme, fixen como que perdera o dominio da espada de Pasquini. El mandoume unha estocada de tenteo, e eu volví finxir, mais esta vez facendo unha ampla parada innecesaria. O feito de quedarme así, tan exposto a el, adrede, era o cebo que eu quería que picara. E vaia se picou! Pasquini botouse a min coma un raio, aproveitando o que el coidaba ser un fallo involuntario. Arremeteu contra min directa e sinceramente, poñendo toda a súa ansia e todo o peso do seu corpo na estocada. Mais, como eu finxira todo, estaba pronto a recibilo. O meu aceiro a penas rozou un chisco o seu cando os estoques esvararon, e, a penas cun chisco de firmeza, non máis, xirei o pulso e desviei a súa espada coa cazoleta. Ah, un nadiña, uns poucos centímetros de nada, pero abondo como para que a punta do seu estoque me pasara por diante rachando un pregue do meu xibón de satén. Por suposto, co pulo da arremetida, o seu corpo veu detrás do estoque, mentres a punta do meu ía espetarse, á altura do

corazón, no seu costado dereito. O meu brazo estendido ficou tan teso e firme coma o aceiro que era a súa prolongación, e, detrás, estaba o meu corpo, resistente e sólido.

Como digo, o meu estoque furo o corpo de Pasquini á altura do corazón, polo costado dereito, mais non lle saíu polo esquerdo, pois bateu case que de cheo cunha das súas costelas (ah, matar un home é un traballo de carniceros!), con tanto ímpeto que lle fixo perder o equilibrio, de modo que caeu en parte para atrás e en parte de costado. E, ó caer, denantes de golpear o chan, saqueille a espada dun tirón limpo.

De Goncourt achegouse a el, pero Pasquini afastouno para fírmame. A súa agonía durou máis cá de Fortini. O italiano tусiu, cuspiu e, coa axuda de Villehardouin, que lle pasou o brazo por debaixo e lle suxeitou a cabeza coa man, volveu tусir e cuspir.

– Boa viaxe, Pasquini –rinme del, levado pola miña ira vermella–. Pregade axiña, pois a herba onde xacedes está a humedecerse xa, e, se tardades moito, morreredes antes co frío.

Cando xa me dispoñía a empezar con de Goncourt, Bohemond protestou dicindo que debía descansar un pouco.

– Non –retruquei–, aínda non quecín abondo.

E logo díxenlle a de Goncourt:

– E agora vouvos facer bailar e bafexar. *Salute!*

De Goncourt non estaba polo labor, a todas luces. Se loitaba era porque llo ordenaran. O seu estilo estaba caduco –algo propio da súa idade–, mais non era un espadachín desdeñable. Era frío, decidido, tenaz. Mais non era nada brillante, e, amais, estaba angustiado, coidando na súa derrota de antemán. Unha decena de veces, con rapidez e brillantez, tíveno ó meu alcance. Pero refreeime. Como xa dixen, aquela noite estaba posuído polo demo. Abofé. E, daquela, quixen esgotar o meu adversario. Púxeno de costas á lúa para que non puidera verme ben, pois eu escudábame na miña propia sombra. E, cando xa o tiña tan esgotado que empezou a bafexar tal e como eu predixera, Pasquini, coa cabeza apoiada nunha man e fitándonos, tусiu e cuspiu outro anaco de vida.

– Agora, de Goncourt –anunciei finalmente–, xa estades completamente á miña mercé, como vedes... Xa puiden matarvos unha ducia de veces pero... Preparádevos para a derradeira acometida, pois así é como quería fàcelo.

E, dicindo isto, pasei de *carte a tierce*³⁴, e, mentres el se recuperaba e se defendía coma unha furia, volvín pasar a *carte*, fixen unha apertura e fureino á altura do

corazón, de lado a lado... Pasquini, ó ver como acabara o duelo, deixou de aferrarse á vida, enterrou a cabeza na herba, tremeu un intre e ficou inerte.

– O teu amo vai perder catro criados esta noite –asegurei con desprezo a Villerhardouin, xusto antes de encerellármonos.

E de que xeito! Aquel rapaz era ridículo. En que carallo de escola rural lle aprenderían esgrima? Non me cabía na cabeza. Parecía, tal cal, un pallaso. «Un traballo breve e sinxelo», coidei mentres o pelo rubio se lle ourizaba por mor da moitísima carraxe e el me acosaba coma un tolo.

Ai! Foi iso, a súa ridiculez o que me perdeu. Como levaba xa un cacho xogando con el e ríndome del polo chambón que era, alporizouse tanto que esqueceu a pouca e mala esgrima que sabía. Cun amplo movemento de estoque, como se este pesara e tivese un gume cortante, varreu con el o ar, chifrando, e foi darme no cocote. Eu fiquei pampo. Endexamais me ocorrera algo tan absurdo. El baixara de todo a garda. Tíñao a tiro, e podía traspasalo sen máis. Mais, como acabo de dicir, fiquei pampo, e do único que me decatei logo foi da dor aguda que me produciu o aceiro daquel torpe provinciano cando me golpeou e se botou a min, coma un touro, antes de que a súa cazoleta me petara no costado, empurrándome para atrás.

Mentres caía, albisquei as caras de preocupación de Lanfranc e de Bohemond, así como a de satisfacción que se puxo a Villehardouin cando me apuxaba.

Eu estaba a caer, mais non chegaba a tocar a herba. Unha nube de lóstregos anubroume a vista, un trono ecoou nos meus oídos, e logo todo escureceuse. E, decontado, vin unha feble luz escintilante, como se estivese amencendo devagar. Notei unha dor violenta, atroz, indescribible, e sentín a voz de alguén que dicía:

– Eu non noto ren.

E recoñecina. Era a voz do alcaide Atherton. E recoñecinme a min mesmo como Darrell Standing, que acababa de volver, atravesando os séculos, ó suplicio da camisa de forza na prisión de San Quintín. E recoñecín no meu pescozo as xemas dos dedos do alcaide Atherton, e, tras elas, as do doutor Jackson. E foi a voz do médico a que aseverou:

– Vostede non sabe tomarlle o pulso a un home no pescozo. Mire, toque aquí, poña os dedos onde os teño eu. Nótao? Si, tal e como eu coidaba. O corazón está feble pero... constante coma un cronómetro.

– Tan só leva vinte e catro horas –dixo o capitán Jamie–, e xamais estivo deste xeito.

– Finxindo. O que pasa é que está finxindo. E iso vostede non pode captalo –soltou Al Hutchins, o xefe dos presos de confianza.

– Non sei –insistiu o capitán Jamie–. Cando o pulso dun home está tan baixo, tan só un experto pode atoparllo...

– Boh, eu fixen a miña aprendizaxe nese chintófono –rosinou Al Hutchins–, e vostede sempre me soltaba, capitán, coidando que estaba a piques de espichala, cando en realidade o único que facía era rirme na súa cara...

– Vostede que pensa, doutor? –preguntou o alcaide.

– Dígolle que o corazón funciona de marabilla –foi a súa resposta–. Está feble, si, mais iso era de esperar. Coido que Hutchins ten razón. O tipo está finxindo.

Jackson alzoume unha pálpebra, e eu abrí a outra asemade, e vinos a todos inclinados sobre min.

– Que lle dixen? –berrou triunfal o doutor.

E daquela, malia que o esforzo houbo crebarme a face, saquei forzas como puiden e sorrín.

Eles achegáronme unha pouca auga e eu bebín con avidez. Cómpre lembrar que, daquela, eu estaba completamente indefenso, de costas, cos brazos presos ó longo do corpo, dentro da camisa. Cando me ofreceron comida –pan duro da prisión– rexeiteina, negando coa cabeza. E logo pechei os ollos para darlles a entender que estaba cheo de velos. A dor que me produciu a miña parcial resurrección era insoportable. Podía notar como o meu corpo ía volvendo á vida. Sentía unhas punzantes aguilloadas baixando polos nervios do pescozo ata a zona do corazón. E, no meu cerebro, a lembranza de que Philippa estaba a agardarme naquel salón era tan intensa que desexaba liscar canto máis antes, de volta a aquel medio día e aquela media noite que viña de vivir na antiga Francia.

Tanto era así que, mesmo sabendo que eles seguían alí, de pé onda min, desexei aniquilar da miña conciencia esa porción viva do meu corpo. Tiña présa por marchar, mais a voz do alcaide Atherton detívome.

– Tes algo que dicir? Algunha queixa que facer? –preguntoume.

O único que eu temía naquel intre era que puideran soltarme, podes crerme; así que o que dixen non foi para fanfurriñar senón para evitar que me desatasen.

– Poderían apertarme un pouco máis a camisa? –murmurei–. Está demasiado frouxa, para o meu gusto. Pérdome nela. Hutchins é un estúpido. Un burricán. E un tolo. Non ten nin idea de cinchar. Alcaide, debería poñelo ó fronte dos teares, pois é un mestre da ineficacia. Moito máis có que está agora... E iso que o outro fulano está igual de tolo... E agora lárguense. Todos vostedes. A menos que se lles ocorra algo peor que facerme, en cuxo caso, poden ficar. Invítoos de corazón a quedarse aquí, se é que a súa mísera imaxinación é quen de matinar algunha tortura nova para min.

– Este tipo está trallado. É un fanático, un aluado –exclamou o doutor Jackson coa ledicia do médico ante un caso insólito.

– Standing, a verdade é que... es unha marabilla –dixo o alcaide–. Tes unha vontade de ferro. Pero eu voucha partir a feito. Tan seguro como hai Deus.

– E tan certo como que vostede ten un corazón de coello –retruquei–. Seguro que, tan só coa décima parte do suplicio que eu xa recibín en San Quintín, se lle sairía polos orellóns...

Ah! Iso chegoulle a alma, porque o alcaide tiña unha orellas incrivelmente grandes! Unhas orellas polas que, sen dúbida, se interesaría Lombroso.³⁵

– Eu ríome de vostede –proseguín–. E, pensándoo mellor, o encargado máis inútil que podía haber nos teares non é Hutchins, senón vostede. Xa o ve: baixoume aquí e empregou toda a súa maldade comigo; mais eu sigo vivo, e ríndome de vostede na súa cara. Para inútil vostede, alcaide, que nin sequera pode matarme. Para inútil vostede, que nin sequera podería matar unha rata acurrada cun cartucho de dinamita –de dinamita real, quero dicir, e non desa inexistente que, segundo vostede, eu teño acochada nalgures...

– Algo máis? –preguntoume el, en rematando a miña diatriba.

E, nese intre, veume á mente, coma un *flash*, o que lle dixera a Fortini cando fora tan insolente comigo.

– Si, que lisques xa, sabuxo carcereiro! Deixa xa de ladrar na miña porta!

Para un home da ralea do alcaide Atherton, houbo ser terrible ver que un prisioneiro indefenso o desafiaba así. Púxose arrubiado de rabia, e a voz tremíalle mentres bruaba:

– Xúroche por Deus que acabarei contigo, Standing! Xúrocho!

– O único que pode facer comigo –insistín– e apertarme un pouco máis esta camisa tan frouxa. E, se non, lárguense xa. Por min como se non volven nunha semana ou dez días.

Pois, que outro castigo pode impoñer o alcaide dunha prisión a un preso que se burla do peor dos castigos cos que conta? Se cadra, Atherton estaba a matinar noutra posible represalia, pois empezou a falar. Pero a miña gorxa xa se fortalecera co exercicio, e daquela dei en cantar: «Canta cuco cuquiño, canta cuco cuquiño...» E cantei arreo ata que, por fin, pecharon a porta de golpe, e sentín o renxer e o rinchar dos ferrollos.

CAPÍTULO XII

Agora que xa aprendera o truco, o camiño era doado. E eu sabía que, canto máis camiñara por el, máis doado me resultaría. Unha vez establecida a maneira de reducir os atrancos, cada vez que viaxara por el acharía menos. E así, a medida que pasou o tempo, fun realizando, case que automaticamente, as miñas viaxes dende a vida de San Quintín a outras vidas anteriores, tal e como verás axiña.

Logo de que o alcaide Atherton e a súa tropa marcharan, tan só tardei uns minutos en acadar que aquela porción de corpo que resucitara volvera abismarse na súa breve morte. E digo breve porque a miña era unha “case que morte”, unha morte temporal semellante á que produce a anestesia.

Dese xeito, dun simple salto, era quen de fuxir de todo o sórdido e vil, daquela brutal cela de illamento e daquel suplicio infernal, do meu penoso trato coas moscas, as suores de escuridade e o cotenar dos mortos viventes. Fuxir, si, a través do espazo e do tempo.

Daquela chegou a negrume, e nela fun decatándome, moi devagariño, doutras cousas e doutro eu. Do primeiro que fun consciente foi do po. Po no meu nariz, áspero e seco. Po nos meus beizos. Po cubríndome a faciana, as mans. E notábao sobre todo nas xemas dos dedos, cando as tocaba co polgar.

Logo fun consciente dun movemento incesante. Todo tremía e oscilaba ó meu redor. Notaba coma unha vibración, unha sacuda, e sentía uns ruídos familiares, que decontado recoñecín como o renxer dos eixes dunhas rodas e o rinchar estrepitoso das súas lamias de ferro contra o grixo.³⁶ E logo chegaronme as voces duns homes derreados que maldicían e acirraban unhas bestas derreadas para que andaran máis de présa.

Abrín os ollos, inflamados polo po, e axiña me entrou máis po. As bastas mantas que levaba encima tiñan unha capa de po de máis dun centímetro de espesor. Por enriba de min, a través da poeira, alisquei a cuberta arqueada dun toldo que oscilaba decote, e miríades de argueiros que descendían devagariño por entre as luzadas que se coaban polos buratos da lona.

Eu era un neno, un rapaz duns oito ou nove anos, e estaba canso, igual cá muller, co rostro cuberto de po e unhas marcadas olleiras, que estaba sentada onda min, tentando acalmar o bebé que levaba no colo. Era a miña nai, cousa que souben sen dubidar, igual que souben, ó botar unha ollada polo túnel de lona do carromato, que os ombreiros do home que ía no asento do condutor eran os do meu pai.

Cando empecei a arrastrarme por entre os trebellos que ateigaban o carromato, a miña nai dixo con voz fatigada e queixosa:

– Non podes acougar nin un minuto, Jesse?

Ese era o meu nome: Jesse. Non sabía como me apelidaba, aínda que sentín á miña nai chamar John ó meu pai. Tamén lembro vagamente oír, nalgún intre, os demais homes dirixirse ó meu pai chamándoo capitán. Eu sabía que el era o xefe daquela compañía, e que todos obedecían as súas ordes.

Arrastreime ata a abertura do toldo e sentei onda o meu pai. O ar era asfixiante por mor do po que deitaban os carromatos e os cascos dos animais. A poeira era tan densa que parecía máis ben un banco de néboa, e o sol poñente a penas brillaba a través del cunha luz sanguinolenta.

Non só ela, a feble luz do solpor, era sinistra, senón que todo o que nos arroteaba me parecía sinistro: a paisaxe, a cara do meu pai, os choros do cativo que a miña nai tiña no colo e ó que non daba acougado, os seis cabalos que o meu pai había de acirrar decote e que, de tan cubertos como estaban de po, non tiñan sinal ningún de cor.

A paisaxe era dunha ferinte, dolorosa desolación. Os cotarelos estendíanse por todas partes sen fin. Tan só de cando en vez víanse nas súas abas algúns matos abrasados pola calor. Mais a meirande parte da súa superficie estaba seca e espida, composta de area e rochas. Nós avanzabamos polas valgadas de area que ían fiando as lombas. E as valgadas estaban ermas de todo, quitando os poucos arbustos secos e as pequenas zonas de herba murcha que había acó e aló. Non se vía auga por ningures, nin sinal de que a houbese, agás as corgas pulidas que falaban de antergas chuvias torrenciais.

O meu pai era o único que tiña cabalos. Os carromatos formaban unha soa ringleira, e, cando a caravana virou, vin que os demais ían tirados por bois. Tres ou catro xugadas de bois turraban debilmente de cadanseu carromato, e, canda eles, pola profunda area, camiñaban os homes con aguilladas para afalalos. Nunha curva, contei os

carromatos de principio a fin. Eu sabía que había corenta, incluíndo o noso, pois xa os contara moitas veces. E cando os contei de novo, coma fai un neno para non se aburrir, estaban todos, os corenta, cubertos cos seus toldos, grandes e macizos, bastos e vellos, renxendo e cambaleándose, rinchando e abaneándose sobre a area, o grixo e as artemisas.

Á dereita e á esquerda, percorrendo dunha punta á outra a caravana, ían uns doce ou quince homes, maiores e novos, a cabalo, que levaban rifles de canón longo nas súas selas. Cada vez que algún deles se achegaba ó noso carromato, eu podía ver que, baixo o po, a súa faciana amosaba tanta tensión e anguria coma a do meu pai. E este, igual ca eles, levaba un rifle de canón longo ó alcance da man.

Así mesmo, a un lado da caravana, trenqueleaban uns vinte ou máis bois esqueléticos, baldados, feridos polo xugo, que cadora se detían para ataniscar os matos ocasionais de herba murcha e cadora eran aguillados polos mozos de cara fatigada que os guiaban. Ás veces, un ou outro se detiña e bruaba, e o seu brúo parecíame tan sinistro coma todo o que me arrodeaba.

Lonxe, ben lonxe quedaba o recordo de vivir, cando era moi pequeno, á beira dun río bordeado de árbores. E, mentres o carromato se acaneaba, arrolándome a son do meu pai, eu volvía decote alí, coidando naquela corrente pracenteira que fluía entre as árbores. Secasí, tiña a sensación de levar un período interminable vivindo naquel carromato, e viaxando arreo, arreo, con aquela compañía.

O que máis duro se me facía, igual cá todos, era a sensación de irmos sen rumbo, de estarmos en mans do destino. A nosa caravana semellaba un cortexo fúnebre. Non se oía nin un riso. Non se oía nin un só ton de ledicia. A paz e o benestar non viaxaban connosco. Nas faces dos vellos e dos novos que guiaban a caravana, notábase a preocupación, a anguria, a desesperanza. E, mentres marchabamos penosamente por entre o po do serán, eu fitaba o rostro do meu pai, procurando en van algún sinal de ledicia. Non quero dicir con isto que a súa face, desfigurada polas olleiras e o po, fora a dun home que xa perdera a esperanza. Non: era a face dun home teimudo, preocupado, desacougado. Sobre todo desacougado.

De súpeto, un arrepío percorreu a caravana. Padre levantou a cabeza, e eu canda el. E o mesmo fixeron os cabalos: ergueron as súas pesadas cacholas, ventando o ar con prolongados bufos, e, polo momento, volveron tirar con ansia. Os cabalos dos que escoltaban a caravana tamén aceleraron o paso. E mesmo a manda de esperpénticos bois

emprenderon o galope. Aquilo era case que grotesco: as pobres bestas escangalladas esforzándose en correr. Uns esqueletos cubertos de pel sarnosa galopando ata distanciáranse dos rapaces que os guiaban. Mais non por moito tempo. De alí a un pouco, retomaron o seu paso trenqueleante, aínda que máis lixeiro, coma ansiosos, ata o punto de que xa non os atraían as presadas de herba seca coas que batían.

– Que pasa? –preguntou a miña nai dende o interior do carromato.

– Auga –respondeu o meu pai–. Se cadra ha de ser Nephi.

– Grazas a Deus! –exclamou ela–. E se cadra nos vendan comida.

E a Nephi foron chegando, a través do po sanguinolento, renxendo e cambaleándose, rinchando e abaneándose, os nosos enormes carromatos. A penas unha ducia de casas ou de choupanas conformaba o lugar. A paisaxe era a mesma que acababamos de cruzar. Non había árbores, tan só matos e area. Pero había algúns rastros de campos arados outrora, coma os cerrumes esborrallados que se vían por alí. E tamén había auga, aínda que non fluía polo regato. O canle, secasí, estaba húmido, e había, acó e aló, algunhas pozancas nas que os bois ceibados e os cabalos de montar foron meter as patas e as cacholas ata os ollos. E mesmo creo, si, que había algún salgueiro solitario.

– Ese ha ser o muíño de Bill Black do que nos falaron –dixo o meu pai sinalando unha edificación á miña nai, que decontado veu botar unha ollada ansiosa por riba dos nosos ombros.

Un vello xinete, vestido cunha camisa de coiro, e co pelo longo, encrechado, ardido polo sol, achegouse a falar co meu pai. Logo deu o sinal, e os carromatos que ían en cabeza empezaron a formar un círculo. O terreo facilitaba a manobra, e, debido á moita práctica, levámola a cabo sen problema ningún, de xeito que, cando os corenta vehículos se detiveron finalmente, formaban un círculo perfecto. Todo era rebumbio e ordenada confusión. Moitas mulleres, con cara de cansazo e cuberta de po como a da miña nai, saíron dos carromatos –unhas corenta, coído–, e de contado puxéronse a preparar a cea. E tamén emerxeu deles unha auténtica horda de cativos –uns cincuenta, polo menos– que me parecía coñecer dende había moito tempo.

Entre tanto, algúns homes cortaban matos de artemisa que, nós, os rapaces, carretabamos para faceren unha boas cacheiras; outros ceibaban os bois e deixábanos iren beber auga. Logo os homes, en grandes cuadrillas, moveron tranquilamente os carromatos para poñelos como cumpría: co cabezallo mirando ó interior do círculo, e cada un dos vehículos ben apegado ó anterior e ó posterior. Axiña botáronlles os freos,

mais, non contentos con iso, uniron as rodas de todos os carromatos con cadeas. Aquilo non era nada novo para nós, os cativos, senón o preocupante sinal de que estabamos nun territorio hostil. Tan só un vehículo ficou fóra do círculo, formando o portelo do curro. Despois, como xa sabiamos, antes de irmos durmir, meterían os animais dentro, e ese carromato—portelo sería encadeado no seu sitio. En canto e non, e durante horas, algúns homes e rapaces alindaban o gando, á procura da escasa herba que podían atopar.

Mentres se montaba o campamento, padre, canda varios homes, incluído o vello da cabeleira longa e queimada polo sol, marcharon a pé en dirección ó muíño. Lembro que todos nós, os homes, as mulleres e mesmo os nenos, deixamos o que tiñamos entre mans para velos partiren; e a súa marcha pareceunos dunha grave importancia.

Mentres eles estaban fóra, outros homes, habitantes da deserta Nephi, achegáronse ó campamento e deron unha volta por el. Eran brancos, coma nós, pero de rostro duro, grave e sombrizo, e parecían amoucados por todo aquel rebumbio. Un mal presaxio pairaba no ar, pois aqueles homes non paraban de dicir cousas desagradables, para alporizaren os nosos. Pero as mulleres pasaron a consigna —que foi correndo de boca en boca— de non respondermos a aquelas provocacións.

Un dos estraños achegouse á nosa fogueira, onda a miña nai estaba soa, cociñando. Eu acababa de chegar cunha brazada de artemisa, e pareime a escoitar e a fítar ó intruso, a quen odiei decontado porque tiña unha traza odiosa, porque sabía que non había ninguén na caravana que non odiase eses estraños de pel branca coma a nosa, e porque por eles fixeramos un campamento en círculo.

Aquel fulano ergueito cabo da nosa cacheira tiña os ollos azuis, duros, fríos, penetrantes. O pelo, cheo de area. A face, barbeada ata o queixelo, e, por debaixo del, cubríndolle o pescozo e estendéndose ata as orellas, unha barba tamén ateigada de area e canas. Madre non o saudou, nin el a ela. Ficou de pé, ollando para ela un cacho, aclarouse a gorxa e dixo con malicia:

— Apóstоче o que queiras a que esta mesma noite marchades de volta a Missouri.

Eu vin a miña nai morderse os beizos para controlarse, antes de responderlle:

— Nós somos de Arkansas.

— Xa... Supoño que tes boas razóns para non dicirme de onde vides —engadiu—, vós, que botastes o pobo de Deus de Missouri...

Madre non respondeu.

– Pois, xa ves –proseguiu o fulano, logo da pausa que lle concedeu a ela–, agora vides laiarvos e mendigar o pan daqueles os que perseguistes.

Naquel intre, e malia ser un neno aínda, souben o que era a carraxe, a anterga, vermella e intolerante ira, tan irrefreable e indomable coma sempre.

– Mentese! –espeteille–. Nós non somos de Missouri. Nós non nos laiamos. Nós non mendigamos. Temos cartos abondos para mercar.

– Cala, Jesse! –berroume a miña nai, tapándome con forza a boca.

E logo díxolle ó intruso:

– Márchese, por favor, e deixe o neno en paz.

– Voute encher de chumbo, maldito mormón!³⁷ –bruei e salouquei antes de que a miña nai puidera taparme a boca de novo, e logo botei a correr ó redor da fogueira, liscando dela.

O home, secasí, non se inmutou en absoluto polo que dixen. Eu estaba pronto para afrontar algunha reacción violenta por parte daquel terrible estraño, e fitábao con cautela mentres el me ollaba coa maior seriedade.

Cando por fin falou, fíxoo con solemnidade, abaneando devagariño a cabeza, como se fora emitir unha sentenza.

– De tales pais, tales fillos. A nova xeración é tan má coma a vella. Toda a súa caste está estragada e condenada. Non teñen salvación, nin os vellos nin os novos. Non hai expiación posible. Nin sequera o sangue de Cristo pode limpar as súas iniquidades.

– Maldito mormón! –foi todo o que dei dito, entre salouco e salouco–. Maldito mormón! Maldito mormón! Maldito mormón!

E seguí maldicíndoo e correndo ó redor da cachela, diante da man vingadora da miña nai, ata que el marchou.

Cando o meu pai e os homes que foran con el volveron, cesaron as tarefas do campamento, e todos amoreámonos ansiosos onda el. Padre meneou a cabeza.

– Non van vendernos ren? –preguntou unha muller.

Padre volveu menear a cabeza.

Logo falou un home, un xigante de ollos azuis, espeso bigote loiro e unha trintena de anos, que bruscamente se abriu paso entre o xentío.

– Disque teñen fariña e provisións para tres anos, capitán. Antes, sempre lles vendían ós emigrantes. Pero agora non queren vender. O problema non é con nós, senón co Goberno, pero están a pagalo con nós. E non é xusto, capitán. Non hai dereito a que a

tomen con nós, coas nosas mulleres e cos nosos fillos, a meses de camiño de California, o inverno por chegar e nada máis que area por diante. Non temos comida abonda para afrontar o deserto.

O home fixo unha breve pausa para se dirixir á xente.

– Porque ningún de vós sabe o que é o deserto. Isto de aquí non vos é nada. Isto é o paraíso, unha pradería celestial, con ríos de leite e mel, comparado co que temos que afrontar... Insisto, capitán, en que a fariña é primordial. Se non nola venden, daquela teremos que collela pola forza.

Moitos, homes e mulleres, empezaron a berrar en sinal de aprobación, pero padre calounos decontado erguendo unha man.

– Estou de acordo co que dis, Hamilton –empezou a dicir, pero os berros afogaron a súa voz, e tivo que alzar de novo a man–. Mais hai unha cousa que non tiveches en conta. Algo que ti e todos nós debemos ter en conta. Brigham Young declarou a Lei Marcial, e Brigham Young ten un exército.³⁸ Poderíamos asaltar Nephi en dúas chantadas, e levarnos todas as provisións que puideramos carretar. Pero non chegaríamos moi lonxe. Os *santos* de Brigham caerían sobre nós, e volverían quitárnolo todo nun amén. Ti sábelo. Eu seino. Sabémolo todos.

As súas palabras convenceron a unha audiencia xa convencida de antemán. O que dixo non era nada novo para a xente, só que esta acababa de esquecerse, levada pola excitación e a apremante necesidade.

– Ninguén está máis disposto ca min a loitar polo que é xusto –proseguiu o meu pai–, só que agora non nos convén loitar. Se armamos liorta, levamos as de perder. E hai que lembrar que temos mulleres e nenos. Cómpre mantermos a calma a calquera prezo, e aturarmos calquera porcallada que nos digan.

– Pero que faremos en chegando ó deserto? –berrou unha muller que estaba aleitando un bebé.

– Aínda quedan varios poboados denantes de chegarmos ó deserto –respondeu padre–. Fillmore está a uns noventa quilómetros ó sur. Logo vén Corn Creek. E Beaver está a outros setenta e cinco quilómetros. Despois está Parowan. Dende alí, hai trinta quilómetros a Cedar City. Canto máis nos afastemos de Salt Lake, máis posibilidades teremos de que nos vendan provisións.

– E se non nolas venden? –insistiu a muller.

– Sequera librarémonos deles –dixo padre–. Cedar City é a derradeira vila. Temos que seguir, non nos queda outra, e dar grazas se nos libramos deles. A dous días de viaxe, hai bos pastos, e auga. Un sitio chamado Mountain Meadows. Ninguén vive alí, e nese lugar pacerá o noso gando, e nós recobramos azos denantes de internarmos no deserto. Se cadra, poderemos cazar algo. E, no peor dos casos, chegaremos tan lonxe como poidamos, abandonaremos os carromatos, cargaremos canto caiba nas bestas e faremos as últimas xornadas a pé. O gando poderá alimentarse polo camiño. É preferible chegarmos a California sen un farrapo encima que deixarmos o pelexo aquí. E deixáremolo, de certo, se armamos liorta.

Tras estas advertencias finais contra calquera acto de violencia, físico o verbal, rematou a repentina xuntanza. Eu tardei en durmirme. A miña rabia contra o mormón quentárame tantos os miolos que aínda estaba esperto cando padre se deslizou no carromato, despois de facer a derradeira rolda nocturna. Eles coidaban que estaba durmido, pero sentín a madre preguntarlle se cría que os mormóns nos deixarían marcharmos tranquilamente das súas terras. El afastou a vista dela mentres se quitaba unha bota e díxolle, con absoluta confianza, que estaba ben certo de que os mormóns nos deixarían partirmos se ningún dos nosos rifaba con eles.

Pero eu vin a súa face nese intre, baixo a luz dunha pequena vela de sebo, e non reflectía a confianza que simulaba a súa voz. E así me fun durmindo, angustiado polo horrible destino que parecía pendurar sobre nós, e pensando en Brigham Young, que, na miña imaxinación de neno, era un ser espantoso, maligno: un auténtico demo con cornos e rabo.

Cando acordei, velaí estaba de novo a vella dor que me producía a camisa de forza; velaí estaba eu, naquela maldita cela de illamento. E, debuzados sobre min, velaí estaban os catro de sempre: o alcaide Atherton, o capitán Jamie, o doutor Jackson e Al Hutchins. Eu fixen renxer a miña face forzando un sorriso, e loitei por controlarme baixo o exquisito tormento que me producía o reinicio da circulación. Bebín a auga que me deron, rexeitei o pan que me ofreceron e fíquei calado coma un rulo. Pechei os ollos e tentei voltar ó círculo dos carromatos encadeados de Nephi. Pero, durante o tempo que seguiron alí de pé, parolando arreo, non fun quen de liscar.

De feito, non puideron deixar de sentir un anaco da conversa.

– Igualiño que onte –dixo o doutor Jackson–. Non se aprecia ningún cambio: nin para ben nin para mal.

– Daquela, pode seguir aturándoo? –preguntou o alcaide Atherton.

– Sen o menor tremor. Pode aturar as próximas vinte e catro horas coa mesma facilidade que as últimas. Este tipo está trallado de todo, dígollo eu. É un auténtico fanático. De non souber que é imposible, xuraría que está drogado.

– Ben sei eu cal é a súa droga –dixo o alcaide–. O seu maldito xorne. A súa tremenda forza de vontade. Apostaría a que, se quixera, podería camiñar descalzo sobre unhas pedras candentes, coma eses sacerdotes Kanaca dos Mares do Sur.

«Sacerdotes»: agora decátome de que quizais foi esa palabra a que levei comigo cando me abisei na negrume doutro voo no tempo. Mesmo pode que fora a clave. Ou se cadra foi pura coincidencia. O caso é que cando acordei, deitado sobre un áspero chan de pedra, acheime boca arriba, cos brazos cruzados de tal xeito que cada unha das mans suxeitaba o cóbado oposto. Mentres estaba alí, cos ollos pechados, medio esperto, cofei os cóbados coas mans e notei que tiña uns calos tremebundos. Pero non me sorprendeu. Acepteinos coma algo co que levaba moito tempo familiarizado.

Abrín os ollos. O meu acubillo era unha pequena espenuca, de non máis de dous metros de alto por catro de largo. Ía moita calor dentro. Tiña o corpo enchoupado de suor. De cando en vez, algunhas pingas uníanse formando minúsculos regatiños. Non levaba posto máis ca un farrapo cotroso ó redor da cintura. Tiña a pel torrada, de cor caoba. Estaba mirrado, mais eu ollaba a miña delgadeza cunha sorte de orgullo estraño, coma se fose un logro. E o que máis me agradaba era a visión das miñas costelas dolorosamente prominentes. Si, o feito de ver os ocos que había entre elas producíame unha sensación de solemne xúbilo ou –por usar a palabra máis axeitada– de santificación.

Tamén os meus xeonllos estaban cubertos de calos. Andaba ben sucio. A miña barba, que outrora fora loira, era agora un enguedello lordento, con vetas marróns, que me chegaba ó ventre. A miña longa cabeleira, igual de porca e enmarañada, cubríame os ombros, e as súas guedellas tapábanme cadora os ollos, polo que tiña que afastalas coas mans para poder ver algo. Aínda que, en xeral, me limitaba a observar por entre elas, como fai unha fera tras un mato.

Na boca en forma de túnel da miña sombriza tobeira, o día xa estaba a espreguizarse nun muro de luz cegadora. De alí a un pouco, gabeei ata a entrada e,

procurando un maior reconforto, deiteime no estreito saínte dunha rocha, á luz do ardente amencer. Aquel terrible sol estaba a torrarme, mais, canto máis dano me facía, máis gozaba con el –ou, mellor dito, comigo mesmo, coa sensación interior de que eu era o dono do meu corpo, por riba das súas queixas e protestas. Cando atopaba baixo el algunha zona afiada –mais non en exceso–, fíncaba o corpo nela, martirizando a miña carne nunha verdadeira éxtase de autocontrol purificador.

Ía un día de bochorno. Nin unha soa airexa axitaba o río do Val, en cuxas augas mirábame ás veces. A centenaes de metros baixo os meus pés, a súa ampla corrente fluía con preguiza. A beira máis afastada de min era chá e areosa, e estendíase ata o horizonte. Por riba do río, medraban varios grupos de palmeiras espallados.

Na beira de aquí, había uns cantís abruptos, de pedra de gra, nos que o río formara un meandro. Moito máis aló, visibles en ángulo recto dende a miña aguieira, labradas na rocha, había catro figuras colosais. Un home normal podía chegarlle como moito ós tornecelos. Os catro colosos estaban sentados, coas mans descansando sobre os xeonllos, os brazos medio esfarelados, e as olladas perdidas no río. Polo menos tres deles, pois do cuarto non quedaban máis cá parte de abaixo, ata os xeonllos, e as inmensas mans repousando nestes. Ós pés dun deles, ridiculamente diminuta, –aínda que era máis alta ca min– víase unha esfínxe anicada.

Eu ollaba aquelas imaxes labradas e cuspiá con desprezo. Non sabía a quen representaban, se a deuses esquecidos ou a reis desdeñados, mais para min eran o símbolo da vaidade dos homes e das aspiracións terreaís.

E, por riba de todo aquel meandro do río, toda aquel cúmulo de auga e toda aquela extensión de area, arqueábase un ceo de doente metal, absolutamente limpo de nubes.

As horas pasaban mentres eu me torraba ó sol. Con frecuencia, durante un bo cacho, esquecía a miña calor e a miña dor deixándome levar por entresoños, visións, lembranzas. Sabía que todo aquilo –os esborrallados colosos, o río, o areal, o sol e o ceo de metal– pasaría nun pestanexar. En calquera intre, as trompetas dos arcanxos soarían, as estrelas precipitaríanse, o universo enrolaríase coma un pergamiño, e Deus o Noso Señor chegaría coas súas hostes proclamando o Xuízo Final.

Ah, si, estaba tan certo diso que levaba tempo preparándome para tan sublime acontecemento. Por iso estaba alí, sucio, miserable e farrapento. Eu era manso e humilde, e desprezaba as fráxiles necesidades e as paixóns da carne. E coidaba con

desprezo, e con certa satisfacción, nas cidades distantes da chá que coñecera antano, ignorantes todas elas, no seu luxo e na súa luxuria, de que o día final estaba preto. Si, moi pronto o verían, aínda que demasiado tarde para elas. Tamén eu o vería, pero eu xa estaba presto. E, ese día, elevaríame por riba dos seus berros e os seus laios, renacido e glorioso, e ocuparía o meu xusto e ben gañado lugar na Cidade de Deus.

Por veces, entre os soños e as visións nas que me vía verdadeira e anticipadamente na Cidade de Deus, nubrábaseme a mente con vellas retesías e controversias. Si, Novato³⁹ tiña razón ó dicir que eses apóstatas arrependidos non deberían ser admitidos nunca máis nas igrexas. Tampouco cabía a menor dúbida de que o sabelianismo⁴⁰ era obra do demo, e de que Constantino, o arquí-inimigo, era a man dereita do maligno.⁴¹

Cadora volvía á contemplación da natureza da unidade de Deus, e unha e outra vez cismaba nas ideas de Noeto, o sirio.⁴² Aínda que prefería as ideas do meu querido mestre, Arrio.⁴³ Abofé, e dado que a razón humana non pode determinar nada en absoluto, houbo de haber un momento, na natureza do Fillo, no que este non existía. Na natureza do Fillo, houbo de haber un momento no que este empezou a existir. O pai sempre é anterior ó fillo. Manter o contrario é blasfemar e infravalorar a Deus.

E retrocedía ata os días da miña nenez, cando sentaba ós pés de Arrio, que outrora fora presbítero da cidade de Alexandría, e a quen lle roubara o bispado o blasfemo e herético Alexandre. Alexandre o sabelianita, iso era ese condenado, e oxalá que moi pronto se consumise no inferno.

Si, eu estivera no Concilio de Nicea, e fora testemuño de como eles impediran atoparnos unha saída. Lembraba, sobre todo, o momento no que o Emperador Constantino desterrara a Arrio pola súa rectitude. E cando este, arrependido logo por razóns de política e Estado, lle pedira a Alexandre –ó outro Alexandre, tres veces maldito, o bispo de Constantinopla– darlle a Arrio a comunión ó día seguinte. Mais esa mesma noite morrera Arrio na rúa –segundo eles. Seica que dunha “repentina doenza” que o atacara en resposta ás pregarias do Emperador. Pero eu dixen –e dícen a todos os arrianos– que a repentina doenza non fora outra cousa que veneno, e que ese veneno saíra da man de Alexandre, bispo de Constantinopla e asasino ó servizo do demo.

E, daquela, finquei o lombo contra as pedras afiadas, e berrei en voz alta, ebrio de convicción:

– Deixa que rían! Si, que rían e se mofen os xudeus e os pagáns! Que gocen do seu triunfo, pois pouco tempo lles queda! E para eles non haberá máis tempo despois do Final dos Tempos!

Así estiven falando comigo mesmo un bo cacho naquel penedo no que se divisaba o río. Estaba ardendo, e, de cando en vez, bebía un grolíño de auga dun chicado de pel de cabra. Un perifol de pel de cabra que, como sempre o tiña colgado ó sol, cada vez cheiraba peor, e mal podía refrescar a asura que eu sentía. Comida tamén tiña, espallada polo noxento chan da miña espenuca: unha presada de raíces e un codelo mofento de pan de cebada; e estaba ben esfameado, pero non comía.

Todo o que fixen aquel longo e bendito día foi suar, abafar baixo o sol, mortificar a miña carne magra contra a rocha, contemplar a desolación, resucitar vellas lembranzas, soñar soños e berrar as miñas crenzas ós ceos.

E, en chegando a noitiña, baixo os tenues raios do solpor, botei unha última ollada a aquel mundo que decontado pasaría. Onda os pés dos colosos, alisquei as reptantes formas dos animais que ían acubillarse nas outrora orgullosas obras dos homes. Baixo o eco dos seus brúos, entrei gabeando na covacha, e, presa das visións do entresoño e a febre, rosmando e pregando que chegase axiña o derradeiro día, abismeime na negrume do soño...

Cando volví en min, estaba na cela de illamento, arrodeado por aquel cuarteto de torturadores.

– Blasfemo e herético alcaide de San Quintín! Moi pronto arderás no Inferno! –burleime del, logo de beber un bo grollo da auga que me achegaron ós beizos–. Deixa que os carcereiros e os presos de confianza gocen do seu triunfo, pois pouco tempo lles queda! E para eles non haberá máis tempo despois do Final dos Tempos!

– Está coma unha criba –afirmou o alcaide Atherton.

– Non, está a mofarse de vostede, unha vez máis –foi o certo ditame do doutor Jackson.

– Pero se se nega a comer! –retrucou o capitán Jamie.

– Xa, pero podería estar así corenta noites sen que lle ocorrera nada –respondeu o médico.

– E podo –aseverei–. E corenta noites tamén. Así que fáganme o favor de apertarme máis a camisa, e lisquen de aquí.

O xefe dos presos de confianza tentou meter o furabolos por dentro da cincha.

- Non poderías apertar un centímetro máis nin cunha polea –aseguraron eles.
- Tes algunha queixa que facer, Standing? –preguntou o alcaide.
- Si, un par delas.
- Cales?
- A primeira, que a camisa está espantosamente frouxa. Este o seu Hutchins é un asno de coidado. Ben podería apertar un metro máis, se quixera.
- E a segunda?
- Que á súa nai a empreñou o Diaño, alcaide Atherton.

O capitán Jamie e o doutor Jackson riron pola calada, mentres o alcaide, fungando, marchaba da cela.

Unha vez só, fixen por entrar na negrume e volver ó carromato da caravana de Nephi. Tiña moito interese por coñecer o desenlace da malfadada andaina dos nosos corenta grandes carromatos a través dunha terra erma e hostil, e ningún en absoluto polo destino do porcallán eremita de martirizadas costelas e fedorento chicado. E conseguín volver, mais non a Nephi nin ó Nilo, senón a...

Mais aquí hei facer unha pausa no relato, lector, para explicarche algunhas cousas e facilitarche a comprensión do que vén. Cómpre facelo, porque non me queda moito tempo para completar estas memorias verbo da miña experiencia na camisa de forza. Dentro de pouco, moi pouco tempo, van levarme á forza. E, aínda que dispuxese do tempo de mil vidas, non podería explicar todos os detalles das miñas vivencias. Así que hei abreviar.

En primeiro lugar, Bergson tiña razón. A vida non pode ser explicada en termos intelectuais. Como dixo Confucio hai moito tempo: «Ignorando tanto como ignoramos da vida, como imos saber algo da morte?» E, abofé, ignorámolo todo da vida cando non somos quen de explicala en termos de comprensión. Tan só a coñecemos como fenómeno en si, igual que un salvaxe pode coñecer unha dínamo; pero non sabemos nada dela como nume, nada da natureza da esencia intrínseca da vida.

En segundo lugar, Marinetti trabúcase cando afirma que a materia é o único misterio e a única realidade. Eu digo –e como ves, prezado lector, falo con coñecemento de causa– que a materia é a única ilusión. Comte chamaba o mundo –que é tanto como dicir a materia– «o grande fetiche», e eu estou de acordo con el.

A vida si que é a realidade e o misterio. A vida, que dista moito de ser un simple fluxo de materia química nos seus modos de noción máis altos. A vida persiste. A vida é o fio de lume que persiste a través de todos os modos de materia. Eu seino. Eu son vida. Eu vivín dez mil xeracións. Eu vivín millóns de anos. Eu posuín moreas de corpos. Eu, o posuidor desas moreas de corpos, persistín. Eu son vida. Eu son a faísca inextinguible que continúa iluminando e abraiando a face do tempo, que continúa traballando a súa vontade e transmitindo a súa paixón a eses terrosos agregados de materia chamados corpos que transitoriamente habito.

Pois fíxate. Este dedo de meu, que tan axiña capta as sensacións, que con tanta sutileza sente, que é tan delicado nas súas múltiples habelencias, tan firme e tan forte á hora de encurvarse, pregarse ou estenderse mediante un enxeñoso xogo de panca –este dedo non son eu. Se o cortas, seguirei vivindo. Mutilarás o meu corpo, mais non a min. O espírito que son eu seguirá a ser Un.

Entendiches? Pois sigamos, xa que logo. Se me cortases todos os dedos, eu seguiría a ser eu. O espírito ficaría enteiro. Se me cortases os dous brazos a rentes dos ombreiros; se me cortaras as dúas pernas a rentes das ínguas, eu, o inconquistable e indestrutible, sobreviviría. Pois acaso son eu menos eu por mor desas mutilacións, desas subtraccións de carne? Claro que non. Rápame o pelo. Rebándame cunha navalla afiada os beizos, o nariz, as orellas, aí, arríncame de raíz os ollos, e aí –confinado nese cranio sen trazas que fica unido a ese torso tronzado e truncado, aí, na cela desa carne alquímica– seguirei a estar eu. Incólume. Íntegro.

Ah, mais o corazón aínda latexa! Moi ben. Extráeme o corazón. Ou, mellor aínda: bota toda a carne que queda nunha máquina de mil coitelas, esnaquízame, tritúrame, e eu, eu –non comprendes?, todo o espírito, todo o misterio, todo o lume vital e toda a vida de meu– marcharei fóra, lonxe, mais non perecerei. Tan só o corpo fina, mais eu non son o corpo.

Creo que o coronel de Rochas estaba no certo ó aseverar que, co pulo da súa vontade, fixera retrotraerse a esa rapaza, Josephine, sumida nun transo hipnótico, ó longo dos seus dezaioito anos de vida; voltar á escuridade e ó silencio previos ó seu nacemento; volver á luz daquela vida anterior na que me convertera nun vello prostrado na cama, o artilleiro xubilado Jean–Claude Bourdon. E creo que o coronel de Rochas realmente hipnotizou esa sombra resucitada do vello artilleiro, e que, co pulo da súa vontade, fíxoo retrotraerse ó longo dos seus setenta anos de vida; voltar á escuridade e,

a través da escuridade, á luz daquela época na que me convertera naquela vella consumida, Philomene Carteron.

Acaso non viches xa, prezado lector, que, en épocas anteriores, aloxado en varios terrosos agregados de materia, fun o conde Guillaume de Sainte–Maure, en Francia, un eremita famélico e sen nome, en Exipto, e o pequeno Jesse estadounidense, o pai do cal guiou corenta carromatos durante as grandes migracións do oeste? E acaso non son agora, mentres escribo estas liñas, Darrel Standing, condenado a morte na prisión de Folsom e outrora profesor de agronomía na Escola de Agricultura da Universidade de California?

A materia é a grande ilusión, pois a materia maniféstase na forma, e a forma é pura aparencia.⁴⁴ Onde están agora as esfareladas rochas do antergo Exipto, nas que eu outrora me acubillaba coma unha besta salvaxe mentres soñaba coa Cidade de Deus? Onde está agora o corpo de Guillaume de Sainte–Maure, que caeu abatido sobre a herba aluarada por mor do rubio Guy de Villhardouin? Onde están agora os corenta grandes carromatos da caravana de Nephi? Onde os homes, as mulleres, os nenos e o mirrado gando que se goría dentro daquel círculo? Todas esas cousas xa non existen, pois foron simples formas, manifestacións do fluxo da materia denantes de se fundiren unha vez máis no fluxo. Pasaron, e xa non son nin están como tales.

E agora o meu argumento devén sinxelo. O espírito é a realidade que fica. Eu son espírito, e fico. Eu, Darrell Standing, o posuidor de moitas posesións carnaís, escribirei unhas cantas liñas máis destas memorias e logo seguirei a miña andaina. Esta a miña forma, o meu corpo actual, caerá polo seu propio peso despois de pendurar polo pescozo o tempo necesario, e logo desaparecerá sen deixar rastro ningún no mundo material. No mundo espiritual, secasí, a súa lembranza permanecerá. A materia non ten memoria, porque as súas formas son evanescentes, e o que está gravado nas súas formas fina canda elas.

Tan só unha palabra máis denantes de retomar o meu relato. En todas as miñas viaxes pola escuridade cara ás outras vidas que tiven, nunca fun quen de poñer rumbo a un destino en particular. Daquela, tiven moitas experiencias novas de vidas pasadas denantes de volver ser, ende ben, o pequeno Jesse en Nephi. Se cadra, vivín unha vintena de veces as experiencias daquel Jesse, ás veces cando iniciaba a súa andaina nesta vida nos asentamentos de Arkansas, e polo menos unha ducia de veces no momento no que o deixei en Nephi. Levaríame infinidade de tempo detallar todas esas

viaxes, así que, sen prexuízo da veracidade do meu relato, omitirei todo o encerellado, confuso e repetitivo, e limitareime ós feitos tal e como os fun reunindo e revivindo nas distintas épocas.

CAPÍTULO XIII

Moito antes de alborear, o campamento de Nephi xa estaba a bulir. Os coidadores do gando sacárono fóra para darlle de comer e de beber. Mentres os homes desencadeaban as rodas e poñían a un lado os carromatos para limpalos e xunguir as bestas, as mulleres cociñaban corenta almorzos en corenta lumes. Os nenos, co frío do amencer, amoreábanse onda as cacheiras, compartindo sitio, acó e aló, cos homes que fixeran a última garda, medio adurmiñados, á espera do café.

Levaba moito tempo poñermos en marcha unha caravana tan longa coma a nosa, pois a súa velocidade a marcaba o máis lento. O sol levaba só unha hora ergueito, e o día aínda non quentaba abondo cando saímos de Nephi e nos internamos nos ermos areosos. Ningún dos seus habitantes nos viu marcharmos. Todos ficaron dentro das súas casas, facendo a nosa marcha tan sinistra coma a nosa chegada, a noite anterior.

De novo as longas horas de calor abafante e po corrosivo, artemisas e area, e unha terra infausta. Nin casas, nin gando, nin cerrumes: non atopamos ningún sinal de presenza humana en todo o día, e, pola noite, formamos o círculo á beira dunha canle seca, na area da cal cavamos varios buratos para que se fosen enchendo devagariño coa pouca auga que revía.

As miñas lembranzas da nosa andaina posterior están como fragmentadas, cheas de lagoas. Acampamos tantas voltas, e sempre formando un círculo, que, para a miña mente de neno, foi como se pasase unha longa e fatigosa morea de tempo. Pero o que máis pesaba sobre todos nós era aquela sensación de estarmos a ser levados por unha certa fatalidade.

Percorriamos uns vintecinco quilómetros a cotío. Seino porque o meu pai dixera que había uns noventa quilómetros a Fillmore, o seguinte asentamento mormón, e acampamos tres veces polo camiño. O cal implica catro días de viaxe. Dende Nephi ata o último campamento do que aínda lembro algo, houbemos de botar dúas semanas, ou algo menos.

Os habitantes de Fillmore amosáronse tan hostís coma todos os demais, dende Salt Lake. Rían de nós cando tentabamos mercar comida, e non paraban de insultarnos polo suposto feito de sermos de Missouri.

Cando chegamos ó asentamento, vimos dous cabalos de montar atados diante da casa máis grande de todas as que había –unha ducia–, cubertos de po raiado de suor e esgotados. O vello xinete do que falei antes, o da melena longa, queimada polo sol, a camisa de ante, e que semellaba ser coma o lugartenente do meu pai, achegouse ó noso carromato e fixo un aceno coa cabeza, sinalando aqueles animais baldados.

– Non escatiman cabalos, capitán –bisbou–. Por que diaños lles ían dar semellante trote a non ser por nós?

Pero o meu pai xa se fixara no estado dos animais, e os meus ansiosos ollos fixéranse nel e no brillo aceirado dos seus. E logo vírao tensar os beizos e engurrar por un momento a súa faciana poeirenta. Máis nada. Pero eu atei cabos mentalmente, e decateime de que os dous cabalos cansos engadían outro toque sinistro á nosa situación.

– Coido que estarán espreitándonos, Laban – foi o único comentario do meu pai.

Foi alí, en Fillmore, onde vin un home que logo vería máis veces. Un fulano alto, de anchas costas, de mediana idade pero ben conservado, con toda a traza de gozar dunha boa saúde e dunha inmensa forza –non só corporal senón tamén anímica. A diferenza da maioría dos homes que eu coñecía, este a penas levaba unha barba duns cantos días, na que xa se lle notaban as canas. Tiña unha boca inusualmente larga, mais cun beizos estreitos e comprimidos, como se lle faltaran varios dentes de diante, e un nariz amplo, rotundo e anguloso. Tamén a cara era angulosa, de pómulos anchos, queixada protuberante, e coroada por unha fronte despexada que semellaba agochar unha grande intelixencia. E aqueles ollos, máis ben pequenos, a penas un chisco máis grandes que un só ollo normal, eran do azul máis azul que eu vira endexamais.

Foi alí, en Fillmore, e máis concretamente no muíño, onde vin ese home por vez primeira. Padre, canda algúns dos nosos, achegárase a el para tentar mercar fariña, e eu, desobedecendo a miña nai, levado pola curiosidade de saber algo máis verbo dos nosos inimigos, fun tras eles ás agochadas. Aquel home era un dos catro ou cinco que estiveron diante do muíño durante a conversa.

– Fixácheste no tipo da barbiña? –preguntoulle Laban ó meu pai, mentres tornabamos ó campamento.

Padre asentiu coa cabeza.

– Ben, pois ese é Lee –prosegiu Laban–. Vino en Salt Lake. Éche un loubán de carallo. Ten dezanove mulleres e cincuenta fillos, disque.⁴⁵ E é un fanático da relixión. Mais, por que diaños estará a seguirmos por esta terra esquecida da man de Deus?

A nosa pesada, malfadada andaina proseguíu. Deica os pequenos asentamentos que se ergueran alí onde a auga e o solo o permitía, había entre trinta e setenta e cinco quilómetros de distancia. No medio, estendíanse os ermos areosos, alcalinos e secos. E, en cada un dos asentamentos, as nosas pacíficas tentativas por mercarmos comida eran vas. Os mormóns negábannola de malos modos, e preguntaban quen de nós lles vendera comida a eles cando os expulsáramos de Missouri. De nada valía xurarmos que eramos de Arkansas, de onde realmente viñamos, pois eles seguían insistindo en que eramos de Missouri.

En Beaver, que estaba a cinco días de camiño dende Fillmore, volvemos ver a Lee. E de novo vimos os cabalos esgotados diante das casas. Pero non vimos a Lee en Parowan.

Cedar City era o derradeiro asentamento. Laban, que fora por diante, volveu para contarlle ó meu pai as súas significativas noticias.

– Vin a ese Lee saír frechado cando entraba eu, capitán. E había máis homes e cabalos do normal, nunha vila dese tamaño.

Pero non tivemos problemas alí. A parte de negárense a vendernos comida, deixáronnos en paz. As mulleres e os nenos ficaron nas súas casas, e, aínda que algúns dos homes se deixaron ver en varias ocasións, non viñeron insultarnos ó campamento.

En Cedar City foi onde morreu o bebé dos Wainwright. Lembro a nai salaiando e pregándolle a Laban que tentara conseguir un pouco leite de vaca.

– Talvez lle salve a vida ó pequeno –dicía–. E eles teñen leite de vaca. Eu vinas, todas frescas, cos meus propios ollos. Vai, Laban, por favor. Non van matarte por iso. Como moito, negaranse, pero non che farán dano. Dilles que é para un bebé, para un bebé moi pequechiño. As mulleres mormonas teñen corazón de nai. Non poderán negarche unha cunca de leite para un bebé tan pequechiño.

E Laban tentouno, mais –como lle dixó logo ó meu pai–, non puido ver ningunha muller mormona. Tan só os homes, que o obrigaron a marchar.

Aquel era o derradeiro posto mormón. Alén del, estendíase o vasto deserto, e, ó outro lado deste, a terra prometida, aí, a terra mítica, de California. Mentres os nosos carromatos saían de Cedar City á mañanciña, eu, sentado onda o meu pai, no asento do condutor, vin a Laban dar renda solta ós seus sentimentos. Leváramos, non sei, coma un quilómetro, e estábamos coroando un pequeno outeiro que nos quitaría Cedar City da vista, cando Laban virou o cabalo, parou en seco e ergueuse sobre os estribos. Alí diante

había unha sepultura acabada de facer, e decateime de que era a do bebé dos Wainwright –aínda que non a primeira feita dende que cruzáramos as montañas de Wasatch.

Laban, aquel home fantástico e misterioso, avellentado e ensumido, de cara longa, meixelas afundidas, cabelo ardido e enguedellado que lle chegaba por debaixo dos ombros, sobre a camisa de ante; Laban, coa faciana deformada pola carraxe e a impotencia, suxeitou o rifle coa man na que levaba a brida e, erguendo o puño da outra, berrou contra Cedar City:

– Que a maldición de Deus caia sobre vós! Sobre os vosos fillos e sobre os bebés que aínda non naceron! Oxalá que unha seca destrúa as vosas colleitas! Oxalá que teñades que comer area sazonada con veneno de serpe! Oxalá que as doces augas das vosas fontes deveñan amargas e alcalinas! Oxalá que...

Nise intre, deixei de sentir as súas palabras, afogadas polo renxer dos carromatos; mais, polo xeito no que axitaba os ombros e brandía o puño, comprendín que a penas empezara a soltar a súa maldición. A cal, de certo, expresaba o sentimento xeral da caravana, xa que moitas mulleres empezaron a asomar polos carromatos os seus mirrados e osudos brazos, e a ameazar cos seus puños deformados polos labores ata o último mormón. Un home, que ía a pé pola area, aguillando o boi do carromato posterior ó noso, riu alzando a aguillada. Algo infrecuente daquela, o riso na nosa caravana, pois levabamos moitos días sen escoitar un.

– Ó inferno con eles, Laban! –encirrouno–. Eu sinto o mesmo.

E, mentres a caravana seguía avanzando, eu volvíame de cando en vez para ver a Laban, ergueito sobre os estribos, ante a tumba do neno. Realmente era unha figura increíble, co seu cabelo longo, os seus mocasíns e as súas polainas con flocos. A súa camisa de ante estaba tan vella e estragada polo ventimperio que algúns dos seus gloriosos flocos acabaran sendo, nalgúns partes, simples farrapos. Laban era un home de retallos voadores. Lembro que unha vez, xa avanzada a viaxe, vin pendurando da súa cintura unhas guedellas de pelo sucias e enmarañadas que, logo do balón que acababa de caer, adquiriran un ton negro brillante. Decateime de que eran cabeleiras de indios, e sempre que as vía me daban arrepiós.

– Sentaralle ben –comentou o meu pai, máis para si mesmo que para min–. Levaba días a piques de estoupar.

– Gustaríame que volvese alí e trouxera un par de cabeleiras –atrevínme a dicir.

Padre botoume unha ollada burlona.

– Así que non che gustan os mormóns, eh, fillo?

Eu neguei coa cabeza e sentín como o odio amoreado durante días se apoderaba de min.

– Cando sexa maior –dixen logo dun intre– vou nos matar a tiros.

– Jesse! –sentín a voz da miña nai rifándome dende o interior do carromato–.

Cala agora mesmo!

E logo ó meu pai:

– E ti? Debería darche vergoña deixar que o neno fale así.

Dous días levounos chegar a Mountain Meadows, e alí, ben afastados do derradeiro asentamento mormón, deixamos de facer, por primeira vez, o campamento en círculo. Os carromatos formaban un curro, si, pero deixando moito espazo entre eles, e sen atarmos as rodas con cadeas. Dispuxemos todo o necesario para pasar unha semana alí. O gando tiña que coller forzas para cruzar o verdadeiro deserto, aínda que aquilo xa estaba abondo deserto. Arrodeábanos os mesmos cotarelos, pero agora cubertos a cachos por algunhas matogueiras. A chaira era areosa, pero aínda se vía algo de herba –máis da que atoparíamos logo polo camiño. A uns trinta metros do campamento, había un pequeno manancial que a penas abondaba para cubrir as nosas necesidades. Pero, un pouco máis aló, nas abas dos cotarelos, había outros pequenos mananciais, e alí levaron a abeberar o gando.

Aquel día acampamos cedo, e, como planeamos ficar unha semana, as mulleres fixeron unha recollida xeral de roupa sucia, que ían empezar a lavar esa mesma mañá. Todo o mundo traballou ata a noite. Mentres algúns dos homes aquelaban os arneses, outros arranxaban os chedeiros e as ferraxes dos carromatos. Armaron un bo rebumbio quentando e martelando o aceiro, apertando os parafusos e as torcas. Lembro ver a Laban sentado, coas pernas cruzadas, á sombra dun carromato e cosendo ata a noite un par novo de moccasins. Era o único dos nosos que levaba moccasins e camisa de ante, e teño a impresión de que non pertencía á nosa compañía cando esta marchou de Arkansas. Tampouco tiña muller, nin familia, nin carromato de seu. Todo canto posuía era o seu cabalo, o seu rifle e as roupas que levaba postas. Ah, e un par de mantas que lle gardaban os Mason no seu carromato.

Á mañá seguinte foi cando se abateu sobre nós a desgraza. Tras dous días de viaxe dende o derradeiro posto mormón, sabendo que non había indios polos arredores e

que, daquela, non tiñamos nada que temer, deixamos por primeira vez de encadear os carromatos formando un sólido círculo, de vixiar o gando e de facer roldas nocturnas.

O meu espertar foi de pesadelo. De súpeto sentín un estoupido. Ó principio, aínda estaba medio adurmiñado, así que non fixen nada agás tentar analizar e identificar os distintos rúidos que conformaban aquel estoupido que seguía a oír. Preto e lonxe de min, sentía os tiros dos rifles, os berros e as maldicións dos homes, os chíos das mulleres e os choros dos nenos. Logo distinguín os asubíos e os impactos secos das balas contra a madeira e o aceiro das rodas, contra os chedeiros do carromato. Fora quen for o que estaba a disparar, o seu branco estaba demasiado baixo. Cando empecei a erguerme, a miña nai, que estaba acabando de vestirse, abaixoume coa man. O meu pai, que xa estaba levantado, entrou nese intre e berrou:

– Fóra de aquí! Rápido! Tirádevos ó chan!

Sen perder un segundo, asíndome cunha man que máis ben semellaba unha pouta, sacoume dun tirón velocísimo pola parte traseira do carromato. Eu a penas conseguira arrastrarme polo chan cando padre, madre e o bebé se me uniron a escape.

– Aquí, Jesse! –berrou o meu pai, e eu púxenme a escavar canda el, parapetados tras unha roda do carromato. Madre uniuse a nós, e os tres escavamos a toda présa cos dedos e as palmas das mans.

– Apura, Jesse, hai que facelo máis fondo –ordenoume o meu pai.

El levantouse e saíu frechado baixo a luz gris do amencer, dando ordes mentres corría. (Daquela souben cal era o meu apelido. Eu era Jesse Fancher, e padre, o capitán Fancher.)

– Tombádevos! –sentílle dicir–. Poñédevos tras as rodas e acubilládevos na area! Os homes casados: sacade as mulleres e os nenos dos carromatos! Alto o fogo! Non disparedes máis! Parade e preparádevos para o ataque! Os homes solteiros: poñédevos con Laban á dereita, con Cochrane á esquerda, e comigo no centro! Non fiquedes de pé! Seguid a rastro!

Pero non houbo ataque. Durante un cuarto de hora, proseguíu o fogo pesado e irregular. O peor acontecera durante os primeiros momentos de sorpresa, cando algúns dos primeiros homes en se ergueren quedaran expostos á luz das cacheiras que fixeran. Entón os indios –pois eran indios, segundo Laban– atacáronnos a campo aberto, disparando dende o chan. Cando a luz medrou algo, padre xa estaba pronto para

recibilos. Estaba apostado preto do acubillo de area onde eu xacía tombado xunto á miña nai, así que puideron sentilo berrar:

– Agora! Asemade!

Todos os homes comezaron a disparar dende a esquerda, a dereita e o centro, soltando unha descarga conxunta. Eu levantei un nada a choliña, e vin que lle deran a máis dun indio. O fogo cesou decontado, e entón ollei como os indios se repregaban a campo aberto, arrastrando os seus mortos e os seus feridos.

Agora tiñamos por diante un duro traballo. Mentres algúns empurraban e encadeaban os carrmatos en círculo –xunto coas mulleres, os nenos e as nenas, que botaron unha man empuxando as rodas–, ata deixaren os cabezallos mirando cara ó centro, outros fixemos reconto dos estragos. O primeiro, e máis grave de todos, foi que os animais que nos quedaban fuxiran espantados. O segundo, que, deitados onda as fogueiras que fixeran esa mañá, xacían sete dos nosos homes. Catro estaban mortos, e tres moribundos. Outros cantos homes, feridos, estaban a ser atendidos polas mulleres. O pequeno Rish Hardacre recibira un tiro no brazo. Non tiña máis que seis anos, o pobre, e eu lémbrome fitándoo coa boca aberta mentres a súa nai o collía no colo e o seu pai lle vendaba a ferida. O pequeno Rish deixara de chorar. Recordo como lle esvaraban as bágoas polas meixelas mentres el ollaba pampo a estela do óso roto que lle asomaba polo antebrazo.

Granny White apareceu morta no carrmato dos Foxwell. Era unha muller grosa, vella e desvalida que non facía outra cousa que estar sentada decote e fumar a súa pipa. Era a nai de Abby Foxwell. E tamén morrera a señora Grant. O seu home estaba sentado xunto ó cadáver. Ben tranquilo. Sen rastro de bágoas nos ollos. Tan só estaba alí, co rifle sobre as pernas, e ninguén se atreveu a amolalo.

Seguindo as directrices de padre, todos nos puxemos a choiar coma unha familia de castores. Os homes cavaron unha trincheira grande no centro do curro, facendo parapetos coa area que quitaban. As mulleres foron carretando, dende os carrmatos ata a trincheira, catres, mantas, comida e todo aquilo que lles pareceu necesario. Todos os nenos axudamos. Non se oíu a menor queixa, e a penas houbo nerviosismo. Había moito que facer, e nós eramos xentes traballadoras.

A trincheira grande era para as mulleres e os nenos. Para os homes que ían loitar, cavouse outra máis estreita, toda ó redor do círculo, e coroada por un pequeno terraplén.

Daquela chegou Laban, que fora explorar o terreo, e díxonos que os indios recuaran uns oitocentos metros, e que estaban a ter unha *pow-wow*.⁴⁶ Tamén os vira sacar do campo de batalla seis dos seus guerreiros, tres dos cales –dixo– estaban máis que mortos.

De cando en vez, durante a mañá daquel primeiro día, vimos nubes de po que nos advertían dos movementos dun considerable número de xinetes. Nubes que se achegaban a nós, cercándonos por todas partes. Pero non vimos ningún ser vivente entre elas, das cales tan só unha se afastou de nós. Era unha nube enorme, e todos coincidiron en que aquela poeira era a do gando que nos estaban a roubar. E velaí estábamos nós: corenta carromatos que atravesaran as Montañas Rochosas e a metade do continente parados nun círculo indefenso. E sen gando co que poderemos proseguir.

A mediodía, Laban volveu doutra exploración. Dixo que vira chegar indios de reforzo polo sur, o cal demostraba que estábamos sendo cercados. Foi entón cando vimos aparecer unha ducia de homes brancos galopando por un cotarelo que había ó leste, e que se nos quedaron mirando.

– Cata que ben! Isto aclárao todo –dixo Laban ó meu pai–. Foron eles os que encirraron os indios.

– Eles son brancos coma nós –sentín a Abby Foxwell laiarse á miña nai–. Por que non veñen axudarnos?

– Porque non son brancos –interviñen eu de socate, vixiando por se a miña nai tentaba taparme a boca–. Son mormóns.

Ó pechar a noite, tres homes novos –Will Aden, Abel Milliken e Timothy Grant– saíron do campamento. Eu vinos marchar.

– Van pedir axuda a Cedar City –díxolle meu pai á miña nai mentres ceaba algo apuradamente.

Madre meneou a cabeza.

– Hai unha chea de mormóns á carreiriña dun can dende o campamento –dixo–. Se non queren axudarnos –como así parece–, tampouco o farán os de Cedar City.

– Xa, pero hai mormóns bos e mormóns ruíns...

– Ha! Pois aínda non batemos con ningún bo! –caloulle a boca a miña nai.

Ata a mañá seguinte, non souben do regreso de Abel Milliken e Timothy Grant, mais decontado sentín falar do asunto. Todo o campamento estaba amoucado pola noticia que trouxeron. A penas recorreran uns quilómetros cando os detiveron uns

homes brancos. En canto o pobre Will Aden abriu a boca para contarlles que eran da compañía Fancher e que ían pedir axuda a Cedar City matárono a tiros. Milliken e Grant liscaron de milagre e volveron para contar a noticia, a cal non viña senón liquidar a derradeira esperanza que albergaban os nosos corazóns. Aqueles brancos, en efecto, foran os que atouzaran os indios, e o cativo destino que viñamos presentindo dende había tempo estaba agora a piques de botársenos enriba.

Aquela mañá do segundo día, os homes que ían buscar auga foron tiroteados. O manancial tan só estaba a uns trinta metros do campamento, pero o camiño ata el estaba controlado polos indios, que agora ocupaban a pequena lomba que había ó leste. Non era moita distancia, pois a lomba estaba a uns setenta e cinco metros de nós. Pero os indios non debían de ser moi bos tiradores, porque os nosos trouxeron a auga sen sufrir nin un rabuño.

Bardante algún tiro ocasional, a mañá transcorreu tranquila no campamento. Instalámonos na trincheira e, como estabamos afeitos á vida dura, estivemos abondo cómodos nelas. As que peor o levaron foron, por suposto, as familias daqueles que morreran, e amais houbo que curar os feridos. Eu escapaba arreo da miña nai, levado pola insaciable curiosidade de ollar todo o que estaba a pasar, e decateime de case todo. Dentro do curro, na zona sur da trincheira, os homes cavaron unha foxa común e enterraron os sete homes e as dúas mulleres. Tan só a señora Hastings, que perdera o seu home e o seu pai, deu problemas. Empezou a chorar e a berrar, e as outras mulleres tardaron un bo cacho en tranquilizala.

No cotarelo que había ó leste, xuntáronse os indios armando un tremendo rebulicio. Pero, quitado algún tiro ocasional e inofensivo, non fixeron ren.

– Que diaños fan os alporizados? –quixo saber Laban, cada vez máis impaciente–. Por que non se deciden dunha vez e fan o que teñan que facer?

Esa tarde ía moita calor. O sol espellaba naquel ceo sen nubes, e non corría nin unha pequena airexa. Os homes, deitados cos seus rifles na trincheira pequena, su os carromatos, tiñan algo de sombra; pero nós, o cento de nenos e de mulleres que estabamos na grande, quedáramos expostos a todo o poder do sol. Connosco, amais, estaban os feridos, para os que fixemos unha sorte de toldos coas mantas. Estabamos amoreados e abafados naquel inferno, do que eu liscaba de cando en vez á primeira liña, armando moito rebumbio e facendo de mensaxeiro do meu pai.

O noso grave erro foi non facermos o círculo ó redor do manancial. Un fallo debido ó nerviosismo que nos causou o primeiro ataque, e ó feito de non sospeitarmos que o segundo se produciría decontado. E agora xa era demasiado tarde. Como a lomba onde se apostaran os indios estaba a menos de cen metros de distancia, non nos atreviamos a desencadear os carromatos. Dentro do curro, ó sur das tumbas, fixemos unha latrina, e, ó norte da trincheira grande, un par de homes cavaron un pozo por orde de padre.

No serán daquel día, que para nós era o segundo, vimos de novo a Lee. Ía camiñando, cruzando en diagonal un ermo en dirección noroeste, fóra do alcance dos nosos rifles. Padre izou unha das sabas da miña nai coa axuda dun par de ósos de boi atados: a nosa bandeira branca. Pero Lee proseguiu o seu camiño, facendo caso omiso dela.

Laban estivo a piques de tentar alcanzalo dun tiro, pero Padre detívoo, dicíndolle que era obvio que os brancos aínda non decidiran que facer con nós, e que, se lle disparaba a Lee, podía poñelos definitivamente na nosa contra.

– Ven aquí, Jesse –díxome o meu pai, rachando un cacho da saba e atádoa a un óso de boi–. Leva isto e tenta falar con ese home. Non lle contes nada da nosa situación. Tan só tenta facer que veña falar con nós.

Cando xa estaba a marcharme, co peito enchido de orgullo pola misión que me encomendaran, Jed Dunham, un rapaz da miña idade, berrou que quería vir comigo.

– Dunham, deixas ir o teu fillo con Jesse? –preguntoulle o meu pai ó seu–. Mellor que vaian os dous, para coidaren o un do outro.

Así que Jed e máis eu, dous cativos de nove anos izando a bandeira branca, fomos parlamentar co xefe dos inimigos. Pero Lee non quería falar. Cando nos viu, empezou a liscar. Non fomos quen de achegarnos abondo para que el nos sentira, e, logo dun cacho, debeu de agocharse nun mato, pois non volvemos albiscalo, aínda que nós sabiamos que non podía andar moi lonxe.

Buscamos en todas as matogueiras que había en cen metros á redonda. O meu pai non nos dixera deica onde podíamos chegar, e, como os indios non nos dispararon, seguimos adiante. Estivemos unhas dúas horas buscando. De ir eu só, probablemente volvera ó cuarto de hora. Mais, como iamos xuntiños, os dous estabamos obrigados a demostrarlle ó outro o valentes que eramos.

A nosa loucura non foi en van. Camiñamos un bo treito, sen máis armas que a nosa afouteza e aquela bandeira branca. E, grazas a iso, decatámonos de ata que punto estaba cercado o campamento. Ó sur do noso curro, a uns dous quilómetros de distancia, albiscamos un gran campamento indio. E, un pouco máis aló, puidemos ver uns nenos indios galopando nos seus cabalos.

Daquela, estaba ben claro que os indios se apostaran naquel outeiro do leste. Consequimos gabar ata o cimo dun cotarro para ver exactamente onde estaban. Botamos unha media hora contando cantos eran, e concluímos, despois de moito dubidar, que había polo menos un par de centos. Tamén enxergamos uns cantos homes brancos que, a xulgar polos seus movementos, parecían estar falando con eles.

Ó noroeste do campamento, a uns catrocentos metros de distancia, descubrimos outro grande campamento, pero esta vez de brancos, pé dun montecelo. E, máis aló, albiscamos uns cincuenta ou sesenta cabalos de montar pastando. E, a un quilómetro e medio ou así, cara ó norte, divisamos unha nubiña de po achegándose. Jed e máis eu ficamos alí, esculcando, ata que vimos un xinete entrando a galope no campamento dos brancos.

Cando tornamos ó curro, o primeiro que recibín foi un lapote da miña nai por afastarmos tanto; pero padre felicítounos os dous tras contarmos o que viramos.

– Se cadra están preparándose para atacarnos, Capitán –díxolle Aaron Cochane ó meu pai–. Ese home que viron os nenos veu a galope por algo. Os brancos están contendo os indios ata recibiren novas ordes de arriba. Se cadra tróuxoas ese xinete, nun senso ou noutro. O que está claro é que non escatiman cabalos.

Unha hora e media despois de que nós regresamos, Laban tentou ir parlamentar con eles portando a bandeira branca. Mais aínda non andara cincuenta metros fóra do círculo cando os indios abriron fogo sobre el, obrigándolle a tornar á carreira.

Xunto antes da noite, eu estaba na trincheira grande sostendo o bebé, mentres madre estendía as mantas para facer unha cama. Alí non cabía un alma, estabamos todos aconchegados, os uns enriba dos outros. Había tan pouco espazo que moitas das mulleres pasaran a noite anterior sentadas, durmindo coa cabeza apoiada nas pernas. Xusto ó meu carón, tan apegado a min que cando movía os brazos me mancaba un ombro, agonizaba Silas Dunlap. O pobre feríranos na cabeza durante o primeiro ataque, e

pasara todo aquel día aloulado, delirando e cantando coplas. Unha desas cancións, que el cantaba sen parar e que poñía a miña nai dos nervios, dicía:

Dixo o primeiro diañiño ó segundo diañiño:

«Dame un chisco de tabaco pra fumare da túa caixa».

Dixo o segundo diañiño ó primeiro diañiño:

«Garda ben os teus cartiños no fondo da túa faixa.

Así sempre terás tabaco pra fumare na túa caixa...»

Eu estaba apegadiño a el, sostendo o bebé no colo, cando empezou o segundo ataque. Xa chegara a noiteña, e eu non podía afastar os ollos do pobre Silas Dunlap, que estaba no derradeiro acto do seu penoso morrer. Sarah, a súa muller, acariñáballe a fronte, mentres a tía Martha e máis ela choraban baixiño. E entón ocorreu aquilo: un ballón de estoupidos e de balas provocado por centos de rifles. Espallados de leste a oeste polo norte, formando un semicírculo, os nosos inimigos disparaban arreo sobre a nosa posición. Todo o mundo se botou corpo á terra na trincheira. Os nenos máis pequenos empezaron a berrar, por moito que as súas nais tentaban acougalos. Tamén algunhas mulleres chiron ó principio, pero non moitas.

En cinco minutos choveron sobre nós milleiros de balas. Como arelaba eu achegarme a rastro deica á trincheira que había debaixo dos carromatos, onde os nosos mantiñan un fogo constante pero irregular! Cada un de nós disparaba mentalmente cada vez que viamos un dos nosos apertar o gatillo. Pero madre debeu de sospeitar as miñas intencións, pois obrigoume a acocharme e retívome poñéndome o neno no colo.

Eu estaba botándolle outra ollada a Silas Dunlap –que non paraba de tremer– cando o bebé dos Castleton foi alcanzado por unha bala. Dorothy, a súa irmá de tan só dez anos, tíñao no colo cando aconteceu, así que o pequeno morreu nos seus brazos. Pero ela non sufriu nin un rabuño. Seino porque os sentín falaren diso, e eles coidaban que a bala dera na parte de enriba dalgún carromato e rebotara en dirección á trincheira. Un desgraciado accidente, dixeron, pois, a non ser que se repetira outro accidente coma ese, alí estabamos a salvo.

Cando volví mirarlle a Silas Dunlap, o home xa estaba morto, e eu fíquei un pouco chafado, a verdade, por perder semellante acontecemento. Endexamais tivera a sorte de ver morrer unha persoa xusto diante dos meus ollos.

Dorothy Castleton púxose histérica polo que acababa de acaecer, e estivo berrando e chiando un bo cacho, ata o punto de a que señora Hastings volveu romper a chorar. Entre as dúas armaron tal batifondo que padre acabou pedíndolle a Watt Cummings que se achegara a rastro ata a nós a ver que diaños pasaba.

Ben entrada a noite, cesou por fin o fogo continuo, aínda que pola noite seguiron sentíndose algúns disparos illados. Dous dos nosos homes resultaron feridos naquel segundo ataque, e foron trasladados á nosa trincheira. Bill Tyler morreu decontado, e foi enterrado, canda Silas Dunlap e o bebé dos Castleton, ás escuras, a par dos demais.

Durante toda a noite, os homes foron relevándose, un ó outro, para afondar o pozo, mais o único sinal de auga que atoparon foi a area húmida. Algúns foron buscar uns cantos baldes de auga ó manancial, pero disparáronlles e tiveron que desistir do seu intento cando feriron a Jeremy Hopkins no pulso da man esquerda.

Na mañá do terceiro día, foi máis calor e segura que nunca. Espertamos asurados, e, inda por riba, non había nada que cociñarmos. De todos os xeitos, tiñamos a boca tan seca que non podíamos nin mastigar. Eu probei un anaco de pan duro que me deu a miña nai, pero tiven que deixalo. O fogo volvía comezar e rematar de xeito intermitente. Ás veces chegaban centos de balas ó campamento, e, outras, reinaba un calma tensa na que non se oía nin un disparo. Padre estaba cadora avisando os nosos homes para que non malgastaran as balas, porque lles quedaba moi pouca munición.

E, a todo isto, os homes seguían a cavar o pozo. Xa era tan profundo que tiñan que izar os cubos de area. Os que os izaban estaba expostos ó fogo, e de feito un deles foi ferido nun ombro. Peter Bromley, o que guiaba os bois do carromato dos Bloodgood, pois estaba prometido con Jane, a filla destes. Jane saíu correndo da trincheira, foi directa a el baixo un balón de balas e deu en traelo a rastro deica o refuxio. A iso do mediodía, o pozo esborrallouse, e houbo que cavar arreo para sacar os dous homes enterrados na area. Amos Wentworth tardou unha hora en volver en si. Despois daquilo, os homes madeiraron o pozo con táboas dos chedeiros e dos cabezallos antes de volveren cavar. Pero todo o que conseguiron extraer –malia estaren a seis metros baixo terra– foi area húmida. A auga seguía sen rever.

Daquela, as condicións na trincheira eran terribles. Os nenos queixábanse da falla da auga, e os bebés, aínda roucos de tanto choraren, seguían a chorar. Robert Carr, outro home ferido, xacía a uns tres metros de madre e de min. Estaba fóra de si, e non

paraba de sacudir os brazos violentamente, pedindo auga. Algunhas das mulleres estaban case tan mal coma el, e non deixaban de esbardallar contra os mormóns e os indios. Outras rezaban decote, e a señora Demdike e as súas tres fillas maiores cantaban himnos relixiosos. Outras, en fin, collían presadas da area húmida que sacaran os homes do pozo e enzoufaban os corpos espidos dos seus pequechos para tentaren refrescalos e acougalos.

Os dous irmáns Fairfax xa non puideron aturar máis, e, armados con cadanseus baldes, arrastráronse por debaixo dun carromato e fixéron unha escapada ó manancial. Giles caeu antes de percorrer a metade do camiño, pero Roger deu en ir e volver ileso. Trouxo os seus dous baldes medio cheos, pois verteu parte da auga mentres corría. Giles tornou a rastro, e, cando o axudaron a meterse na trincheira, estaba tusindo e sangrando pola boca.

A escasa auga deses baldes non podía saciar a asura das cento e pico persoas que estabamos alí —e sen contarmos os homes. Tan só os bebés, os nenos máis pequenos e os feridos beberon algo. Eu non recibín nada, pero a miña nai mollou un anaco de tea na pouca que lle deron para o bebé e humedeceume a boca con el. É máis: no canto de facer o mesmo por ela, entregoume o farrapo mollado para que o chuchase.

A situación empeorou de todo pola tarde. O sol inmóbil aseteábanos a través do ar en calma, convertendo a nosa furna na area nun forno. E todo o que se oía por enriba das nosas cabezas eran os disparos dos rifles e os alaridos dos indios. Tan só de cando en vez o meu pai permitía que se disparase algún tiro, e sempre a algún dos nosos mellores tiradores, como Laban e Timothy Grant, mentres que nós estabamos a recibir unha corrente continua de chumbo. Ende ben, non houbo máis accidentes desgraciados, e os homes que, como xa non disparaban, estaban agora na trincheira, xacían a salvo. Tan só catro estaban feridos, e, deles, tan só un de gravidade.

Padre veu onda nós nun daqueles recesos. Sentou uns minutos a son da miña nai e de min sen falar. Semellaba estar a sentir os laios e os berros de toda a xente que pedía auga. Saíu da trincheira e foi ver como estaba o pozo. Pero o único que trouxo foi unha pouca area húmida coa que emplastou o peito e os ombros de Robert Carr. Logo foi ver a Jed Dunham e a súa nai, e mandou buscar o padre de Jed, que estaba na outra trincheira. Como estabamos tan amoreados, cando un quería moverse pola trincheira, tiña que andar a gachas sobre os corpos daqueles que estaban deitados.

De alí a un cacho, padre volveu a rastro onda nós.

– Jesse –preguntoume–, tes medo dos indios?

Eu neguei coa cabeza enfaticamente, coidando que me ía enviar a outra gloriosa misión.

– Tes medo dos malditos mormóns?

– Non lle teño medo a ningún deses malditos –respondín, aproveitando a oportunidade de insultar os nosos inimigos sen temor a que miña nai me tapara a boca, e ollando o pequeno sorriso que por un intre alongou os cansados beizos do meu pai ó sentir a miña resposta.

– Moi ben, Jesse. Daquela, atrévete a ir con Jed ó pozo e traer uns baldes de auga?

E eu era todo arela.

– Imos disfrazarvos de nenas –prosegiu–, pois pode que así non vos disparen.

Eu insistín en ir tal e como era, coma un home feito e dereito que xa levaba pantalóns, pero logo claudiquei, cando padre dixo que, daquela, buscaría outro rapaz disposto a disfrazarse para ir con Jed.

Houbo que traer a hucha que tiñan os Chattox no carromato, porque as fillas destes eran xemelgas e tiñan, máis ou menos, a mesma altura ca nós. Varias mulleres amorearonse ó redor para axudar. Puxéronnos os vestidos de domingo das xemelgas Chattox, que viñeran dende Arkansas gardados na hucha.

Madre estaba tan desacougada que lle deixou o bebé a Sarah Dunlap e veu onda min á trincheira pequena. Alí, baixo un carromato e tras un parapeto de area, Jed e máis eu recibimos as últimas instrucións. Logo saímos a rastro e erguémonos no campo aberto. Iamos exactamente iguais: cuns calcetíns brancos, uns vestidos brancos, uns grandes lazos azuis e uns chapeus brancos. Jed ía á miña esquerda, collido da miña man, e na man que tiñamos libre levabamos cada un dous baldiños.

– Tranquilos –advertiunos o meu pai, cando empezamos a avanzar–. A modo. Como camiñan as nenas.

Non se oíu nin un só disparo. Chegamos ó pozo como se nada, enchemos os baldes, anicámonos e bebemos, nós mesmos, canto quixemos. Cun balde rebordante de auga en cada man fixemos o camiño de volta. E tampouco entón nos dispararon.

Non podo lembrar cantas viaxes fixemos... Unhas quince ou vinte, creo. Camiñabamos paseniño, collidos sempre da man, e sempre volvíamos paseniño, con

catro baldes de auga. Era abraiante a sede que tiñamos. Anicámonos varias veces onda o manancial e bebemos uns bos grolos.

Pero aquilo foi demasiado para os nosos inimigos. De feito, eu non podía crer que os indios deixaran de disparar tanto tempo, por moi nenas que fomos, a non ser que obedeceran ordes dos brancos que estaban con eles. O caso e que, cando Jed e máis eu nos dispoñiamos e emprender outra viaxe, vimos asomar un rifle polo outeiro dos indios, e logo outro.

– Volvede! –berrou a miña nai.

Eu mirei para Jed e vin que el miraba para min. Eu sabía que el era teimudo e que estaba disposto a ser o último en tornar. Así que empecei a camiñar, e, nese mesmo intre, el fixo outro tanto.

– Ti! Jesse! –berrou a miña nai, e, polo maneira en que o dixo, comprendín que me agardaban uns bos azoutes.

Jed fixo por collerme a man, pero eu neguei coa cabeza.

– Corramos por ela –díxenlle.

E, mentres cruzabamos pola area a fume de carozo, sentimos como se os indios descargaran contra nós todos os seus rifles. Eu cheguei ó manancial un chisquiño antes, así que Jed tivo que esperar para encher os seus baldes.

– E agora corre ti –espetoume; e, pola tranquilidade coa que se puxo a encher os baldes, decateime de que estaba decidido a ser o último.

Así que me aniquei ó seu carón, e, mentres o esperaba, fitei as pequenas nubes de po que levantaban as balas ó dar no chan, ata que, por fin, empezamos a volver correndo.

– Non vaias tan rápido –advertinlle– ou verterás a metade da auga.

Aquilo picouno, e Jed minorou abondo a marcha. Eu tropecei a metade do camiño e caín de narices ó chan. Unha bala foi rebotar xusto diante de min, enchéndome os ollos de area. Por un intre coidei que me deran.

– Fíxéchelo adrede! –rosmou Jed mentres eu me levantaba como podía.

Cando o vin alí parado, agardándome, comprendín o que coidaba. Cría que eu fixera por caer para derramar a auga e ter que volver por máis. A nosa rivalidade era un asunto serio –tan serio que, aproveitando a acusación que el me fixera, volví frechado ó manancial. E el, o teimudo de Jed Dunham, ficou alí de pé, ó descuberto, desafiando as balas que levantaban nubes de po ó seu redor mentres me agardaba. E tornamos

asemade, e recibimos os mesmos honores pola nosa temeridade infantil. Mais cando entregamos os baldes, Jed tan só tiña un cheo: unha bala atravesara o outro cabo do fondo.

Madre botoume unha boa rifa por non obedecela. Ela sabía que, despois do que eu fixera, padre non ía deixala zoscarme; de feito, mentres ela me sermonaba, el, que estaba detrás, chiscoume o ollo.

Ó volvermos á trincheira, fomos recibidos coma heroes. As mulleres choromicaban e bendiciánnos, bicábannos e axitábannos. E eu hei confesar que me sentín ben orgulloso, por moito que dixera –igual ca Jed– que tampouco era para tanto. Jeremy Hopkins, que levaba vendado o moqueno do seu pulso esquerdo, dixo que tiñamos a madeira da que están feitos os grandes homes brancos –homes coma Daniel Boone, coma Kit Carson e coma Davy Crockett. E iso fixome sentir máis orgulloso que todo o demais.

O resto do día paseino amolado, sobre todo a causa da dor que sentía no ollo dereito por mor da area que me metera dentro aquela bala. Segundo a miña nai, estaba vermello, e a min doíame tanto se o tiña aberto como pechado: daba igual o que fixera.

A situación mellorou un chisco na trincheira, pois agora cando menos tiñamos auga para beber, aínda que non deixáramos de preguntarnos como diaños conseguiríamos máis cando esta se esgotase. Amais, case que non nos quedaba munición. Despois de remexer en todos os carromatos, padre volveu cuns tres quilos de pólvora, e os homes tiñan unha pouca máis nas súas petacas.

Ó lembrar o ataque da noitiña anterior, decidín anticiparme ó que puidera vir, arrastrándome deica a trincheira pequena denantes de que se puxera o sol. Reptei deica o lugar onde se apostara Laban. El estaba entretido mascando tabaco e non se decatou da miña presenza. Fiquei un cacho fitándoo, temendo que me descubrira e me ordenara volver. El seguía mirando de esguello por entre as rodas do carromato, mastigaba un chisco de tabaco e logo cuspiáo coidadosamente nunha pequena concavidade que fixera na area.

– Que tal vai a cousa? –pregunteille finalmente, empregando as mesmas palabras coas que el adoitaba dirixirse a min.

– Ben –respondeume–. Tan ben, Jesse, que por fin volvo mascar tabaco. Tiña a boca tan seca que, dende que saíu o sol ata que trouxestes a auga, non puíden mascar.

Entón vimos asomar unha cabeza e uns ombros no cimo do cotarelo que ocupaban os brancos pola banda nordeste. Laban apuntou o fulano durante un longo minuto antes de menear a cabeza e dicir:

– Catrocentos metros. Non, mellor non arriscarme. Podería darlle, pero tamén podería fallar, e o teu pai está moi preocupado pola escaseza de pólvora.

– Que posibilidades cres que temos? –preguntei coma se fose un home, pois, logo da miña expedición á procura de auga, sentíame todo un home.

Laban pareceu considerar minuciosamente o problema antes de responderme:

– Jesse, non me importa dicirte que estamos metidos nun maldito buraco do Demo. Pero sairemos del, carafío! Vaia si sairemos. Podes apostar o teu último dólar a que si.

– Algúns dos nosos xa non sairán –obxectei.

– Quen, por exemplo?

– Pois Bill Tyler. E a señora Grant. E Silas Dunlap, e todos os demais.

– Xa, recoiro, Jesse... É certo: agora están baixo terra. Pero, sabes? Todo o mundo ha enterrar a algún morto cando fai unha viaxe tan longuísim... Coido que así vén sendo dende hai milleiros de anos. E, inda así, agora hai máis xente viva que nunca... Xa o ves: o nacemento e a morte van sempre da man. A xente nace coa mesma rapidez coa que morre... Máis á présa, incluso, porque está a medrar e a se multiplicar arreo... Ti, por exemplo, puideches morrer esta tarde, indo por auga. Pero velaquí estás, non si?, parolando comigo, e probablemente medrarás e serás pai dunha grande familia en California. Porque alí todo é grande, disque...

Aquela maneira tan leda de ver as cousas animoume a expresar un desexo longamente acariñado.

– Oe, Laban... Supoñamos que te matan aquí...

– A quen? A min? –berrou.

– Tan só é unha suposición –expliqueille.

– Unha suposición, de acordo. Sigue. Supoñamos que me matan...

– Daquela, regalaríasme as túas cabeleiras?

– Arrea, Jesse! Pero... a túa nai zoscaríate se te pillara con elas... –argumentou.

– Xa, pero non teño porque levalas encima cando ela estea diante... En fin, só digo que, se te matan, alguén terá que facerse cargo delas, non si? E por que non eu, Laban?

– Por que non? –repetiu–. Tes razón, por que non ti? De acordo, Jesse. Cáesme ben, igual có teu pai. No mesmiño intre no que me maten, as cabeleiras serán túas. E o coitelo para cortalas tamén. E aquí está Timothy Grant coma testemuña, non é?

Timomthy dixo que si, que o sentira todo. E eu quedei pampo, mudo, deitado naquela abafante trincheira, tan superado pola miña inmensa fortuna que nin sequera era quen de articular unha palabra de agradecemento.

Si, aquela era a recompensa que eu recibía por ser previsor e ir deica a trincheira. De feito, houbo outro ataque á tardiña, e milleiros de balas choveron sobre nós. Ende ben, ningúns dos nosos resultou ferido. En canto ós seus, aínda que nós só fixemos trinta disparos, vin que Laban e Timothy Grant mataban cadanseu indio. Laban díxome que, dende o principio, tan só dispararan ós indios. Estaba certo de que ningún dos brancos tirara un tiro. Cousa que o tiña desconcertado. Pois os brancos nin nos axudaban nin nos atacaban, e, en canto e non, mantiñan trato cos indios, que eran quen nos axexaban.

Pola mañá, tivemos que afrontar de novo o tremendo problema da sede. Eu xa estaba fóra ó raiar o día. Había moito orballo, así que homes, mulleres e nenos puxémonos a lambar os cabezallos, os freos, as lamias das rodas dos carromatos...

Disque Laban fixera unha nova exploración antes do amencer; disque chegara a rastro deica a posición dos brancos; disque xa estaban levantados; e disque, á luz das súas cacheiras, víraos rezaren formando un grande círculo. Tamén contou que, polas poucas palabras que puido sentir, os mormóns rezaran para pedir por nós e para saber que facer con nós.

– Deus os ilumine –dixo unha das irmás Demdike a Abby Foxwell.

– Si, e axiña –respondeu esta–, pois non sei como imos estar un día enteiro sen auga, e case que sen pólvora...

Ende ben, non pasou nada en toda a mañá. Non se oíu nin un só disparo. Tan só a luz abrasadora do sol furou o ar en calma. A nosa sede medrou, e moi pronto os bebés empezaron a chorar, e os nenos máis pequenos a queixarse e a xemer. Ó mediodía, Will Hamilton colleu dous baldes grandes, disposto a ir ó manancial. Mais, antes de que puidera arrastrarse por debaixo do carromato, Ann Demlike saíu correndo e apertouno con forza para impedir que fose. Will falou con ela, bicouna e seguiu. Ninguén lle disparou, nin ó ir nin ó tornar coa auga.

– Loado sexa Deus! –exclamou a vella señora Demlike–. Isto é un sinal. Apiadáronse de nós.

Moitas mulleres coidaron o mesmo.

A iso das dúas, logo de xantarmos e de sentírmonos mellor, apareceu un home branco, portando unha bandeira branca. Will Hamilton foi recibilo e parolou con el, volveu e falou con padre e cos demais homes, e logo todos foron parolar co estraño. Detrás del, ó lonxe, había un home ollándonos: era Lee.

Aquilo alterounos a todos. As mulleres sentíronse tan aliviadas que empezaron a chorar e a bicarse entre elas, e a vella señora Demlike, canda outras, empezou a soltar aleluias e a dar grazas a Deus. A proposta –que os nosos aceptaron– foi que, se nós nos rendiamos, eles nos protexerían dos indios.

– Había que aceptar –oín que lle dicía o meu pai á miña nai sentado nun cabezal, coa cabeza gacha e abatido.

– Pero, e se é unha trampa? –preguntou madre.

El encolleu os ombros.

– Confiemos en que non, porque non nos queda outra –dixo el–. Acabóusenos a munición.

Algúns dos nosos homes desencadearon un dos carromatos e sacárono fora do círculo. Eu corrín ver o que pasaba. Daquela entrou o mesmiño Lee en persoa, seguido de dous carromatos baleiros, cada un conducido por un só home. Todo o mundo amoreouse onda el. Lee dixo que lles custara moito manter os indios afastados de nós, e que o maior Higbee, con cincuenta soldados da milicia mormona, estaba disposto a facerse cargo de nós.

Pero o que fixo sospeitar a padre, a Laban e algúns dos nosos homes foi o feito de que Lee nos esixira poñer todos os nosos rifles nun daqueles carromatos para non avivarmos a animosidade dos indios. Dese xeito, semellaría que os mormóns nos fixeran prisioneiros.

Padre ergueuse de súpeto e xa estaba a piques de negarse cando mirou para Laban, que lle comentou en voz baixa:

– Tanto valen nas nosas mans como no carromato, posto que non nos queda pólvora.

Os homes axudaron a dous dos nosos feridos, que non podían camiñar, a subir ós carros, e, canda eles, a todos os nenos pequechos. Seica Lee os dividiu en dous grupos,

segundo tivesen menos ou máis de oito anos. Jed e máis eu, por mor da nosa estatura, pareciamos máis maiores do que eramos, e amais xa tiñamos nove anos; así que Lee nos colocou co grupo dos maiores e nos dixo que tiñamos que ir andando, a par das mulleres.

Cando Lee quixo collerlle o bebé á miña nai e poñelo nun carromato, ela empezou a protestar. Pero logo apertou os beizos con forza e entregoullo. Madre era unha muller de mediana idade, ollos grises, trazas fortes, ósos amplos, e robusta. Pero as penalidades daquela longa viaxe fixeran estragos nela, e agora tiña as meixelas afundidas, estaba ensumida, e a súa face, como as de todas as mulleres da nosa caravana, amosaba unha mestura de sinistro dó e de incesante anguria.

Cando Lee deu a orde de partir, Laban achegouse a min. Lee dixo que as mulleres e os nenos habían ir en primeiro lugar, tralos carromatos. Logo irían os homes, seguindo ás mulleres nunha soa ringleira. Cando Laban sentiu aquilo, achegouse a min, desatou as cabeleiras que levaba prendidas no cinto e atoumas á cintura.

– Pero se aínda non morriches –protesteí eu.

– Abofé que non, podes apostar a vida –respondeu baixiño–. O que pasa é que acabo de reformarme. No meu caso, levar estas cabeleiras é unha cousa va e pagá.

Entón calou un intre, como se esquecera algo, e logo, mentres xiraba sobre os seus talóns para ir unirse ós nosos homes, díxome por enriba do ombro:

– Ben, pois... Abur, Jesse.

Eu estaba a preguntarme por que díaños se despedira de min cando un home branco entrou a galope no curro. Dixo que o maior Higbee o enviara para dicirnos que apuráramos, porque os indios podían atacar en calquera momento.

E así empezou a marcha, encabezada polos dous carromatos. Lee ía a par das mulleres e dos nenos. E, tras nós, despois de agardaren a que estiveramos a uns cincuenta metros deles, viñan os nosos homes. Mentres saíamos do curro, vimos a milicia dos mormóns a pouca distancia. Estaban reclinados sobre os seus rifles, formados nunha longa ringleira, a uns dous metros de distancia. Cando pasamos xunto a eles, non puideron evitar fixarme na solemnidade das súas faces. Como se estiveran asistindo a un funeral. Tamén as mulleres se decataron diso, e algunhas empezaron a chorar.

Eu ía xusto detrás da miña nai. Elixira esa posición para que ela non vise as cabeleiras que levaba. Tras de min ían as tres irmás Demdike, dúas delas axudando a

súa vella nai. Lee ía dicíndolle decote ós dous homes que conducían os carromatos que non fosen tan á présa. Un home que, segundo unha das irmás Demdike, debía de ser o maior Higbee, quedóusenos mirando dende o seu cabalo. Non había nin un indio á vista.

Aquilo aconteceu xusto cando os nosos homes chegaron á altura da milicia –que foi cando eu me virei para saber onde estaba Jed Dunham. Entón sentín o maior Higbee berrar con todas as súas forzas: «Soldados! Cumpran co seu deber!» Tiven a impresión de que todos os rifles da milicia disparaban asemade, e logo os nosos homes caeron derrubados ó chan. As catro mulleres Demdike esboroáronse xuntas. Vireime decontado para ver como estaba madre pero xa caera tamén. Pola dereita, todo ó longo da ringleira, empezaron a saír das matogueiras centos de indios, e todos disparando. Vin como as dúas irmás Dunlap saían a escape a través da area, e corrín tras elas, pois os mormóns e os indios estaban a matarnos sen piedade. E, mentres corría frechado, vin como o condutor dun dos carromatos mataba os dous feridos. Os cabalos do outro carromato empinábanse e rinchaban mentres o condutor tentaba contelos...

Entón, cando o rapaz que eu fora corría pola area tras as irmás Dunlap, aquela negrume volveu abaterse sobre min. Todos os meus recordos ó respecto acaban aí, pois Jesse Fancher acabou aí, e, como tal Jesse Fancher, acabou para sempre. A forma que tiña Jesse Fancher, o seu corpo, ó ser algo puramente material e espectral,⁴⁷ pasou coma unha aparición, e xa non existe. Pero o seu espírito imperecedeiro non finou. Seguiu existindo, e, no seu seguinte renacemento, deveu no espírito que reside neste corpo material e espectral que pasa por ser o de Darrell Standing, o cal, á súa vez, pronto será aforcado e reenviado a esa nada onde van parar todas as aparicións.

Hai aquí, en Folsom, un condenado a cadea perpetua, chamado Matthew Davies, descendente duns vellos pioneiros, que é o preso encargado do patíbulo e da cámara de execución. Matthew é un home ancián, e os seus foron dos primeiros en cruzar as chairas, daquela. Eu falei con el, e confirmoume que, en efecto, tivo lugar esa masacre na que Jesse Fancher foi asasinado.⁴⁸ Cando ese vello preso era un cativo, na súa casa falábase moito daquela matanza. Os únicos que se salvaron –díxome el– foron os nenos dos carromatos, porque eran demasiado noviños para irlle co conto a alguén.

Isto é o que eu aduzo. Xamais, en toda a miña vida como Darrell Standing, lin unha liña ou sentín unha palabra verbo da compañía Fancher que pereceu en Mountain

Meadows. Tan só souben dela estando alí, na prisión de San Quintín, sometido á tortura da camisa de forza. E, loxicamente, eu non podía quitar algo así da nada, como tampouco podía crear dinamita da nada. O feito de que eu coñecera tales acontecementos dese xeito tan só pode ter unha explicación: que proceden do espírito contido en min –ese espírito que, a diferenza da materia, non perece.

Ó rematar este capítulo, hei comentar que Matthew Davies tamén me contou que, varios anos despois daquela masacre, Lee foi levado por varios funcionarios do Goberno de Estados Unidos a Mountain Meadows, e executado no mesmo lugar no que estivera o noso curro.

CAPÍTULO XIV

Cando, ó final dos meus dez primeiros días na camisa de forza, recobrei a consciencia ó sentir o dedo polgar do doutor Jackson preméndome unha pálpebra, abrín os dous ollos asemade e guindeille un sorriso á cara ó alcaide Atherton.

– Demasiado testán para vivir e demasiado ruín para morrer –comentou.

– Pasaron os dez días, alcaide –bisbei.

– Ben, pois... haberá que desatarte –refungou.

– Non, se non me refiro a iso –dixen–. Refírome a que... Vostede xa viu o meu sorriso, non si? Pois lembre que fixemos unha aposta. Non se moleste en desatarme agora. Antes déalle a bolsa de tabaco e os papeliños de fumar a Morrell e Oppenheimer. E, de regalo, velaquí ten outro sorriso.

– Xa, coñezo ben o teu xacer, Standing –sermonoume o alcaide–, pero non te vai servir de nada. Ou acabo eu contigo, ou acabas ti batendo todas as marcas de camisa de forza...

– De todos os xeitos, xa as batiu –afirmou o doutor–, pois cando se viu a un home sorrir despois de pasar dez días con iso?

– Unha fanfurriñada –respondeu o alcaide–. Desátao, Hutchins.

– Por que tanto apuro? –preguntei moumeando, pois a vida refluía tan devagar en min que precisaba os poucos azos que me quedaban e toda a miña forza de vontade para poder marmexar algo–. Por que tanto apuro? Que eu saiba, non teño que coller ningún tren. E, amais, estou tan condenadamente a gusto aquí que prefiro que non me amolen.

Pero liberáronme, sacáronme daquela fétida camisa de forza facéndome rodar polo chan coma unha cousa inerte, indefensa.

– Non me estraña que se sinta a gusto –dixo o capitán Jamie–. Non sente nada. Está paralizado.

– E unha merda! –bruou o alcaide–. Póñano de pé, e xa verán como se sostén.

Hutchins e o doutor turraron de min.

– E agora déixeno! –ordenou o alcaide.

Como a vida aínda non volvera ó meu corpo, que levaba dez días practicamente morto, e como eu aínda non tiña poder sobre os meus membros, fraqueáronme as pernas, esborralleime, funme para un lado e dei coa cabeza na parede.

– Xa o ve –dixo o capitán Jamie.

– Moi boa actuación, Standing –retrucou o alcaide–. Este home é quen de facer calquera cousa.

– Ten razón, alcaide –bisbei dende o chan–. Fíxeno adrede. O meu é puro teatro. Levántenme de novo e repetirei a escena. Xa verán que divertida.

Non quero estenderme contándoche a agonía que supuxo para min o retorno do sangue ó meu corpo. O problema da circulación acabou sendo algo habitual en min, e a el debo, en boa medida, estas enrugas na face que me acompañarán á forza.

Cando por fin me deixaron alí tirado, pasei o resto do día aloulado e medio en coma. Disque a dor produce tamén unha sorte de anestesia cando esta é demasiado intensa como para aturala. Ben, pois eu experimentei esa clase de anestesia.

Pola tarde, xa fun quen de arrastrarme pola cela, pero aínda non puíden levantarme. Bebín moita auga, e fixen por lavarme, pero ata o día seguinte non fun quen de probar bocado, e iso con moitísimo esforzo.

Segundo o plan previsto polo meu querido alcaide, ían deixarme uns cantos días de repouso para que me recuperase, e logo, se teimaba en non dicir onde estaba a dinamita, volverían agasallarme con outros dez días de suplicio.

– Espero que me perdoe por causarlle tanta molestias –respondinlle a Atherthon–. É mágoa que non morra na súa camisa de forza, porque así o libraría de todo este sufrimento.

Non sei canto pesaba daquela, pero non creo que chegara ós corenta e cinco quilos. Dous anos antes, cando as portas de San Quintín se pecharan tras de min, pesaba máis de oitenta. Parece increíble que puidera perder un gramo máis e seguir vivo, non si? E, emporiso, durante os meses seguintes fun perdendo gramo tras gramo, hasta pesar menos de corenta. Seino porque, despois de conseguir escapar da cela de illamento, cando seica lle zosquei no nariz a Thurston, o garda que tentou pillarme, leváronme a San Rafael para procesarme, e alí, sinte lavarme e barbearme, pesáronme, e tiña corenta e cinco quilos.

Algunha xente pregúntase como é posible que un home chegue a endurecerse tanto. O alcaide Atherthon era un home duro. Eu endurecínme fronte a el, e el, como

reacción á miña dureza, aínda deveu máis duro. E, inda así, non conseguiu matarme. Tivo que recorrer á Lei do estado de California, a un xuíz moi dado á condenar á forza e a un gobernador nada proclive a conceder o perdón, para poder enviarme ó patíbulo por darlle un puñazo a un garda. Eu sigo mantendo que o nariz dese garda debía sangrar con moita facilidade, pois eu non era máis que un pau con ollos, un esqueleto cambaleante, daquela. É máis: as veces dubido que lle chegara a sangrar. El, por suposto, xurou que si, no banco das testemuñas, pero eu sei de gardas que cometeron perxurios moitos máis graves ca ese.

Ed Morrell devecía por saber se o meu experimento tivera éxito, mais, cando tentou comunicarse comigo, Smith, o garda que nese intre estaba no Pavillón de Illamento, mandouno calar.

– Todo vai ben, Ed –respondinlle cos cotenos–. Estade calados, e contareivos o que pasou. Smith non pode impedirvos escoitar, e a min non me pode impedir falar. Xa me fixeron o peor, e aínda sigo aquí.

– Corta o lerio, Standing! –romsou Smith dende o corredor ó que daban todas as celas.

Smith era un fulano especialmente saturnino, e, con moito, o garda máis cruel e rancoroso de toda a falcona. Nós adoitabamos discutir pola razón da súa amargura: se era porque a súa muller moía para fóra ou porque el padecía indigestión crónica.

Eu seguín soletreando cos cotobelos, ata que Smith abriu o meu portelo botándome unha ollada feroz.

– Díxenche que cortaras o lerio –refungou.

– Síntoo –respondín lenemente– pero teño a impresión de que vou seguir con el. E... amais... perdoa que che faga unha pregunta persoal, pero... ti que pensas facer ó respecto?

– Pois vou... –rompeu a dicir con furia, demostrando coa súa incapacidade para concluír a frase que estaba ben confuso.⁴⁹

– E ben? –encirreino–. Que farás? Rezar?

– Chamarei o alcaide –respondeu moi pouco convencido.

– Faino, por favor. Chama ese home encantador. Todo un cabaleiro, sen dúbida. Un brillante exemplo das refinadas influencias que están a infiltrarse nas nosas prisións. Tráeo axiña. Desexo informarlo sobre ti.

– Sobre min?

– Si, sobre ti, precisamente. Porque teimas, cos teus rudos e groseiros modais, en interromper a miña conversa cos outros hóspedes desta pousada.

E, en efecto, foi buscar o alcaide. Abriuse a porta e Atherton irrompeu na cela. Pero, ah, eu estaba tan tranquilo! Xa me fixera o peor que me podía facer, así que xa non tiña ningún poder sobre min.

– Vouche quitar a comida –ameazoume.

– Vale, como queira –respondín–. Eu xa estou afeito. Non probei bocado en dez días. E, amais, como ben sabe, o feito de tentar comer de novo está a enfastiarme abondo.

– Vaia! Así que agora es ti quen me ameaza a min? Ti? Cunha folga de fame, non é?

– Perdoe –dixen coa miña voz máis doce e cortés– pero foi vostede o que a propuxo, non eu. Tente ser lóxico por unha vez, pois asegúrollo: a súa falla de lóxica é moito máis dolorosa para min que todas as torturas que me infrinxe.

– Vas parar de cotenar? –preguntou.

– Non; perdóeme se o ofendo, pero teño unha necesidade imperiosa, un degoiro irresistible de...

– Unha palabra máis e volvo poñerche a camisa – espetoume.

– Pois fágao. Encántame ese chintófano. Son tolo por el. E mesmo engordo nel. Fíxese, fíxese neste brazo –díxenlle arremangándome e amosándolle un bíceps tan minguado que cando o flexionei semellaba unha corda–. Un bíceps de ferreiro, non é, alcaide? Bote unha ollada ó meu rexo peito. Xa o quixera Sandow para si!⁵⁰ E este bandullo... Que me dí, eh? Estoume poñendo tan robusto que o meu caso acabará armando un escándalo verbo da sobrealimentación que teñen os presos nas cadeas. Ande á vela, señor alcaide, ou terá que render contas ós contribuíntes...

– Vas parar con iso? –bruou.

– Non. Grazas pola súa amable petición, mais, despois de sopesar todos os pros e os contras, decidín seguir cotenando.

Atherton quedou fitándome un intre sen dicir palabra, e logo, sentíndose impotente, virouse para marchar.

– Unha pregunta máis, por favor.

– Que queres? –preguntou por riba do ombro.

– Que pensa facer ó respecto?

Tras as mostras de carraxe que deu, aínda hoxe sigo a preguntarme como non lle deu un infarto cerebral ese día.

Despois de que el marchara tan desconcertado, volvíñ cotenar, e estiven horas e horas contando as miñas aventuras. Morrell e Oppenheimer, secasí, non puideron diciren ata a noite, cando Pie-Face Jones tomou o relevo e botou as súas habituais sonecas.

– Simples soños –foi o veredicto de Oppenheimer.⁵¹

Si, pensei eu; as nosas experiencias *son* a materia dos nosos soños.

– Cando eu traballaba de mensaxeiro nocturno, collín unha vez un bo *colocón* –proseguiu Oppenheimer–, e asegúroche que tiven tantas ou máis visións ca ti. Supoño que é o que fan todos os novelistas, *colocárense* para disparar a súa imaxinación.

Pero Ed Morrell, que fixera o mesmo camiño ca min, aínda que con distintos resultados, si que me creu. Dixo que, cando o seu corpo morrera na camisa de forza, e el mesmo saíra da prisión, sempre fora Ed Morrell. Xamas revivira ningunha existencia anterior. Cando o seu espírito vadiara libre, sempre o fixera no presente. Segundo nos contou, cando por fin foi quen de abandonar o seu corpo e fitalo alí deitado no chan da súa cela, preso na camisa de forza, puido saír da prisión e, no presente, visitar de novo San Francisco e ver o que acontecía. Dese xeito, visitara a súa nai dúas veces e, as dúas, atopáraa durmida. Morrell dixo que, nesa vagabundaxe espiritual, el non tiña poder ningún sobre as cousas materiais. Non podía abrir nin pechar unha porta, mover un obxecto, facer un ruído, nin manifestar a súa presenza. Mais tampouco as cousas materiais tiñan poder sobre el. Paredes e portas non eran atrancos. A entidade –ou a cousa real na que se convertera– era puro pensamento, puro espírito.

– A tenda de ultramarinos que había na esquina, a medio quintero da nosa casa, cambiara de mans –contounos–. Súbeno porque o rótulo era diferente. Tiven que esperar seis meses antes de poder escribirlle á miña nai a primeira carta, pero, cando o fixen, pregunteille ó respecto, e ela confirmoume que si, que agora a tenda tiña outro dono.

– Liches o que poñía no rótulo? –preguntoulle Oppenheimer.

– Por suposto –respondeulle Morrell–. Se non, como ía sabelo?

– Vale –cotentoulle Oppenheimer o incrédulo–, podes probar o que dis facilmente. Un día destes, cando nos poñan algún garda decente que nos deixe botar unha ollada a algún xornal, poderías meterte na camisa de forza, saír do teu corpo, e pegar un raite polo vello e pequeno San Francisco. Cóaste no Third and Market⁵² a iso

das dúas ou tres da mañá, cando estean a imprimir a primeira edición da mañá. Les as últimas noticias, e logo volves decontado, ás furtadelas, a San Quintín, denantes de que os exemplares crucen a baía, e cóntanos o que liches. Despois, esperamos e convencemos o garda para que nos deixe follear o xornal. E, se este nos confirma todo o que nos contaches, daquela creereite con toda a miña alma.

Aquel era un bo desafío, e, abofé, non lle faltaba razón a Oppenheimer para esixir unha proba semellante. Morrell dixo que o pensaría, e que o proceso necesario para abandonar o seu corpo lle desagradaba tanto que só o intentaría cando xa non puidera aturar máis o sufrimento na camisa de forza.

– Ves? Así fan todos: néganse a dar probas –criticou Oppenheimer–. A miña nai cría nos espíritos.⁵³ Na miña nenez, ela víaos cadora, falaba con eles e mesmo recibía consellos deles. Pero nunca aceptou dar probas de que existían. Segundo ela, os espíritos non eran quen de dicirlle onde podía atopar o vello un traballo, ou unha mina de ouro ou o número que ía saír na lotería. De ningunha maneira. O único que lle revelaron foi que o tío do meu pai tivera bocio, ou que o avó deste morrera dunha tise galopante, ou que íamos mudarnos de casa dentro de catro meses, o cal era doado de adiviñar, posto que nos mudabamos unhas seis veces ó ano.

Coido que, de ter a oportunidade de facer unha carreira, Oppenheimer fora un Marinetti ou un Haeckel.⁵⁴ Pero el era un home práctico, apegado ós feitos irrefutables, e a súa lóxica, aínda que fría, resultaba admirable. «Iso terás que demostrarmo», era a súa regra básica á hora de considerar as cousas. Non tiña a máis mínima fe en nada –ou iso dicía Morrell–, e por iso fracasara no seu intento de “morrer” na camisa de forza.

Como ves, prezado lector, non todo era desesperadamente ruín nas celas de illamento. Tres mentes coma as nosas sempre podían atopar algo para matar o tempo. Grazas a iso, axudabámonos os uns ós outros, para non tolearmos, aínda que hei admitir que Oppenheimer estivo cinco anos podrecendo só nunha cela de illamento denantes de que Morrell fora trasladado alí, e, secasí, non toleou.

Mais tampouco vaias coidar que a vida alí era un desenfreo de leda comunión e de estimulante investigación psicolóxica.

O certo é que sufríamos terriblemente. Os nosos gardas eran uns brutos –os teus sabuxos–verdugos, acomodado cidadán. O ambiente era vil. A comida noxenta, monótona, insubstancial. Tan só os homes con forza de vontade podían sobrevivir cunha ración tan escasa e tan pouco equilibrada. Estou certo de que o noso premiado

gando, as vacas, os porcos e as ovellas que tanto nos loaban na Exposición Agrícola da Universidade de Davis, consumiríanse e morrerían cunha dieta tan pouco nutritiva coma a que nós recibiamos.

Non tiñamos libros para ler. A nosa conversa cos cotobelos estaba expresamente prohibida. O mundo, tal e como nos o concibiamos, practicamente deixara de existir. Era un mundo pantasmal. Oppenheimer, por exemplo, nunca vira un coche nin unha motocicleta. Raramente nos chegaba algunha noticia, e, cando chegaba, despois de tantísimo tempo, xa non era real. Oppenheimer contoume que non soubera da guerra ruso-xaponesa ata dous anos despois de que rematara.

Nós eramos os enterrados en vida, os mortos viventes. A nosa cela era a nosa tumba, na cal, de cando en vez, falabamos soletreando, igual cós espectros nunha sesión de espiritismo.

Noticias, dixen? As nosas noticias eran simples pequeneces, como, por exemplo, que cambiaran o panadeiro –cosa que sabiamos polo xeito de faceren o pan. Por que Pie-Face levaba unha semana sen vir? Estaba enfermo ou de vacacións? Por que Wilson, que tan só levaba dez días facendo a garda nocturna, foi trasladado? Quen lle puxo o ollo á funeraria a Smith? Ese era o tipo de cousas triviais coas que cismabamos toda unha semana.

O maior acontecemento era que condenaran a outro preso a un mes de confinamento. E, porén, non conseguíamos saber nada por medio daqueles Dantes transitorios e por veces babecos que non ficaban no noso inferno o tempo necesario como para aprender o noso código de información, antes de tornaren ó amplo e escintilante mundo dos vivos.

Emporiso, insisto en que non todo era tan trivial na nosa morada de sombras. Por exemplo: aprendín a Oppenheimer a xogar ó xadrez. Un logro tremendo, como comprenderás, tendo en conta o que supón aprender a un home que está trece celas máis aló da túa e inda por riba soletreando cos cotobelos; aprenderlle a visualizar o taboleiro, a visualizar todas as pezas, todas as posicións e todos os movementos; aprenderlle, en fin, todo o necesario para que, ó final, ambos os dous, simplemente visualizando, foramos quen de botar unha partida enteira de xadrez nas nosas mentes. Ó final, dixen? Outro tributo á magnífica mente de Oppenheimer, pois, ó final, foi el quen me aprendeu a xogar ben a min. El, que endexamais vira un taboleiro na súa vida.

Que imaxe tería, por exemplo, dun alfil? Que forma lle daría na súa mente cando eu soletreaba o código que decidiramos para esa peza? En van pregunteillo moitas veces. En van tentou el describir con palabras a imaxe mental de algo que endexamais vira, pero que, inda así, era quen de manexar coa suficiente mestría como para inquietarme en incontables ocasións ó longo dunha partida.

Non podo senón admirar tales mostras de forza de vontade e de espírito, e concluír, como fixen tantas veces, que nelas precisamente reside a realidade. Tan só o espírito é real. A carne é pura fantasmagoría. Ou acaso –pregúntoche a ti– pode a materia ou a carne, en calquera das súas formas, xogar ó xadrez nun taboleiro imaxinario e con pezas imaxinarias, percorrendo un baleiro de trece celas de distancia sen empregar outro medio que unhas simples cotenadas?

CAPÍTULO XV

Outrora fun un inglés chamado Adam Strang. O período da miña existencia, polo que barrunto, transcorreu entre 1550 e 1650, e vivín ata idade moi avanzada, tal e como verás. Des que Ed Morrell me aprendeu o truco da morte breve, lamentei moitas veces non ser mellor estudante de historia. Dese xeito podería identificar e situar moitos dos lugares que agora non dou recoñecido. Daquela, non teño máis remedio que intuír e buscar ás apalpadelas o meu camiño a aqueles tempos e lugares das miñas vidas anteriores.

Un detalle ben peculiar daquela miña existencia é que a penas puiden saber algo dos primeiros trinta anos. Adam Strang volveu aparecérseme moitas veces na camisa de forza, mais sempre coma un home adulto, rexo e que xa pasara dos trinta.

Eu, Adam Strang, recupero invariablemente a consciencia nun arquipélago de illas chás e areosas, situado nalgures baixo o Ecuador, no que semella ser o oeste do Océano Pacífico. Hai milleiros de persoas naquelas illas, aínda que eu son o único home branco. Os nativos son dunha raza magnífica, de grandes músculos, anchas costas, e esguízaros. O normal é que midan un oitenta. O rei, Raa Kook, mide polo menos quince centímetros máis, e, aínda que ha de andar polos cento cincuenta quilos, está tan ben proporcionado que non se pode dicir que estea groso. Os máis dos seus xefes son tan altos coma el, e as mulleres non son moito máis baixas cós homes.

O arquipélago ten moitas illas, sobre as cales reina Raa Kook, aínda que a presada de illas do sur é unha zona inestable e proclive ás revoltas. Os nativos cos que vivo son polinesios, cousa que deduzo polo seu cabelo liso e negro e pola súa pel de cor marrón dourado. A súa lingua –que eu falo con insólita soltura– é redonda, rica, musical, e a penas ten consoantes, pois está composta principalmente por vocais. Encántanlles as flores, a música, o baile e os xogos, pois son coma nenos, sinxelos e felices nas súas diversións, aínda que crueis e salvaxes nas súas rifas e guerras.

Eu, Adam Strang, coñezo o meu pasado, pero non parece que pense moito nel. Vivo no presente. Non me interesa nin o pasado nin o futuro. Non son nada precavido nin previsor. Vivo despreocupado e feliz, enchido de benestar e rebordante de enerxía física. Peixes, froitas, verduras e olgas sacian o meu estómago, e estou contento. Ocupo

un alto posto onda o rei Raa Kook, por riba do cal non hai ninguén, nin sequera Abba Taak, que ten un posto máis alto có de sacerdote. Ninguén se atreve a poñerme a man encima ou a ameazarme cunha arma. Eu son tabú, sagrado coma a casa–canoa baixo a que repousan os ósos dos innumerables reis que precederon a Raa Kook.

Lembro moi ben como naufragou o barco da miña compañía e como fun o único en se salvar: había unha marusía e un vento moi intensos... Mais non me gusta recrearme naquela catástrofe. Cando penso no pasado, prefiro retrotraerme á miña nenez, cando miña nai, unha mulleron inglesa de cabelo loiro e pel branca coma o leite, me sentaba na súa saia. Vivo nunha aldea dunhas doce casas con tellado de palla. Volvo sentir o canto dos merlos e dos tordos pousados nas sebes, e volvo ver as campaiñas abrollando nas carballeiras e no veludo da herba, como a escumiña dun regato azul. E lembro sobre todo un cabalo semental enorme, de longas crinas que adoitaba caracolear, zigzaguar e rinchar mentres baixaba pola rúa estreita. Eu tiña medo daquela besta inmensa, e sempre liscaba correndo a buscar a miña nai, asíame á súa saia e agochábame nela, alí onde a atopaba.

Pero xa abonda. A nenez de Adam Strang non é o tema sobre o que quero escribir.

Vivín moitos anos naquelas illas cuxo nome non lembro, e nas que –estou ben certo– fun o primeiro home branco. Estaba casado con Lei–Lei, a irmá do rei, que medía un chisco máis de un oitenta, pero que, por ese chisco, era máis alta ca min. Eu era un home ben feito, cunha figura espléndida de amplas costas, robusto peito e rexios membros. Mulleres de toda caste mirábanme –como axiña constatarás– con moi bos ollos. Baixo os meus brazos, nas zonas protexidas do sol, tiña a pel tan branca coma a da miña nai. Tiña os ollos azuis. O bigote, a barba e o pelo dunha cor dourada, como eses reis do mar nórdico que ás veces se ven nos cadros. E, de feito, aí, debía de ter algo desa vella raza que había tanto tempo se establecera en Inglaterra, e, aínda que nacera nunha casa labrega, o mar fluía de tal xeito nas miñas veas que moi pronto me abrín camiño ata os barcos, para facerme lobo de mar.⁵⁵ Iso era eu –non un oficial nin un cabaleiro, senón un lobo de mar endurecido: un home que traballara moito, que experimentara moito e que aturara moito.

Eu éralle de grande axuda a Raa Kook, e por iso me tiña baixo a súa real protección. Eu podía traballar o aceiro, e o naufraxio do noso barco trouxera por vez primeira ese metal ó reino de Raa Kook. De cando en vez, internabámonos dez leguas ó

noroeste nas nosas canoas para coller aceiro dos restos do barco. O casco deslizárase ata saír do arrecife, e agora xacía a quince brazas de profundidade. Quince brazas que nós percorríamos para sacar o aceiro, pois aqueles nativos mergullábanse e traballaban marabillosamente baixo o mar. Eu aprendín a facer esas quince brazas, pero xamais puiden igualar as súas proezas submarinas. En terra, secasí, grazas a miña experiencia e a miña fortaleza, non había quen me gañase. Tamén lles aprendín a manexar a varanca,⁵⁶ ata que o deporte deveu nunha verdadeira obsesión e as cabezas rotas deixaron de ser unha novidade.

Naquelas expedicións conseguín rescatar un diario, tan rachado, amolecido e espapallado polo mar que a penas se podía descifrar algo nos seus regueiros de tinta. Secasí, e coa esperanza de que algún anticuario erudito sexa quen de datar con máis precisión os feitos que estou a relatar, cito aquí un extracto del.⁵⁷ A súa peculiar ortografía pode darnos a clave, pois fixate que, aínda que emprega o *s*, as máis das veces o substitúe polo *f*.

O vento favorable deunos a oportunidade de examinarmos e fecarmos parte das nofaf provifións, en concreto, os xamónf chinefef e o pefcado feco, que confitúen parte do nofo avituallamento. Tamén celebrafmof en cuberta unha misa. Pola tarde, sopraba vento do fur, con airexas frefcaf pero fecas, afi que, á mañá seguinte, fomof quen de limpar a cuberta, e tamén de fumigar o barco con pólvora.

Pero hei abreviar, pois o meu relato non vai sobre Adam Strang, o lobo de mar que naufragou nunha illa de corais, senón sobre Adam Strang, coñecido logo por Yi Yong-ik, o Baril, que outrora foi o favorito do poderoso Yunsan, amante e marido da Dama Om, pertencente á casa real de Min, e que vagou moito tempo coma un paria e un mendigo por todas as vilas de todas as costas e todos os camiños de Cho-Sen. (Ah, ha, ha, pilleite: Cho-Sen, “a terra da calma matinal”. O que arestora chamamos Corea.)⁵⁸

Lembra, lector, que foi tres ou catro séculos atrás cando eu vivín alí; eu, o primeiro home branco que pisaba as illas de Raa Kook. Daquela, era raro ver quillas de barcos fendendo aquelas augas. Eu ben puiden rematar os meus días alí, tranquilo e azacotado, baixo o sol que non permite a xeadas, de non ser polo *Sparwehr*. O *Sparwehr*

era un mercante holandés que se aventurou polos mares inexplorados que hai alén das Indias. E, no canto do que buscaba, atopoume a min.

Dixenche xa que eu era un mangallón de espírito ledó, barba dourada e irresponsable coma un neno que non medrara nunca? Pois ben, cando os depósitos de auga do *Sparwehr* estiveron cheos, abandonei a Raa Kook e a súa agradable terra, abandonei a Lei-Lei e todas as súas irmás adobiadas de flores sen o menor remorso. E, cun sorriso nos beizos e o cheiro a barco no nariz, partín, unha vez máis, coma o lobo de mar que era, ás ordes do capitán Johannes Maartens.

Unha travesía marabillosa, a que en principio se trazara o vello mercante *Sparwehr*. Unha viaxe á procura de novas terras nas que abondaran a seda e as especias. Pero, en realidade, o que atopamos foron febres e mortes violentas; paraísos pestilentes onde a morte e a beleza compartían osario. O vello Johannes Maartens, que non tiña nin un asomo de romanticismo na súa imperturbable faciana e na súa canosa e cadrada cabeza, buscaba as Illas Salomón, as minas de Golconda –ai, buscaba a anterga e perdida Atlantis, que el esperaba achar aboianoando aínda sobre as augas.⁵⁹ E, en troques, atopou cazadores de cabezas, antropófagos arborícolas.

Atracamos nunhas illas estrañas, cuxas costas azoutaba o mar e cuxos cumes fumegaban arreo. Nunhas illas onde vivían uns pequenos seres, metade homes, metade animais de pelo encrechado, que laiaban coma monos na xungla, que balizaban os camiños do seu bosque con espiños e foxos cheos de espeques, e que nos guindaban dardos envelenados dende as sombrizas matogueiras. Cada vez que un deses dardos, semellantes o aguillón dunha avés, acadaba a algún dos nosos, este morría horriblemente, ouveando a súa agonía. E atopamos tamén outra caste de homes, aínda máis feros, máis altos, que se enfrontaron a nós abertamente, nas praias, aseteándonos con lanzas e frechas, mentres os pequenos tantáns e os grandes tambores feitos con toros de árbores retumbaban chamando á guerra naquelas vizosas concavidades, e todas as lombas estaban ateigadas de enormes columnas de fume.

Hendrick Hamel era o sobrecargo e, en parte, propietario do *Sparwehr*, a outra parte do cal pertencía ó seu socio nesa aventura, o capitán Johannes Maartens. Este último chapurreaba malamente o inglés, e Hamel non moito mellor. Os mariñeiros cos que eu convivía tan só falaban holandés. Pero, creme, un lobo de mar ben pode aprender holandés –e mesmo coreano, como axiña verás.

Contra o final da nosa viaxe, chegamos a un país que si figuraba nos mapas: Xapón. Pero a xente de alí seica non quería ter tratos connosco, e dous oficiais con espadas, vestidos con maxestosas roupas de seda que foron a envexa do capitán Maartens, subiron a bordo e pedíronnos moi educadamente que marchamos. Baixo os seus cortesés modais adiviñábase o aceiro dun raza guerreira, e, como o sabiamos, decidimos partir.

Cruzamos os estreitos de Xapón, e xa estabamos a internarnos no Mar Marelo, rumbo a China, cando o *Sparwehr* encallou nas rochas.⁶⁰ Aquela vella bañeira tola, tan chambona e tan lordenta, tiña tantas barbas de raposo⁶¹ e tantos bechocos mariños apegados ó seu casco que era incapaz de se zafar por si soa. Navegando de bolina,⁶² ó máximo ó que podía chegar a estar era a seis puntos do vento, e entón subía e baixaba ás toutolas, como unha barcaza abandonada. Comparados con el, os galeóns eran clíperes. Facelo virar por avante era tarefa imposible; facelo virar en redondo esixía todas as nosas mans e media ducia de horas. Naquela situación, ficamos varados nunha costa de sotavento, cun cambio de vento de oito puntos, e á altura dun furacán que nos zarandeou corpo e alma durante corenta e oito horas.

Derivamos cara á terra firme baixo a luz fría dun tormentoso alborear, atravesando unhas ondas implacables do tamaño dunha montaña. Era o final do inverno, e entre os fumegantes refachos de neve puidemos albiscar aquela lúgubre costa –se é que se lle podía chamar costa a aqueles temibles cachos de rochas. Diante de nós, unha infinidade de illas e de illotes; máis alá, unha serie de sombrizas cordilleiras cubertas de neve; e, por todas partes, acantilados imponentes, demasiado esgrevios para a neve, saíntes de promontorios, e pináculos e agullas de rocha emerxendo da fervente marusía.

Non sabiamos o nome daquel país cara ó cal nos dirixiamos empurrados polas ondas, nin tiñamos noticia de que algún navegante o visitara outrora. No mapa tan só aparecía debuxada a súa liña de costa, polo que deducimos que os seus habitantes habían de ser tan hospitalarios coma os do resto da zona.

A proa do *Sparwehr* foi a espetarse nun acantilado. Había mar abonda cubrindo a súa escarpada parede, así que o noso altísimo bauprés tronzou co impacto, e veuse abaixo. O trinquete caeu pola borda, arrastrando con estrépito os obenques e os estais, e foi dar contra o acantilado.

Sempre admirarei o vello Johannes Maartens. Enchoupados e expulsados da popa por un *carneiro*⁶³, os dous ficamos a mercé das ondas en metade do barco, onde

loitamos por abrírnos camiño deica a costenta cuberta de proa. Algúns uníronse a nós. Amarrámonos os uns ós outros a toda présa, e contámonos. Dezaoitto. Os demais xa pereceran.

Johannes Maartens tocoume no ombro e sinalou algo por entre aquela fervenza de auga salgada que se precipitaba dende o acantilado. Axiña comprendín o que desexaba. A uns seis metros cara a abaixo, o trinquete quedara enganchado nun saínte do acantilado. Riba del había unha cafurna. Maartens quería saber se eu me atrevería a saltar dende o mastro de proa ata a esa abertura. Por veces a distancia era de a penas dous metros, pero outras de seis, xa que o mastro se cambaleaba coma un borracho, polo que o casco, sobre o que descansaba a súa outra metade esnaquizada, non deixaba de arrandearse, azoutado pola ondada.

Empecei a rubir, pero eles non esperaron. Un tras outro foron desatándose e seguíronme na miña escalada polo perigoso mastro. Había serios motivos para apurarnos, pois en calquera intre o *Sparwehr* podía ir a pique. Calculei o salto, chimpei e aterrei na furna de gatiñas, mais presto a botar unha man ós que ían saltar agora. Foi un traballo lento. Estabamos enchoupados e atecidos polo intenso vento. Amais, tiñamos que adecuar o salto ó abaneo do casco e o abalo do mastro.

O cociñeiro foi o primeiro en caer. O vaivén guindouno do cabo do mastro, e o seu corpo abismouse facendo viravoltas. Un *carneiro* atrapouno ó voo denantes de esmagalo contra o acantilado. O grumete, un mozo barbado de vinte e tantos anos, perdeu pé, esvarou, aferrouse ó cabo do mastro e ficou espetado nun saínte. Dixen ficou? Non, a vida marchou del nese mesmo intre. Os dous seguintes tiveron o mesmo fin que o cociñeiro. O capitán Johannes Maartens foi o derradeiro, o número catorce daqueles que demos chegado á cafurna. Unha hora despois, o *Sparwehr* ía a pique, afundíndose naquelas profundidades.

Dous días e dúas noites víronnos a punto de finar no acantilado, pois non había maneira nin de subirmos nin de baixarmos. Á terceira mañá, un bote de pescadores albiscounos. Os homes ían vestidos dun branco cotroso⁶⁴, e levaban o cabelo moi longo e atado na caluga cun nó ben curioso –símbolo do matrimonio, como souben logo, e tamén, como descubriría despois, un obxecto próximo ó que asirse cunha man mentres coa outra soltabas un lapote cando nunha rifa había algo máis que palabras.

Os pescadores foron buscar axuda á aldea, e precisaron de case todos os seus habitantes, de case todos os seus aparellos e de case todo o seu día para nos baixaren.

Aquela era unha xente mísera e estragada, afeitada a comer unhas cousas difíciles de tragar mesmo para un lobo de mar coma min. Un arroz cor chicutate, coa súa casca incluída, e cheo de palliñas, guichos e outras clases de refugallos imposibles de identificar que te obrigaban a deixar de mastigalo para meter o polgar e o furabolos na boca e quitar aquela cousa tan molesta. E tamén comían unha sorte de paínzo, e unha abraiante variedade de encurtidos que picaban que nin o Demo.

As paredes das súas casas eran de lama, o teito de palla. Su o chan había uns condutos, tipo tiro de cheminea, polos que expulsaban o fume da cociña e quentaban o dormitorio. Alí estivemos descansando varios días, relaxándonos cun tabaco suave e insípido que fumabamos nunhas cachimbas longas de cazoleta diminuta. Tamén tiñan unha bebida morna, agre, parecida ó leite, que tan só se che subía á cabeza se tomabas moita. Despois de beber litros e litros dela –xúrocho–, emborracheime e empecei a cantar decote, que o que fan todos os lobos de mar neses momentos. Animado polo meu éxito, os demais seguiron bebendo, e pronto estabamos todos berrando, en parte para esconxurarmos a tormenta de neve que estaba a caer fóra, e en parte para esquecermos que estabamos perdidos nunha terra descoñecida, abandonada da man de Deus. O vello Johannes Maartens ría, bruaba e batía nas coxas seguindo o ritmo connosco. Hendrick Hamel, un holandés bruno, de ollos negros, pequechos pero moi brillantes, que normalmente se amosaba máis ben frío e sereno, púxose tan tolo coma nós, e empezou a sacar moedas e moedas de prata, coma calquera mariñeiro borracho, para mercar máis cuncas daquel beberaxe leitoso. En fin, que armamos unha foliada curiosa, aínda que as mulleres seguiron traéndonos bebida, mentres o resto da aldea se amoreaba onda nós para asistir ás nosas chocalladas.

O home branco vai polo mundo en plan dono e señor, coído eu, por mor da súa falla de compaixón e de humanidade. Sempre se comportou así, movido, certamente, polo seu desacougo e pola súa arela de botín. E con ese mesmo espírito foi co que o capitán Johannes Maartens, Hendrick Hamel e máis nós, os doce lobos mariños, trouleamos e voceamos naquela aldea de pescadores, mentres a galerna invernal zoaba no Mar Marelo.

Polo pouco que xa viramos daquela terra e da súa xente, a verdade é que Cho–Sen non nos impresionara en absoluto. Se aqueles míseros pescadores eran o mellor exemplo dos seus nativos, non nos estrañaba que ningún navegante quixese visitala. Mais pronto descubriríamos que aquilo era ben distinto. A aldea estaba situada

nunha illa próxima á terra, e os seus xefes houberon dar razón de nós ó continente, pois unha mañá ancoraron na praia tres grandes xuncos dotados de dous mastros con velas latinas, feitas con fibra de arroz.

Cando os sampáns⁶⁵ chegaron á costa, o capitán Johannes Maartens amosou moito interese polas luxosas prendas que, novamente, tiña ante os seus ollos. O primeiro en desembarcar foi un coreano robusto –engalanado, todo el, de sedas de varias cores pálidas– arrodado de media ducia de solícitos criados –tamén vestidos de seda. Kwan Yung–jin–que así se chamaba– era un *yang–ban*, un nobre do país, mais tamén unha sorte de maxistrado ou gobernador do distrito ou da provincia. Ou sexa que tiña un cargo de nomeamento, e dedicábase a espremer os labregos recadando toda clase de impostos.

Tras el saíu un cento de soldados que marchou decontado cara á aldea. Ían armados con diferentes tipos de lanzas –dunha e mesmo de tres puntas–, e levaban tamén algún que outro mosquete de carácter tan heroico que se precisaban dous soldados para poder usalo: un, para carretaren e colocaren o trípode no que se apoia o canón, e outro para carrexaren e dispararen a arma. Tal e como descubrín despois, aqueles mosquetes ás veces funcionaban e ás veces non, dependendo do axuste da isca e do estado da pólvora que se puxera na cazoleta.

Así era como viaxaba Kwan Yung–jin. Os principais da aldea tíñanlle un medo do Demo, e con toda a razón, tal e como nós mesmos non tardamos en descubrir. Eu adianteime para facer de intérprete, pois era o único que xa sabía chapurrear algo en coreano. Mais el engurrou as cellas e afastoume do seu camiño. Pero é que acaso apestaba eu? Se era tan alto coma el, pesaba doce ou quince quilos máis, e a miña pel era branca, e o meu pelo dourado! O caso é que me virou as costas e dirixiuse ó xefe da aldea, mentres os seus seis satélites sedosos me acordoaban cos seus corpos. Nese momento, vin saír máis soldados dun xunco, carretando ó lombo unhas pranchas duns dous metros de longo por medio de largo, e partidas, curiosamente, pola metade, ó longo. Preto dun dos seus cabos había un burato redondo, do tamaño do pescozo dun home.

Kwan Yung–jin deu unha orde. Varios soldados achegáronse a Tromp, que estaba sentado no chan atendendo outro culpable. Tromp era un fulano máis ben parvo, lento de miolos e lento de reflexos, e, antes de enxergar o que estaba a suceder, xa tiña unha daquelas pranchas, que se abrían e se pechaban como unhas tesoiras, ó redor do

pESCOZO, aprisionándoo. Ó decatarse, empezou a bruar e a axitarse, ata o punto de que todos tivemos que afastarnos para deixarlle espazo e impedir que nos zoscara cos cabos voadores do seu cepo.

Daquela comezaron os problemas, pois estaba claro que a intención do coreano era apresarnos a todos. Pero, ah, nós loitamos, a puñazo limpo, cun cento de soldados e outros tantos aldeáns, mentres Kwan Yung-jin se mantiña a parte coas súas roupaxes de seda e o seu nobre desdén. Foi entón cando me gañei o nome de Yi Yong-ik, o Baril. Moito despois de que a nosa tripulación fose reducida e apresada, eu seguía loitando. Os meus puños eran duros coma martelos, e eu tiña músculos e azos abondos para empregalos.

Ende ben, axiña descubrín que os coreanos non tiñan nin idea de como pelexar a puñazos nin de como protexerse deles. Un tras outro ían caendo en moreas, coma bolos. Pero o meu obxectivo principal era Kwan Yung-jin, e o único que o salvou, cando me botei a el, foi a intervención dos seus criados. Eran unhas criaturas febles. Antes de que a multitude volvese por eles, eu xa fixera unha boa desfeita con aqueles fulanos e as súas sedosas prendas. Había moitos tipos arroteándome. Tantos que obstruían os meus golpes, e os que estaban detrás empurraban os de diante sobre min. Pero, ah, cantos tombei! Ó final, estaban en moreas de a tres, retorcéndose ós meus pés. Mais, cando os tripulantes dos tres sampáns e a maioría dos aldeáns se abalanzaron sobre min, eu xa estaba abafado, e non lles custou traballo poñerme o maldito cepo.

– Meu Deus! E agora que? –preguntou Vandervoot, outro mariñeiro, cando xa estábamos a bordo dun xunco.

Velaí estábamos, sentados na cuberta coma un atado de polos, cando el fixo esa pregunta. E, xusto despois, ó escorar o xunco cara á brisa, saímos disparados, con pranchas e todo, ata darmos cos nosos pescozos esfolados nos embornais de sotavento. Dende o alto da popa, Kwan Yung-jin mirounos coma se non nos vise. Por iso, a partir daquela, Vandervoot pasou a ser coñecido entre nós como “E-agora-que-Vandervoot”. Pobre diaño! Acabou morrendo conxelado nunha rúa de Keijo, con todas as portas pechadas para el.

Kwan Yung-jin levounos ó continente e guindounos nun cagarrón fedento infestado de bechos. Así foi a nosa entrada oficial en Cho-Sen. Pero eu acabaría vingándome de Kwan Yung-jin, como verás, nos días en que a Dama Om me favoreceu e tiven poder.

Pasamos varios días en prisión, e logo soubemos por que. Kwan Yung-jin enviara un despacho a Keijo, a capital, preguntándolle ó Emperador que debía facer connosco. E nós, entre tanto, alí, coma feras dun zoolóxico. Dende a mañá á noite, moreas de nativos viñan asomarse polas barras das nosas fiestras, para ollaren o espectáculo: xente dunha raza que non viran endexamais. Mais non todo o noso público era do populacho. As damas da nobreza, transportadas en palanquíns, a ombros, polos seus carrexadores, tamén viñan ver eses demos estraños que deitara o mar. E, mentres os criados arredaban a canalla a lategazos, elas fitábannos longa e timidamente. Pola contra, nós a penas puidemos velas, pois levaban as faces cubertas, conforme o costume do país. Tan só as bailarinas, as mulleres de clase baixa e as avoas adoitan ir descubertas.

Ás veces coido que Kwan Yung-jin sufría de indigestión, e que, cando tiña algún ataque agudo, pagábaa con nós. En calquera momento, sen ningunha razón aparente, simplemente porque lle petaba, mandaba sacárennos a todos á rúa que había diante da prisión e mallárennos a paus perante a grande rexouba da multitude. Os asiáticos son unhas bestas crueis, e gozan co espectáculo do sufrimento humano.

Ende ben, a fin daquelas malleiras non tardou en chegar. E todo grazas a aparición de Kim. Que quen era Kim? Ben, pois todo o que podo dicir del, e o mellor que podo dicir del, é que foi o home máis branco que atopamos en Cho-Sen.⁶⁶ Cando o coñecín, Kim era capitán de cincuenta soldados. Xa estaba ó mando da garda do pazo antes de que eu fixera o posible por axudalo. E, ó final, morreu pola Dama Om e por min. Pois Kim... En fin: Kim era Kim.

Des que apareceu el, quitáronnos os cepos do pescozo e aloxáronnos nunha pousada que seica era a mellor do lugar. Aínda eramos prisioneiros, mais honorables prisioneiros, cunha garda de cincuenta soldados a cabalo mirando por nós. Ó día seguinte, xa estabamos en marcha polo camiño real, catorce mariñeiros montados nuns cabalos ananos que só se crían en Cho-Sen, en dirección á mesmísima Keijo. O Emperador –segundo me contou Kim– expresara o seu desexo de ver cos seus propios ollos eses estraños demos do mar.

A viaxe durou varios días. Percorremos a metade de Cho-Sen, de norte a sur. Deu a casualidade de que, na primeira parada que fixemos para cambiar as selas, mentres daba unha volta por alí, vin como lle daban de comer ós cabalos ananos. E o que vin abraioume tanto que solteime a berrar: «E agora que, Vandervoot?», ata que

todos os meus compañeiros chegaron correndo. Non o creras, mais xúroche pola miña vida que o que lle estaban a dar a aquelas bestas era un prato de fabóns! De fabóns ben quentiños! E durante toda a viaxe non lles deron outra cousa ca iso –pois seica era o costume do país.

Aqueles cabalos eran verdadeiramente ananos. Unha vez apostei con Kim a que levantaba un cos ombros, e, malia o que bruou e se resistiu o animal, dei en izalo. E, dende aquela, os homes de Kim, que xa sentiran algunha vez o meu alcume, chamáronme sempre Yi Yong–ik, o Baril. Kim era un home rexo, varudo –como adoitan ser os coreanos, que son unha raza especialmente musculosa–, e checheaba un chisco diso. Mais unha vez botamos un pulso e gañei. E os seus homes e os aldeáns ollábanme pampos e bisbaban: «Yi Yong–ik, Yi Yong–ik...»

En certa maneira, eramos coma un zoo ambulante. O dixomedíxome chegou antes ca nós, así que a xente dos lugares que cruzabamos se amoreaba no camiño para vernos pasar. Aquilo era coma un interminable desfile circense. Pola noite, nas vilas nas que parabamos, a pousada ateigábase de osmóns, e os soldados tiñan que botalos fóra a golpes e picadas de lanza para que nos deixaran en paz. Pero, antes, Kim facía vir os loitadores máis fortes do lugar para que a xente se divertise vendo como os derrubaba e lles facía morder o po.

Alí non había pan de ningunha clase, e o que comiamos era arroz branco (que a penas serve para vigorizar os músculos), unha carne que parecía de can (animal que, de feito, se emprega como alimento en Cho–Sen) e eses encurtidos que pican a rabiarse, mais que ó final acaban por parecerche sumamente bos. E logo había unha bebida –unha bebida de verdade, non aquela beberaxe leitosa–, de cor branco e celme penetrante, destilada do arroz, que, tomada en grandes cantidades, podía matar un home feble e tolear o máis forte. Na cidade amurallada de Chong–ho, dei tombado a Kim e os notables do lugar embaixo da mesa –ou, mellor dito, encol da mesa, pois a mesa en realidade era o chan onde nos anicabamos, cousa que a min non me facía graza ningunha, xa que sempre acababa con maniotas no cu–, tras apostarmos a ver quen bebía máis desa cousa. E de novo todos empezaron a bisbar «Yi Yong–ik, Yi Yong–ik...», e o rumor da miña afouteza chegou mesmo a Keijo e a corte do Emperador antes ca nós.

Eu, daquela, era máis un hóspede de honor que un prisioneiro, e, de feito, sempre cabalgaba á carón de Kim, coas miñas longas pernas case que tocando o solo, e,

alí onde o cabalo se afundía, cofando a lama cos pés. Kim era novo. Kim era humano. Kim era universal. Alguén a quen se tería por un verdadeiro home en calquera lugar de calquera país. Pasabamos o día e a metade da noite a falarmos, a rirmos, a chancearmos. Eu devoraba as súas palabras, e, dese xeito, ía constatando o idioma –algo para o que estaba ben dotado. Mesmo el se marabillaba da miña habelencia, pois cheguei a coñecer non só a lingua dos coreanos senón tamén os seus puntos de vista, a súa clase de humor, as súas virtudes, os seus defectos e as cousas que os irritaban especialmente. Kim aprendeume cancións de flores, de amor e de borracheira. Unha destas últimas compúxoas el, e vou tentar traducirche aquí –malamente– a derradeira estrofa. O tema é o seguinte: Kim e Pak, na súa xuventude, xuraran absterse de beber, ⁶⁷ mais decontado romperan o seu xuramento, polo que, xa de vellos, cantan:

*Non, non, lisca! A leda cunca
animará a miña alma de novo
en contra súa. Ti, ho, agarda!
Podes dicirme onde venden viño tinto?
Como? Máis aló do pexegueiro? Alí?
Pois, boa sorte, amigo! Pra aló marchó!*

Hendrick Hamel, sempre intrigante e arteiro, non deixaba de incitarme a facer bufonadas para gañar o favor de Kim; non só para min, senón para el e o resto do grupo. Menciónoo aquí como conselleiro meu porque Hamel tivo moito que ver co que logo aconteceu en Keijo, cando me gañei o favor de Yunsan, o corazón da Dama Om e a tolerancia do Emperador. Eu tiña vontade e afouteza abonda para xogar ó xogo que iniciara, e, se cadra, mesmo un chisco de enxeño; aínda que hei admitir abertamente que a meirande parte dese enxeño era de Hendrick Hemel.

E así foi como viaxamos a Keijo, dunha cidade amurallada a outra, atravesando unha terra montañosa, cuberta de neve e sucada de innumerables e fértiles vales de labranza. E todos os días, á tardiña, viamos aparecer fogueiras de cumio en cumio, dun cabo ó outro do horizonte. Kim sempre se paraba a ollar aquel espectáculo nocturno. Contoume que, dende todas as costas de Cho–Sen, aquela cadea de linguas de fogo chegaba ata Keijo, transmitindo a súa mensaxe ó Emperador. Unha cacheira significaba

que a terra estaba en paz. Dúas, que había algunha revolta ou invasión. Pero nós nunca vimos máis dunha. E sempre, sempre, mentres cabalgabamos, Vandervoot pechaba a marcha preguntándose: «Meu Deus! E agora que?»

Keijo pareceunos unha enorme cidade na que toda a xente, agás os nobres ou *yang-bans*, vestían o eterno branco. Cor que, segundo Kim, era un sinal e unha advertencia de caste. Así, cunha simple ollada, un podía determinar o nivel social dun individuo, consonte o grao de brancura ou de sucidade das súas roupas. Era obvio que un traballador⁶⁸, que non tiña máis roupa que a que levaba posta, había de ir extremadamente sucio. E que, pola contra, alguén que ía inmaculadamente limpo había de ter moitas mudas e criados que lle lavaban a roupa. En canto ós *yang-bans*, que levaban unhas sedas de varias cores lenes, eles estaban por riba dese criterio común.

Tras pasarmos varios días nunha pousada, onde aproveitamos para lavar as nosas roupas e remendar os estragos do naufraxio e da viaxe, fomos levados ante o Emperador. Na inmensa explanada que atopamos diante da fachada do pazo, había uns cans de pedra colosais que máis ben semellaban tartarugas. Estaban anicados sobre uns pedestais de pedra maciza, dúas veces máis altos ca un home. Os muros do pazo, tamén enormes, eran de pedra recuberta, e tan grosos que ben podían aturar os disparos dun canón durante un ano de asedio. Xa a portada de seu era do tamaño dun pazo. Tiña forma de pagode, con varios pisos que ían diminuindo de largura e coroados con cadanseu teito de tella. Varios soldados, vestidos con uniformes moi elegantes, montaban garda na portada. Segundo me dixo Kim, eran os Cazadores de Tigres de Pyeng-yang, os loitadores máis feros e máis terribles dos que podía gabarse Cho-Sen.

Pero xa abonda. Tan só en describir o pazo do Emperador podería gastar, tranquilamente, mil páxinas do meu relato. Daquela, chega con dicir que foi alí onde descubrimos o poder en toda a súa expresión material. Só unha civilización profunda e aberta, anterga e forte como aquela podía crear aquela morada imperial de muros infranqueables e tellados de dúas augas.

A uns lobos de mar coma nós non podían levarnos a unha sala de audiencia, senón a outra que nós tomamos por unha sala de banquetes. O festín xa estaba a rematar, e todos os invitados estaban de bo humor. E que invitados! Altos dignitarios, príncipes de sangue real, nobres armados con espada, sacerdotes esbrancuxados xunto a oficiais de alto rango torrados polo sol, damas da Corte coa faciana descuberta, *ki-sang*

ou bailarinas coa cara pintada⁶⁹ que estaban a descansar despois da súa actuación, e unha chea de aias, doncelas, eunucos, lacaios e servos do pazo.

Todos eles deixaron paso ó Emperador cando este, seguido polo seu séquito, se achegou a nós. Parecía ser un monarca insolitamente ledo –sobre todo nun continente coma o asiático. Aquel home barrigudo, ó que lle fraqueaban as pernas, non había de pasar dos corenta, e tiña unha pel moi branca, como se endexamais lle dese o sol. Mais a nobreza da súa fronte evidenciaba que, de novo, fora un home garrido. Os ollos cansos, remelados, coas pálpebras caídas; os beizos contraídos e trementes por mor dos excesos que se permitía. Excesos que, como souben despois, lle ideaba e procuraba Yunsan, o sacerdote budista, do que xa falarei.

Coas nosas roupas de mariñeiros, eramos unha tropa do máis rechamante, como rechamante foi a nosa recepción. As exclamacións de abraio ante a nosa rareza deron paso ós risos. As *ki-sang* botáronse a nós, arrastráronnos dun lado ó outro, fixéronnos os seus prisioneiros, dúas ou tres por cada un de nós, levándonos como se foramos osos de circo e animándonos a representar o noso número. Era algo do máis ofensivo, a verdade, mais que podíamos facer nós, uns pobres lobos de mar, en semellante situación? Que podía facer o vello Johannes Maartens, cunha bandada de rapazas ríndose del, tocándolle o nariz, beliscándolle os brazos, facéndolle cóxegas ata que esparavanaba? Para liscar de tales tormentos, Hans Amden fixose un oco entre o xentío e marcouse, torpemente, un típico baile holandés que provocou as gargalladas da Corte.

Eu sentíame especialmente ofendido despois de tratar con Kim de igual a igual, de convivirmos durante días como compañeiros. Resistín o embate das *ki-sang*. Asenteime ben nas pernas e mantivenme ergueito cos brazos cruzados, impasible ós seus beliscos e ás súas cóxegas, ata que ó fin marcharon en busca doutra presa.

– Polo amor de Deus, fai algo que os impresione, ho –bisboume Hendrick Hamel, tentando quitarse de encima tres daquelas *ki-sang*.

E ende ben que só bisbou, pois, cada vez que abría a boca para falar, enchíanlla de lamberetadas.

– Sálvanos desta loucura –insistiu, abaixando a cabeza para esquivar as mans cheas de lambonadas das *ki-sang*–. Debemos ter dignidade, entendes? Dignidade. Se non, estamos perdidos. Trátannos coma animais domesticados, coma xoguetes. Cando aburran o xogo, desfaranse de nós. Ti estás a facer o correcto. Persiste. Arrédaas. Impón respecto, respecto por todos nós...

As últimas palabras case que non puideron sentilas, pois esta vez as *ki-sang* conseguiron calarlle a boca cunha presada de lambetas.

Como xa dixeran, eu era un home con azos, así que empecei a barrenar para enxeñar algo. E foi un dos eunucos do pazo quen me deu a idea, ó tentar facerme cóxegas na caluga cunha pluma. Eu xa conseguira chamar a atención coa miña imperturbabilidade fronte ós ataques das *kin-sang*, polo que había moita xente ollando como me atormentaba o eunuco. Mais eu non fixen ningún aceno, non me movín en absoluto ata que calculei a distancia á que estaba de min. Daquela, coma un raio, sen tan sequera volver a cabeza nin o corpo, simplemente estirando o brazo, mandeille un lapote co dorso da man. Deille cos cotobelos na meixela e no barbarote, provocando un estralo semellante ó dun mastro cando o parte unha galerna. O fulano saíu voando e foi aterrar varios metros máis atrás, todo envurullado.

Non se escoitou nin un riso, tan só exclamacións de sorpresa e murmurios de «Yi Yong-ik, Yi Yong-ik...» Eu volvín cruzar os brazos e fíquei ergueito, cun certo ar de altivez. De feito, coido que eu, Adam Strang, tiña, entre outras cousas, alma de actor, como verás decontado. Nese intre devín no membro máis significativo do grupo. Con orgulloso desdén, fun fitando e arredando todas as olladas que había postas en min; todas, agás unha. A dos ollos dunha muller nova que, a xulgar polos seus luxosos atavíos e pola media ducia de doncelas que bulían tras dela, tiña que ser unha dama distinguida da Corte. E, abofé, era a Dama Om, princesa da casa de Min. Dixeran que era nova? Pois tiña xusto a miña idade, trinta anos, e, malia iso, e a súa madurez, e a súa beleza, aínda non casara, como souben logo.

Tan só ela aturou a miña ollada sen afastar a súa, ata que fun eu quen a afastou. Mais non porque me mirara mal, pois non había nin desafío nin desprezo nos seus ollos: só fascinación. Custábame moito admitir que fose aquela pequena muller a que me derrotase, e, en apartando os ollos, vin a lamentable imaxe que daban os meus compañeiros fuxindo das *ki-sang*, o cal servíume de pretexto para dar unhas palmadas como fan os asiáticos cando dan unha orde.

– Deixádeos! –bramei na súa propia lingua, e no ton que se emprega cos subordinados.

Ah, co peito e a gorxa que eu tiña, podía bruar coma un touro e romperlle os tímpanos a calquera. Seguro que endexamais unha orde fendera o sagrado ar do pazo do Emperador con tanta forza.

Toda a sala quedou horrorizada. As mulleres, espantadas, correron a aconchegarse, buscando acubillo. As *ki-sang* soltaron os mariñeiros decontado e enconicáronse, rindo nerviosamente. Tan só a Dama Om ficou impertérrita, aínda que seguiu mirándome ós ollos, que eu acababa de volver cara ós seus.

Despois houbo un grande silencio, coma se todos estiveran agardando que falara o oráculo. Unha miríade de ollos ía e viña do Emperador a min, e de min ó Emperador. E eu fun abondo listo como para manter ese silencio e ficar alí, cos brazos cruzados, altivo e distante.

– Fala a nosa lingua –comentou, por fin, o Emperador. E xúroche que, nese intre, a xente sentiu tal alivio que toda a sala deveu nun único suspiro.

– Nacín sabéndoa –retruquei eu, poñendo rapidamente todo o meu enxeño de lobo de mar na primeira tolada que se me ocorreu–. Xa a falaba no colo da miña nai. E por iso, no meu país, tíñanme por unha marabilla. Os sabios viñan de lonxe para verme e sentirme. Pero ningún coñecía as palabras que eu pronunciaba. Dende aquela, esquecín moito. Pero agora, en Cho-Sen, as palabras volven a min coma amigos perdidos hai tempo.

A miña andrómena causou impresión. O Emperador tragou saliva e engurrou os beizos antes de preguntar:

– E como explica vostede iso?

– Foi un accidente –respondín, seguindo a fantasiosa senda que abrira o meu enxeño–. Os deuses do nacemento trabucáronse, e fun levado a unha terra afastada e criado por unha xente que non era a miña. Eu son coreano, e agora, por fin, estou de volta en casa.

Vaia rebumbio que se montou daquela! Todo o mundo moumeando e parolando asemade. Entón o Emperador interrogou o propio Kim.

– Xaora –mentiu o meu bo compañeiro–. Este home tivo sempre a nosa lingua na boca. Dende que saíu do mar ata agora.

– Que me poñan roupas de *yang-ban*, tal e como me corresponde –interrompino eu– e verá que é certo o que digo.

O Emperador aceptou. E, mentres me levaban fóra, volvinme cara ás *ki-sang* para rifalas:

– E deixade en paz os meus escravos. Fixeron unha viaxe moi longa e están cansos. Sempre me foron fieis.

Xa noutra estancia, Kim botou os lacaios e axudoume a cambiar, mentres me explicaba a toda présa como debía levar as roupas. Non sabía máis ca min o que eu pretendía, pero portouse coma un amigo.

O gracioso do caso foi que, cando volvíñ ó salón ateigado chapurreando un coreano que, segundo lles comentei, levaba tempo sen practicar, Hendrick Hamel e os demais, demasiado testáns e orgullosos para aprenderen outra lingua, non entenderon nin raspa do que dixeran.

– Eu son da liñaxe da casa de Koryu –díxenlle ó Emperador–, a que gobernou en Songdo hai moitísimos anos, cando a miña casa se ergueu de entre as ruínas de Silla.

Un historia anterga que me contara Kim mentres cabalgabamos, e o pobre tentaba controlar os seus xestos ó sentirme repetila coma un loro.

– Estes –dixen cando o Emperador me preguntou polos meus compañeiros– son os meus escravos. Todos, bardante ese vello badoco –e sinaliei a Johannes Maartens– que é fillo dun liberto.

Despois indiqueille a Hendrick Hamel que se achegara.

– Este –proseguín a chanza– naceu cas meu pai, e descende doutro escravo que naceu antes ca el. Téñolle moita lei. Somos da mesma idade, nacemos na mesma data, que foi o día no que o meu pai mo regalou.

Máis tarde, cando Hamel me rogou que lle contara o que dixera, amolouse e rifoume.

– A sorte está botada, Hendrick –retruqueille–. Algo tiña que facer, non che parece? E o feito, feito está. Nin ti nin eu podemos xa cambiar a sorte. O único que podemos facer agora é representar os nosos papeis o mellor que poidamos.

Taiwun, o irmán do Emperador, era un borracho empedernido, e pola noite desafioume a beber. O Emperador estaba encantado coa idea, e ordenou a unha ducia dos máis nobres canecos que se uniran á esmorga. Despediron as mulleres, e todos empezamos a beber, grolo a grolo, cunca tras cunca. Díxenlle a Kim que ficara comigo, mais, cando iamos pola metade, e malia a evidente desconformidade de Hendrick Hamel, boteinos a el e ó resto, non sen antes pedir, e conseguir, que os aloxaran no pazo, no canto de na pousada.

Ó día seguinte, a miña chea corría de boca en boca, pois dera tombado a Taiwun e os seus compañeiros nas esteiras, e logo fora á cama sen axuda. Xamais, en todos os

días de vicisitudes que viñeron despois, dubidou Taiwun da miña orixe coreana, pois, segundo el, tan só un coreano podía ter tan boa calleira.

O pazo era unha cidade de seu, e a nós aloxáronnos nunha sorte de residencia de verán que estaba á parte. As estancias principais déronnos a min, por suposto, e máis a Hamel e a Maartens, así que o resto da tripulación tivo que contentarse, a contragusto, coas que quedaban.

Yusan, o devandito sacerdote budista, mandoume chamar. Aquela era a primeira vez que nos viamos, e, despois de botar a todo mundo, incluído Kim, quedamos a soas nun cuarto sombrizo, sentados nunhas grosas esteiras. Deus! Vaia home, aquel Yusan! E vaia mente! Puxo a proba a miña alma. Sabía cousas doutras terras e doutros lugares que ninguén en Cho-Sen coñecía. Chegaría a creerse o meu fabuloso nacemento? Non podería aseguralo, pois a súa face era máis imperturbable que unha escudela de bronce.

O que coidaba Yunsan só o sabía Yunsan. Mais eu notei nel, naquel sacerdote de pobres vestiduras e ventre escuálido, o poder que había tras o poder en todo o pazo e en todo Cho-Sen. Tamén me decatei, pola oculta intención das súas palabras, que me estaba a utilizar. Suxeriríao a Dama Om? Unha incógnita que lle pedín a Hamel que resolvese. Eu non tiña moita idea, mais tampouco me preocupaba, pois sempre vivira o momento e deixara que foran os demais os que previran, fixeran plans e se angustiaran.

Tamén acudín ó chamado da Dama Om, seguindo a un eunuco de face reluciente e andares de micho polos tranquilos corredores do pazo deica ós seus aposentos. A Dama Om estaba aloxada coma a princesa real que era. Tamén ela tiña un pazo de seu, arrodado de estanques de lotos onde medraban árbores centenarias pero tan reducidas que non me chegaban nin á cintura. Pontes de bronce, tan delicadas e raras que semellaban obras dun ourive, sobrevoaban os seus estanques de lirios, e un soutiño de bambú separaba o seu pazo dos demais.

A miña cabeza era un turbillón. Un lobo de mar coma min sabía abondo de mulleres, e intuía algo máis que simple curiosidade no feito de que ela mandara buscarme. Eu escoitara moitas historias de amor entre plebeos e raíñas, e non deixaba de preguntarme se tería a sorte de comprobar que eran certas.

A Dama Om non perdía o tempo. Había varias mulleres por alí, pero a ela importáballes tanto a súa presenza coma a un carreteiro a dos seus cabalos. Sentei á súa beira, nunha esteira grosa que servían coma de sofás, e servíronme viño e doces para picar nunhas mesiñas baixas con perlas incrustadas.

Deus, abondaba con mirala ós ollos... Pero espera. Non te trabuques. A Dama Om non era nada parva. Xa dixen que tiña a miña idade. A súa boa trintena, coa serena ecuanimidade que esta comporta. Ela sabía o que quería. E tamén o que non quería. Por iso nunca casara. E por iso de nada serviran as presións que aquela corte asiática exercera sobre ela para obrigala a casar con Chong Mong-ju. Chong, un primo seu, algo máis novo ca ela, e descendente da grande casa Min, tampouco era besta cega, e arelaba tanto o poder como para preocupar a Yunsan, quen, á súa vez, afanábase por acaparar todo o poder e manter o pazo e Cho-Sen en equilibrada orde. Daquela, Yunsan mantiña unha alianza secreta coa Dama Om, salvándoa do seu primo e, asemade, utilizándoa para cortarlle as ás a este. Pero basta de intrigas. Aínda faltaba moito para que eu me decatara de tales cousas, e sempre grazas ás confidencias da Dama Om e ás conclusións de Hendrick Hamel.

A Dama Om era unha flor estraña. Mulleres coma ela nacen moi poucas: se cadra dúas por século en todo o mundo. Para ela non existían nin regras nin convencións. A relixión era unha chea de conceptos abstractos, en parte aprendidos de Yunsan, e en parte elaborados por ela. A relixión do vulgo, a pública, era unha artimaña para que os millóns que traballaban seguisen traballando. Ela tiña vontade propia, e o corazón de toda unha muller. Era unha auténtica beleza –si, unha beleza consonte calquera canon do mundo. Os seus grandes ollos negros non eran nin rachados nin amendoados coma os dos orientais. Eran longos, si, mais tirando a cadrados, e cunha lixeira oblicuidade que lles daba toda a súa picardía.

Xa dixen que non era nada parva. E abofé que non! Nervioso como estaba eu naquela situación –unha princesa, un lobo de mar e un amor que ameazaba con ser non pequeno senón moi grande–, tentaba argallar algo para saír airoso dela. Ocorréuseme, ó principio daquel primeiro encontro, mencionar o que xa dixera na corte, ou sexa, que eu tiña realmente sangue coreana da anterga casa de Koryu.

– Déixao –espetoume ela, tocándome os beizos co seu abano de plumas de pavo real–. Nada de contos aquí. Para min ti es mellor e máis grande que calquera da casa de Koryu. Ti es...

A Dama calou un intre, e eu agardei outro, observando como aumentaba o atrevemento nos seus ollos.

– ... un home –engadiu–. Nin sequera nos meus soños puideron maxinar un home que se erguera con tanta firmeza no mundo.

Deus! E que podía facer un pobre lobo de mar despois diso? Eu, concretamente –ou sexa o lobo de mar que fun–, non puiden evitar que o roibén se apoderase do meu curtido pelexo, mentres os ollos da Dama Om deviñan en senllos relanzos de malicia na súa rebuldeira delicia, e os meus brazos devecían por apertala. Ela riu tentadora e sedutoramente antes de chamar cunha palmada as súas doncelas, e daquela souben que a audiencia rematara por esa vez. Mais tamén estaba certo de que podería haber outras audiencias, de que, de feito, *tería* que haber outras audiencias.

Cando volvín onde agardaba Hamel, todo me daba voltas.

– A muller –dixo despois de moito pensar.

Fitoume e suspirou con evidente envexa.

– Iso é pola túa forza, Adam Strang, por ese pescozo de touro, ese cabelo loiro que tes. Así é o xogo, amigo. Engaiólaa, e todo irá ben. Engaiólaa. Eu direiche como.

Aquilo amoloume. Eu era un lobo de mar, si, mais tamén era un home, e non quería que ninguén me dixese como había de tratar as mulleres. Hendrick Hamel puido ser outrora un dos donos do *Sparwehr*, ter moitos coñecementos de navegación e de astronomía, e ler moitos libros, pero de mulleres non sabía máis ca min.

El esbozou o seu típico sorriso de finos beizos e preguntou:

– Esa dama... gústache moito, non é?

– Nestes asuntos, os mariñeiros non buscamos nada en particular –disimulei.

– Gústache ou non? –insistiu, cravándome os seus pequenos e brillantes ollos.

– Gústame... abondo, si, e máis ca iso, se che son sincero.

– Daquela, conquístaa –ordenoume–, e algún día colleremos un barco e liscaremos desta maldita terra. Daría a metade das sedas da India por xantar de novo unha comida cristiá.

Hamel miroume en fite.

– Cres que podes conquistala?

Eu estaba case que decidido a apostar algo con el. Hamel sorriu satisfeito.

– Mais non vaias demasiado á présa –advertiume–. As cousas boas conséguense con esforzo. Faite valer. Se parco co teu agarimo. Fai que aprecie o teu pescozo de touro e o teu cabelo loiro, e ben deita que os tes, pois eles valen máis ós ollos dunha muller cós cerebros dunha ducia de filósofos.

Os seguintes foron días acelerados e estraños: audiencias co Emperador, envites de alcohol con Taiwun, xuntanzas con Yunsan e horas coa Dama Om. Inda por riba,

pasaba a metade das noites en vela, por orde de Hendrick Hamel, aprendendo de Kim todas as minucias da etiqueta e dos costumes da Corte, a historia de Corea e dos deuses vellos e novos, así como as diversas formas de verbas: a dos políticos, a dos nobres e a do vulgo. Xamais un lobo de mar traballou tanto! Eu era un monicreque: o de Yunsan, que precisaba de min; o de Hamel, que artellaba unhas estratexias tan revesgadas que eu só non as podería realizar. Unicamente con ela, coa Dama Om, me sentía un home, non un monicreque... E secasí... E secasí, cando miro atrás e pondero aquela época, teño as miñas dúbidas. Pois creo que tamén ela, a Dama Om, quería algo de min: satisfacer comigo o desexo do seu corazón. Pero niso deu co zapato que lla facía, pois non pasaría moito tempo sen que fose ela quen satisfixera o desexo do meu. E tan imperiosa era a miña vontade que nin a dela, nin a de Hamel, nin a de Yusan poderían afastar os meus brazos desa muller.

En canto e non, vinme involucrado nunha intriga palaciana que non puideren enxergar. Comprendín, iso si, que ía dirixida contra Chong Mong-ju, o principesco primo da Dama Om. Mais, alén das miñas sospeitas, había unha infinidade de camarillas e camarillas dentro doutras camarillas que convertían o pazo nun labirinto e se espallaban polos sete mares. Pero a min tanto me tiñan. Esas cousas deixaballas a Hendrick Hamel. Eu limitábame a contarlle todo o que acontecía cando el non estaba comigo, e el, engurrando a testa e nimbado de misterio, pasaba horas sentado, coma unha araña paciente, desenredando a trama e tecendo a tea de novo. Coma o escravo persoal que, supostamente, era, insistía en atenderme en todas partes, e só Yunsan lle impedía a entrada de cando en vez. Eu, por suposto, deixábao fóra cando estaba coa Dama Om, mais contáballe, por encima, todo o que pasara –agás os tenros incidentes que non eran da súa incumbencia.

Coido que a Hamel lle gustaba manterse en segundo plano e representar o seu papel en segredo. Tiña demasiado sangue frío como para non se decatarse de que quen corría o risco era eu. Se eu prosperaba, el tamén. Pero se eu caía en desgraza, el podería escapulirse coma un furón. Estou certo de que el coidaba o mesmo, pero o caso é que, ó final, non conseguiu salvarse, como axiña verás.

– Apóíame –díxenlle a Kim– e terás todo o que queiras. Hai algo que desexes en especial?

– Gustaríame ser o capitán dos Cazadores de Tigres de Pyeng-Yang, e, daquela, de toda a garda do pazo.

– Pois agarda e o serás. Prometido queda.

O problema era saber como cumprir esa promesa. Mais aquel que non ten nada ben pode dar o mundo enteiro; e eu, que nada tiña, prometínlle a Kim a capitania da garda do pazo. O mellor do caso é que, ó final, cumprín a miña promesa. Kim chegou a capitanear a garda dos Cazadores de Tigres, aínda que iso o abocou a unha triste fin.

Mais, como dicía antes, as argucias e as intrigas deixeiillas a Hamel e a Yunsan, que eran os políticos. Eu non era máis ca un home e un amante, pero as miñas horas eran máis pracentesirás cás súas. Imaxíno: un lobo de mar endurecido pola vida pero amante da ledicia, irresponsable, despreocupado do futuro e do pasado, bebendo viño e ceando con reis, sendo o amante aceptado dunha princesa e contando con cerebros coma o de Hamel e o de Yunsan para planearen e executaren todo por min.

En máis dunha ocasión estivo Yunsan a piques de adiviñar a mente que había tras a miña; mais, cando sondaba a Hamel, este facíase o parvo, amosándose mil veces máis interesado na saúde e no benestar do seu amo que nos asuntos de Estado ou na política. E enredábo de mala maneira, contándolle o preocupado que estaba por mor das miñas apostas etílicas con Taiwun. Eu creo que a Dama Om si sabía a verdade, pero gardouna para si; pois non era enxeño o que ela desexaba –como moi ben dixo Hamel– senón aquel pescozo de touro e aquel cabelo loiro.

O apaxar que houbo entre nós... mellor o calar, aínda que a Dama Om leve séculos convertida en amorosa cinza. Pero ela non ía privarse, nin eu; e, cando un home e unha muller xuntan os seus corazóns, xa poden rodar cabezas ou derrubarse reinos, que eles non renunciarán á súa paixón.

Así, chegou o momento en que empezou a discutirse o tema do noso matrimonio –pero, oh, devagar, moi devagar, ó principio, coma un simple rumor palaciano entre eunucos e doncelas nos escuros recantos. Mais xa se sabe que no pazo os dixomedixomes da cociña ruben deica o trono. E moi pronto se armou un bo rebulicio. O pazo era o pulso de Cho–Sen, e, cando o pazo se cambaleaba, Cho–Sen tremía. E había un bo motivo para o tal cambaleo, pois o noso casamento sería unha labarada na face de Chong Mong–ju. E, de feito, loitou, nun alarde de forza para o que Yunsan estaba presto. Chong Mong–ju puxo en contra del a metade dos sacerdotes da provincia, que peregrinaron en procesións dun quilómetro deica as portas do pazo, e que chegaron a amedrentar o Emperador.

Pero Yunsan resistiu coma unha rocha. A outra metade dos sacerdotes da provincia estaba con el, e, a maiores, contaba co apoio de todos os sacerdotes das grandes cidades como Keijo, Fusan, Songdo, Pyen–Yang, Chenampo e Chemulpo. Yusan e a Dama Om, engarguelaron, entre os dous, o Emperador. Segundo me confesou ela despois, a Dama deu en intimidalo, chorando histericamente e ameazándoo con armar un escándalo que faría tremer o trono. E, para colmo, nese intre de debilidade psicolóxica, Yunsan regaloulle os oídos ó Emperador revelándolle as intrigas e os excesos que se prepararan ás súas costas.

– Has deixar o pelo longo para facerte o nó do casamento –advertiume Yunsan chiscándome un dos seus austeros ollos, que ese día semellaban insolitamente alegres e humanos.

Secasí, non cumpría que unha princesa casara cun lobo de mar que, por moito que afirmara ser da anterga liñaxe de Koryu, non tiña nin poder, nin casa nin ningún outro sinal visible de rango. Así que o Emperador promulgou un decreto nomeándome príncipe de Koryu. Logo, tras romperlle os ósos e decapitar o gobernador das cinco provincias, un dos partidarios de Chong Mong–ju, nomeoume a min gobernador das sete novas provincias da anterga Koryu. O sete é un número máxico en Cho–Sen, así que, para chegar a ese número, o Emperador quitoulle dúas provincias a outros dous partidarios de Chong Mong–ju.

Deus, un simple lobo de mar... e velaí estaba, marchando cara ó norte pola Vía dos Mandaríns con cincocentos soldados e todo un séquito detrás! Era o gobernador de sete provincias nas que me agardaban varias tropas que sumaban quince mil soldados. Tiña á miña disposición o poder de dar ou quitar a vida, a morte e o suplicio. Tiña un tesouro e un tesoureiro. Tiña un rexemento de escribas. E tamén milleiros de recadadores de impostos prestos a quitarlles ata o último can ós meus labregos.

Esas sete provincias conformaban a zona norte do Imperio. Máis aló estaba o que agora é Manchuria, pero que nós daquela chamabamos o país dos Hong–du ou Cabezas Vermellas. Uns salvaxes que vivían de facer incursións nos territorios contiguos. De cando en vez cruzaban o Yalu en grandes hordas e arrasaban o norte de Cho–Sen coma unha praga de lagostas, e seica tamén practicaban o canibalismo. Eu sei por experiencia propia que eran uns guerreiros terribles, pois endexamais se daban por vencidos.

Aquel foi un ano axitadísimo. Mentres Yunsan e a Dama Om terminaban de provocar a caída de Chong Mong-ju en Keijo, eu dedicábame a gañar sona por min mesmo. Abofé, era Hendrick Hamel quen realmente o planeaba todo, e eu o bonito figurón que levaba a gloria. A través de min, aprendeuilles ós nosos soldados a instrución e as tácticas militares, amais da estratexia que empregaban os Cabezas Vermellas. A loita foi ardua, e levounos todo un ano, mais ó final houbo paz na fronteira do norte, e os únicos Cabezas Vermellas que quedaron na nosa beira do Yalu foron os mortos.

Non sei se aquela invasión dos Cabezas Vermellas figura nos libros de historia de Asia, pero, se está, podería ser a clave para datar a época da que estou a falar.⁷⁰ Outra clave: cando foi Hideyoshi o *shogun* de Xapón?⁷¹ Daquela, sentín os ecos das dúas invasións que, unha xeración antes, levadas a cabo por Hideyoshi, chegaron ata o corazón de Cho-Sen, dende Fusan, no sur, ata Pyeng-Yang, no norte.⁷² Foi el, ese Hideyoshi, quen enviou a Xapón unha chea de tallas con orellas e narices cortados dos coreanos mortos en batalla. Eu falei con varios anciáns, homes e mulleres, que viran os combates e escaparan da barbarie.

Pero volvamos a Keijo e a Dama Om. Deus, que muller. Durante corenta anos foi a miña esposa. Seino. Nin unha soa voz se alzou en contra do noso casamento. Chong Mong-ju, afastado do poder, caído en desgraza e cheo de amargura, retirárase a algures na costa nordeste. Yunsan era o amo absoluto. De noite, as fogueiras propagaban, dunha a outra montaña, a súa mensaxe de paz por todo o país. Ó Emperador aínda lle fraquearon máis as pernas e aínda se lle remelaron máis os ollos por mor das enxeñosas maldades que Yunsan matinaba para el. Nós, a Dama Om e máis eu, deramos en satisfacer os desexos dos nosos corazóns. Kim estaba ó mando da garda do pazo. A Kwan Yung-jin, o gobernador provincial que nos puxera os cepos e nos mallara cando naufragáramos, despoxeino do seu poder e prohibinlle de por vida a entrada en Keijo.

Ah, e fáltame Johannes Maartens, claro. A fin de contas, un lobo de mar ten incrustada nos miolos a disciplina, e eu, malia a miña nova grandeza, non podía esquecer, amais, que el fora o meu capitán nos días nos que buscábamos as novas Indias no *Sparwehr*. Tal e como dixera na corte, el era o único home libre dos que me seguían. O resto dos mariñeiros, considerados os meus escravos, non podían aspirar a ter ningún cargo no reino. Pero Johannes Maartens si, e tívoo. O vello raposo! Eu non adiviñei as

súas intencións cando me pediu que o nomeara gobernador da pequena e insignificante provincia de Kyong-ju. Alí non había moitos labregos nin pescadores. Os impostos a penas servían para pagar os gastos da recadación, así que ser gobernador de Kyong-ju era pouco máis que non ser nada. Para colmo, o lugar era un verdadeiro sepulcro –un sepulcro sagrado, pois na Montaña Tabong estaban sepultados os venerados ósos dos antigos reis de Silla. Pero, en fin: mellor ser gobernador de Kyong-ju que criado de Adam Strang. Iso foi o que pensei, e atribuí ó medo á soidade o feito de que Maartens levara canda el catro dos mariñeiros.

Os dous anos seguintes foron unha delicia. Gobernei as miñas sete provincias por medio dalgúns *yang-bans* necesitados que o propio Yunsan elixiu para min. O único que se me esixía era que, de cando en vez, inspeccionara o meu territorio, acompañado da Dama Om. Ela tiña un pazo de verán na costa sur ó que iamos con frecuencia. Alí si que había diversións propias dun home. Patrocinei o deporte da loita e resucitei o do arco entre os *yang-bans*. Tamén iamos cazar tigres ás montañas do norte.

Unha cousa que me abraiaba moito de Cho-Sen era a clase de mareas que tiña. Na costa do nordeste, por exemplo, a penas había unha diferenza de trinta centímetros entre a preamar e a baixamar. En troques, na costa do oeste, as mareas mortas podían subir ata case que dous metros. Cho-Sen non tiña comercio nin interior nin exterior. Ninguén viaxaba alén das súas costas nin ninguén se achegaba a elas. O cal debíase á súa inmemorial política de illamento. Tan só unha vez cada dez anos ou vinte chegaban os embaixadores chineses, mais sempre viñan por terra, bordeando o Mar Marelo, a través do país dos Hong-du, e baixando pola Vía dos Mandaríns deica Keijo. Unha viaxe de ida e volta que lles levaba un ano, e, total, a súa misión consistía en que o noso Emperador recoñecese, nunha cerimonia baleira de sentido, a anterga soberanía de China.

Pero Hamel, despois de tanto cismar, estaba pronto para actuar. Os seus plans medraban á présa, e Cho-Sen podía converterse nas súas Indias particulares sempre que aqueles funcionasen. Pouco me confiou o arteiro, mais cando empezou a tentar convencerme de que eu podía ser almirante da Armada Naval de Cho-Sen, e a preguntarme, sen moito disimulo, cales eran e onde estaban os almacéns do tesouro imperial, atei cabos.

A min non me importaba marchar de Cho-Sen, sempre e cando viñera comigo a Dama Om. Cando lle comentei a posibilidade de írmonos, ela, ardendo nos meus

brazos, díxome que eu era o seu rei, e que me seguiría onde eu fose. Cousa que, como verás, era certa. Absolutamente certa.

A culpa foi de Yunsan por deixar a Chong Mong-ju con vida. Pero non. Non tiña outra alternativa. Pois este, malia caer en desgraza na corte, gozaba de moito favor entre os sacerdotes provinciais. Yunsan obrigouno a acougar, e el, aparentemente retirado, de mala gana, nun lugar da costa nordeste, fixera calquera cousa menos acougar. Os seus emisarios, nomeadamente sacerdotes budistas, estaban por todas partes, ían a todas partes, visitando mesmo os maxistrados provinciais de menor relevancia para convencelos de que se uniran a el. Hai que ter a fría paciencia dun asiático para concibir e realizar unhas conspiracións de tal calibre e tan revesgadas. A forza da camarilla palaciana de Chong Mong-ju medrou máis que nos peores pesadelos de Yunsan. Chong Mong-ju corrompeu os gardas do pazo, os Cazadores de Tigres de Pyeng-Yang que capitaneaba Kim. E mentres Yunsan topeneaba, mentres eu me consagraba ó deporte e á Dama Om, mentres Hendrick Hamel perfeccionaba os seus plans para saquear o tesouro imperial, e mentres Johannes Maartens tramaba a súa propia trama entre as tumbas da Montaña Tabong, o volcán ideado por Chong Mong-ju bulía su os nosos pés, sen decatármonos.

Pero, ah, Deus, cando chegou o trebón! Aquilo foi un todos á cuberta e sálvese quen poida. E houbo quen non puido salvarse. O inicio da conspiración adiantouse. En realidade, foi Johannes Maartens quen precipitou a catástrofe, e o que el fixo conviña demasiado a Chong Mong-ju como para que este non tirara bicada.

Pois verás. O pobo de Cho-Sen é fanático dos seus devanceiros, e aquel vello pirata holandés, cobizoso de botíns, e máis os catro pillabáns que estaban con el no remoto Kyong-ju, saquearon, nada máis e nada menos, que o sepulcro dos reis de Silla, que levaban tanto tempo enterrados nos seus sartegos de ouro. Fixeron o traballiño ás escuras, e, durante o resto da noite, viaxaron cara á costa. Mais, ó día seguinte, unha densa néboa cubriu a terra, así que se perderon e non puideron chegar ó xunco que previamente equipara Maartens e que os estaba a agardar. Os cinco saqueadores foron arrodeados por Yi Sun-si, o maxistrado local, un dos partidarios de Chong Mong-ju. Tan só Herman Tromp deu en liscar por entre a néboa, unha odisea que me contou moito despois.

Aquela noite, aínda que as noticias do sacrilexio xa se espallaran por todo Cho-Sen, e a metade das provincias do norte xa se levantaran á voz dos seus oficiais,

Keijo e a corte durmían na ignorancia. Por orde de Chong Mong-ju, as fogueiras transmitiran a súa mensaxe de paz. E, noite tras noite, fixeron o mesmo, mentres os mensaxeiros de Chong Mong-ju rebentaban arreo os seus cabalos por todos os camiños do país. Eu tiven a sorte de ver chegar o seu mensaxeiro a Keijo. Á noitiña, mentres saía a cabalo pola porta grande da capital, vin como se derrubaba o pobre cabalo derreado e como o seu exhausto xinete continuaba a pé, cambaleándose. Mais como ía saber eu que aquel home levaba canda el o meu destino?

A súa mensaxe provocou a revolución no pazo. Eu non tiña que tornar ata medianoite, e a esa hora xa todo rematara. A iso das nove, os conspiradores fixéronse co Emperador nos seus propios aposentos. Obrigárono a facer vir decontado a todos os xefes dos departamentos, e, cando estes acudiron á súa chamada, foron asasinados, un tras outro, diante dos seus ollos. Namentres, os Cazadores de Tigres levantáranse en armas e estaban fóra de control. Yunsan e Hendrick Hamel foran mallados coa parte plana das espadas e feitos prisioneiros. Os outros sete mariñeiros liscaron do pazo coa a Dama Om grazas a Kim, que lles facilitou a fuxida enfrontándose, espada en man, ós seus propios gardas. Os cazadores vencérono, aínda que Kim, por desgraza, non morreu a causa das súas feridas senón porque os gardas patexárono ó pasar enriba del.

Secasí, a revolución –unha revolución palaciana, a fin de contas– zoou e pasou coma unha airexa nunha noite de verán. Chog Mong-ju tiña a vara e máis a besta. O Emperador ratificaba todo o que el quería. Alén de indignarse polo sacrilexio das tumbas dos reis e de aplaudir a Chon Mong-ju, Cho-Sen seguiu tal cal. As cabezas dos antigos oficiais rodaron por todas partes, pero Chong Mong-ju substituíunos por outros afíns a el, e niso quedou toda a rebelión contra a dinastía.

E agora falemos de nós. Johannes Maartens e os seus tres cómplices, logo de seren expostos perante a chusma da metade das aldeas e das cidades amuralladas de Cho-Sen para que esta lles cuspira, foron enterrados ata o pescozo na terra, ó ventimperio, diante da porta do pazo. Déronlles de beber para que vivisen máis tempo, e así poderen torturalos cos pratos de comida celmosa e fumegante que lles poñían diante dos fociños cada hora. Seica o vello Johannes Maartens foi quen máis aturou, pois tardou quince días enteiros en entregar a súa alma.

A Kim matárono devagariño, esmagándolle óso a óso, articulación a articulación, na cámara de tortura. Hamel, a quen Chong Mong-ju tiña polo cerebro dos meus plans, foi executado polo sistema da pa –ou sexa, matárono decontado a paus

perante os berros de ledicia do populacho de Keijo. Yunsan morreu con afouteza. Estaba botando unha partida de xadrez co carcereiro cando o mensaxeiro de Emperador –ou, mellor dito, de Chong Mong–ju– chegou coa copa de veneno. «Agarda un intre», dixo Yunsan; «deberías ser máis educado e non amolar a un home en metade dunha partida. Bebereino cando remate.» E, mentres o mensaxeiro agardaba, Yunsan gañou a partida, e logo apurou a copa dun grolo.

Abofê, só un asiático poder temperar o seu rancor ata convertelo nunha vinganza firme, persistente, de por vida. Iso foi o que fixo Chong Mong–ju coa Dama Om e comigo. Non nos destruíu. Nin sequera nos encarcerou. A ela, degradouna do seu rango e despoxouna de todas as súas posesións. Logo promulgou un decreto que foi pendurado ata na aldea máis diminuta de Cho–Sen, afirmando que eu era da casa de Koryu e, xa que logo, ninguén podía matarme. Así mesmo declarou que ninguén podía matar, máis tampouco favorecer, os oito mariñeiros que sobreviviran. Dese xeito condenáboas a viviren coma proscritos, a mendigaren polos camiños. E iso fixemos nós, a Dama Om e máis eu: mendigar polos camiños.

Así pasaron corenta anos de persecución, pois Chon Mong–ju seguiu odiándonos ata a morte. E, ende ben para el e ende mal para nós, gozou dunha longa vida. Secasí... Xa dixeran que a Dama Om era unha marabilla de muller, non si? Pero é que, sinte repetir unha e outra vez esta afirmación, non atopo palabras para lle facer xustiza. Nalgures sentira eu ese dito popular: “Contigo, pan e ovo”. Pois iso foi o que me dixo a Dama Om. Ou, en fin: máis que dicirmo, cumpríuno ó pé da letra. E iso que as máis das veces non tiñamos nin o pan nin o ovo.

Cada vez que faciamos un esforzo por saír da mendicidade, Chon Mong–ju impedíanolo. En Songdo, traballei de leñeiro, e vivimos nunha choupana abondo máis comfortable cós camiños no cru inverno. Pero Chon Mong–ju descubriume. Felpáronme, metéronme nun cepo e botáronme ós camiños. Aquel foi un inverno terrible, o inverno no que o pobre “E agora que, Vandervoot?” morreu conxelado nas rúas de Keijo.

Sempre ocorría o mesmo. Na remota Wiju, vendín carne de can, matando os animais á vista de todos, diante do meu posto, cortando e pendurando as pezas para vendelas, curtindo e estendendo os pelexos, coa parte crúa para enriba, na lama de rúa, baixo os pés emporcallados dos transeúntes. Pero Chong Mong–ju descubriume. Fun axudante dun tintureiro en Pyonhan, buscador de ouro nas minas de Kang–wun, cordoeiro e cesteiro en Chiksan. Fixen chapeus de palla en Padok, apañei herba en

Whang–hai, e en Masenpo vendinme a un arrocero dobrando o espiñazo nos arrozais asolagados por menos do que gaña un paria. Mais non houbo época nin lugar nos que o longo brazo de Chong Mong–ju non me descubrira, castigara e obrigara de novo a esmolar polos camiños.

A Dama Om e máis eu, despois de procurarmos durante dous meses, achamos unha soa raíz de *ginseng* silvestre, unha planta tan rara de atopar e tan apreciada polos médicos que grazas a ela poderíamos vivir un ano enteiro comodamente. Pero, cando fomos vendela, pilláronnos, confiscáronnos a raíz, e a min zoscáronme e castigáronme co cepto máis tempo do habitual.

Fose onde for, os membros da grande Confraría de Vendedores Ambulantes informaba de min, das miñas idas e vidas, do que facía, a Chong Mong–ju, en Keijo. Tan só dúas veces, durante todos os días da miña desgraza, batín con Chong Mong–ju. A primeira foi nunha noite de inverno, en medio dunha tormenta terrible, nas montañas de Kang–wun. Cunha presada de moedas que aforramos, a Dama Om e máis eu pagamos por durmir no recuncho máis porco e máis frío da ampla estancia dunha pousada. Estabamos a piques de empezar a nosa escasa cea de faballóns e allo silvestre cun chisco de carne de touro vello cando sentimos repenicar os axóuxeres de bronce duns ponis e o ruído dos cascos duns cabalos. Abríronse as portas e entrou el, Chong Mong–ju, a personificación do benestar, da prosperidade e do poder, sacudindo a neve que caera nas súas luxosas peles. A xente empezou a deixarlles sitio, a el e a súa ducia de criados, pois había espazo para todos, cando os seus ollos se iluminaron ó bater con nós.

– Esas sabanduxas do recuncho... botádeas fóra –ordenou.

E os seus lacaios botáronnos á tormenta a vergallazos. Pero volvemos atoparnos moitos anos despois, como verás.

Non había xeito de escapar. Xamais me permitiron cruzar a fronteira do norte. Xamais me permitiron poñer o pé nun sampán. A Confraría dos Vendedores Ambulantes transmitía as ordes de Chong Mong–ju a todas as aldeas, a todas as almas de todo o país. Eu era un home marcado.

Ah, Cho–Sen! Coñezo cada camiño e cada carreiro teu, todas as túas cidades amuralladas e mesmo a máis pequena das túas aldeas. Durante corenta anos vaguei esfameado pola túa terra, e ela, a Dama Om, canda min. Non maxinas as cousas que chegamos a comer nos momentos de extrema necesidade! Refugos de carne de can,

podres e invendibles, que os carniceiros nos guindaban chanceándose de nós; *minari*, un tipo de agrón que medra nos lamazais; un *kimchi*⁷³ estragado que lle revolvería o estómago a calquera labrego, e o fedor do cal podía cheirarse a un quilómetro á redonda. Ai! Cheguei a roubarlle ósos ós cadelos, a rebuscar polo camiño real os grans de arroz que caeran ó chan, a quitarlle ós cabalos ananos a súa sopa de fabóns quente nas noites de xeadas.

Mais non che estrañe que non morrese, pois había dúas cousas que me axudaban a manterme en pé: a primeira, o feito de que a Dama Om estivese comigo; e, a segunda, a absoluta confianza en que, algún día, premería coas miñas mans a gorxa de Chong Mong-ju.

Como cada vez que nos achegabamos ás portas de Keijo, á procura de Chong Mong-ju, conseguían expulsarnos, houbemos de seguir vadiando, estación tras estación, e durante décadas de estacións, por todo Cho-Sen, cuxos camiños lembraban as nosas sandalias centímetro a centímetro. A nosa historia e a nosa identidade eran de sobra coñecidas en todo o territorio. Non había ninguén que non soubese de nós e da nosa condena. Había parias e vendedores ambulantes que berraban insultando a Dama Om, e eu, encabuxado, collíaos polo moño e tombáboas dun puñazo. Mais tamén había vellas das remotas aldeas das montañas que, ó veren a mendiga que ía canda min, a Dama Om, salaiaban, abaneaban a cabeza e esbagoaban con sincera tristura. E había mulleres novas cuxas faces ardían de compaixón ó ollaren os meus anchos ombros, os meus ollos azuis e o meu longo cabelo loiro –sabendo que unha vez fora príncipe de Koryu e lexislador de provincias. E había bandadas de cativos que nos pisaban os talóns chiando e mofándose, guindándonos a porcallada da súa verba xunto coa do camiño.

Máis aló de Yalu, estendéndose ó longo duns sesenta quilómetros, de mar a mar, estaba a franxa do ermo da raia norte. En realidade non era unha terra erma, senón unha zona deliberadamente estragada por mor da política de illamento de Cho-Sen. Todas as granxas, as aldeas e as cidades situadas nesa franxa de sesenta quilómetros foran destruídas. Era unha terra de ninguén, infestada de animais salvaxes e percorrida polos gardas montados dos Cazadores de Tigres, cuxa tarefa era mataren todo ser humano que achasen. Por aí, xa que logo, non podíamos fuxir, como tampouco podíamos facelo por mar.

A medida que pasaban os anos, os meus sete antigos compañeiros ían con maior frecuencia a Fusan. Fusan estaba na costa sureste, onde o clima era máis morno. Pero,

máis que polo clima, Fusan era ideal por ser a zona máis próxima a Xapón de todo Cho-Sen. A través dos seus estreitos, alén do que os ollos podían ver, estaba a única esperanza de fuxirmos a Xapón, onde sen dúbida chegaba de cando en vez algún barco europeo. Teño ben gravada en min a visión daqueles sete homes envellecidos nos acantilados de Fusan, suspirando con toda a súa alma por aquel mar polo que endexamais volverían navegar.

Ás veces albiscabamos algúns xuncos xaponeses, mais nunca vimos asomar unha gabia da vella e familiar Europa pola liña do horizonte. Os anos viñeron e marcharon, e os sete mariñeiros e máis nós, a medida que pasabamos da madurez á vellez, cada vez dirixiamos máis os nosos pasos a Fusan. E, ó longo deses anos que viñan e marchaban, un ou outro de nós foi faltando á cita que tiñamos no noso lugar habitual. Hans Amden foi o primeiro en morrer. Jacob Brinker, que era o seu compañeiro de viaxe, trouxo a noticia. Brinker foi, precisamente, o derradeiro dos sete; sobreviviu dous anos máis que Tromp, e tiña case que noventa cando finou. Lembro moi ben os dous, xa cara ó final, estragados e febles, con cadanseus farrapos e cadansúa cunca de esmoleiro, tomando o sol xuntos, nos acantilados; contando vellas historias e esmendrellándose cos seus risos agudos, igual ca nenos. Tromp adoitaba repetir, unha e outra vez, como Johannes Maartens e os mariñeiros saquearon as tumbas reais na Montaña Tabong, como estaban os reis embalsamados no seu sartego de ouro, xunto con senllas doncelas, tamén embalsamadas, a cada lado; e como aqueles antergos e orgullosos monarcas se fixeran po ó cabo dunha hora, mentres eles botaban pestes e suaban desmontando os sartegos.

Tan certo como que un botín é un botín que, de non ser pola néboa que o extraviou ó día seguinte, o vello Johannes Maartens fuxiría e cruzaría o Mar Marelo co seu. Aquela maldita néboa! Mesmo compuxeron unha cantiga ó respecto; unha canción que sentín por todo Cho-Sen e que aborrecín ata o día da miña morte. Traduzo aquí dous versos:

Yanggueni chajin anga

Wheanpong tora deunda.

A densa néboa dos Occidentais

Aboia sobre o cimo do Whean.

Durante corenta anos, fun un mendigo de Cho–Sen. Dos catorce que naufragamos, tan só eu sobrevivín. A Dama Om, que tiña o mesmo espírito indomable ca min, envelleceu comigo. Ó final, era unha vella baixiña, enganida e sen dentes; mais nunca deixou de ser a marabilla de outrora, e levou o meu corazón no seu ata o final. Eu, malia ser xa un ancián de setenta anos, aínda tiña forza abonda. Tiña a cara murcha, o pelo encanecido, os ombreiros encolleitos, e moita da fortaleza dos meus días de lobo de mar marchara para sempre dos meus músculos. Pero, inda así, fun quen de facer o que che vou relatar agora.

Ocorreu nos acantilados de Fusan, unha mañá de primavera na que, tras unha dura camiñada pola estrada principal, sentámonos a descansar ó sol. Non eramos máis que dous esmoleiros farrapentos, sen orgullo, sentados no po mesmo do camiño. E, emporiso, eu estaba esmendrellándome de riso por algunha ocorrencia chistosa que tivera a Dama Om cando unha sombra caeu sobre nós. Era a grande liteira de Chong Mong–ju, carretada por oito parias, con varios escoltas, por diante e por detrás, e unha nube de criados a cada lado.

Dous emperadores, unha guerra civil, unha gran fame e unha ducia de revolucións palacianas pasaran xa; mais Chong Mong–ju seguía a ostentar o poder máximo en Keijo. Debía de ter preto dos oitenta, aquela mañá primaveral nos acantilados de Fusan, cando ergueu unha man para que os parias pousaran a liteira e el puidera botar unha ollada a aqueles que viña castigando dende había tanto tempo.

– Agora, oh meu Rei –moumeoume a Dama Om ó tempo que se volvía para esmolar a Chong Mong–ju, facendo como que non o recoñecía.

E axiña decateime de a que se refería –pois, non en van, levaba corenta anos convivindo con ela. E comprendín que o final do noso suplicio acababa de chegar. Así que eu tamén simulei non recoñecer o meu inimigo, e, facéndome o vello parvo, tamén me arrastrei polo po deica a liteira, suplicando piedade e caridade.

Os criados xa estaban a piques de arredarme cando el, Chong Mong–ju, os detivo co seu roto cascarexo. Incorporouse sobre un cóbado tremente, e coa outra man trémula abriu de todo as cortinas de seda. A súa face murcha transfigurouse de gozo mentres se recreaba ollándonos.

– Oh meu Rei –musitoume a Dama Om na súa cantiga de mendiga, e eu sabía que nesa cantiga ía todo o seu amor, longamente demostrado, e toda a súa fe na miña empresa.

A ira vermella ascendeu en min, rachando e esgazando a miña vontade para ser libre. Do esforzo que fixen para controlala, empecei a tremer, mais, por sorte, eles achacaron os meus tremores á debilidade da vellez. Collín a miña cunca de bronce e choromiquei con máis dó, cos ollos medio pechados para agochar o lume azul que eu sabía que había neles, e calculei a distancia e a forza que precisaba para dar o salto.

E entón estoupei, impulsado por unha labarada de furia, levando por diante as cortinas cos seus paus e todo. Houbo un rebumbio enorme, e os criados empezaron a berrar cando botei as mans ó pescozo de Chong Mong–ju. A liteira envorcou, e eu xa non sabía se tiña os pés na cabeza ou ó revés, pero seguín apertando con todas as miñas forzas.

Ó principio, perdido naquela lea de coxíns, colchas e cortinas, a penas sentín os golpes dos criados. Pero axiña chegaron os escoltas e, cos grosos mangos dos seus látigos, empezaron a zoscarme na cabeza, mentres unha multitude de mans me agarraba e turraba de min. Eu estaba aloulado, mais non inconsciente, e feliz de que os meus vellos dedos se enterrasen naquela seca e mirrada gorxa que levaban tanto tempo arelando. Os golpes seguían a chover sobre a miña cabeza, e naquel remuíño de imaxes e pensamentos vinme a min mesmo coma un bulldog estrangulando coas fauces a súa presa. Chong Mong–ju non puido liscar, e sei que estaba ben morto antes de que a negrume descendera coma un anestésico sobre min, nos acantilados de Fusan, á beira do Mar Marelo.

CAPÍTULO XVI

O alcaide Atherton, ó pensar en min, ha de sentir calquera cousa menos orgullo. Porque eu lle aprendín o que é o espírito. Porque eu o humillei co meu, que saíu indemne, triunfante, de todas as torturas que lle impuxo. Eu estou sentado aquí, no Pavillón de Asasinos de Folsom, esperando que me executen; el aínda ten o seu cargo político, e é o rei de todo San Quintín e de todos os condenados que hai dentro dos seus muros; e, secasí, el sabe, no fondo, que son máis grande ca el.

En van tentou crebar o meu espírito. E houbo veces nas que, sen ningún lugar a dúbidas, desexou verme morrer na camisa de forza. Daquela, o longo suplicio continuou. Tal e como xa mo dixera, e tal e como volveu dicirmo moitas veces, a elección era: a dinamita ou ataúde.

O capitán Jamie era un experto nos horrores do Buraco, e, secasí, chegou un momento no que se veu abaixo pola presión que eu exercía sobre el e sobre o resto dos meus torturadores. Estaba tan desesperado que mesmo se atreveu a enfrontarse ó alcaide e lavouse as mans respecto a aquel asunto. A partir dese día e ata o final do meu tormento, xamais volveu pisar o Pavillón de Illamento.

Si, e tamén chegou un momento no que o propio alcaide Atherton tivo medo, aínda que seguiu tentando lurpiarme o inexistente acocho da inexistente dinamita. Cara ó final, Jake Oppenheimer sacouno dos seus trumiños. Oppenheimer era un tipo afoutado e sen sapas na lingua. Consequira aturar todos os infernos da falcona, e, grazas a súa forza de vontade, moi superior á de todos eles xuntos, podía desafialos á cara. Morrell fíxome un relato completo do incidente, mais eu aínda estaba inconsciente na camisa de forza.

– Alcaide –dixera Oppenheimer–: quen de máis quere comer, acaba por devolver. O malo non é matar a Standing. O malo é que vai ter que matar tres homes, pois estea ben certo de que, se acaba con el, Morrell e máis eu iremos co conto a alguén, tarde ou cedo; e daquela todo o mundo saberá, dun cabo ó outro de California, o que lle fixo. Así que elixa: ou deixa a Standing en paz ou nos mata ós tres. Standing sacouno de cacho, eh? Como fago eu. E como fixo Morrell. Porque vostede é un covarde de merda, e non ten arolas abondas para facer a carnicería que lle gustaría facer.

Aquilo custoulle cen horas de camisa de forza. E, cando o soltaron, cuspiu ó alcaide nos fociños, e este volveu castigalo con outras cen horas. Esa vez, cando o soltaron, o alcaide tivo coidado de non estar presente, o cal demostra que Oppenheimer deu en poñelo nervioso.

Pero o máis desalmado de todos era o doutor Jackson. Para el, eu era unha novidade, un caso insólito, e estaba desexando ver canto tempo máis aturaría denantes de esborrallarme.

– Pode aturar vinte días tranquilamente, alcaide –fanfurriñou diante de min.

– Non sexa raña, doutor –interrompino–. Podo aturar corenta días. Boh! E mesmo cen, con semellantes torturadores.

E daquela lembrei os meus corenta anos de paciencia como lobo de mar, esperando o día en que puidera premerlle o pescozo a Chong Mong–ju, e engadíñ:

– Vós, carcereiros de merda, non sabedes o que é un home. Pensades que todos estamos feitos á vosa covarde imaxe e semellanza, pero non é así. Fixádevos en min: velaquí tedes a un home. Vós sodes os febles. Eu son o voso amo. Parécevos increíble que non poidades arrincarme nin un só xemido porque sabedes con canta facilidade choromicariades vós no meu caso, cabróns!

E así seguíñ insultándoos, chamándoos fillos de puta, lacaios do Demo, lambecús... Porque eu estaba por riba deles. Eles eran os escravos. Eu, un espírito libre. A miña carne xacía alí, encerrada nunha cela. Pero eu non. Eu dominara o corpo, e por iso podía vagar polo infindo espazo do tempo, mentres a miña pobre carne, sen tan sequera sufrir, xacía pseudomorta naquela camisa de forza.

Conteille ós meus dous compañeiros a meirande parte das miñas aventuras. Morrell creume, pois tamén el experimentara a morte breve. Pero Oppenheimer, abraiado coas miñas historias, seguiu escéptico ata ó final. Laiábase –dunha maneira inxenua e ás veces realmente patética– de que eu me consagrara á agronomía e non á literatura.

– Pero, home –razoaba eu con el–, que diaños vou saber eu verbo desa Cho–Sen? Como moito, son quen de identificala co que hoxe chamamos Corea, pero mais nada. Ata aí chegan as miñas lecturas ó respecto. Por exemplo, como podía saber eu, coas experiencias da miña existencia actual, algo verbo do *kimchi*? Mais agora sei o que é. É unha sorte de *sauerkraut*⁷⁴. Unha coia que, cando se estraga, cheira que apesta. Asegúroche que, cando eu era Adam Strang, comín *kimchi* un milleiro de veces. Por iso

sei distinguir un bo *kimchi* doutro ruín ou podre. E sei que o mellor de todos é o que fan as mulleres de Wosan. Mais por que? Como é posible que o saiba, xa que ese coñecemento non está dentro da miña mente, da mente de Darrell Standing? Pois porque si forma parte da bagaxe mental de Adam Strang, que, a través de varios nacementos e pasamentos, me legou as súas experiencias, a min, Darrell Standing, canda o resto das experiencias desoutras vidas nas que interveu. Non te das conta, Jake? Así é como os seres humanos chegan a existir, a medrar. E así é como se desenvolve o espírito.

– Vai, ho! –retrucoume el con esas cotenadas imperiosas que eu coñecía tan ben–. E agora escoita a voz da experiencia. Eu son Jake Oppenheimer, e sempre fun Jake Oppenheimer. Ningún outro fulano interveu na miña elaboración. O que sei, seino como Jake Oppenheimer. E que o que sei? Pois voucho dicir. Sei o que é o *kimchi*: é unha sorte de *sauerkraut* que fan nese país antigamente chamado Cho–Sen. As mulleres de Wosan son as que preparan o mellor *kimchi*, e, cando este se estraga, cheira que apesta... Non te metas nisto, Ed –díxolle a Morrell–, espera que acabe co profesor... E ben, profesor: por que sei eu todas estas cousas verbo do carallo do *kimchi*? Porque non estaban dentro da miña mente...

– Pero agora si –respondín exultante–, porque eu chas introducín.

– Asieu. E, daquela, quen chas meteu a ti na cachola?

– Adam Strang.

– Non no teu ferrotipo.⁷⁵ Adam Strang é unha alucinación. Tí liches esas cousas nalgures.

– Xamais –aseverei–. O pouco que lin sobre Corea foi a correspondencia bélica da época da guerra entre Rusia e Xapón.

– Xa, e lembrás todo o que liches?

– Non.

– Esquecerías algo, non si?

– Si, pero...

– Iso é todo, grazas –cortoume Oppenheimer decontado, igual que un avogado conclúe bruscamente o seu interrogatorio, logo de lurpiarlle algunha confesión fatal a algunha testemuña.

Foime imposible convencelo da miña sinceridade. Oppenheimer insistía en que estaba a inventar todo sobre a marcha, aínda que aplaudía o que el denominaba o meu “continuará proximamente”, e, nos momentos nos que me deixaban descansar da camisa

de forza, pregábame e urxiame decote para que compuxera axiña algúns capítulos máis da miña “invención”.

– E agora, profesor, corta ese lerio intelectual –adoitaba interromper as leas metafísicas que mantiñamos Ed Morrell e máis eu– e cóntanos máis cousas verbo das *ki-sang* e dos mariñeiros. E, xa postos, dinos que lle pasou á Dama Om cando o matón do seu marido esganou o vellouqueiro e o mandou para a pataqueira.

Cantas veces diría xa que a forma perece... Mais permíteme que insista no tema, prezado lector. A forma perece. A materia non ten memoria. Tan só o espírito lembra. Así, nestas celas, logo de séculos, as lembranzas da Dama Om e de Chong Mong-ju persistían na miña mente, e, a través de min, introducíronse na mente de Oppenheimer, e, a través del, reintroducíronse na miña, na xerga do oeste dos Estados Unidos. E agora eu introducínas na túa, lector. E, por moito que o intentes, non poderás eliminalas. Durante o resto da túa vida, todo canto che dixen ficará na túa... mente? Si: nada permanece, agás a mente. A materia flúe, cristaliza e volve fluír, mais as formas endexamais se repiten. As formas desintégranse na eterna nada da que non se torna. A forma é transitoria, e pasa, como pasaron as formas físicas da Dama Om e de Chong Mong-ju. Mais a súa memoria fica, e ficará sempre mentres dure o espírito. E o espírito é indestrutible.

– Unha cousa está ben clara –foi o comentario final de Oppenheimer á miña aventura como Adam Strang–, e é que ti te *colocaches* nas toqueiras e nos fumadeiros de opio de Chinatown máis dos que precisaba un respectable profesor universitario coma ti. Xa vexo que te relacionabas co Demo, daquela. Supoño que por iso acabaches aquí.

Antes de retomar o fío das miñas aventuras, coido que debo contar un notable incidente que me aconteceu na cela de illamento. É notable por dúas razóns. Primeiro, porque demostra o abraiante poder mental dese fillo dos arrabaldes, Jake Oppenheimer; e, segundo, porque, de seu, é unha proba convincente da verdade das miñas experiencias cando estaba en coma na camisa de forza.

– Oe, profesor –coteleoume un día Oppenheimer–. Cando estabas a contar esa historia de Adam Strang, comentaches que ás veces xogabas ó xadrez con ese irmán borrachuzo que tiña o emperador.⁷⁶ Pero, dime: o seu xadrez era coma o noso?

Por suposto, tiven que responderlle que non o sabía, que non lembraba todos os detalles das miñas vivencias ó volver ó meu estado normal. E, por suposto,

Oppenheimer riuse de boa gana das miñas «parvadas», como as chamaba el. Secasí, eu lembraba claramente que, na miña existencia como Adam Strang, xogara con frecuencia ó xadrez. Mais o problema era que, ó recuperar a conciencia na miña cela, os detalles intrincados e superfluos esvaecíanse da miña memoria.

Debo lembrarche unha vez máis que, por conveniencia, estou a ensamblar aquí as miñas intermitentes e repetitivas experiencias na camisa de forza nuns relatos coherentes e consecutivos. Eu nunca sabía de antemán onde me conducirían as miñas viaxes no tempo. Por exemplo: volví unha vintena de veces ó momento no que Jesse Fancher estaba no círculo de carromatos de Mountain Meadows. Nun só período de dez días na camisa de forza, retrotraíme unha morea de veces a unha ou outra vida, e con frecuencia salteime toda unha serie de vidas nas que xa estivera outras veces de volta á época prehistórica, antes de que comezara a desenvolverse a civilización.

Por iso decidín que, a próxima vez que revivira as experiencias de Adam Strang, fose cando for, debería, inmediatamente, en recobrando a conciencia, concentrarme nas visións e nas lembranzas que tivese. Así, ende ben, puideron recordar as partidas de xadrez que botei daquela, aínda que antes houben aturar, durante un mes enteiro, as burlas de Oppenheimer. Pero logo, cando á fin aconteceu o que esperaba, unha vez fóra da camisa de forza e restablecido o fluxo sanguíneo, transmitín decontado a información.

Máis tarde, aprendínlle a Oppenheimer o xadrez ó que Adam Strang xogara en Cho-Sen séculos atrás. É distinto do occidental, e, secasí, é basicamente o mesmo, xa que ambos os dous teñen unha orixe común, probablemente hindú. No canto de sesenta e catro cuadrículas, coma o noso, ten oitenta e unha. Ou sexa: no canto de ter oito peóns, ten nove;⁷⁷ e, aínda que está conformado dun xeito similar, os movementos son distintos.

No xogo de Cho-Sen hai vinte pezas cos peóns, no canto das dezaseis que hai no noso, e están aliñados en tres ringleiras, no canto de en dúas. Os nove peóns están na ringleira frontal; na do medio, hai tan só dúas pezas semellantes ás nosas torres; e na posterior están, no centro, o rei, flanqueado, na mesma orde e a cada lado, polo “diñeiro de ouro”, o “diñeiro de prata”, o “cabalo” e a “lanza”.⁷⁸ Como se ve, no xogo de Cho-Sen non hai raíña. Pero a maior diferenza que ten respecto ó noso é que as pezas comidas non se retiran do taboleiro, senón que pasan a ser do xogador que as come e que, daquela, pode seguir xogando con elas.

Pois ben, eu aprendinlle a Oppenheimer ese xogo –moito máis difícil có noso, hai que recoñecelo, tendo en conta que as pezas que son comidas, unha e outra vez, seguen a xogar. As celas de illamento das prisións non están caldeadas, por suposto: sería unha crueldade librar a un convicto dos rigores dos elementos. Oppenheimer e máis eu esquecemos moitos daqueles monótonos días de frío, tanto dese inverno como do seguinte, absortos no xadrez de Cho–Sen.

Pero nin sequera iso logrou convencelo de que eu trouxera ese xogo a San Quintín dende unha época remota. El teimaba en que eu lera sobre ese xadrez nalgures, e que esa lectura, malia esquecerla eu nun principio, ficara dentro da miña mente, disposta a emerxer de novo en calquera alucinación. Dese xeito, Oppenheimer volveu contra min os termos e os fundamentos psicolóxicos que eu empregara con el.

– Ben puidiches inventarte todo iso aquí, na cela de illamento –foi a súa seguinte hipótese–. A ver, por que non? Acaso non inventou Ed a fala cos cotobelos? E nós, acaso non a perfeccionamos logo? Ahahá! Pilleite. Inventáchelo todo. E deberías patentalo, creme. Cando eu traballaba de noite como recadeiro, houbo un fulano que inventou unha parvada chamada “Eldorado dos porcos”, e gañou unha burrada de cartos con ela.

– Xa está máis que patentado –retruquei–. Sen dúbida, os asiáticos levan centos de anos xogando a isto. Por que non me cres cando che digo que non o inventei?

– Pois, daquela, liches algo sobre el, ou viches uns chineses botando unha partida nalgún daqueles fumadeiros que tanto frecuentabas –foi a súa última palabra.

Pero son eu quen ten a última palabra. Aquí, en Folsom, hai –ou, mellor dito, había, porque o executaron a semana pasada– un asasino xaponés co que falei ó respecto, e díxome que o xadrez coreano ó que chogaba Adam Strang, e que eu lle aprendín a Oppenheimer, é moi semellante ó xaponés. E que, de feito, aseméllanse máis entre eles que ó xadrez occidental.

CAPÍTULO XVII

Supoño que lembrarás, prezado lector, que, ó principiar esta narración, che contei como, cando era pequeno na nosa granxa de Minnesota, vin aquelas postais de Terra Santa, recoñecín os lugares e sinalei os cambios que se produciran neles. Tamén recordarás como, ó describir a escena da curación dos leprosos da que eu mesmo fora testemuña, lle dixen ó misioneiro que eu, daquela, era un home alto cunha grande espada, montado nun cabalo e esculcando.

Aquel incidente da nenez foi como «esas nubes de gloria» que, consonte Wordsworth, pasan por nós «deixando o seu ronsel». Si, pois o pequeno Darrell Standing non chegou a este mundo coa súa memoria en branco, no esquecemento absoluto. Pero as lembranzas doutros lugares e doutras épocas que saíron á superficie da miña conciencia infantil pronto se debilitaron e se esvaeceron. Abofé, como lle ocorre a todos os nenos, as sombras da casa–prisión abateronse sobre min, e eu deixei de lembrar o meu vasto pasado. Todo ser xerado por unha muller ten un pasado tan vasto coma o meu, pero moi poucos teñen a “fortuna”, digamos, de pasar varios anos nunha cela de illamento e nunha camisa de forza. Eu si que a tiven. E por iso fun quen de lembrar o que cría esquecido; entre outras cousas, a época na que, ó lombo dun cabalo, presenciei a curación dos leprosos.

Daquela, chamábame Ragnar Lodbrog.⁷⁹ Un home, abofé, tan alto que lle sacaba media cabeza ós soldados romanos da miña lexión. Pero iso foi despois, logo da miña viaxe de Alexandría a Xerusalén, cando cheguei a xefe de lexión. Aquela foi unha vida de tanta trasfega que cumprirían moitos libros e moitos anos de escrita para poder relatala. Así que tentarei resumila, limitándome a dicir algo dos seus inicios.

Agora todo está moi claro, agás o principio de todo. Xamais coñecín a miña nai. Dixéronme que nacera en medio dunha tempestade, nun barco bicudo⁸⁰, no Mar do Norte, do ventre dunha muller que capturaran tras a vitoria nunha batalla naval e o saqueo dunha fortaleza costeira. Xamais sentín o seu nome. Seica morreu no peor momento da tempestade. Proviña dos daneses do norte, segundo me contou o vello LINGAARD. Sempre me contaba cousas, pero, como eu era tan pequeno daquela, logo non as puiden lembrar –aínda que en realidade non che había moito que contar. Unha batalla

naval e un saqueo; liorta, pillaxe e incendio; un vira-vira cara ó mar aberto naqueles *drakkars*⁸¹ para escaparmos dos baixos; unha tensión brutal e unha loita a morte contra as xeadas ondas que tentaban afundirnos... Quen podía, daquela, decatarse de algo ou reparar naquela estranxeira á que lle chegara a súa hora, naquela pobre muller cun pé xa na tumba? Alí morreu moita xente. E os homes fixébanse só nas mulleres vivas, non nas mortas.

O que si levo gravado na memoria é o que aconteceu xusto despois do meu nacemento, tal e como mo contou Lingaard. Este, demasiado vello como para traballar de remeiro, fixera de cirurxián, de parteira e de mestre de cerimoniais fúnebres dos prisioneiros amoreados na cuberta do barco. Así que eu nacín en medio do temporal, cuberto pola espuma salgada da marusía.

A penas tiña unhas horas cando Tostig Lodbrog puxo os seus ollos en min. Seu era o barco, e seus os outros sete que fixeran a incursión, fuxiran co botín e venceran a tempestade. Tostig Lodbrog tamén era coñecido como Muspell “o Ardente”, porque sempre estaba inflamado de ira. Afoutado érao abondo, e cruel tamén, pois naquel inmenso peito seu non latexaba un corazón compasivo. En Hasfarth, denantes de que se lle secara a suor da batalla, apoiado no seu machado, comera o corazón de Ngrun despois da pelexa. Preso dunha tola carraxe, vendera ós xutos o seu fillo, Garulf, como escravo. Recordo como, su o teixo afumado de Brunanburhr, adoitaba pedir o cráneo de Guthlaf para beber nel. Endexamais usaba outra copa que non fora esa para tomar o viño con especias que tanto lle gustaba.

A el entregoume o vello Lingaard, sobre a cuberta cambaleante do bicudo, en rematando a tempestade, con tan só unhas horas de vida e envolto nun pelexo de lobo endurecido polo sal. E, como nacera prematuramente, era máis pequeno do normal.

– Vaites! –berrou Tostig, afastando dos seus beizos unha pota de hidromel medio baleira para fitarme –: Un anano! Ha, ha, ha!

Aínda que o día era frío, seica me quitou o pelexo de lobo e, colléndome dun pé, co dedo polgar e o índice, levantoume e abaneoume baixo aquel vento cortante.

– Un cascudiño! –esmendrellouse–. Un cullarapo! Un piolliño de mar! –repetía, esmagándome entre os seus inmensos dedos, cada un dos cales, segundo Lingaard, era máis goso que a miña perna e o meu coxote.

E daquela ocorrúselle outra churruscada.

– Este cativo ten sede. Hai que darlle de beber.

E así, tal e como estaba eu, cabeza abaixo, soltoume na media pota de hidromel. E, abofé, afoгарía naquela bebida de homes –eu que, no meu pouco tempo de vida, non coñecera aínda o peito dunha nai– de non ser por Lingaard. Pero cando me sacou daquela beberaxe, Tostig Lodbrog derrubouno dun golpe con rabia. Os dous rodamos pola cuberta, e os cans para cazar osos, que acababan de ser capturados na loita contra os daneses do norte, botáronse a nós.

– Ha, ha, ha! –bruaba Tostig mentres o vello, eu e máis o pelexo de lobo eramos atacados e zarandeados por aquelas feras.

Mais Lingaard conseguiu erguerse e salvarme, deixando que os cans devoraran o pelexo.

Tostig Lodbrog apurou a pota de hidromel e fitoume, mentres Lingaard sabía que era inútil pregar piedade a quen non a tiña.

– Mira a pulguiña! –dixo Tostig–. Por Odinn!⁸² As mulleres dos daneses do norte son dunha caste ben ruín! Paren ananos, non homes. Para que serve algo así? Xamais se fará un home. Oe, Lingaard: críao para que sexa copeiro en Brunanbuhr. E ten coidado cos cans, non vaian tomalo por un cacho de carne que caeu da mesa...

Eu nunca tiven nai. O vello Lingaard foi a miña parteira e a miña aia. E medrei arrolado polo abaneo dos barcos e o estrépito das pisadelas dos homes na tempestade ou na batalla. Só Deus sabe como puíden sobrevivir a aquela infancia de xemidos. Houben nacer de ferro naqueles días de ferro, pois non só sobrevivín senón que mesmo desmentín as palabras de Tostig, cando aquel día me augurara unha nenez de anano. Fun máis alto que todas as cuncas e todas as xerras que servía, e Tostig xa non puido meterme de novo na pota de hidromel. Esa era a súa chanza favorita. Unha ocorrencia que a el lle parecía ben aguda, pois tiña un humor ruín.

As miñas primeiras lembranzas están vencelladas ós barcos bicudos e ós guerreiros de Tostig Lodbrog, así como ós banquetes que se daban en Brunanbuhr, cando os nosos botes ficaban varados á beira do fiorde xeadado. Pois, en efecto, criáronme como copeiro, e, nos meus máis remotos recordos, véxome dando os primeiros pasos, coa caveira de Guthlaf chea de viño, deica a cabeceira da mesa onde Tostig non cesaba de bramar. Aquela era unha vida de tolos, pero a min, que non coñecía outra, parecía normal. Aqueles homes eran dados á carraxe e á liorta. Tiñan pensamentos feroces, e feroz era o seu xeito de xantaren e de beberen. E eu devín coma eles. Pois, qué outra clase de home podía chegar a ser, cando medrei entres os berros dos borrachos e os

cantos dos *skalds*⁸³ verbo de Hialli, o afoutado Högni, o ouro dos Nibelungos, a vinganza de Gudrun sobre Atli, cando ela lle deu a comer os corazóns dos fillos de ambos, mentres aqueles tolos, encerellados, unha vez máis, nunha liorta, varrían os bancos dunha couce, rachaban os tapices roubados nas costas do sur e enchían repentinamente de cadáveres a sala de banquetes?

Oh, tamén eu desenvolvín a miña propia ira, ben aprendida en semellante escola. A penas tiña oito anos cando xa regañei os dentes nunha competición etílica entre os homes de Brunanbuhr e os xutos que viñeran coma amigos canda o *jarl*⁸⁴ Agard nos seus tres *drakkars* viquingos. Eu estaba detrás de Tostig Lodbrog, sostendo o cranio de Guthlaf, que fumegaba e cheiraba a viño quente, aromatizado con especias, agardando a que o xefe terminara de esbardallar contra os daneses do norte. Mais Tostig seguía a encabuxarse, e eu alí de pé, a agardar, ata que a tomou tamén coas mulleres danesas. Entón lembrei a miña nai, decateime de que a ira vermella me nubrava os ollos, e zosqueille co cranio de Guthlaf, enchoupándoo, cegándoo e queimándoo co viño ardente. E mentres Tostig avanzaba ós tombos, sen ver ren, axitando no ar as súas enormes poutas cara a min, boteime a el e deille tres puñadas no bandullo, no coxote e no cu, porque non chegaba a outro punto máis alto do seu vigoroso armazón.

E cando xa o *jarl* Agard sacara o seu aceiro, e os seus xutos estaban a piques de unirse a el, berrou:

– Pero se é un osiño! Carallo pra el! Por Odinn, deixádeo loitar!

E alí, baixo o resoante teito de Brunanbuhr, o balbucinte copeiro, descendente dos daneses do norte, loitou co poderoso Lodbrog. Mais, cando dun só golpe me fixo cruzar voando, aloulado e sen alento, a metade daquela enorme mesa, e o meu corpo foi aterrar en medio das cuncas e das xerras, Lodbrog ordenou a berros:

– Fóra con el! Botádeo ós cans!

Ben deitou que o *jarl* se negou a tal cousa, e, asindo a Lodbrog polo ombreiro, pediulle a miña mísera persoa como mostra de amizade.

Dese xeito fun ó sur, cando o fiorde se desxeou, nun dos barcos de Agard. O *jarl* fíxome o seu copeiro e máis o seu escudeiro, e cambioume o nome polo de Ragnar Lodbrog. O seu país –unha chaira triste e monótona, chea de meras e pantanos– estremaba cos dos frisios. Con el estiven tres anos, ata que morreu; sempre ás súas costas, xa for cazando lobos dos lamazais ou bebendo no grande salón onde Elgiva, a súa xove dona, adoitaba sentar entre as mulleres. Fun con Agard cando os seus barcos

fixeron unha incursión no que agora ha de ser a costa de Francia, e alí decateime de que no sur as estacións eran máis quentes, e os climas e as mulleres máis lenes.

Pero, á volta, Agard veu malferido, moribundo. Queimamos o seu corpo nunha pira enorme, xunto con Elgiva que, vestida coa súa coiraza de ouro, cantaba ó seu carón. E canda ela arderon un bo número de escravos domésticos, adobiados con colares de ouro, e nove servas, e oito cativos⁸⁵ anglos de nobre berce capturados en batalla. E dous rapaces falcoeiros tamén arderon canda todas as súas aves vivas.

Mais eu, Ragnar Lodbrog, o pequeno copeiro, non ardín. Apenas tiña once anos, endexamais cubrira o meu corpo con roupa tecida, pero non estaba asustado. E, mentres as chamas medraban, Elgiva entoaba o seu pranto fúnebre, e as servas e os escravos berraban ós ceos que non querían morrer, rompín as miñas ligaduras, saltei e corrín cara ós pantanos, levando aínda no pescozo o colar de ouro que simbolizaba a miña escravitude e liscando dos sabuxos que soltaran para me esnaquizaren.

Nos pantanos había homes salvaxes, homes sen dono, escravos fuxidos, foraxidos que, igual cós lobos, eran cazados por deporte.

Durante tres anos non coñecín nin teito nin lar, e endurecinme coma a xeadada. E, abofé, roubaríalle unha muller ós xutos de non ser porque os frisios, ende mal, me colleron despois de dous días de acoso. Eles roubáronme o meu colar de ouro e trocáronme por dous cans lobeiros a Edwy, membro dos saxóns, quen me puxo un colar de ferro e logo regaloume, canda outros cinco escravos, a Athel, membro dos anglos do leste. Fun cativo e guerreiro ata que, perdido nunha desafortunada incursión no remoto leste, alén das nosas raias, fun vendido entre os hunos, e traballei de porqueiro ata que lisquei ó sur, ós grandes bosques, onde atopei os teutóns, que me admitiron coma home libre. Aquel era un pobo numeroso, mais vivía espallado en pequenas tribos, e, por mor do avance dos hunos, estaba a emigrar ó sur.

Mais polo sur chegaron os romanos, todos eles guerreiros contumaces, e internáronse nos grandes bosques, forzándonos a recuar cara ós hunos. Aquel foi un enfrontamento entre pobos abafados por falla de espazo. Pero nós aprendémoslle ós romanos o que era loitar con azos —aínda que, a verdade, tamén eles nos deron unha boa lección.

Secasí, eu non deixaba de lembrar o sol do sur que albiscara dende os barcos de Agard, e quixo o destino que, naquel avance dos teutóns, fose capturado polos romanos, que me levaron de novo ó mar que eu non volvera ver dende o día en que me extraviara

indo cos anglos do leste. Os romanos mandáronme a galeras, e foi así, outra vez escravo, como cheguei a Roma.

A historia de como devín nun liberto, nun cidadán e nun soldado, e como despois, ós meus trinta anos, viaxei a Alexandría e de alí a Xerusalén, é demasiado longa para contala aquí. Se che falei da época na que fun bautizado na pota de hidromel de Tostig Lodbrog foi só para que souberas a clase de home que cruzaba a cabalo a Porta de Xaffa atraendo todas as olladas.

Con razón. Os romanos e os hebreos eran de raza máis baixa e de constitución máis feble, e, abofé, nunca viran un loiro coma min. Cando percorría aquelas rúas estreitas, cedíanme o paso, pero ficaban mirando con ollos estartelados aquel marelo do norte, ou de Deus sabía ónde, xa que non coñecían a miña historia.

Practicamente todas as tropas de Pilatos eran auxiliares, agás unha presada de romanos que custodiaban o pazo e outros vinte que cabalgaban comigo. Os auxiliares semellábanme bos soldados, mais non tan dignos de confianza coma os romanos. A verdade é que estes eran máis constantes e mellores guerreiros ca nós, os homes do norte que loitabamos exaltados ou amoucados, dependendo do noso humor. Eles, por contra, eran firmes e fiables arreo.

Había unha muller, pertencente á corte de Antipas, que era amiga da muller de Pilatos, e que eu coñecín no pazo deste a noite en que cheguei. Chamareina Miriam,⁸⁶ pois ameina con ese nome. Se fose simplemente difícil describir o engado dunha muller, describiríache a Miriam. Mais como describir a emoción dun con palabras? Como, o engado dunha muller? Imposible: non hai palabras para iso. Pois o engado dunha muller difire da percepción que culmina na razón, xa que xorde en forma de sensación e culmina en forma de emoción, cousa que, abofé, non é senón unha supersensación.

En xeral, toda muller ten un engado fundamental ós ollos dun home. E, cando este devén nun engado particular, chamámolo amor, daquela. Miriam tiña ese engado particular ós meus ollos. De feito, eu era copartícipe dese engado. A metade del era a miña propia vida de home que se atreveu a saltar e a atopou cos brazos abertos, e que creou en min todo canto era desexable nela, alén do meu propio desexo por ela.

Miriam era unha grande muller —e emprego ese adxectivo a conciencia. Era unha femia esguízara, imperiosa, que superaba a hebrea habitual en figura e en estatura. Pertencía á aristocracia, pero xa era aristocrática de seu. O seu corpo, o seu xacer, os seus modais, todo nela era largo e xeneroso. Era intelixente, enxeñosa, e, sobre todo,

feminina. Como axiña verás, foi iso, a súa feminidade o que a traizoou e o que me traizoou a min, ó final. Pel bruna, face ovalada, o seu cabelo, de tan escuro, era dun negro azulado, e os seus ollos, dous pozos de negrume. Xamais houbo unha parella de home loiro e muller bruna con tipos tan diferenciados coma os nosos.

Soubémolo de contado. Non houbo loita interior, nin espera, nin vacilación algunha denantes de estarmos certos. Ela foi miña no intre no que a fitei. E, así mesmo, ela soubo de socate que eu lle pertencía por riba de todos os homes. Alanquei cara a ela, que xa estaba medio levantada do sofá, como atraída por min. E entón mirámonos en fite con todos os nosos ollos, ollos azuis e negros, ata que a esposa de Pilatos, unha muller delgada, tensa, desacougada, soltou unha risiña de coello. E, mentres eu saudaba a esta cunha reverencia, vin que Pilatos ollaba a Miriam como dicindo: «É ou non é como che dixen?» Pois Sulpicio Quirinio, o legado de Siria,⁸⁷ xa o avisara da miña chegada, e Pilatos e máis eu xa nos coñeceramos denantes de que o nomearan procurador dese volcán semítico que era Xerusalén.

Moito falamos esa noite, sobre todo Pilatos, que nos contou polo miúdo como estaba a situación, e que parecía illado e desexoso de compartir as súas preocupacións con alguén, e mesmo de pedir consello. Pilatos era o típico romano sólido, con imaxinación e intelixencia abondas como para impoñer a férrea política de Roma, e rara vez perdía as estribeiras a causa da presión.

Pero esa noite era obvio que estaba preocupado. Os xudeus deran en poñelo nervioso. Aquela xente era demasiado impetuosa, espasmódica, volcánica. E, para colmo, uns místicos. Os romanos sempre collían o boi polo rabo, ían ó gran. Os xudeus, en troques, xamais abordaban algo directamente, senón pasada a serra, cando xa se vían obrigados. Se os deixabas sós, sempre andaban con rodeos. Segundo nos explicou Pilatos, a súa irritación debíase a que os xudeus non cesaban de intrigar para que el –e Roma, por medio del– interviñese como xuíz nas súas disensións relixiosas. Como eu ben sabía, Roma xamais interfería nas cuestións de índole relixiosa dos pobos que conquistaba; mais os xudeus sempre estaban a confundir os termos, e daban un cariz político a cousas que non tiñan nada que ver coa política.

Pilatos despregou toda a súa elocuencia ó falarnos das diversas seitas, dos levantamentos fanáticos e dos disturbios que decote estaban a ocorrer.

– Lodbrog –díxome–, un nunca pode previr cal das pequenas nubes de verán que incuba a nosa mente se converterá nun trebón enxordecador. Eu estou aquí para

manter a paz e a orde. Malia os meus esforzos, os xudeus están a converter este lugar nun avespeiro. Preferiría, con moito, mandar nos escitios ou nos salvaxes británicos que nesta xente rifeira, sempre a mal por mor de Deus. Agora mesmo anda por aí un home do norte, un pescador convertido en predicador e facedor de milagres, que, a este paso, conseguirá revolucionar todo o país, e facer que Roma me destitúa.

Aquela foi a primeira vez que sentín falar do tal Xesús, pero sen darlle moita importancia ó asunto. Só despois me lembrei del, cando a pequena nube de verán xa se convertera nun trebón a feito.

– Pedín informes sobre el –proseguíu Pilatos–. Non é un político. Diso non hai dúbida. Pero seguro que Caifás, e, detrás del, Hanán, o utilizarán como arma política para atacar a Roma e arruinarme a min.

– Ese Caifás, seica é un sumo sacerdote. Pero o outro, ese Hanán, quen diaños é?

– O verdadeiro sumo sacerdote. Un fulano ben raposeiro –explicoume Pilatos–. Caifás foi nomeado por Gratus, pero Caifás é a sombra e o voceiro de Hanán.

– Xamais che perdoaron aquel asuntiño dos escudos votivos⁸⁸ –picouno Miriam.

E, daquela, como calquera persoa a que lle meten o dedo na chaga, Pilatos contoume polo miúdo ese episodio, que, en efecto, ó principio, non fora máis ca iso, un episodio, pero que, ó final, estivera a piques de destruílo. Con toda a inocencia do mundo, Pilatos mandara colocar, fronte o seu pazo, dous escudos con inscricións votivas. Antes de que a conseguinte tormenta que estoupara sobre a súa cabeza pasase, os xudeus queixáranse por carta a Tiberio, o cal lles deu a razón e rifou a Pilatos.

Pouco despois, aledeime moito de poder falar con Miriam a parte, logo de que a muller de Pilatos⁸⁹ atopara oportunidade para contarme cousas sobre ela mesma. Esta, seica era de sangue real.⁹⁰ A súa irmá⁹¹ casara con Filipo, tetrarca de Gaulonitis e Batanea. Filipo era irmán de Antipas, tetrarca de Galilea e Perea, e ambos os dous eran fillos de Herodes “o Grande”, como o chamaban os xudeus.⁹² Miriam, polo que entendín, sentíase propiamente na súa casa en ambas as dúas cortes dos tetrarcas, pois tiña o seu mesmo sangue.⁹³ Tamén a ela prometéranla de mociña, no seu caso con Arquelao, que daquela era o etnarca⁹⁴ de Xerusalén. Miriam tiña unha boa fortuna de seu, así que, en realidade, non casara por interese. Amais, tiña un carácter forte, e sen dúbida era difícil compracela nun asunto tan importante como o do achar un marido.

O tema da relixión debía de estar no ambiente, pois, cada vez que falaba con Miriam, sacábao a relucir. Abofé, os xudeus daquela discutían sobre relixión coma nós

sobre a loita ou os festíns. Durante todo o tempo que estiven alí, non houbo momento no que non sentira o zunzún das súas eternas leas sobre a vida e a morte, a Lei e Deus. Pilatos, en troques, non cría nin en deuses nin en demos; non cría en nada. A morte, para el, era a negrume dun sono sen final. E, secasí, durante os anos que botou en Xerusalén, sempre andou amolado coa inevitable tirapuxa dos lerios relixiosos. Eu mesmo, durante a miña viaxe a Idumea, tiven que aturar un criado, un pobre desgraciado que, malia a non aprender xamais a enselar un cabalo, era quen de falar coma un erudito, dende o solpor á aurora, verbo das sutís diferenzas que existían entre as ensinanzas de todos os rabís que había dende Shemaiah a Gamaliel.

Mais voltemos a Miriam.

– Se cres na inmortalidade –axiña empezaba a picarme–, por que te asusta falar dela?

– Pois por iso: para que vou cismar en cousas que creo certas? –retrucaba eu.

– Pero de verdade estás tan seguro? A ver: fálame dela. Como é esa inmortalidade na que cres?

E entón, cando eu lle falaba de Niflheim e de Muspelheim, do xigante Ymir que naceu dunhas folerpas, da vaca Audumbla, e de Fenrir, e de Loki, e dos xeados Jötnar; cando lle falaba, como digo, de todo isto, e de Thor, e de Odinn, e do noso Valhalla,⁹⁵ ela aplaudía e berraba, cos ollos escintilantes:

– Ah, meu bárbaro! Meu neno grande! Ti, o feituco xigante marelo da xeada! Ti, que cres nos contos das vellas aias e na satisfacción dos apetitos!⁹⁶ Dime: e, se o espírito non morre, onde vai cando fina o corpo?

– Xa cho dixen: a Valhalla. Mais o meu corpo tamén estará alí.

– Xantando? Bebendo? Loitando?

– E amando. Habemos estar coas nosas mulleres no paraíso, senón para que serve?

– Non me gusta o teu paraíso –dicía ela–. É un lugar de tolos, un lugar de bestas, un lugar de xeo, trebón e furia.

– E o teu?

– Alí sempre é verán, o momento do ano no que madurecen os froitos, xenan as flores e todo medra.

Eu abaneaba a cabeza e rosmaba:

– A min tampouco me gusta o teu paraíso. É un lugar triste, eslamiado; un lugar para os febles, os eunucos e os grosos, sombras choronas de homes.

Os meus comentarios debían de encandeala, pois os seus ollos seguían escintilando, e daquela eu empezaba a intuír cara onde me quería levar.

– O meu paraíso –díxome unha vez ela– é a morada dos benditos.

– Valhalla é a morada dos benditos –aseverei eu–. Pois, pénsao: a quen lle van interesar as flores nun lugar onde sempre as hai? No meu país, emporiso, cando remata o férreo inverno e o sol arreda a longa noite, os primeiros abrochos que lampexan na ourela do xeo, cando este fonde, son motivo de ledicia constante, e nós ollámoslos e ollámoslos cadora. E o lume! –exclamei–. Que me dis do grande e glorioso lume! Vaia un ceo o teu, se nel un home non pode gozar como cómpre dun bo lume ruxindo baixo un teito ben construído, mentres o vento e a neve zoan fôra...

– Pois si que es simple, ti –retrucou ela–. Fas un teito e un lume encol dunha morea de neve, e chamas a iso paraíso. No meu, non temos que refuxiarnos do vento e da neve.

– Non –obxectei eu–. Nós facemos un teito e un lume cando saímos afrontar o xeo e a tormenta, e cando voltamos de afrontar o xeo e a tormenta. Iso, a loita, é o fascinante da vida dun home. O seu verdadeiro teito e o seu verdadeiro lume son os que fai loitando. Seino por propia experiencia, pois, unha vez, pasei tres anos sen gozar nin dunha cousa nin doutra. Tiña dezaseis anos, e xa era un home, cando cubrín por primeira vez o meu corpo con roupa tecida. Nacín nun temporal, logo dunha batalla, e o meu primeiro cueiro foi o pelexo dun lobo. Óllame, e verás que clase de homes son os que viven en Valhalla.

E olloume, abofé, toda abraiada, e exclamou:

– Ah, meu mangallón, meu xigante marelo!

E logo, máis seria, engadiu:

– Case que me entristece que non haxa homes coma ti no meu paraíso.

– É un bo país –dixen para consolala–. Ben concibido, e amplo. Nel, hai sitio abondo para moitos paraísos. Se cadra, alí cada quen recibe o paraíso que arela o seu corazón. Si, a verdade é que un bo país, o que hai despois da tumba. Eu... de certo que abandonarei as nosas salas de banquetes para atacar as túas costas soleadas e cheas de flores, e raptarte. Como fixeron coa miña nai.

E, nesa pausa, fiteina, e ela fitoume a min, desafiante. E o meu sangue deveu en lume, pois... Por Odinn! Aquela si que era unha muller.

Ignoro o que puido ocorrer despois, xa que Pilatos, que xa acabara de falar con Ambivio e levaba un cacho sentado e sorrindo burlonamente, rompeu o silencio.

– Temos un novo rabí! Un da Fraga de Teutoburgo!⁹⁷ –mofouse de min–. Un novo predicador e unha nova doutrina chegaron a Xerusalén. Agora haberá máis leas, e máis revoltas, e máis profetas lapidados. Que os deuses nos asistan: estamos arrodeados de tolos! Lodbrog, non esperaba isto de ti, a verdade. Mais velaquí estás, perorando e baduando furiosamente, coma un deses aluados xurdidos do deserto, verbo do que vai acontecerche despois de morto... Lodbrog: cada vida ó seu tempo. Así aforras problemas. Moitos problemas.

– Sigue, Miriam, sigue –berrou, por contra, a súa muller, que escoitara sentada, como en transo, e coas mans fortemente enlazadas, a nosa conversa.

Por un intre coidei que a esposa de Pilatos xa se contaxiara da loucura relixiosa que reinaba en Xerusalén. De feito –e tal e como eu logo iría descubrindo–, o certo é que sentía unha forte inclinación por tales asuntos. Era unha muller ben delgada, como ensumida pola febre. Tiña a pel tan tesa que, ó fitala, a min dábame por coidar que, se poñía as súas mans a contraluz, podería ver a través delas. Era unha boa persoa, pero sumamente nerviosa, e, ás veces, moi dada a fantasiar sobre os espíritos, os sinais e os agoiros, así como a ter visións e sentir voces. Eu, porén, non teño a menor paciencia con tales debilidades. Pero era unha boa muller, insisto. Libre de maldade.

Tiberio envioume a cumprir unha misión, e, ende mal, a penas puiden ver a Miriam. Ó volver eu da corte de Antipas, ela marchara a Batanea, á corte de Filipo, onde estaba a súa irmá. Unha vez máis, velaí estaba eu de volta en Xerusalén; pero, aínda que non tiña necesidade ningunha, por mor dos meus asuntos, de ver a Filipo –quen, malia ser feble, cumpría a vontade de Roma–, viaxei a Batanea, coa esperanza de reunirme con Miriam.

Despois tiven que viaxar a Idumea. Tamén fun a Siria, cumprindo ordes de Sulpicio Quirinio –quen, como legado imperial que era, quería ter informes de primeira man verbo do que acontecía en Xerusalén. Así, viaxando moito e a moitos lugares, puiden constatar *in situ* o estraños que eran os xudeus: un pobo verdadeiramente tolo por Deus. Esa era a súa peculiaridade. Non contentos con deixaren tales asuntos en

mans dos sacerdotes, eles mesmos acababan sendo sacerdotes, e poñíanse a predicar alí onde acharan alguén disposto a oílos. E sempre atopaban no nun senón unha multitude de oíntes.

Os xudeus deixaban as súas ocupacións para vadiar por todo o país esmolando, discutindo e rifando cos rabís e os talmudistas nas sinagogas e nos pórticos dos templos. Foi en Galilea –un distrito de pouca importancia e cuxos habitantes eran considerados máis ben parvos– onde souben algo da vida de Xesús. Seica primeiro fora carpinteiro, e logo pescador, e os seus compañeiros, tamén mariñeiros, abandonaran as redes para seguilo na súa errandía. Algúns tiñano por un profeta, mais a maioría coidaban que estaba tolo. O infeliz do meu criado, que afirmaba coñecer o Talmud mellor que ninguén, burlábase del, chamándoo o rei dos mendigos, tachando a súa doutrina de Ebionismo,⁹⁸ o cal, segundo me explicou, consistía, en resumidas contas, en que só os pobres gañarían o ceo, mentres que os ricos e os poderosos arderían para sempre nun lago de lume.

Tal e como puiden observar nas miñas viaxes polo país, alí era costume que calquera xudeu tachara de tolo a outro –cando, en realidade, na miña opinión, todos estaban tolos. Había un auténtica praga de aluados. Supostos profetas que expulsaban os demos coas súas artes máxicas, que curaban os enfermos con só impoñerlle as mans, que bebían apócemas mortais ou manipulaban serpes venenosas sen que lles pasara ren –disque. Ían xaxuar ós desertos, e logo reaparecían berrando a súa nova doutrina, reunindo multitudes, formando seitas que, á súa vez, se escindían noutras seitas con outras doutrinas.

– Por Odinn –dixen a Pilatos–, un chisco do noso xeo e da nosa neve non lles viría mal a estes, para arrefecerlles os ánimos. Este clima é morno de máis. No canto de construíren teitos e saír cazar, sempre están a erguer unha nova doutrina.

– E deturpando a natureza de Deus –asentiu amargamente Pilatos–. Malia todas as doutrinas!

– Xaora... Se algún día dou en liscar cordo deste país de tolos, xuro mallar o primeiro que se atreva a falar-me do Alén.

Creme: endexamais houbo xente tan dada a crear problemas. Para os xudeus, todo canto había baixo o sol era pío ou impío. Eles, tan aleutos ó argumentaren mesmo os sofismas máis nimios, parecían incapaces de enxergar o concepto de Estado que tiña Roma. Para eles, todo o político era relixioso, e todo o relixioso, político. Daquela, as

mans de todo procurador estaban cheas. As aguias, as estatuas romanas, mesmo os devanditos escudos votivos de Pilatos, eran insultos deliberados á súa relixión.

O censo que elaboraban os romanos era unha abominación. Estes facíanlo porque era a base do seu sistema de trabucos.⁹⁹ Mais velaí estaba o problema de novo: que o Estado impuxera trabucos era un crime contra a Lei e o Deus hebraicos. Ah, a súa famosa Lei! Non era a *Lex* romana. Era a xudaica. A que eles chamaban “a Lei de Deus”. Para iso estaban os celotes,¹⁰⁰ que asasinaban calquera que infrinxise esa Lei. E, se un procurador castigaba un celote pillado *in flagranti crimine*, daquela estoupaba algún disturbio, ou mesmo unha revolta.

Todo canto aquel estraño pobo facía era “en nome de Deus”. Logo estaban os *thaumaturgi* –como os chamaban os romanos. Fulanos que facían “milagres” para demostrar a súa doutrina. A min iso de demostrar a táboa de multiplicar convertendo un garabullo nunha serpe, ou mesmo en dúas, sempre me pareceu unha parvada. Pero era iso o que facían os taumaturgos, para grande rebumbio e ledicia do vulgo.

Por Odinn! Cata que había seitas alí! Que se os fariseos, que se os esenios, que se os saduceos... Unha lexión delas! En tendo unha nova ocorrencia, deseguida lle daban un cariz político. Coponio, o procurador anterior a Pilatos, pasounas rabudas para esmagar a sedición do gaulonita,¹⁰¹ que estoupou así, espallándose dende Gamala.

A derradeira vez que entrei a cabalo en Xerusalén, saltaba á vista o crecente nerviosismo dos xudeus. Andaban a escape, parolando e discutindo, en multitudes. Algúns estaban a proclamar a fin do mundo. Outros contentábanse coa inminente destrución do Templo. E había tamén os revolucionarios puros e duros que anunciaban que o dominio romano ía acabar, e que o novo reino xudeu estaba por chegar.

Mesmo Pilatos daba mostras dunha enorme ansiedade. Era obvio que, por culpa dos xudeus, estaba a ver a Deus polo cu dunha agulla... Mais hei dicir –e ti comprobaralo axiña– que Pilatos soubo tratar aqueles raposos con idéntica raposería; e, polo que vin, estou certo de que confundiría a máis dun discutindo con el nas sinagogas.

– Con tan só media lexión de romanos –laïouse ante min– collería Xerusalén polo pescozo e... para grande mágoa miña, faríanme voltar a Roma, supoño.

Coma min, Pilatos non confiaba demasiado nos auxiliares; e a penas tiñamos unha presada de auténticos soldados romanos, como xa dixen.

Xa de volta, aloxeime no pazo, e, para grande ledicia miña, atopei a Miriam alí. Pero pouco pracer achei no reencontro, pois a conversa xirou mormente verbo da

situación. Había un motivo: a cidade bulía daquela como o niño de furiosas avespas que era. O xaxún que alí chamaban Pascua –un asunto relixioso, por suposto– estaba preto, e, como era habitual, milleiros de persoas estaban a vir dende o campo, para celebraren a festa en Xerusalén. Esas xentes, acabadas de chegar, eran, por suposto, tan excitables ou máis có resto: se non, non farían semellante peregrinación. A cidade estaba de tas en bas, polo que moitos acampaban fóra das murallas. Eu, a dicir verdade, non era quen de distinguir ata que punto aquilo era froito das ensinanzas do pescador erradio ou do odio que sentían os xudeus por Roma.

– Un chisco, non máis, e mesmo pode que menos, débese ó tal Xesús –dixo Pilatos, respondendo a miña pregunta–. Fíxate en Caifás e Hanán, e enxergarás a causa principal de tanto rebumbio. Saben moi ben o que fan. Están encirrando a xente, non sei moi ben para que, agás para me causaren problemas.

– Si, é certo que Caifás e Hanán son os responsables –interveu Miriam–. Mais ti, Poncio Pilatos, es só un romano, e non entendes isto. De ser xudeu, decatariaste de que, no fondo, iste asunto é moito máis serio do que parece; de que non se trata doutra liorta máis entre seitas ou grupos de axitadores que tan só queren crearvos problemas a ti e a Roma. Os sumos sacerdotes e os fariseos, todos os xudeus acomodados ou ricos –Filipo, Antipas, eu mesma–, estamos a loitar pola vida mesma.

– Ese pescador pode estar tolo, pero... de estalo, évos un tolo ben astuto. Predica a doutrina dos pobres. Ameaza a nosa Lei, e a nosa Lei é a nosa vida, como ti ben sabes, Lodbrog. Nós, os romanos, defendemos con celo a nosa Lei, igual que ti defenderías o ar que respiras se alguén che botara as mans á gorxa. O dilema é este: ou Caifás e Hanán, e todo o que eles representan, ou ese pescador de marras. Pois, se non o destrúen eles, será el quen os destrúa.

– Non vos parece estraño? Un home tan sinxelo, un simple pescador... –exhalou a esposa de Pilatos–. Que clase de home pode ser o que posúe semellante poder? Gustaríame velo. Gustaríame ver, cos meus propios ollos, ese home tan extraordinario.

Pilatos engurrou as cellas ó sentir esas palabras, e era obvio que a ansiedade da súa muller non facía senón intensificar a súa propia.

– Se queres velo, vai petar nas paleiras da cidade –riu Miriam con retranca–. Atoparalo dándolle á golecha ou arrodeado de lurpias. Endexamais se viu en Xerusalén un profeta tan raro.

– E que hai de mau niso? –preguntei eu, impulsado, contra a miña vontade, a poñerme de parte do pescador–. Acaso non bebín eu coma un fuso, e pasei noites de boureo, en todas as provincias? Un home é un home, e ese home compórtase como tal, a non ser que eu tamén sexa un tolo, cousa que nego rotundamente.

Miriam abaneou a cabeza e dixo:

– Ese home non é un tolo. É algo peor: un perigo. O Ebionismo en si é un perigo. Ese home podería destruír toda a orde establecida. É un revolucionario. Podería acabar co pouco que nos queda do Estado e do Templo¹⁰² xudeus.

Daquela foi Pilatos quen negou coa cabeza:

– Non, non é un político. Teño informes sobre el. É un visionario, non un sedicioso. Se mesmo aproba os nosos trabucos!

– Xa vexo que segues sen entendela –insistiu Miriam–. O perigo non radica no que planea, senón no efecto que causarían os seus plans, se alguén se atrevese a realizalos: por iso é un revolucionario. Se cadra, nin sequera el está a prever o efecto do que predica. Secasí, ese home é unha praga, e, como tal praga, cómpre acabar con el.

– Polo que eu sei, é un home bo, sinxelo, sen maldade ningunha –comentei.

E entón contei a curación dos dez leprosos, da que eu fora testemuña en Samaria, cando ía camiño de Xericó.

A muller de Pilatos sentouse, como arroubada, ó escoitar o meu relato. Daquela sentimos berrar e protestar a unha multitude distante, e decatámonos de que os soldados estaban a despexar as rúas.

– E ti cres tal cousa, Lodbrog? –preguntoume Pilatos–. Cres que, porque alguén os mire, os leprosos quedan limpos, milagrosamente, das súas chagas?

– Eu vidos curados –retruquei–. E seguinos para asegurarme. E non había nin rastro da doenza neles.

– Pero víchelos con chagas... denantes de sandaren? –insistiu el.

Eu neguei coa cabeza.

– Dixéronmo, tan só –admitín–. Mais logo, cando os vin, tiñan toda a traza de que foran leprosos. Estaban pamos. Un deles sentou ó sol e empezou a se ollar o corpo, buscando e buscando algún sinal na súa pel tersa e donda, como se non crese o que vía. Cando me acheguei a preguntarlle, decateime de que non podía falar nin mirar outra cousa que non fora o seu corpo. Estaba alucinado. E alí seguiu, sentado ó sol, observándose decote...

Pilatos sorriu con desdén, e notei ese mesmo desdén no sorriso fixo na faciana de Miriam. En canto á muller de Pilatos, semellaba un cadáver alí sentada, case que sen respirar, coa ollada perdida no infinito.

Daquela, falou Ambivio: ¹⁰³

– Caifás díxome, onte mesmo, que o pescador afirma que traerá a Deus á Terra, e creará aquí un novo reino no que este gobernará...

– O cal implica a fin do goberno romano –interrompino eu.

– Así é como Caifás e Hanán planean engarguelar a Roma –explicou Miriam–. Iso non é verdade. É unha andrómena maquinada por eles.

Pilatos asentiu coa cabeza e preguntou:

– Non hai nos vosos vellos libros unha profecía que di que os sacerdotes de aquí terxiversarían as palabras deste suposto mesías?

Miriam respondeu que si, e citou o texto en cuestión. Se relato este incidente é para evidenciar o profundo coñecemento que tiña Pilatos sobre aquela xente que tanto lle custaba dominar.

– O que eu sentín –continou Miriam– é que o tal Xesús predica a fin do mundo e o principio do reino de Deus, mais non aquí, senón no ceo.

– É certo, tamén me informei sobre iso –corroborou Pilatos–. O pescador mantén que os trabucos de Roma son xustos. Mantén que Roma gobernará ata que rematen todos os gobernos e, canda eles, o mundo. Agora vexo con máis claridade a trampa que Hanán está a tenderme...

– Mesmo algúns dos seus seguidores –comentou Ambivio– din que el, Xesús, é Deus en persoa.

– Non teño noticia de que dixera tal cousa –retruco Pilatos.

– E logo –exclamou a súa muller–, por que non? Os deuses xa baixaron á Terra antes.

– Mira –dixo Pilatos–, eu sei, por fontes dignas de todo creto, que, despois de que o tal Xesús fixera un suposto milagre, alimentando toda unha multitude con só uns cantos pans e peixes, os paspáns dos galileos quixeron facelo rei. Así foi, quixeron facelo rei en contra da súa vontade. De feito, marchou ás montañas para liscar deles. O cal demostra que non é un tolo. Ó contrario: o pescador demostrou ser demasiado sabio como para aceptar o destino que lle querían impoñer.

– Pois esa é, precisamente, a artimaña que Hanán e o resto queren usar contra ti –reiterou Miriam–. Afirman que Xesús pretende ser o rei dos xudeus, o cal é unha ofensa para Roma, e, daquela, Roma debe encargarse del.

Pilatos encolleu os ombros.

– O rei dos mendigos, máis ben, ou dos soñadores... El non é un parvo, nin un tolo. É un visionario, mais non un visionario do poder deste mundo. Por iso deséxolle toda a sorte posible no vindeiro mundo, xa que ese está fóra da xurisdición de Roma.

– Afirma que a propiedade privada é pecado... Iso é o que máis amola os fariseos –comentou Ambivio.

Pilatos escachou a rir:

– Este rei e os seus mendigos aínda respectan a propiedade privada –explicou–. Pois, fíxate, ata hai pouco, mesmo tiñan un tesoureiro que se encargaba dos seus caudais. Xudas, chamábase o fulano, e disque roubou a bolsa cos cartos comúns que levaba o pescador.

– E Xesús? Tamén roubou? –preguntou a esposa de Pilatos.

– Non; só ese Xudas, o tesoureiro.

– E o tal Xoán, quen era? –preguntei eu–. Tivo problemas no camiño de Tiberias, e Antipas executouno, creo.¹⁰⁴

– Outro igual! –respondeu Miriam–. Era de Hebrón. Un fanático que moraba no deserto. Segundo el –ou os seus seguidores– era o mesmiño Elías, que tornara de entre os mortos. Ou sexa, un dos nosos antergos profetas.

– Propugnaba a sedición? –preguntei.

Pilatos esbozou un sorriso irónico e negou coa cabeza, antes de dicir:

– Rifou con Antipas polo asunto de Herodías. Era un moralista. A historia viña de lonxe, pero o home pagouna coa súa cabeza. Non, non houbo nada político naquilo.

– Algúns tamén din que Xesús é o Fillo de David –comentou Miriam–. Pero iso é absurdo. Ninguén en Nazaré cre tal cousa. Xa sabes que toda a súa familia, incluídas as súas irmás casadas, viven alí, e todo o mundo a coñece. Son xente sinxela, do pobo.

– Oxalá fora así de sinxela toda esta lea, da que, amais, teño que informar a Tiberio... –rosinou Pilatos–. E, inda por riba, o pescador vén aquí, a Xerusalén... A cidade está ateigada de peregrinos dispostos a armar unha boa esganifa. E Hanán non cesa de remexer o caldo.

– E, antes de acabar con el, fará valer a súa –pronosticou Miriam–. Deixarache o traballo sucio, e ti faralo. Xa o verás.

– Que traballo?

– A execución do pescador.

Pilatos empezou a negar coa cabeza teimudamente, mentres a súa muller berraba:

– Non! Non! Sería un error vergoñento. Ese home non fixo nada mao. Non ofendeu a Roma.

Logo volveu a súa ollada suplicante cara a Pilatos, que seguía a axitar a cabeza.

– Deixemos que sexan eles os que o decapiten –rosmou–, como fixo Antipas co outro. A min tanto me ten o pescador, pero non vou permitir que me utilicen para os seus plans. Se teñen que destruílo, que o fagan: alá eles. Pero que non conten comigo.

– Pero ti non vas permitilo, non é? –berrou a súa muller.

– Se me entremetese, tería que darlle explicacións a Tiberio –foi a súa resposta.

– Ocorra o que ocorrer –dixo Miriam–, xa te vexo escribíndollas, e decontado; pois o Xesús xa está a chegar aquí, e moitos dos seus canda el.

Pilatos non agochou a irritación que estas palabras lle causaron.

– Tanto me ten o que faga. Espero non velo nunca.

– Xa farán eles por que o vexas –retrucou Miriam–. Hanán atoparao por ti e traeracho á porta do pazo.

Pilatos encolleu os ombros, e alí rematou a conversa. A súa dona, esgotada pola tensión, pediu a Miriam que a acompañara ós seus aposentos, así que o único que eu podía facer era ir durmir un pouco, coa esperanza de deixar de sentir o zunido daquela cidade de tolos.

Os acontecementos precipitáronse. Esa noite, a calor que ía na cidade quentou aínda máis os ánimos. Ó mediodía, cando cabalguei con media ducia dos meus homes, as rúas estaban petadas de xentes máis remisas que nunca a abrimme paso. De mataren as olladas, morrería ese día. Os xudeus cuspián abertamente ó verme, e ós meus oídos chegaban berros e griñidos xurdidos de todas partes. Eu xa non era causa de abraio senón de desprezo, por mor do odiado arnés romano que levaba. De estar noutra cidade, ordenaría ós meus homes dar unhas boas espadadas a todos aqueles fanáticos que

estaban a insultarnos. Pero aquilo era Xerusalén, a cousa estaba que ardía, e aquela xente era incapaz de separar a idea de Estado da de Deus.

Hanán o Saduceo fixera un bo traballo. Alén do que el e o Sanedrín cresen do verdadeiro motivo da situación, era obvio que convenceran a aquela chusma de que Roma estaba na base do problema.

De súpeto batín con Miriam en medio da multitude. Ía a pé, asistida tan só por unha serventa. Naqueles días tan turbulentos, non era moi asinado saír á rúa facendo gala do seu rango. De feito, por parte da súa irmá,¹⁰⁵ era cuñada de Antipas, a quen moi poucos querían. Por iso ía vestida con sinxeleza, coa face cuberta, para pasar por unha xudía de clase baixa. Mais os meus ollos estaban afeitos a esa fina figura, a ese porte e ese andar tan distintos dos das outras mulleres, e cos que eu soñara máis dunha vez.

Non puidemos intercambiar máis que unhas poucas palabras, pois o camiño bloqueouse nise intre, e a multitude tentaba abrirse paso premendo e empurrando os meus homes e os cabalos. Miriam acubillouse no recanto dunha casa.

– Xa colleron o pescador? –pregunteille.

– Non; pero está xusto aí, fóra da muralla. Chegou á cidade montado nun asno, precedido e seguido por unha multitude; e algúns, pobres inocentes, vitoreárono ó pasar coma Rei de Israel. A verdade é que, malia que aínda non o apresaron, a sentenza xa está escrita. O pescador é home morto.

– Pero Pilatos non o arrestará...

Ela negou coa cabeza.

– Xa se encargará Hanán de facelo. Van traelo ante o Sanedrín, e alí sentenciarano a morte. Talvez o lapiden.

– Pero o Sanedrín non ten dereito a executalo –sostiven.

– Xesús non é romano –retrucou ela–. É xudeu, e, consonte a Lei do Talmud, é reo de morte, porque blasfemou.

Eu insistín negando coa cabeza.

– O Sanedrín non ten ningún dereito.

– Xa, pero Pilatos está desexando que tomen ese dereito.

– Pero é unha cuestión de estrita legalidade –insistín–, e xa sabes como son os romanos con respecto á Lei.

– Daquela Hanán evitará a cuestión –sorriu– obrigando a Pilatos a crucificalo. En calquera caso, o resultado será o mesmo.

Unha ondada de xente estaba a abalar os nosos cabalos e a mazarnos as pernas. Un dos fanáticos caeu, o meu cabalo recuou de súpeto e deu media volta como se viñera de patexalo, e daquela puiden sentir o berro do home, e as protestas dos que estaban ó meu redor medraron coma un ruxido. Inda así, volvinme cara á Miriam para espetarlle:

- Es ben dura cun home que, como ti mesma dixeches, non fai mal ningún.
- Son dura co mal que podería carreamos se seguise vivo –replicou.

Custoume sentir as súas últimas palabras, pois un fulano tirouse a min, colleume a perna e a brida e tentou derrubarme. Coa palma aberta, collendo impulso, zosqueille na meixela e no queixelo. Guindeille un lapote en plena cara con toda a forza que puiden. Os habitantes de Xerusalén non estaban afeitos a semellantes labazadas. Aínda hoxe me pregunto se non lle partiría o pescozo.

Ó día seguinte, volvín atopar a Miriam. Batín con ela no patio do pazo de Pilatos. Parecía como envisa nun soño. Case que nin me viu. Case que nin me recoñeceu. Estaba tan rara, tan pampa, tan alucinada coma os leprosos que eu vira sandar en Samaria.

Facendo un esforzo, volveu á realidade, mais só exteriormente. A súa ollada –unha ollada como eu non vira antes– amosaba unha mensaxe indescifrable para min.

Miriam pasaría de largo, sen saudarme, de non me interpoñer eu no seu camiño. Entón detívose e muiñou non sei que mecanicamente, pero os seus ollos soñaban decote, a través e alén de min, coa visión que os enchía.

– Vino, Lodbrog –moumeou–: El.

– Pois queiran os deuses que o tal “el”, sexa quen for, non ficara tan afectado coma ti ó verte –dixen rindo.

Ela nin se decatou da miña inoportuna chanza, absorta na visión que colmaba os seus ollos, e seguiría andando de non bloquearlle eu de novo o paso.

– De quen falas? Quen é El? Alguén que se levantou de entre os mortos para poñer esta estraña luz nos teus ollos?

– Un que levantou outros de entre os mortos –replicou–. Abofé, agora creo que El, Xesús, levantou os mortos. El é o Príncipe da Luz, o Fillo de Deus. Vino. Abofé, agora sei que El é o Fillo de Deus.

Pouco podía eu deducir das súas palabras, agás que batera co pescador erradío e que este lle contaxiara a súa tolemia. Pois, sen dúbida, a Miriam que tiña diante non era a mesma que tachara a ese home de «praga que cómpre eliminar».

– Ese fulano enmeigoute –exclamei encabuxado.

Os seus ollos pareceron humedecerse e facerse máis fondos cando ela mo confirmou:

– Ah, Lodbrog, o seu meigallo está alén de toda comprensión, de toda explicación. Mais abonda con ollalo para enxergar que El é a bondade e a compaixón personificadas. Vino. Sentino. Darei todo canto teño ós pobres, e seguireino.

Díxoo tan certa que a crin, como crin o abraio dos leprosos de Samaria ó fitar a súa pel inmaculada; mais amargábame o feito de que aquel facedor de milagres ambulante puidera privar do seu xuízo a unha muller tan extraordinaria.

– Ben, pois sígueo! –dixen en ton de desprezo–. Sen dúbida levarás unha coroa cando “el” gañe o seu reino!

Ela asentiu coa cabeza, e a piques estiven de darlle un lapote, por tola. Afasteime, e, mentres ela seguía andando paseniño, moumeou:

– O seu reino non é deste mundo. El é o Fillo de David. El é o Fillo de Deus. El é todo canto dixoo, e todo canto se dixoo del, todo o bo e marabilloso.

– Un sabio oriental –soltou Pilatos, rindo entre dentes, xusto cando entrei–. É un pensador, este o noso pescador iletrado. Indaguei máis sobre el. Teño informes recentes. Non precisa facer milagres. El, o máis sofisticado de todos eles, carece de sofisticación. Tendéronlle unha morea de trampas, pero el riuse delas. Fíxate. escoita isto.

Daquela contoume como Xesús confundira os que tentaban confundilo cando lle levaron unha muller adúltera para que a xulgara.

– E dos trabucos? –proseguí exultante–. Sabedes o que lles respondeu?: «Dade ó César o que é do César, e a Deus o que é de Deus». Hanán tentou pillalo con iso, e deixouno a abanear. Ha! Semella que, cando menos, hai un xudeu que comprende a concepción que temos os romanos do Estado.

Logo vin a muller de Pilatos, e, ó mirala ós ollos –iluminados coma os de Miriam–, souben, decontado, que aquela tensa, sobreexcitada muller tamén era presa do engado do pescador.

– O Divino está nel –muiñoume–. Dentro del reina a consciencia, o convencemento persoal de que Deus o habita.

– E logo, El é Deus? –preguntei lenemente, pois algo había de dicir.

Ela negou coa cabeza.

– Non o sei. El non afirmou tal cousa. Pero si sei isto: que os deuses están feitos desa materia.

– Un encantador de mulleres: iso é o que é –díxenme a min mesmo, mentres deixaba a muller de Pilatos camiñando en soños e visións.

Os derradeiros días do pescador... En fin: ti, que estás a ler estas liñas, coñécelos moi ben, e foi daquela cando eu descubrín que Xesús tamén era un encantador de homes. Pois enmeigou a Pilatos. E enmeigoume a min.

Logo de que Hanán enviase a Xesús a Caifás, e de que o Sanedrín, reunido cas Caifás, condenase a Xesús a morte, este, escoltado por unha turba berrona, foi enviado a Pilatos, para que o executase.

Mais Pilatos, mirando por si mesmo e por Roma, non quixo matalo. El non tiña moito interese no pescador, mais si en restablecer a paz e a orde. Que lle importaba a Pilatos a vida dun home, ou a de centos? A escola de Roma é férrea, e os gobernadores que esta enviaba ás terras que conquistaba eran igual de férreos. Pilatos pensaba e actuaba en termos gobernamentais, abstractos. E inda así, fíxate: cando Pilatos saíu, engurrando as cellas, afrontar aquela multitude que prendera o pescador, axiña foi presa do engado deste.

Seino porque eu estaba alí. Aquela era a primeira vez que el o vía. Pilatos saíu encabuxado. Os soldados estaban prontos a varrer do patio aquela chusma barulleira. Mais Pilatos, en fitando ó pescador, quedou subxugado, aí, deveu amable. Negou que tivese competencia para xulgalo, e dixo que habían de ser eles os que o xulgaran pola súa Lei, e tratalo consonte esta, xa que o pescador era xudeu e non romano. Segundo el, nunca houbera un xudeu que obedecera tanto coma Xesús a Lei de Roma. Eles berraron que iso era ilegal, que, baixo o poder de Roma, non podía condenar un home a morte –aínda que Antipas decapitara a Xoán o Bautista sen problema.

E Pilatos marchou deixándoos alí, no patio, a ceo descuberto, levando consigo a Xesús, para falar con el a soas na sala de xuízos. Non sei o que pasou alí dentro, agás que, cando saíu, Pilatos era outro. Se denantes se negara a executalo por non ser un

monicreque de Hanán, agora se negaba a facelo polo ben do pescador. Quería salvalo. E, en canto e non, a turba berraba arreo: «Crucifícao! Crucifícao!»

Ti, lector, sabes que Pilatos se esforzou sinceramente. Sabes que tentou enganar a multitude: primeiro, mofándose de Xesús coma dun tolo inofensivo, e logo ofrecendo a súa liberación, consonte o costume de amnistiar un preso na festa da Pascua. E sabes que os sacerdotes bisbáronlle decontado á multitude que pediran a liberación dun asasino chamado Bar-Abbâ.¹⁰⁶

En van loitou Pilatos contra o malfado que os sacerdotes estaban a impoñerlle. Coas súas burlas e pullas confiaba en engaiolalos para que aceptasen o troco. Riuse de Xesús chamándoo Rei dos Xudeus, e ordenou que o azoutaran, esperando que, tras o escarnio, o asunto acabase en risos e con risos se esquecese.

Alédame dicir que ningún romano tomou parte na bufonada. Foron os soldados auxiliares os que lle puxeron a Xesús unha coroa de espiñas, un manto e unha cana, a modo de cetro, na man, e eles os que se axeonllaron reverenciándoo coma Rei dos Xudeus. Malia que fracasou, a intención de Pilatos era aplacar a turba. E foi entón, ó fitalo, cando comprendín o engado de Xesús. Durante aquela mofa cruel, mantivo unha actitude rexia. E se eu fiquei tranquilo ollándoo foi porque el me transmitiu a súa calma. Non só me sentín acougado e satisfeito senón que o feito de estar así non me sorprendeu. Aquilo tiña que ocorrer. Todo ía ben. A serenidade de Xesús, en medio da multitude e da dor, deveu miña. Nin sequera se me pasou pola cabeza a idea de salvalo.

Por outra banda, eu xa vira, nos salvaxes e variados anos da miña vida, ó ser humano facer demasiadas cousas increíbles coma para que esa en particular me impulsara a cometer algunha estupidez. Eu era todo serenidade. Non tiña ren que dicir. Non tiña opinión que dar. Sabía que aqueles acontecementos estaban alén da miña comprensión, e que era así como habían de acontecer.

Pilatos seguía tentándoo. O tumulto medraba. Os berros pedindo sangue enchían o patio, fundidos nun só clamor: «Crucifícao!». Pilatos volveu á sala de xuízos. Como o seu esforzo por aplacalos con aquela farsa fracasara, insistiu en que o caso estaba fóra da súa xurisdición. Xesús non era de Xerusalén. Nacera súbdito de Antipas, e daquela Pilatos remitiuno a el.

Mais o clamor xa estaba a espallarse por toda a cidade. As escasas tropas que había fóra do pazo estaban a ser varridas pola inmensa turba das rúas. Os disturbios que estaban a se producir podían rematar, nun abrir e pechar de pálpebras, nunha guerra

civil e nunha revolución. Os vinte lexionarios que tiña ás miñas ordes estaban preto de min e prontos. Sentían o mesmo ca min por aqueles fanáticos xudeus, e recibirían encantados a miña orde de limpar o patio cos seus aceiros nus.

Cando Pilatos volveu saír, as súas palabras sobre a xurisdición de Antipas non se sentiron, pois a multitude estaba a berrarlle «Traidor!», e que, se deixaba marchar Xesús, daquela non era amigo de Tiberio. Diante de min, que estaba apoiado nunha parede, un fanático sarnoso, con longas melenas e barba, chimpaba decote, cantaruxando decote: «Tiberio é o emperador! Non hai rei ningún! Tiberio é o emperador! Non hai rei ningún!» Entón perdín a paciencia. Aquel fulano ruidoso era unha ofensa en si, polo que, abalándome cara un lado, como por accidente, esmagueille un pé co meu. O pasmón nin se decatou. Estaba tan fóra de si que non sentiu a dor, e seguiu a cantaruxar: «Tiberio é o emperador! Non hai rei ningún!»

Vin dubidar a Pilatos. Pilatos, o procurador romano, deveu daquela en Pilatos o home, cheo de carraxe cara a aquelas miserables criaturas que esixían o sangue dun espírito tan doce e sinxelo, tan afoutado e bo coma Xesús.

Vin dubidar a Pilatos. A súa ollada buscou a miña, coma se estivera a piques de indicarme que soltase o prisioneiro; e eu fíxen ademán de ir chimpar, liberando o pé mazado do fanático. Estaba pronto a saltar para cumprir de todo aquela orde a medio dar de Pilatos, a limpar o patio co sangue de toda aquela escoura odiosa que ouveaba nel.

Mais non foi a indecisión de Pilatos o que me freou. Foi Xesús quen nos freou a Pilatos e a min. El, ó mirarme, foi quen mo ordenou. Creme: aquel pescador erradío, aquel predicador ambulante, aquela sorte de vagaxeiro de Galilea, ordenoumo. Non dixo ren, mais a súa orde foi tan clara como un toque de trompeta. Así que volví baixar o pé, deixei caer a man, pois quen era eu para obstaculizar a vontade e o camiño dun ser tan inmensamente sereno e tan docemente seguro coma aquel? E daquela, alí parado, comprendín todo o seu engado *-iso* que enmeigara a Miriam, a muller de Pilatos e, agora, ó propio Pilatos.

O resto xa o sabes. Pilatos lavou as mans tinguidas de sangue de Xesús para facer ver ós responsables do disturbio que a culpa desa morte caería sobre as súas cabezas. Logo ordenou que o crucificaran. A turba estaba leda, e ledos, tras a turba, estaban Caifás, Hanán e os membros do Sanedrín. Non foron Pilatos nin Tiberio, nin tampouco os soldados romanos os que crucificaron a Xesús. Foron os sacerdotes lexisladores e os sacerdotes políticos de Xerusalén. Seino porque o vin. E se Pilatos non

salvou a Xesús, igual ca min, en contra da súa vontade, foi porque o propio Xesús non quería que ninguén o salvase.

Si, e Pilatos tivo un último xesto de desprezo para con aquel pobo que el detestaba. Mandou colocar na cruz de Xesús un carteliño que dicía, en hebreo, grego e latín: “Rei dos Xudeus”, facendo oídos xordos ás queixas dos sacerdotes. Con ese pretexto obrigaran eles a Pilatos a condenar a Xesús, e, con ese pretexto, unha burla e un insulto á raza xudía, obrou el, daquela. Pilatos matou unha abstracción que nunca existira na realidade. Unha abstracción que era unha andrómena, unha falacia concibida pola mente dos sacerdotes. Nin eles nin Pilatos a crían. Xesús negouna rotundamente.¹⁰⁷ Esa abstracción, a do “Rei dos Xudeus”.

A tormenta do patio xa pasara. A axitación esvaeceráse. A revolución freárase. Os sacerdotes estaban ledos, a turba satisfeita, e Pilatos e máis eu anoxados e cansos de todo aquel asunto. Secasí, a el e a min nos agardaban outras tormentas decontado. Denantes de levaren a Xesús, veu buscarme unha das serventas de Miriam. E vin que a Pilatos lle ocorría outro tanto, pois tamén a súa muller mandara alguén avisalo.

– Ah, Lodbrog, sentino todo –dixo Miriam saíndo ó meu encontro.

Estabamos sós, e ela estaba aí, apegada a min, buscando acubillo e fortaleza nos meus brazos.

– Pilatos foi feble. Van crucificalo. Mais aínda hai tempo. Os teus homes están prontos. Vai con eles, a cabalo. Tan só hai un centurión e unha presada de soldados con El. Aínda non empezaron. Des que saian, sígueos. Non deben chegar ó Golgota. Mais agarda ata que estean fóra da muralla. Daquela, dá a contraorde. Leva un cabalo a maiores, para El. O resto é doado. Cabalga a Siria con El, ou a Idumea, ou a algures onde poida estar a salvo.

Cando ela acabou, eu tiña os seus brazos ó redor do pescozo; a súa face, tentadoramente próxima, virada cara á miña; e os seus ollos inmensamente solemnes, inmensamente prometedores.

Non me estraña que falara tan amodo nese momento, pois non tiña máis que un pensamento na cabeza. Despois da estraña bufonada que vira representar, inda por riba, isto! Eu entendín perfectamente o que ela me acababa de dicir. Era obvio. Aquela grande muller sería miña se... eu traizoaba a Roma. Pois Pilatos era o procurador, e acababa de dar unha orde; e a súa voz era a voz de Roma.

Como xa dixen, foi iso, o seu ser muller, a súa feminidade, o que nos perdeu ó final a Miriam e a min. Ela sempre fora tan clara, tan razoable, sempre estivera tan certa dela e de min, que eu esquecera –ou, mellor dito, que eu ía aprender, unha vez máis, esa eterna lección aprendida en todas as miñas vidas– que unha muller é sempre unha muller, e que, daquela, nos grandes e decisivos momentos, unha muller non razoa senón que sente; que o último santuario no que reside o seu pulo máis soterrado, aquilo que, á fin de contas, a fai actuar, é o seu corazón, non a súa cabeza.

Miriam interpretou mal o meu silencio, pois o seu corpo moveuse lenemente dentro dos meus brazos cando engadiu, como despois de pensalo:

– Leva dous cabalos máis, Lodbrog. Eu irei no outro... contigo... contigo, lonxe do mundo, onde ti queiras levarme.

Aquilo era un suborno en toda regra; un acto, mísero e desprezable, en troques daquilo que arelaba. Eu seguía sen poder falar. Non porque estivera confuso ou dubitativo, non. Tan só estaba triste, inmensa e repentinamente triste, sabendo que xamais volvería ter nos meus brazos a muller que agora estaba a apertar.

– Só hai un home en Xerusalén que poida salvalo –urxime–, e ese home es ti, Lodbrog.

E, como eu non lle respondín decontado, ela coidou que estaba confuso, e axitoume como para impulsarme a aclarar as ideas. Axitoume con forza, ata facer repenicar o meu arnés.

– Fala, Lodbrog, di algo! –ordenoume–. Ti es forte, e afoutado. Todo un home. E sei que desprezas esa chusma que tenta destruílo a El. Tí, só ti podes salvalo. Non tes máis que dicir unha palabra, e listo; e eu amareite para sempre por facelo.

– Eu son un romano –dixen devagariño, sabendo moi ben que con esas palabras lle estaba a quitar toda esperanza.

– Ti es un escravo de Tiberio, un sabuxo de Roma! –espetoume inflamada–. Mais non lle debes ren a Roma, porque ti non es romano. Vós, os xigantes loiros do norte, non sodes romanos.

– Os romanos son os nosos irmáns maiores. Eu levo o seu arnés, como o pan de Roma –dixen antes de engadir con máis suavidade–. Mais a que vén tanta traxedia pola simple vida dun home? Todos temos que morrer. Morrer é simple, doado. Hoxe, ou dentro de cen anos, tanto ten. Esa é a única certeza que temos, a de que a todos nos agarda o mesmo, ó final.

Tremendo nos meus brazos, retrucou decontado e chea de paixón:

– Ti non o entendes, Lodbrog! El non é un home calquera. É un home que está por riba dos demais homes –un Deus vivo que non pertence ó mundo dos homes, senón que está por riba del.

Eu aperteina con forza e, sabendo que estaba a renunciar a toda a dozura daquela muller, dixen:

– Nós somos unha muller e un home, ti e máis eu. A nosa vida está neste mundo. O resto, todo iso dos demais mundos, é unha loucura. Deixemos que eses tolos soñadores sigan o camiño dos seus soños. Non lles neguemos aquilo que desexan por riba de todas as cousas, por riba do viño e da comida, por riba do canto e da batalla, mesmo por riba do amor dunha muller. Non lles neguemos o anxeio do seu corazón, a arela que os impulsa a cruzar a escuridade da tumba cara ó soño dunha vida no Alén. Deixémoslos. Pero ti e máis eu fiquemos aquí, apegados a toda esta dozura que descubrimos o un no outro. Moi pronto chegarán as tebras, tamén para nós, e ti partirás rumbo a esas orelas soleadas e floridas, e eu camiño da ruidosa mesa de banquetes de Valhalla.

– Non! Non! –berrou, medio afastándose de min–. Ti non o comprendes. Nese home que está por riba dos homes reside toda a grandeza, toda a bondade, todas as virtudes de Deus; e vai morrer dunha maneira vergoñenta. Tan só os escravos e os ladróns finan así. E El non é un escravo nin un ladrón. É un ser inmortal. É Deus. Creme: El é Deus!

– Pois, se é inmortal como dis, o feito de morrer hoxe no Golgota non acurtará nin un chisco a súa inmortalidade, non significara ren na infinda amplitude do tempo. E, se é un deus, menos aínda, pois, en efecto, os deuses non morren.

– Ah! –berrou–. Xamais o entenderás. Ti non es máis que unha morea xigantesca de carne.

– Non dicides vós que este acontecemento foi profetizado hai tempo? –pregunteille, pois, de tanto tratar cos xudeus, xa coñecía a súa sutil maneira de pensar.

– Si, si –asentiu–, as profecías mesiánicas. El é o Mesías.

– Daquela, quen son eu para chamar mentireiros ós profetas? Para facer do Mesías un falso Mesías? Ou acaso a profecía do teu pobo é tan feble como para que eu, un estúpido estranxeiro, unha cousa loira do norte vestida cun arnés romano, poida

desmentir esa profecía e facer que non se cumpra o que quixeron os deuses e previron os sabios?

– Ti non o comprendes –repetiu.

– Compréndoo demasiado ben –retruquei–. Acaso son eu máis grande cós deuses para interferir na súa vontade? Daquela, os deuses serían cousas inútiles e vas, simples xoguetes dos homes. Eu son un home. Tamén eu me inclino ante os deuses, ante todos os deuses, pois creo en todos eles, xa que, de feito, chegaron a selo, non si?

Ela afastouse de min, deixando baleiros os meus anhelosos brazos. E así ficamos, sentindo o rebulicio que se armara na rúa cando Xesús e os soldados apareceran e comezaran a andar. O meu corazón estaba dorido ó ver que unha muller tan extraordinaria puidera ser tan necia. Quería salvar a Deus. Quería ser máis que Deus.

– Ti non me amas –dixo devagariño, e devagariño medrou nos seus ollos unha promesa de seu, unha promesa demasiado grande e profunda como para expresala con palabras.

– Ámote moito máis do que podes comprender, polo que vexo –foi a miña resposta–. Gábome de amarte, pois sei que son digno do amor que che dou e de todo o que ti queiras darme. Pero Roma é a miña nai adoptiva, e, se a enganase, o meu amor valería pouco, e xa non podería gabarme del.

Unha última arroutada de amor tolo se apoderou de min, e boteime a ela, apertándoa con toda a miña alma. Nese momento, montaría nun cabalo e cabalgaría con ela e cos meus homes deica Siria, lonxe daquela maldita cidade chea de tolemia. Miriam resistiuse. Eu estrulleina. Ela zoscoume na cara, e eu seguí a suxeitala e a estrullala. De súpeto, ficou fría e inerte, e daquela comprendín que xa non había nin un chisco de amor de muller entre os meus brazos. Para min, ela morrera. Paseniño, deixeiina liscar, e, paseniño, ela foi recuando. Virouse, como se xa non vise, cruzou a silenciosa estancia e, sen mirar atrás, atravesou as cortinas e marchou.

Eu, Ragnar Lodbrog, nunca aprendín nin a ler nin a escribir. Mais, en vida, escoitei grandes conversas. Tal e como o vexo agora, xamais aprendín grandes palabras como as que pronunciaban os xudeus; non aprendín a súa Lei, como tampouco aprendín a Lei dos romanos, nin aprendín a súa filosofía nin a dos gregos. Ó contrario: sempre falei con sinxeleza e sen rodeos, como faría calquera home que, igual ca min, fose

dende os barcos de Tostig Lodbrog e a sala de Brunanbuhr ata Xerusalén, e tornase. E con sinxeleza e sen rodeos falei con Sulpicio Quirino en Siria, cando fun informalo de todos os problemas que houbera en Xerusalén.

CAPÍTULO XVIII

A animación suspendida¹⁰⁸ non é nada novo. Non só se dá no mundo vexetal e nas formas de vida animal máis inferiores, senón tamén nun organismo tan altamente evoluído e complexo coma o ser humano. Un transo cataléptico é un transo cataléptico, á marxe de como se produza. Dende tempos inmemoriais, os faquires de India son quen de autoprovocarse eses estados. É un vello truco que practican a fin de verse enterrados en vida. Outras persoas, en transos semellantes, confundiron ós médicos, ata o punto de que estes as deron por mortas e ordenaron enterralas, cando en realidade aínda seguían vivas.

Como as miñas experiencias na camisa de forza proseguían, reflexionei abondo verbo desta cuestión da animación suspendida. Unha vez lin que os labregos do norte de Siberia practicaban unha sorte de hibernación durante os seus longos invernos, como fan os osos e outros animais salvaxes. Algúns científicos estudaron estes labregos e descubriron que, durante eses períodos de “longo sono”, o seu sistema respiratorio e dixestivo practicamente deixaban de funcionar, e que o seu pulso era tan baixo que só un médico experimentado podía detectalo.

En semellante transo, os procesos corporais chegan a minguar de tal xeito que a persoa en cuestión case que non precisa nin respirar nin comer. Desa certeza naceu –en parte– o meu reto ó alcaide Atherton e ó doutor Jackson. Por iso me atrevín a desafíalos a que me castigaran con cen días de camisa de forza. Pero eles non aceptaron o desafío.

Secasí, fixen por prescindir da auga e da comida durante as miñas sesións de dez días. Non aturaba que, no medio daqueles mergullos a través do espazo e do tempo, un matasáns de prisións me trouxera de volta ó sórdido presente co único fin de achegarme un pouco de auga ós beizos. De aí que avisara ó doutor Jackson de que: primeiro, tiña intención de pasar sen auga en tanto estivese na camisa de forza; e, segundo, que me resistiría ante calquera esforzo por me daren de beber.

Por suposto, tivemos os nosos máis e os nosos menos; pero, após varios intentos, o doutor deuse por vencido. A partir de entón, o lapso dunha sesión de camisa de forza na vida de Darrell Standing a penas duraba uns poucos tictacs de reloxo. Des que me cinchaban de novo, dedícame a inducirme a breve morte en vida. E, de tanto practicar,

cada vez me era máis doado conseguilo. Suspendía as constantes vitais e a conciencia tan axiña que non tiña que aturar o sufrimento realmente terrible que implicaba o deter a circulación. Cada vez entraba antes na negrume. E do seguinte que me decataba –eu, Darrell Standing– era da luz, das faces inclinadas sobre min mentres me desataban e de que pasaran outros dez días nun chiscar de ollos.

Ah!, pero que gloria, que marabilla eses dez días nalgures! As viaxes pola longa cadea das existencias! As longas escuridades, as nebulosas luces medradeiras, e todos eses eus espectrais esvoazando, amecendo nese lampo crecente!

Moito barrenei coa relación entre eses outros eus e o actual, e coa relación entre a miña experiencia e a moderna teoría da evolución.¹⁰⁹ Por iso podó aseverar que a miña experiencia concorda plenamente coas conclusións desa teoría.

Eu, coma calquera home ou muller, son un ser en constante desenvolvemento. Non empecei ó nacer senón ó ser concibido. Medrei, desenvolvinme, a través de incalculables miríades de milenios. Todas esas experiencias, de todas esas vidas e doutras incontables vidas, foron conformando esta sorte de alma ou de espírito que son eu. Non o entendes? Elas conformáronme a min. A materia non lembra, mais o espírito é memoria. Eu son ese espírito composto das memorias, das lembranzas das miñas infindas encarnacións.

De onde me veu a min, Darrell Standing, o pulo desa ira vermella que arruinou a miña vida e me trouxo ó Pavillón de Asasinos? Seguramente non xurdiu, non foi creado no momento no que aquel neno que logo se convertería en Darrell Standing foi concibido. Esa anterga ira vermella é moi anterior á miña nai, moi anterior mesmo á máis remota, á primeira de todas as nais dos homes. A miña nai, ó concibirme, non creou esa apaixonada ausencia de medo propia de min. Non é posible que todas as nais do conxunto evolutivo dun home infundiran medo ou afouteza nel. Ben antes de que existiran os primeiros homes, o medo, a afouteza, o amor, o odio, a carraxe, todas esas emocións estaban a medrar, a se desenvolver, a se converter niso que logo serían os homes.

Eu son todo o meu pasado –afirmación coa que seguramente estará de acordo calquera defensor das Leis de Mendel. Todos os meus eus previos teñen as súas voces, os seus ecos, os seus recordos en min. Cada unha das miñas maneiras de actuar, das miñas arroutadas de paixón, das miñas descargas de pensamento, está sombreada e

coloreada, infinitesimalmente sombreada e coloreada, por esa vasta serie de eus que me precederon e me conformaron.

A vida está feita de plástico, pero, asemade, endexamais esquece. Moldéelo como o moldees, as lembranzas persisten. Todas as razas de cabalos, dende os enormes Shires ós ananos Shetlands, proceden daqueles primeiros ponis salvaxes domesticados polos homes primitivos. E, ata o momento, o home non foi quen de quitarlle ó cabalo o seu impulso de arrear unha couce. Pois igual me acontece a min, que procedo daqueles primeiros domadores de cabalos: que ninguén deu en extirparme a súa ira vermella.

Eu son un home nado de muller. Os meus días están contados, mais a cerna de meu é indestrutible. Eu fun unha muller nada de muller. Eu fun unha muller e parín os meus propios fillos.¹¹⁰ E volverei nacer. Ah, incalculables veces volverei nacer. E, porén, estes babecos que me arrodean coidan que poñéndome unha soga no pescozo deterán o fluxo da miña existencia.

Si, vanme aforcar... pronto. Estamos a finais de xuño. En breve, tentarán enganarme. Levaranme ó baño, para que tome, conforme as regras, a miña ducha semanal. Pero non me traerán de volta a esta cela. Vestiranme con roupa limpa e levaranme á cela dos condenados a morte. Alí poñeranme un garda para que me vixie día e noite, esperto ou durmido. Non me permitirán meter a cabeza debaixo das sabas, por medo a que me anticipe ó Estado estrangulándome eu mesmo.

Sempre haberá unha luz cegadora brillando sobre min. E entón, cando coiden que xa me esgotaron abondo, sacaranme fóra, unha mañá, vestido cunha camisa sen colo, e deixaranme caer pola trapela. Si, xa o sei. A soga coa que o farán estará ben tesa. O verdugo de Folsom leva meses tensándoa con obxectos pesados para quitarlle elasticidade.

Si, caerei ben abaixo. Os verdugos teñen táboas de cálculo, igual cás táboas de xuros, para saberen a distancia precisa á que debe caer a vítima consonte o seu peso. E, como eu estou tan mirrado, terei que caer ben abaixo antes de tronzar o pescozo. Daquela os observadores quitarán o chapeu, e, mentres me abalo, os médicos achegarán a orella ó meu peito para contar as pulsacións, ata que, á fin, comprobén que estou morto.

Que grotesca, que ridícula a presunción deses babilos a coidaren que poden matarme! Eu non podo morrer. Eu son inmortal, igual ca eles –só que eu o sei, porque o constatei, e eles non.

Boh! Eu fun verdugo unha vez. Lémbroo moi ben! Mais eu usaba unha espada, non unha soga. A espada é un método máis nobre, aínda que todos son igual de ineficaces. Que idiotas! Como se o espírito puidese ser furado cun aceiro ou asfixiado cunha corda!

CAPÍTULO XIX

Canda Oppenheimer e Morrell, que podrecheron comigo durante aqueles anos de escuridade, eu estaba considerado o preso máis perigoso de San Quintín, e, por outra banda, polo máis duro de roer –máis aínda ca eles–, debido, precisamente, á miña capacidade de resistencia. Se terribles eran as tentativas de dobregar o meu corpo e o meu espírito, máis terribles eran aínda as de dobregarme a min. Pero eu aturaba. Dinamita ou ataúde: esas foran as alternativas que me dera o alcaide Atherton. E, ó final, non foi nin a unha nin a outra. Eu non puideron quitar da manga a dinamita, e el non puido acabar comigo.

Mais non foi o meu corpo o que resistiu, senón o meu espírito. El, que, ó longo das miñas vidas anteriores, duras coma o aceiro, se fixera duro coma o aceiro. Houbo unha vivencia en particular que deveu, por moito tempo, nunha sorte de pesadelo para min. Non tiña nin principio nin final. Sempre me atopaba nun illote rochoso, batido polas ondas, e tan baixo que, durante os temporais, a ardentía salpicaba ata o punto máis alto. Alí chovía moito. Eu vivía nunha tobeira, e sufría enormemente porque non podía facer lume e comía carne crúa.

Sempre estaba a sufrir. Alí, no medio dunha vivencia cuxa clave non posuía. E, posto que cando estaba sumido na morte breve non era quen de elixir o destino ó que viaxaba, atopeime moitas veces revivindo esa experiencia especialmente detestable. Os meus únicos momentos de ledicia acontecían cando brillaba o sol, momentos que eu aproveitaba para deitarme nas rochas e quitarme o frío que padecía case sempre.

O meu único pasatempo consistía nun remo e nun coitelo. Mataba o tempo gravando minuciosas letras naquel remo e facendo unha amosega nel cada vez que transcorría unha semana. Había moitas, moitas amosegas. O coitelo afiábao na parte plana dunha rocha, e ningún barbeiro afiou nunca a súa navalla preferida con máis coidado ca min aquel coitelo. Tampouco creo que lle tivera máis aprecio á súa navalla ca min a aquel coitelo, pois quería tanto coma a miña vida –e, de feito, valíame a vida.

A forza de tornar tantas veces alí, conseguín lembrar na miña vida actual o texto que gravara no remo. Primeiro un anaquiño. Logo outro máis longo. E así fun xuntando palabra tras palabra, ata que, á fin, dei en completalo. Eis o texto:

Fago isto para que a persoa que atope, se cadra, este remo saiba que Daniel Foss,¹¹¹ oriúndo de Elkton, Maryland, un dos Estados Unidos de América, e que partiu do porto de Filadelfia, en 1809, a bordo do bergantín Negociator, rumbo ás Illas Amigables,¹¹² foi guindado polas ondas, no mes de febreiro seguinte, a esta desolada illa, onde construíu unha cabana e viviu uns cantos anos, subsistindo a base de focas. El foi o único supervivente da tripulación do devandito bergantín, que chocou cunha tremenda illa de xeo e afundiou o 25 de novembro de 1809.

Velaí estaba, claro dabondo. Por el souben moitas cousas de min. Con todo, hai algo que, aínda hoxe, continúo sen saber, e é se esa illa estaba situada no remoto Pacífico sur ou no remoto Atlántico norte. Non coñezo abondo as rutas marítimas como para saber se o *Negociator* viaxou ás Illas Amigables vía Cabo de Fornos ou Vía Cabo de Boa Esperanza. Para confesar a miña ignorancia, hei dicir que, só despois de que me trasladaran a Folsom, souben en que océano se acha ese arquipélago. O asasino xaponés, do que falei aí atrás, traballara como veleiro nos barcos de Arthur Sewall¹¹³, e contoume que, para facer esa ruta, o habitual era cruzar o Cabo de Boa Esperanza. Se aquela información era certa, sería doado determinar en que océano naufragara o *Negociator* a partir da data da súa partida, dende o porto de Filadelfia, e da data do seu afundimento. Pero, ende mal, o texto só dicía que partira «en 1809», co cal o naufraxio puido acontecer en calquera dos dous océanos.¹¹⁴

Só unha vez, nos meus transos, enxerguei o período anterior á miña estancia na illa. A visión principiaba no momento no que o bergantín colidía co iceberg, e coído que debo contar o que logo ocorreu, aínda que sexa para explicar a miña curiosa conduta. Pois, como verás axiña, grazas a esa conduta, tan deliberadamente fría, fun o único de toda a tripulación que, ó final, sobreviviu.

Achábame eu durmindo na liteira do meu camarote cando, de súpeto, me espertou un estrondo terrorífico. De feito, eu e máis os outros seis mariñeiros que durmían embaixo, acordarnos e chimparnos da liteira todo foi un. Non sabiamos o que acontecera. Os outros non agardaron nin un segundo, e saíron frechados á cuberta tal e como estaban, a medio vestir. Pero eu temía o peor, e agardei. Sabía que se dabamos en liscar sería na lancha. Ninguén podía nadar naquelas xélicas augas, e ninguén a medio vestir podería sobrevivir nunha lancha descuberta. Tamén sabía que arriar a lancha levaría o seu tempo.

Así que, á luz da lámpada de sebo que se abaneaba coma tola, e mentres sentía o tumulto que había en cuberta e os berros de «A pique!», remexín a toda présa na miña hucha buscando roupa axeitada. Mais, como non ían usalas nunca máis, tamén remexín nas huchas dos meus compañeiros. Rápida pero asisadamente, collín só as prendas máis abrigosas e resistentes. Puxen as mellores catro camisas de la que atopei no camarote, tres pares de pantalóns e tres pares de grosos calcetíns. Con eles, os meus pés avultaban tanto que non puideron calzar as miñas boas botas. Así que collín as botas novas de Nicholas Wilton, que eran máis grandes e mesmo máis fortes cás miñas. Tamén puxen a chaqueta de la de Jeremy Nalor por riba da miña, e, por riba das dúas, puxen o groso abrigo de lona de Seth Richard, que, segundo lembraba, engraxara este había pouco.

Dous pares de grosas luvas, a bufanda de John Robert que lle tecera a súa nai, e a pucha de Joseph Dawes por riba da miña, ambas as dúas provistas de orelleiras e rebordo para o pescozo, completaron o meu vestiario. Os berros que confirmaban que o bergantín ía a pique redobráronse, pero eu tomeime un minuto máis para encherme os petos de todo o tabaco de mascar que atopei a man. Logo saín a cuberta, a tergo.

O luar, escintilando pola fenda dunha nube, amosoume un cadro espantoso e desolador. Anacos do barco por todas partes, e, por todas partes, anacos de xeo. As velas, as escotas, e as estelas do pau maior, que, emporiso, aínda seguía en pé, orladas de carambos de xeo; e, en véndoos, tiveron unha sensación case que de alivio, coidando que nunca máis tería que puxar e que halar daqueles ríxidos aparellos, nin tampouco que crebar a marteladas as capas de xeo para que as xeadas maromas esvararan polas xeadas poleas. O vento, case que tan forte coma o dunha galerna, cortaba a pel con esa frialdade que adoita indicar a proximidade dos icebergs, e os roncallos semellaban máis fríos ó luar.

Xa estaban a arriar a lancha por babor, e vin a varios homes, que tentaran carretar os bocois de provisións por aquela cuberta alfombrada de xeo, desistiren da comida na súa arela de fuxiren. De nada valeron os esforzos do capitán Nicholl por recoller os bocois. Un *carneiro* a barlovento, rompendo de lado a lado na cuberta, acabou co problema, arrastrándoos a feito e tirándoos pola borda. Eu dei chegado ata o capitán, e, asíndoo polo ombro, berreille ó oído que, se el arriaba a lancha e evitaba que os homes liscasen con ela, eu me encargaría das provisións.

Secasí, non me deron moito tempo. A penas dera en carretar, axudado por Aaron Northrup, o segundo oficial, media ducia de bocois e de pipotes, cando os da lancha

berraron que ían soltar as amarras. E con razón, pois, a barlovento, dirixíase cara a nós unha monumental montaña de xeo, e, a sotavento, moi preto do barco, había outra cara á cal derivabamos.

O máis presto en saltar foi Aaron Northrup. Eu tardei un intre en facelo, malia que a lancha xa estaba a partir, buscando coa ollada o lugar da embarcación onde houbera máis homes, para que os seus corpos atenuasen a caída. Non quería embarcarme cun membro tronzado nunha viaxe tan azarosa. Decontado, abrinme paso ata as escotas de popa, coa escusa de deixarlle máis sitio ós remeiros, mais, en realidade, tiña outras boas razóns para facelo. Alí ía estar máis cómodo que na estreita proa, e, amais, prefería estar preto da popa cando chegaran os problemas que, sen dúbida, teríamos nos vindeiros días, dadas as circunstancias.

Xunta min, nas escotas de popa estaban o primeiro oficial, Walter Drake, o médico, Arnold Bentham, o devandito segundo oficial, Aaron Northrup, e máis o capitán Nicholl, que ía ó mando do leme. O médico estaba inclinado sobre Northrup, que xacía deitado no fondo, laiándose. O home non tivera sorte no seu apresurado salto, pois tronzara a perna dereita, á altura da cadeira.

Ende mal, non tiñamos tempo para ocuparnos del, pois tentabamos avanzar, naquela marusía, xusto por entre as dúas illas de xeo que pronto chocarían. Nicholas Wilton, o primeiro remeiro, a penas tiña sitio para manobrar; así que coloquei mellor os bocois, e, axeonllado fronte a el, fun quen de botarlle unha man co remo. A proa, vin a John Roberts, loitando co seu. Arthur Haskins e o grumete, Benny Hardwater, axudábano a remar turrando dos seus ombros. De feito, todos tiñamos tantas ganas de axudar que algún estaba onde non debía, entorpecendo os movementos dos remeiros.

Custounos bágoas de sangue, pero demos en librarlos, por unhas cen iardas, do choque. Daquela virouse para ollar a prematura fin do *Negociator*. O bergantín ficara preso de todo no cepo de xeo, que agora estaba a esmagalo coma se fora un terrón de azucre entre e polgar e o furabolos dun neno. Non podíamos sentir ren, entre o zunido do vento e o brúo do mar, aínda que o rechío das costelas e dos vaos do bergantín debeu de ser tan forte como para espertar a toda unha aldea nunha noite apracible.

Calada e doadamente, xuntáronse os costados do navío, a cuberta abarculouse cara enriba ata crebarse, e os restos esmagados caeron e afundiron de socate, mentres o lugar que ocupara o bergantín ata había un intre daba paso a colisión estrepitosa dos icebergs. Lamentei que os elementos destruíran así o noso acubillo, pero, asemade,

aledeime ó notar o a gusto e o quentiño que me sentía dentro das miñas catro camisas e os meus tres abrigos.

Con todo, aquela foi unha noite ben crúa, mesmo para min. E iso que eu era o home máis abrigado da tripulación, así que non quero nin pensar o que deberon de sufrir os demais... Por medo a bater con máis illotes de xeo naquela escuridade líquida, achicamos e mantivemos a proa da lancha rumbo á mar aberta. E, cadora, ora cunha luva, ora con outra, cofaba o nariz para que non se me conxelase. Tamén, acordando vivamente as imaxes do meu círculo familiar en Elkton, pregaba a Deus de todo corazón.

A lancha ía afundida de máis por mor do seu peso, xa que estaba a carretar toda a tripulación, vinteúnha persoas, concretamente, incluídos dous rapaces. Benny Hardwater tan só tiña trece anos, e Lish Dickery, cuxa familia vivía case que a carón da miña en Elkton, acababa de cumprir os dezaseis. As nosas provisións consistían nuns cento cincuenta quilos de carne de tenreira e noutros cen de carne de porco. A media ducia de bolos que trouxera o cocinheiro non contaban, pois xa deviñeran en papas de salmoira. E logo había tres pipas de auga e un pipote de cervexa.

O capitán Nicholl admitiu abertamente que non sabía se, preto daquel océano aínda non cartografado, había terra firme. O único que podíamos facer era dirixirnos a algunha zona máis morna, cousa na que todos estivemos de acordo. Así que izamos a nosa pequena vela e, poñendo a aleta da lancha cara ó vento fresco, fomos rumbo nordeste.

O problema da comida era unha cuestión puramente aritmética. Sen contar a Aaron Northrup —que, como ben sabíamos, moi pronto nos deixaría—, a medio quilo por día, os nosos douscentos cincuenta quilos de carne durarían vintecinco días; e, daquela, a cuarto quilo por día, durarían cincuenta. Logo, estaba claro: a cuarto quilo por día. Dividín e repartín a carne baixo a ollada atenta do capitán; e fíxeno equitativamente, xúroo por Deus, aínda que algúns rosmaron ó principio. Tamén, de cando en vez, repartía parte do tabaco de mascar que levaba nos petos —cousa que non podía senón lamentar, sobre todo cando sabía que o estaba a malgastar neste ou naquel home que, a todas luces, non ía sobrevivir máis que un día ou dous, ou tres, como moito.

Pois o certo é que, naquela lancha descuberta, pronto empezamos a morrer. Non de fame senón do frío mortal que ía e do feito de estarmos expostos ó ventimperio. Iso foi o que causou aquelas primeiras mortes: a simple Lei da Natureza, pola que só

sobreviven ou ben os máis fortes ou ben os máis afortunados.¹¹⁵ Eu era de constitución forte, e fortuna tiven abonda, pois pensara en abrigarme e non tronzara unha perna, coma Aaron Northrup, ó saltar. Inda así, Aaron era tan forte que, malia ser o primeiro en conxelarse gravemente, aturou varios días. E non foi el senón Vance Hathaway o primeiro en finar. Unha mañanciña griseira, atopámolo aniñado, engruñado sobre o remo, e tan ríxido coma este. Un dos dous rapaces, Lish Dickery, foi o segundo. O outro, Benny Hardwater, tardou dez ou doce días en deixarnos.

Ía tanto frío naquela lancha descuberta que a auga e a cervexa se conxelaron nas pipas, e vinme negro para igualar exactamente os anacos que partín coa navalla de Northrup. Anacos que, decontado, metiamos na boca e chuchabamos para derretelos. Tamén, cando había unha tormenta de neve, “comiamos” toda a auga que queriamos. Mais nada diso era bo para nós, pois inflamábanos a boca ata producírnos febre, deixándonos as membranas ardendo arreo. E non hai sede peor de quitar que a que se xera así, pois canto máis xeo ou canta máis neve tomabamos, máis se agravaba a inflamación. De feito, coido que foi iso, máis que calquera outra cousa, o que matou a Lish Dickery. O rapaz estivo vintecatro horas delirando, fóra de si, antes de finar. Morreu pedindo auga, malia que non morreu deshidratado. Eu resistín canto puidera a tentación de chuchar xeo, contentándome con moer e remoer un chisco de tabaco, e non o levei tan mal.

Cada vez que morría alguén, quitabámoslle a roupa. Espido viñera ó mundo, espido marchaba pola borda e espido afundía no escuro e xélido océano. Logo, botabamos a sorte as súas prendas, tal e como ordenara o capitán Nicholl, para evitarmos pelexas.

Non era momento para sentimentalismos. Non había nin un só de nós que non se aledase secretamente de que alguén finase. O que máis sorte tivo naquela lotería foi Israel Stickney, así que, ó final, cando lle tocou morrer a el, o seu corpo era unha auténtica mina de roupa. O seu pasamento deu novos azos ós que aínda sobreviviamos.

Mantivemos o rumbo nordeste, perante os frescos ventos do oeste, pero a nosa procura dun clima máis cálido parecía inútil. A espuma que salpicaba o fondo da lancha seguía a xearse, e eu continuaba a picar anacos de cervexa e de auga coa navalla de Northrup. Prefería non usar o meu coitelo. Era de boi aceiro, tiña un gume resistente e afiado, e non quería estragalo así.

Cando xa a metade de nós fora pola borda, o calado da embarcación minguou abondo, así como o risco de que os fortes refachos a envorcaran. Por outra banda, había máis espazo nela para podermos tender a gusto.

Secasí, a comida seguía a ser motivo de discusión. O capitán, o primeiro oficial, o médico e máis eu decidimos, após falalo, non incrementarmos a ración diaria dun cuarto de quilo de carne. Os seis mariñeiros, dos que Tobias Snow se erguera en voceiro, argumentaban que, dado que a metade de nós xa morrera, agora tiñamos o dobre de comida, e, xa que logo, había que duplicar a ración. Mais nós, os que estabamos a popa, retrucamos que o que se duplicaría sería a nosa posibilidade de sobrevivir se mantiñamos a ración de cuarto de quilo.

Abofé, douscentos cincuenta miligramos de carne non chegaban para vivirmos e resistirmos a severidade do frío. Todos estabamos febles dabondo, e por iso conxelabámonos axiña. Tiñamos o nariz e as meixelas denegridas de frío. Era imposible quecer, aínda que agora tiñamos o dobre de roupa que ó principio.

Cinco semanas após o afundimento do *Negociator*, o problema da comida agudizouse ó máximo. Eu estaba durmindo daquela –era de noite–, cando o capitán Nicholl pillou a Jud Hetchkins roubando carne de porco, e, a xulgar pola reacción dos outros cinco, era obvio que foran eles quen o instigaran a facelo. En vendo que Hetchkins fora descuberto, os seis botáronse a nós cos seus coitelos. Foi unha loita encarnizada, corpo a corpo, baixo a escasa luz dos astros, e a Deus grazas que a lancha non envorcou. Eu, amais, tiven sorte, pois as moitas camisas e abrigos que levaba postos servíronme de armadura. As coiteladas a penas chegaron a atravesar a espesa capa de roupa, aínda que me fixeron sangrar por unha ducia de rabuños.

Os demais ían, máis ou menos, igual de protexidos, e a liorta non pasaría dunha simple malleira mutua de non ser porque ó primeiro oficial, Walter Drake, un home ben fortachón, deulle por resolver o asunto botando os amotinados pola borda. O capitán Nicholl, o médico e eu mesmo fixemos coma el, e decontado cinco dos seis mariñeiros xa estaban na auga, aferrándose á tapa regala. O capitán e o médico estaban ocupados no medio da lancha co sexto, Jeremy Nalor, a piques de guindalo á auga, mentres o primeiro oficial tentaba que os outros soltaran a regala, zoscándolles nos dedos cunha travesa. Nese intre, eu non estaba a facer ren, así que puideron observar o tráxico final do primeiro oficial. Xusto cando levantou a travesa para darlle nos dedos a Seth Richards, este, afundindo na auga, colleu impulso e, apoiándose nas dúas mans, subiu a medias á

lancha, apresou cos brazos a Drake e, caendo para atrás pola borda, arrastrouno con el. Estou certo de que non o soltou ó caeren, e de que se afundiron xuntos.

En fin, que, de toda a tripulación que había no barco, só quedabamos tres: o capitán Nicholl, Arnold Bentham (o médico) e máis eu. Sete acababan de morrer asemade, por mor da tentativa de roubo de Jud Hetchkins. Mais eu, a dicir verdade, o único que sentín foi a perda de toda esa roupa que tan ben nos viña ós tres.

O capitán Nicholl e o médico eran homes bos e honestos. A maioría das veces, cando os outros dous durmían, o que ficaba esperto, ó mando do leme, ben podía roubar carne. Mais iso non ocorreu nunca. Cada un de nós confiaba plenamente nos outros dous, e morrería antes que traizoar esa confianza.

Seguíamos contentándonos cun cuarto de quilo ó día, e aproveitabamos todas e cada unha das airexas favorables para dirixírmonos ó nordeste. Mais non foi senón o catorce de xaneiro –ou sexa, sete semanas após o naufraxio– cando, por fin, chegamos a latitudes máis cálidas –ou, mellor dito, menos frías, pois non eran realmente cálidas.

Alí, os frescos ventos do norte abandonáronos á nosa sorte, e ficamos estantíos e estancados nunha calma podre, varios días. A maioría do tempo había calma, ou ben lixeiros ventos contrarios, aínda que, ás veces, durante unhas cantas horas, sopraba algunha airexiña que, inda así, non chegaba a impulsarnos arreo. Co febles que estabamos, e nunha embarcación tan grande, non era cousa de poñermonos a remar. O único que podíamos facer era aforrar comida e agardar a que Deus se amosase máis benévolo connosco. Os tres eramos crentes, e rezabamos a cotío antes de repartir a carne. Si, e tamén pregabamos en silencio, frecuente e longamente.

Contra finais de xaneiro, a carne xa estaba a piques de se acabar. A de porco voara de todo –e agora usabamos ese bocoi para collermos e almacenarmos auga de chuvia–, mais tampouco quedaba moita de tenreira. E, durante as nove semanas que xa levabamos na lancha descuberta, non viramos asomar nin unha soa vela, nin albiscamos terra ningunha. O capitán Nicholl confesounos que, logo de sesenta e tres días facendo cálculos e estimacións,¹¹⁶ non sabía onde estabamos.

O vinte de febreiro tomamos o derradeiro bocado de carne. Prefiro calar a maioría das cousas que aconteceron durante os seguintes oito días. Tan só vou referir os incidentes que serven para mostrar a clase de homes que eran os meus compañeiros. Pasamos tanta fame antes que, ó se acabar a comida, xa non nos quedaban reservas das que tirar forzas, e axiña fomos ensumíndonos máis aínda.

O vinte e catro de febreiro, falamos tranquilamente da nosa situación. Velaí estabamos tres homes de espírito aceirado, cheos de vida e de azos, que non queriamos morrer. Ningún dos tres desexaba sacrificarse voluntariamente polos outros dous. Mais estabamos de acordo en tres cousas: en que non tiñamos comida; en que debiamos resolver o tema tirándoo a sortes; e en que o faríamos ó día seguinte, se tampouco sopraba vento.

Pola mañá houbo vento, non moito pero abondo como para coller dous lentos nós de velocidade rumbo norte. As mañás do vinte e seis e do vinte e sete veu unha airexa semellante. Estabamos tremendamente febles, pero ativémonos á nosa decisión, e seguimos navegando.

Pero a mañá do día vinte e oito decatámonos, aí, de que chegara a hora da verdade. A lancha avanzaba moi devagariño naquel mar baleiro e calmoso, e o ceo inmóbil, encapotado, non agoiraba refachos. Así que... cortei tres fitas de tea da miña chaqueta. De tamaño eran iguais, mais, no bordo dunha delas, sobresaía un fío de cor marrón. Quen sacara esa, perdía. Metín a tres tiras na miña pucha e tapeinas coa do capitán.

Todo estaba presto, mais aínda tardamos un cacho, pregando cada un en silencio a Deus, pois sabiamos que a decisión estaba nas súas mans, non nas nosas. Eu era consciente da miña honestidade e valía, mais tamén coñecía de sobra a honestidade e valía dos meus compañeiros, polo que non chegaba a enxergar como podería Deus decidir sobre un asunto tan delicado e sobre tres seres con idénticas virtudes.

O capitán, tal e como cumpría, foi o primeiro en tirar. Logo de meter a man na pucha, tardou un chisco en sacala, cos ollos pechados e moumeando a súa derradeira –se cadra– oración. Tirou unha das fitas boas. Era xusto: unha decisión divina que eu non podía senón aplaudir, pois había tempo que coñecía o capitán Nicholl, e sabía que era un home honrado, xusto e temeroso de Deus.

Daquela quedabamos o médico e máis eu. A cousa estaba entre os dous, e, consonte a orde do rango, tocáballe tirar a el. Volvemos rezar. En canto e non, tentei repasar a miña vida, facendo un apurado compendio das miñas virtudes e dos meus defectos.

Puxen a pucha nos xeonllos e tapeina de novo coa do capitán. O médico meteu a man e estivo un cacho remexendo, dubidando, mentres eu me preguntaba se, apalpando, podería diferenciar ou non o fío marrón do resto.

Por fin quitou a man. Velaí estaba o fío marrón. Nise intre, sentínme moi humilde e moi agradecido a Deus por bendicirme tamén a min; e decidín cumprir con mor fidelidade que nunca todos os seus mandamentos. Mais decontado coidei que o médico e o capitán se sentían máis unidos entre eles, por rango e por trato, que a min, e que, en certa medida, habían de estar decepcionados pola decisión de Deus. E, xusto despois de pensar iso, díxenme a min mesmo, con absoluta certeza, que aqueles homes tan de fiar cumprirían a gardarrego o acordado.

Tiña razón. O médico arremangouse un brazo, sacou o coitelo e preparouse para abrirse unha vea. Pero, antes, dixo unhas palabras:

– Nacín en Norfolk, estado de Virxinia, onde espero ter aínda unha muller e tres fillos. O único favor que lles pido é que, se Deus quere que algún de vostedes se salve desta perigosa situación, e se o afortunado dá en volver ó noso país, que lle conte á miña desgraciada familia este o meu infortunio.

Logo pediunos amablemente uns minutos para aquelar os seus asuntos con Deus. Nin o capitán Nicholl nin eu fomos quen de responder, e, cos ollos cubertos de bágoas, limitámonos a asentir coa cabeza.

Sen dúbida ningunha, Arnold Bentham era o que estaba máis calmo dos tres, pois eu sentíame enormemente angustiado, e estou certo de que o capitán Nicholl sufría tanto coma min. Pero que podíamos facer nós? A elección fora limpa, e Deus, o Noso Señor, quen decidira.

Mais, cando Arnold Bentham rematara de render contas ó Altísimo, e xa estaba presto a realizar o acto, non puiden conterme máis e berrei:

– Espere! Nós, que xa aturamos tanto, ben podemos aturar un pouco máis. Agora é mediodía. Agardemos ata o solpor. E logo, se non houbo indicio ningún de que o noso terrible destino vaia cambiar, daquela vostede, Arnold Bentham, cumprirá o acordado.

El mirou o capitán Nicholl para confirmar a miña proposta, e este limitouse a asentir coa cabeza. Non podía articular palabra, mais nos seus húmidos e xeados ollos azuis escintilaba, claramente, un gran “si” afirmativo.

Eu non consideraba, non podía considerar un crime o feito de que o capitán Nicholl e máis eu nos beneficiáramos da morte de Arnold Bentham, xa que os tres decidíramos tiralo a sortes. Non podía crer que o amor a vida que nos impulsaba a seguirmos loitando fose implantado nos nosos peitos por algo ou alguén diferente a

Deus. Fora El, o Noso Señor, quen o decidira, e nós, as súas pobres criaturas, non podíamos senón obedecer e cumprir a súa vontade. E, inda así, Deus foi misericordioso. Na súa infinda misericordia, libráranos de cometermos un acto tan terrible, aínda que xusto.

A penas pasara un cuarto de hora cando un refacho do oeste, un chisco frío e húmido, crispounos as meixelas. Outros cinco minutos despois, o vento estaba a encher a nosa vela, e Arnold Bentham ó fronte do leme.

– Aforren os poucos azos que lles quedan –dixo–, e déixenme gastar os meus para, se cadra, incrementar así as súas posibilidades de supervivencia.

E, daquela, estivo dirixindo a lancha impulsada por unha airexa refrescante, mentres o capitán e máis eu xaciamos tendidos no fondo e, na nosa febleza, soñabamos coas cousas amantiñas da vida que tan lonxe estaban de nós.

Pronto empezou a soprar decote un vento racheado. As nubes que cruzaban o ceo anunciaban tormenta. A mediodía, Arnold Bentham esvaeceuse, e, denantes de que a corrente alterara o rumbo da embarcación, o capitán e máis eu gobernamos o leme coas nosas catro febles mans. Chegamos a un acordo, e, dado que o capitán Nicholl fora o primeiro en tirar a sortes por mor do seu rango, tamén lle correspondía a el facer a primeira quenda de leme. Logo, fomos relevándonos cada quince minutos, pois estábamos tan esmeluxados que non podíamos pilotar máis tempo.

Á tardiña, o mar embraveceuse perigosamente. Nunha situación menos desesperada cá nosa, o seu sería virar a lancha, deitar unha áncora flotante¹¹⁷ improvisada a partir do mastro e a vela, e deixarse levar pola corrente. Avanzando así, con aquelas enormes ondas encrechadas ó noso costado, o barco ía abalándose arreo, a risco de envorcar.

Aquel serán, Arnold Bentham rogounos, unha e outra vez, polo noso ben, que botamos unha áncora flotante. Sabía que seguíamos a avanzar só coa esperanza de non ter que executar o decreto do destino.¹¹⁸ Era un home nobre. Igual có capitán, cuxos xeados ollos encolléranse ata se converteren en dúas puntas de aceiro. E, en tan nobre compañía, como podía ser eu menos nobre? Durante aquel longo serán, cheo de perigos, dei grazas cadora a Deus polo privilexio de coñecer tales homes. Deus e a Verdade habitaban neles, e, fora cal for o meu pobre destino, eu non podía senón sentirme recompensado por ter tales compañeiros. Eu, coma eles, non quería morrer, pero non tiña medo ningún. A breve dúbida que me asaltara ó principio con respecto a eles

disipárase había tempo. Dura a lección, e duros os homes, abofé. Pero tamén nobres, dignos homes de Deus.

Eu fun o primeiro en velo. Arnold Bentham, que xa aceptara a súa propia morte, e o capitán Nicholl, case que presto a aceptar a de todos, xacían no fondo da lancha rodando coma dous cadáveres soltos, e eu estaba a pilotar cando o vin. A lancha, escumando e elevándose por mor da velocidade que o vento imprimía á vela, empinouse nunha crista, e de súpeto, alí diante, moi preto, albisquei un illote rochoso batido polas ondas. Non estaba a máis de media milla. Rompín a berrar coa escasa forza que me quedaba para que os meus dous compañeiros –axeonllados, cambaleándose, apoiándose na borda e cos ollos medio pechados– visen o que eu vía.

– Directo alí, Daniel –moumeou o capitán Nicholl–. Ha de haber unha cala nalgures. Ten que habela. É a nosa única esperanza.

Unha vez máis falou, cando xa estábamos cabo daquela espantosa orela situada a sotavento na que, aí, non había cala ningunha.

– Siga, Daniel. Se nos afastamos, non poderemos volver, estando tan febles, e co mar e o vento en contra.

Tiña razón, e obedecín. O capitán mirou o seu reloxo, e eu pregunteille que hora era. As cinco en punto. O capitán deulle a man a Arnold Bentham, que lla estreitou e a axitou debilmente; logo os dous me fitaron, como facéndome extensivo o seu apertón de mans cos ollos. Era un adeus, estaba claro, pois que posibilidade tiñamos nós, tres criaturas moribundas, case que sen folgo, de chegaren vivas a aquelas rochas golpeadas pola ondada, cruzalas e rubir por aqueloutros penedos máis altos?

A uns seis metros da orela, a roleira fíxose co control da lancha. Nun intre, xa envorcáramos, e eu estaba a afogar baixo a auga. Xamais volví ver os meus compañeiros. Ende ben, conseguín manterme a flote aferrándome ó remo de dirección, e, ende ben, un *carneiro* arrastroume, no momento axeitado e no lugar axeitado, para logo deitarme sobre a donda superficie da única rocha inclinada que había naquela terrible orela. Saín ileso. Non tiña nin un rabuño, nin unha soa mazadura. E, malia estar tan feble e sentirme tan aloulado, dei en gabear e en afastarme da poutada da resaca.

Erguinme, sabéndome a salvo, e, aínda bambeándome, dei grazas a Deus. As ondas e as rochas xa esnaquizaran a lancha. E, aínda que non os vía, puíden maxinar a penosa maneira na que os corpos dos meus compañeiros foran machucados.¹¹⁹ Alí, orlado de espuma, albisquei un remo e, non sen certo risco, achegueime a collelo. Logo

caín de xeonllos, sabendo que me ía desmaiar. Pero antes, impulsado polo meu instinto de mariñeiro, arrastreime como puiden por entre as crueis rochas ferintes ata, á fin, esvaerme, lonxe do alcance do mar.

Pasei aquela noite case que morto, completamente atordado, agás nos brevísimos intres nos que me decatara do frío e da humidade que estaba a padecer. A mañá agasalloume co abraio do terror. Nin unha soa planta, nin unha soa folla de herba medraba naquel desprezable cumio rochoso que se erguera dende o fondo do mar. Co seus catrocentos metros de largo e os seus oitocentos metros de longo, aquilo non era máis que unha morea de rochas. Non puiden achar ren para satisfacer as arelas do meu exhausto organismo. Tiña unha asura do Demo, e alí non había nin unha pinga de auga fresca. En van rexistrei coa boca cada unha das cavidades, cada unha das depresións daquelas rochas. A espuma da galerna cubrira de tal xeito o illote que cada un dos seus ocos estaba cheo de auga salgada.

Da lancha, non quedaba nin rastro, nin sequera unha estela para demostrar que existira. Todo o que tiña eu eran as miñas roupas, un bo coitelo e o remo que rescatara. A galerna amainara, e, durante todo aquel día, estiven abaneándome e caendo, rubindo ata sangrárenme as mans e os xeonllos, procurando en van unha pouca auga.

Aquela noite, máis moribundo que nunca, resgardeime do vento detrás dunha rocha. Un tremendo ballón terminou de abaterme. Inda así, quitei os abrigos que levaba e deixei que a chuvia os enchoupara; mais, cando os estrullei para encherme a boca de auga, levei un bo cachote, xa que a roupa estaba completamente impregnada do sal do mar que me asolagara. Deiteime de costas e abrí a boca para apañar as escasas pingas que caeron dentro. Aquilo foi un martirio, pero aquela pouca auga abondou para refrescarme as membranas e evitar que tolease.

O segundo día estiven moi mal. Eu, que levaba tanto tempo sen comer, empecei a engrosar —as pernas, os brazos, todo o corpo— ata me facer un monstro. Con só a premeren lenemente, os meus dedos afundíanse un par de centímetros na miña pel, e as depresións que formaban tardaban un cacho en desaparecer. Moito houben de sufrir para cumprir a vontade de Deus, sobrevivindo. Con sumo coidado, fun quitando a auga salgada de todos e cada un dos recunchos que había na illa, coa esperanza de que as vindeiras chuvias os encheran de auga potable.

O meu penoso destino e as lembranzas dos seres queridos que deixara en Elkton provocábanme tal morriña que, ás veces, perdía a memoria por completo. Cousa que, en

realidade, foi unha bendición, pois así esquecín por unhas horas o meu sufrimento que, de ir a máis, acabaría contigo.

Pola noite, espertoume o repenicar da chuvia, e fun arrastrándome, de buraco en buraco e de corgo en corgo, zugando os lagotos ou lambendo as pingas da superficie das rochas. Tiña algo de sal, pero era potable. E foi ela a que me salvou, pois, á mañanciña, espertei bañado en suor e libre de delirios.

Logo veu o sol, por primeira vez dende que chegara a illa, e aproveitei para poñer a secar a roupa. Auga bebín a xusta, e calculei que tiña para uns dez días se a racionaba coidadosamente. Eu mesmo estaba abraiado do rico que me sentía con aquela enorme cantidade de auga ruín. E ningún gran comerciante do mundo, con todos os seus barcos xa de volta das súas prósperas viaxes, con todos os seus almacéns ateigados ata ó teito, con todas as súas caixas fortes rebordantes de cartos, podía sentirse tan rico coma min ó descubrir, tirado sobre as rochas, o corpo dunha foca que levaba varios días morta. E, abofé, o primeiro que fixen foi axeonllarme e dar grazas a Deus por esa mostra da súa infinda bondade. Pois para min era obvio: Deus non quería que morrese. E así mo manifestara dende o principio.

Eu era consciente do debilitado estado do meu estómago, así que comín devagariño, sabendo que a miña inclinación á voracidade podería matarme se me deixaba levar por ela. Xamais un bocado me soubera tan ben, e non me avergoña confesar que deitei bágoas de ledicia, unha e outra vez, ó mirar aquel cadáver podre.¹²⁰

O meu corazón esperanzado volveu latexar con forza. Con sumo coidado, gardei os refugallos de comida que quedaran. Con sumo coidado, cubrín as miñas cisternas rochosas con lousas de pedra para que os raios do sol non evaporasen o prezado líquido, nin un refacho de vento o levase pola noite, nin un golpe de mar o cubrise de espuma. Tamén apañei algúns anaquiños de olgas e púxenos a secar ó sol para acolchar un chisco a aspereza das rochas nas que o meu pobre corpo ía acubillarse. E, como a roupa xa estaba seca –por primeira vez en días–, durmín co profundo sono que provocan o cansazo e a saúde recuperada.

Cando espertei a un novo día era outro home. A ausencia do sol non me entristeceu, e axiña descubrín que Deus, acordándose de min mentres eu durmía, argallara outras maravillosas bendicións para a súa pobre criatura. Tiven que refregarme os ollos e volver mirar antes de crelo, pois alí, todo ó meu redor, as rochas que flanqueaban o océano estaban cubertas de focas. Había milleiros delas, e, na auga,

outras tantas rebuldando, emitindo coas súas gorxas un son prodixioso e enxordecador. Sóubeno en canto a vin: alí había moreas de carne ó alcance da man, comida abonda para alimentar a varias tripulacións.

Corrín buscar o remo –xa que era o único pau que había en todo a illa– e, paseniño, paseniño, achegueime a aquela inmensidade de alimento. Axiña decateime de que aquelas criaturas mariñas non viran endexamais un home, pois non deron a menor mostra de receo ó verme, así que matalas, zoscándolles na cabeza co remo, foi porta de tarabelo.

Cando xa matara tres ou catro delas, non sei... Repentina e estrañamente toleei. De feito, perdín o xuízo dabondo, pois matei e matei, e seguí matando focas cando menos dúas horas, arreándolles decote co remo ata que, por fin, caín esgotado. E ben deitou que o resto das focas, ó cabo dese tempo, todas xuntas e como reaccionando a algún sinal de alarma, botáronse a auga e desapareceron decontado, porque, se non, non sei... Fago unha matanza.¹²¹

Alí había máis de duascenas focas mortas, e ó decatarme da loucura que se apoderara de min, quedei horrorizado ante aquela carnicería. Aquilo era un pecado e un desperdicio absurdo, así que, logo de recuperar forzas con aquela boa e saudable comida, dispúxenme a emendar a miña falla. Mais primeiro, antes de empezar a grande tarefa, dei de novo as grazas ó Ser Supremo, cuxa misericordia volvera salvarme milagrosamente. Despois traballei ata a noitiña, e, daquela, esfolei as focas, cortei a carne en tiras e púxena a secar no cimo das rochas. Tamén atopei algúns pequenos depósitos de sal nos corgos e nas grechas dos penedos que había na zona de barlovento da illa. E con ese sal cofei a carne, para conservala.

Catro días levoume facer todo iso, mais, ó rematar, sentínme estupidamente orgulloso diante de Deus por non desperdiciar toda aquela cantidade de carne. Amais, traballar arreo era bo para o meu corpo, o cal arrichou decontado grazas a aquela comida tan sa da que non me privei. Outra proba da misericordia de Deus: xamais, nos oito anos que botei naquel illote estéril, houbo un período tan longo de bo tempo e de continuo sol como o que veu tras a matanza de focas.

Pasaron moitos meses antes de que estas volveran visitar o illote. Pero, entre tanto, fixen de todo menos lacazanear. Construíme un casopo de pedra, e, cabo del, unha sorte de pendello para almacenar a carne curada. Empreguei os pelexos das focas para facer o teito, sabendo que estes eran impermeables. Pero, inda así, cada vez que

chovía, non deixaba de marabillarme o feito de que eses pelexos, que no mercado de peles de Londres valerían unha fortuna, servisen para protexer dos elementos a un mísero náufrago coma min.

Axiña decateime do importante que era ter algún sistema para contar os días e as semanas que ían transcorrendo, sen o cal pronto perdería a noción do tempo, e, daquela, sería incapaz de distinguir o día do Señor doutro calquera.

Así que me esforcei en lembrar as contas que levara na lancha o capitán Nicholl; e esforceime, unha e outra vez, para estar ben certo, por riba de calquera dúbida, en lembrar os días e as noites que xa levaba na illa.

Coa axuda de sete coios que ía poñendo diante do casopo, artellei un calendario semanal. Logo, nunha das caras do remo, facía unha amosega por cada semana transcorrida, e, na outra, sinalaba os meses, tendo coidado, iso si, de contar os días adicionais que tiña cada mes, sinte as catro semanas.

Así fun quen de festexar como cumpría o Día do Señor.¹²² Dado que era o único modo de venerar ó Altísimo que tiña, gravei un breve himno –o que crin máis adecuado a aquela miña situación– no remo, e nunca deixei de cantalo ese día. Deus, na súa absoluta misericordia, non se esquecera de min; así que eu, naqueles oito anos, tampouco me esquecín del, nas datas sinaladas.

En circunstancias coma esas, é abraiante a cantidade de traballo que require satisfacer as necesidades de comida e de acubillo dun. De feito, rara vez estiven ocioso aquel primeiro ano. O casopo, que de seu non era máis que un tobo de pedras, levoume, emporiso, seis semanas. Os lentos e interminables procesos de curar a carne e raspar os pelexos para adondalos, a fin de confeccionarme con eles algo de roupa, ocuparon, durante meses, os meus ratos libres.

Amáis, estaba o problema do subministro de auga. Após estoupar unha intensa tormenta, as ondas que rompían na costa enchían de espuma e de auga salgada os meus “depósitos” de chuvia, polo que, ás veces, tiña que aturar penosamente a que volveran as frescas bategadas sen a molesta compañía dos ventos. Consciente de que o continuo goteo acaba desgastando calquera pedra, busquei unha larga, fina e de textura firme, e, valéndome doutras pedras máis pequenas, fun baleirándoa ata deixala oca. Así, tras cinco semanas de arduo traballo, fixen un cacharolo no que cabían uns sete litros de auga. Despois, dise mesmo xeito, fixen outro, duns vinte litros de capacidade, que me levou nove semanas. Tamén, de cando en vez, facía algún máis pequeno. Un grande,

con capacidade para uns corenta litros, fendeuse cando xa levaba sete semanas baleirándoo.

Pero non foi ata moito despois –no meu cuarto ano na illa, na época na que empecei a afacerme a idea de que talvez tería que pasar o resto da miña vida alí–, cando creei a miña obra mestra. Levoume oito meses facela, pero era ben sólida, e con capacidade para uns cento trinta litros. Aquelas sellas de pedra producíanme unha enorme satisfacción –tanta que, ás veces, esquecía a miña humildade e gabábame, indebidamente, delas. Abofé, para min eran máis fermosas e elegantes có moble máis prezado de calquera raíña. Tamén fixen un canadiño de pedra no que non cabía máis dun litro, para transvasar a auga dos meus pequenos depósitos ós recipientes máis grandes. E para que ti, lector, te decates de que o simple feito de acumular auga de chuvia non era, precisamente, unha tarefa doada, direiche que só ese canadiño dun litro pesaba uns trece quilos.

Dise xeito, conseguín que a miña solitaria situación fose o máis cómoda posible. Construíme un acubillo abrigoso e seguro; e, en canto ás provisións de carne, sempre tiña a man reservas para seis meses, salgadas e secadas convenientemente. E, por esas dúas cousas, tan esenciais para conservar a vida, e que un non espera obter nunha illa estéril e deserta coma aquela, non podía senón estar sumamente agradecido.

Aínda que non tiña o privilexio de gozar da compañía de ningún ser humano, nin tan sequera da dun cadelo ou da dun micho, estaba máis contento coa miña sorte do que o estaría a maioría das persoas. Naquel lugar desolado ó que o destino me guindara, considerábame máis feliz que moitos dos que, acusados de crimes vergoñentos, son obrigados a proseguir as súas vidas en celas de illamento, coa conciencia remordéndolles sempre coma un cancro.

Por moi ruíns e monótonas que foran as miñas perspectivas, aínda tiña a esperanza de que a Providencia –a mesma que, cando estaba esfameado, me tratara con excesiva indulxencia, e que, cando as fauces do mar puideron tragarme, me guindara a aquelas rocas estériles– ben podería enviar, por fin, alguén a rescatarme.

Aínda privado da compañía de criaturas amigas, así como das comodidades da vida, non podía senón coidar que a miña infortunada situación tiña, inda así, certas vantaxes. Para empezar, eu posuía tranquilamente aquela illa, por moi pequena que fose. Ninguén, abofé, viría a disputarme a súa posesión, a non seren os animais anfíbios daquel océano. E, dado que a illa era case que inaccesible, pola noite durmía coma un

parrulo, sen medo a ser atacado por uns caníbales ou algunha fera. De aí que, cadora, dese grazas a Deus, axeonllado, por tantas e tan distintas bendicións.

Secasí, o ser humano é unha criatura estraña e imprevisible. Eu, que agardara a misericordia de Deus tanto como a carne podre para comer e a auga ruín para beber, logo de verme bendicido con semellante abundancia de carne curada e auga doce, empecei a sentirme descontento coa miña sorte. Empecei a querer lume, a desexar o celme da carne cociñada na miña boca. E cadora me descubría gorentando algún prato suculento como os que eran habituais na nosa casa de Elkton. Por moito que loitase comigo mesmo, a miña imaxinación vencía a miña vontade, e pasaba o día fantasiando coas cousas ricas que comera antano e coas cousas ricas que comería logo, se alguén me rescataba daquela soidade.

Velaí saíu o vello Adán que había en min, supoño –a mácula do primeiro pai, que foi o primeiro en rebelarse contra os mandamentos de Deus. Que ser tan estraño, o home: sempre insaciable, sempre insatisfeito, sempre en guerra con Deus e consigo mesmo; sempre enchendo os seus días con incesantes e inútiles afáns, e as súas noites cun cúmulo de vans soños e de pertinaces e equivocados desexos.

Tamén me amolaba o meu anxeio de tabaco. Ás veces, o sono deviña nun tormento para min, pois era entón cando os meus degoiros vadiaban a doután. E, daquela, soñei milleiros de veces con quilos e quilos de tabaco –aí, con almacéns, con barcos, con plantacións enteiras de tabaco.

Pero logo vingabame de min mesmo. Pregáballe arreo a Deus que me concedera un corazón humilde, e castigaba o meu corpo con incesante traballo. Incapaz de mellorar a miña mente, decidín mellorar a miña illa. Botei catro meses construíndo un muro de pedra de dez metros de longo –incluídas as ás–, e catro de alto. Fíxeno para protexer a choupana das galernas, pois, na época destas, toda a illa era coma un paño nas entrañas dun furacán. Nunca dei ese tempo por perdido. Ó contrario. A partir de entón, sentínme resgardado e quentiño no cerne da calma, mentres todo o ar que había trinta metros por riba da miña cabeza era unha corrente continua de auga arrastrada polo vento.

No terceiro ano, principiei un esteo de pedra. En realidade, era máis ben unha pirámide, unha base cadrada e ancha que logo ía estreitándose progresivamente ata o vértice. Deille esa forma porque, alí na illa, non tiña nin madeira nin trebellos para construír unha estada. Non a dei rematado ata finais do quinto ano. Fíxena na parte máis

alta do illote. E agora, cando che diga que esa zona estaba a uns doce metros por riba do nivel do mar, e que a cúspide da miña pirámide estaba a outros doce metros da súa base, decatáste de que eu, sen ferramenta ningunha, dupliquei a altura da illa. Se cadra, algunha persoa irreflexiva obxectará que, dise xeito, modifiquei o plan que trazara Deus ó crear o mundo. Pero non foi así, creo. Pois acaso non formaba eu tamén parte do plan de Deus, xunto con aquela morea de rochas que se proxectaba ó ceo en medio da soidade do océano? Os brazos cos que traballei, o lombo que baixei e subín, as mans coas que agarrei e sostiven, non formaban tamén parte do plan de Deus? Moito cismeí eu nisto, e sei que levo razón.

Ó sexto ano, alarguei a base da pirámide, e, dezaoto meses despois, o seu cimo era xa dezasete metros máis alto có da illa. Non é que fora a Torre de Babel, claro, mais cumpría dous bos obxectivos. Primeiro, servíame coma atalaia dende a que esculcar a posible chegada dun barco, e, segundo, aumentaba a probabilidade de que o meu illote fose albiscado por algún mariñeiro á espreita –sinte axudarme a manter o corpo e a mente sans. Pois así, coas mans sempre ocupadas, evitaba que o Diaño se enseñorase do meu dominio. Tan só en soños me atormentaba, mormente con visións das máis variadas suculencias e con indulxentes fantasías sobre esa herba noxenta chamada tabaco.

O día dezaoto de xuño, no sexto ano da miña estancia na illa, albisquei unha vela. Mais o barco estaba moi lonxe, a sotavento, como para descubrirme. Secasí, no canto de desilusionarme, a aparición daquela vela aledoume vivamente, pois acabou de convencerme de algo co que moito barrenara: se por aquelas augas pasaban ou non, de cando en vez, os navegantes.

Entre as moitas cousas que fixen alí, construí, no lugar polo que adoitaban aventurarse as focas, unha trampa, con senllos cerrumes baixos, de coios, que ían estreitándose a modo dun *cul de sac*,¹²³ para matar axeitadamente as focas que se metesen nela, sen que as súas compañeiras puideran alarmarse, e sen que ningunha das presas puidera saír, ferida ou asustada, avisar ó resto. Sete meses botei en rematar tan só ese corredor cego.

A medida que pasou o tempo, cada vez estiven máis contento coa miña sorte. E así, devagariño, o Diaño deixou de atormentar en soños o vello Adán que había en min con aquelas visións de moreas de tabaco e comidas suculentas. Eu seguía a comer carne de foca, que me sabía a gloria, e a beber auga doce de chuvia, da que sempre tiña

abondo; e, xa só por iso, daba grazas a Deus. E Deus escoitábame, xaora, pois, durante o tempo que estiven naquel illote, endexamais caín enfermo, quitadas un par de veces que, como logo verás, foron produto da miña gula.

No quinto ano, antes de convencerme a min mesmo de que as quillas dos barcos sucaban algunha vez aquelas augas, empecei a gravar no meu remo os incidentes máis sobranceiros que me aconteceran tras abandonar as apracibles costas de Estados Unidos. Fíxeno da maneira máis intelixible e duradeira posible, e cunha letra minúscula. Gravar seis, ou mesmo cinco letras adoitaba levarme un día enteiro de traballo, debido ó esmero que poñía en facelo.

E, coidando que quizais non volvera ver nunca os meus amigos nin a miña familia de Elkton, dos que tiña tantísima morriña, gravei, ou inscribín, na pa do remo, o relato do meu infortunio, tal e como o citei case que ó principio deste capítulo.

Ese remo, que tan bos servizos me prestara na miña precaria situación, e que agora contiña o relato da miña desgraza e da dos meus compañeiros, coideino coma a meniña dos ollos. Xa non volvíñ utilizalo para matar focas. No canto del, fíxenme un mazo de pedra, dun metro de longo e de diámetro axeitado, que tardei un mes en rematar. Así mesmo, para protexer o remo do ventimperio (pois, nos días de airexa lene, adoitaba poñelo no cimo da pirámide como mastro dunha bandeira que fixen cunha das miñas prezadas camisas) elaborei unha funda con pel de foca curtida.

No mes de marzo do sexto ano de illamento, sufrín un dos temporais máis espantosos que endexamais se viron, coído eu. Comezou a iso das nove da noite, cuns nuboeiros negros e un vento frío do suroeste, que, a iso das once, xa se convertera en furacán, acompañado de incesantes tronos e dos alustros máis cegadores que presenciéi na miña vida.

Daquela, cheguei a temer mesmo pola seguridade da illa, pois as ondadas abríronse paso por todas partes, agás polo cimo da pirámide. Alí, houben perder a vida, batido e afogado polo pulo do vento e da auga. Alí, decateime de que a salvara grazas unicamente a miña presteza ó erixir aquela pirámide que duplicaba a altura da illa.

Secasí, pola mañá, tiven grandes razóns para sentirme agradecido. Toda a auga que acumulara fixérase salgada, bardante a da sella máis grande, que ficara a sotavento, ó abrigo da pirámide. Sabía que, se a economizaba, tería auga abonda ata a vindeira chuvía, por moito que esta tardase en caer. A ondada derrubara boa parte do casopo, e convertera o pendello no que almacenaba a carne nunha ruína polposa. Con todo, o

temporal deixoume outra agradable sorpresa, pois, en rematando este, descubrín que as rochas estaban cubertas do peixe máis semellante ó muxe que vin nunca. Collín nada máis e nada menos que mil douscentos dezanove exemplares, os cales abrín, destripei e curei ó sol como se fosen bacallaus. Mais... Aquel benvido cambio de dieta tivo a súa consecuencia. Presa da miña gula, estiven toda a noite ás portas da morte.

No sétimo ano da miña estancia na illa, tamén no mes de marzo, houbo outra tempestade tan violenta coma a devandita. E, cando á fin estrelampou, descubrín abraiado unha enorme balea morta, pero aínda fresca, que deitaran e deixaran alí no cimo as ondas. Imaxina a miña ledicia cando, espetado nas entrañas daquel inmenso animal, atopei un arpón común, cunhas cantas brazas de sedela nova atadas a el.

Ó velo, reavivouse a miña esperanza de abandonar, algún día, aquela illa deserta. Era obvio que os baleeiros visitaban aqueles mares, así que, tarde ou cedo, alguén me rescataría, sempre e cando mantivese eu firme o corazón. Levaba sete anos vivindo a base de carne de foca, polo que, ó ver aquela enorme abundancia de comida, tan variada e celmosa, fun vítima da miña debilidade, e imbrei tal cantidade dela que, de novo, houben morrer esa noite. Secasí, aquela indisposición, coma a dos peixes, debeuse a que o meu estómago non estaba afeito a outra clase de comida, pois levaba anos comendo única e exclusivamente carne de foca.

Daquela balea quitei provisións para un ano enteiro. Tamén, baixo os raios do sol, nas concavidades das rochas, conseguín extraer moito aceite, que, co sal engadido, foi unha marabillosa novidade: un prebe no que podía mollar as tiras de carne de foca á hora da cea. Cos meus prezados farrapos de camisa podía mesmo facer unha mecha e, empregando o arpón coma ferro e unha pedra coma pedernal, ter luz pola noite. Pero iso xa era un luxo superfluo, así que axiña desbotei a idea. Non precisaba luz ningunha cando as tebras de Deus descendían sobre min, pois afixérame a durmir dende o solpor á alba, for inverno ou verán.

Eu, Darrell Standing, non podo evitar intervir neste relato dunha das miñas vidas anteriores co fin de ser eu quen o conclúa. Dado que a personalidade humana é o froito dun crecemento, a suma de todas as existencias anteriores engadida a actual, que posibilidade tiña o alcaide Atherton de crebar o meu espírito coa súa inquisitorial cela de illamento? Eu son vida que sobrevive, unha estrutura edificada ó longo das idades do pasado – e que pasado! Daquela, que podían significar dez días e dez noites para

min? Para min, que unha vez fora Daniel Foss, e que, durante oito anos, aprendera a paciencia naquela escola de rochas perdida no remoto océano do sur?

A finais do meu oitavo ano na illa, no mes de setembro, cando xa elaborara os plans máis ambiciosos para prolongar a pirámide ata os vinte metros, espertei unha mañá e avistei un barco con gabias navegando cara ó vento, e case que ó alcance dun berro. Para que me visen, axitei o remo no ar, chimpando de rocha en rocha, e chamando a súa atención de todos os xeitos que podía, ata que vin que os oficiais me observaban dende a cuberta de aleta cos seus anteollos. Entón respondéronme sinalando o cabo occidental da illa, onde me acheguei a escape e descubrín un bote con media ducia de homes tentando achegárense. Tal e como logo me dixeron, seica se sentiran atraídos pola miña pirámide, así que cambiaron o rumbo para observar máis de preto aquela estrañísima estrutura, mor que todo o salvaxe illote no que se erguía.

Mais había demasiada marusía coma para que o bote puidera arribar á miña inhóspita costa. Tras varias tentativas infrutuosas, fixéronme acenos de que debían voltar ó barco, así que imaxina a miña desesperación ó ver que non podía abandonar aquela illa deserta. Sen pensalo dúas veces, collín o remo (que, xa había tempo, decidira doar ó Museo de Filadelfia, se daba en conservalo) e boteime con el ó mar embravecido, con tan boa fortuna –e un chisco de forza e axilidade– que dei en gañar o bote.

Non podo deixar de contar aquí un detalle curioso. E é que, coma o barco, arrastrado pola marea, afastárase de nós un bo cacho, tardamos unha hora en chegar a el. Durante ese tempo, cedín ás tentacións que levaba oito anos resistindo, e pedinlle ó segundo oficial, que ía ó leme, que por Deus me dera un chisco de tabaco de mascar. E non só mo deu, senón que tamén me ofreceu a súa pipa ateigada de excelente picadura de Virxinia. Mais... Non pasaran nin dez minutos cando empecei a sentirme tremendamente mareado. A razón era obvia. O meu sistema purgárase de tabaco, e agora estaba a padecer unha intoxicación coma a que sofre calquera rapaz a primeira vez que fuma. Unha vez máis dei grazas a Deus pola lección, e, dende aquela ata o día da miña morte, xamais volví proba nin desexar a maldita planta.

Eu, Darrel Standing, hei completar agora os abraiante detalles daquela existencia miña que revivín mentres estaba inconsciente na camisa de forza da prisión

de San Quintín. Pois máis dunha vez pregunteime se Daniel Foss cumpriría a súa promesa de ceder aquel remo gravado ó Museo de Filadelfia.

Para un prisioneiro coma min, incomunicado nunha cela de castigo, era difícil contactar co mundo exterior. Por iso, unha vez a un garda, e outra vez a un preso que estivera connosco pouco tempo, pedínlles que memorizaran unha carta e que a enviaran o director do Museo. Pero estes, malia as súas solemnes promesas, falláronme. Tiven que agardar a que Ed Morrell, grazas a un estraño xiro do destino, fose liberado e nomeado xefe dos presos de confianza, para poder indagar ó respecto. Velaquí a resposta do director do Museo de Filadelfia, que Morrell me entregou ás agochadas:

É certo que temos aquí un remo coma o que vostede describe, mais moi poucas persoas poden saber da súa existencia, xa que non está exposto ó público. De feito, eu mesmo ignoraba que existise, e iso que levo dezaioito anos no cargo.

Mais, logo de consultar os nosos vellos rexistros, descubríñ que un tal Daniel Foss, nado en Elkton, Maryland, regalara o remo ó Museo no 1821, e tras unha longa pescuda, atopeino nun faiado en desuso, cheo de obxectos sobrantes. As inscricións e o relato ós que vostede se refire na súa carta están, en efecto, gravados nel.

Tamén temos arquivado un opúsculo cedido por esas mesmas datas, escrito polo devandito Daniel Foss e publicado en Boston pola editorial de N. Coverly Jr., no 1834, no que se describen os oito anos que pasou un náufrago nunha illa deserta. É evidente que ese mariñeiro, xa vello e necesitado, foi vendendo polas rúas o opúsculo, e que viviu da caridade.¹²⁴

Teño moita curiosidade por saber como coñeceu vostede a historia deste remo, cando nós mesmos ignorabamos a súa existencia. Estou no certo ó coidar que vostede leu o relato nalgún diario publicado posteriormente polo devandito Daniel Foss? Agradeceríalle calquera información a ese respecto, e saiba que, decontado, vou facer as xestións precisas para que tanto o remo coma o opúsculo volvan ser expostos no Museo.

Sinceramente seu,

Hosea Salsburty.¹²⁵

CAPÍTULO XX

Á fin chegou o momento no que humillei ó alcaide Atherthon obrigándolle a renderse incondicionalmente e a tragarse o seu ultimato: «Dinamita ou ataúde». Tivo que darse por vencido ó ver que non podía aniquilarme coa camisa de forza. Houbo homes que morreron nela ó cabo dalgunhas horas. E houbo homes que morreron nela ó cabo de varios días –aínda que, tanto os uns coma os outros, foron desatados e ingresados no hospital denantes de expiraren, para que o médico puidera certificar que finaran dun ataque de pneumonía, ou do mal de Bright, ou dun fallo cardíaco.

Pero a min o alcaide Watherthon non puido matarme. Nunca tivo que levar urxentemente ó hospital a miña maltreita e agonizante carcasa. E iso que o fixo o mellor e o peor que puido, sempre o direi, pois mesmo chegou a poñerme *dúas* camisas de forza –un incidente tan substancioso que coido debo contar.

Resulta que un dos xornais de San Francisco (que, coma todos os xornais e todas as empresas comerciais, andaba a procura dun bo “mercado” do que tirar proveito) tentou que a á radical da clase traballadora se interesase pola reforma penitenciaria. E, como o sindicato laboral tiña influencia abonda daquela, os políticos oportunistas de Sacramento propuxeron crear un comité no Senado para investigar a situación dos cárceres.

Ese comité “investigou” (perdón polas irónicas comiñas) a prisión de San Quintín, e, como era de esperar, xamais se viu unha institución penal tan modélica coma esa. Así o testemuñaron os propios presos, do cal ninguén pode culpalos, pois xa coñeceran “investigacións” semellantes no pasado, e, daquela, sabían moi ben a que bois habían de arrimar o carro. Sabían que, após testemuñaren, ían medirlles as costas e correrlles as xuntas... se dicían algo en contra da administración da falcona. Ah, e creme, lector, que a cousa vén de lonxe. De moi, moi lonxe, pois xa era anterga en Babilonia, hai milleiros de anos, polo que eu lembro daquela época, cando podrecín na cadea mentres as intrigas palacianas sacudían a corte.

Como xa dixen, todos os presos testemuñaron a grande humanidade coa que o alcaide Atherton dirixía a prisión. De feito, os seus testemuños verbo da bondade do alcaide, das celmosas e variadas comidas que preparaban os cociñeiros, da amabilidade

dos gardas, e do limpas, amplas e confortables que eran as estancias da prisión, foron tan positivos que os xornais opositores de San Francisco clamaron indignados, esixindo maior rigor nos cárceres, pois, se non, os nosos honrados pero ociosos cidadáns se verían tentados a buscar a hospitalidade das cadeas.

O comité do Senado mesmo se aventurou a entrar no Pavillón de Illamento, onde nós os tres tiñamos pouco que perder e nada que gañar. Jake Oppenheimer cuspiulles na cara e mandounos a todos –a todos sen excepción– ó Inferno. Ed Morrell contoulles a clase de gaiola fedorenta que era aquela, insultou á cara o alcaide, e o comité recomendou que lle deran unha boa ración dos antigos e anticuados castigos que, a fin de contas, idearan os anteriores alcaides para, en caso de necesidade, manexaren os tipos tan duros coma ese.

Eu tiven bo coidado de non insultar a Atherton. Testifiquei habilidosamente, e, coma o científico que son, empecei cos pequenos detalles, expoñendo os feitos con mestria, devagariño, engarguelando os meus senatoriais oíntes para que arelaran, para que deveceran por sentir a miña exposición, toda ela tan ben artellada que non lles dei a menor oportunidade de lle poñeren un punto e final, ou faceren unha pregunta... E así lles botei o conto.

Ai! Nin unha sílaba do que lles revelei saíu dos muros da prisión. O comité gardoulle as costas ó alcaide Atherton e lavoulle a cara á prisión. O xornal de San Francisco que iniciara a cruzada asegurou ós seus lectores da clase traballadora que San Quintín era máis branca cá neve, e que, se ben era certo que a camisa de forza seguía a ser un método legal para enderezar os obcecados, arestora, grazas a humanidade e a rectitude do alcaide actual, xamais, baixo ningún concepto, se empregaba ese castigo.

E, mentres os burricáns dos traballadores lían e crían aquilo, mentres os membros do comité do Senado ceaban e bebían co alcaide por conta do Estado e dos contribuíntes, Ed Morrell, Jake Oppenheimer e máis eu xaciamos cinchados nas nosas camisas de forza con máis saña que nunca.

– Ten arolas a cousa! –transmitíume Morrell empregando a punta do zapato.

– Si, estou que tremo –cotoleou Jake.

E, en canto a min, tamén fixen alarde da miña ácida ironía, lembrei as cadeas da anterga Babilonia, esbocei para min un inmenso sorriso cósmico, e abismeime na amplitude desa morte breve na que me facía herdeiro de todas as idades e xinete engalanado do tempo.

Si, querido irmán do mundo exterior, mentres os xornais publicaban aquela andrómena, mentres os augustos senadores festexaban o seu triunfo cunha boa enchenta, nós, os tres mortos viventes, enterrados vivos en solidariedade, suabamos a nosa dor na tortura da lona.

E, logo de cear e de quecer co viño, o alcaide Atherton en persoa veu ver que tal o pasabamos. A min, coma sempre, atopáronme en coma. Por primeira vez, o doutor Jackson debeu de alarmarse, pois, dándome a cheirar un pouco de amoníaco, fíxome cruzar de volta a negrume e recuperar a consciencia. Eu sorrín ás faces inclinadas sobre min.

– Que vergoña –bufou o alcaide, e decateime, polo roibén da súa face e pola súa lingua de trapo, que estaba peneque.

Eu lambín os beixos para indicarlles que tiña sede, pois desexaba falar.

– Alcaide: é vostede un burro –dei en dicir por fin, con fría claridade–. Un burro, un covarde e un canalla; unha cousa tan penosa e de tan baixa estofa que para que vou malgastar saliva na súa cara. Niso, Jake Oppenheimer é xeneroso de máis con vostede. Pero eu, sen a menor vergoña, díreille que a única razón pola que non lle cuspo neste intre é que, nin quero rebaixarme a facer iso, nin quero degradar a miña saliva ata tal punto.

– Xa colmaches a miña paciencia, Standing! –bruou–. Vou matarte aquí mesmo!

– Está borracho –retruquei–. E, advírtollo, ande á vela: se vai dicir esas cousas, mellor que non confíe en todos estes canallas, pois, calquera día, faranlle perder o choio.

Mais era obvio que xa se lle subira o viño, e que estaba a enseñorarse del.

– Poñédelle outra camisa! –ordenou–. Es home morto, Standing. Pero non, non morrerás aquí, na camisa. Irás dereitiño ó cemiterio dende o hospital.

Daquela, puxéronme a segunda camisa ó revés, meténdoa por detrás e cinchándoa por diante.

– Vaia, vaia, alcaide, que tempo tan cru –burleime–. Vai un frío que manca, non si? Por iso lle agradezo que me poña estoutra camisa. Así estarei quentiño.

– Máis forte! –berroulle a Al Hutchins, que estaba a cincharme–. Pisa ben ese cabrón! Tronzalle as costelas!

Hei admitir que, esa vez, Hutchins bordou o traballo.

– Ti *mentirás* sobre min –dixo o alcaide como delirando, cada vez máis arrubiado por mor do viño e da carraxe– . Ves o que conseguiches? Chegou a túa hora. Esta é a túa fin. Óesme? Esta é a túa fin.

– Fágame un favor, alcaide –murmurei lenemente, pois estaba moi feble, case que a piques de esvaecerme baixo a terrible presión–. Póñame outra –dei dito, mentres as paredes da cela se abaneaban, xiraban ó meu redor, por máis que eu tentaba, con todas as miñas forzas, manter o coñecemento que aquelas camisas me estaban a arrebatarse–, outra... camisa... alcaide... para... estar... máis... quen... tiño...

E o meu murmurio esluíuse canda a miña consciencia, mentres eu naufragaba noutra morte breve.

Após aquela sesión con dúas camisa de forza, non volví ser o mesmo. A partir dese día, tanto tiña o que comese: nada me alimentaba como era debido. Sufrín unhas lesións internas cuxa gravidade non me molestei en saber. De feito, agora mesmo, mentres escribo estas liñas, sigo a ter esas dores no estómago e nas costelas. Pero esta pobre e maltratada maquinaria de meu cumpriu o seu cometido. Permitiume vivir ata hoxe, e aínda me deixará vivir un chisquiño máis, coido, ata o día no que eles me saquen fóra cunha camisa sen colo e me arrodeen o pescozo cunha soga á medida.

Pero aquela sesión dobre foi o cénit de todas. Tras ela, o alcaide Atherton veuse de todo abaixo. Á fin deuse por vencido, tras comprobar que, dese xeito, non podía matarme. Como xa lle dixera unha vez:

– Alcaide, a única maneira que terá de acabar comigo será entrar de noite, ás agochadas, e darme un machadazo.

Jake Oppenheimer espetoulle un día unha frase digna de lembranza:

– Pobre alcaide! Supoño que para vostede ha ser un inferno espertar cada mañá e atoparse consigo mesmo na almofada.

E Ed Morrell outra igual de boa:

– A súa nai, non si?, ha ser tola polos cativos, porque, se non, non entendo como puido crialo a vostede.

Eu sentínme realmente ofendido cando deixaron de cincharme. Tiña moita morriña do meu mundo de soños. Mais a tristura durou pouco. Axiña me decatei de que podía acadar a animación suspendida con forza de vontade, constrinxíndome o peito e o abdome coa manta. Así me inducín a min mesmo estados fisiolóxicos e psicolóxicos

moi semellantes ós que me causaba a camisa. Así, libre da tortura, fun quen de vadiar polo tempo, a vontade.

Ed Morrell creu as miñas aventuras, pero Jake Oppenheimer ficou escéptico ata o final. Foi no meu terceiro ano alí, na cela de illamento, cando fun visitar a Oppenheimer. Xamais o dei feito de novo, tan só esa vez, e foi algo completamente imprevisto e inesperado.

Xusto despois de ficar inconsciente, acheime na súa cela –aínda que eu sabía que o meu corpo estaba dentro da camisa de forza, na miña propia cela. Xamais o vira antes, pero eu sabía que aquel home era Jake Oppenheimer. Era verán, e el xacía espido, deitado riba da manta. Impresionáronme moito a súa faciana cadavérica e o seu corpo esquelético. Aquilo non era nin sequera o envoltorio dun home, senón só o seu armazón, os seus ósos, aínda unidos, desprovistos practicamente de toda a carne e cubertos por un simple pelexo apergamiñado.

Só ó voltar á miña cela e recobrar o sentido fun quen de reflexionar e decatarme con pavor de que, tanto Morrell coma min, debiamos de estar coma Oppenheimer. E, daquela, estarecín de arriba a abaixo ó enxergar a grandeza do espírito que moraba nesas fráxiles, agonizantes carcasas de nós –os incorrixibles presos do Pavillón de Illamento. A carne non vale ren, é cousa va. O pasto é carne, e a carne devén pasto. Mais o espírito fica, sobrevive. Por iso non aturo os adoradores da carne. Unhas cantas horas en San Quintín abondarían para aprenderlles a apreciar e a venerar o espírito.

Mais volvamos á miña experiencia na cela de Oppenheimer. O seu corpo, dicía, era o dun home que levaba tempo morto, ensumido pola calor do deserto. O pelexo que o cubría era da cor da lama seca. Os seus ollos afiados, dun marelo cincento, semellaban ser a única parte del que seguía viva. Xamais descansaban. Jake xacía boca arriba, ollando acó e aló, seguindo o voo de varias moscas que estaban a rebulir e a rebuldar na penumbra, sobre a súa cabeza. Tamén puider ver que tiña unha cicatriz xusto enriba do cóbado dereito, e outra no nocello dereito.

Logo dun cacho, bocexou, virouse de costado e inspeccionou unha chaga con moi malas trazas que tiña preto da cadeira. Daquela, procedeu a limpala e a vendala cos únicos e crus procedementos que un home nunha cela de illamento pode empregar. Decateime axiña de que a chaga era obra da camisa de forza –pois eu mesmo, agora mentres escribo, teño centos de cicatrices producidas por ela.

Logo, volveu deitarse de costas, asiu con moito coidado, entre o polgar e o mostreiro, un dos seus dentes frontais superiores –un caíño–, e moveuno considerablemente de atrás para adiante. Volveu bocexar, estirou os brazos, virouse de novo, e chamou a Ed Morrell cotenando.

Eu xa estaba máis que afeito ó seu código, daquela.

– Coidei que estarías esperto –cotenoulle–. Que tal lle vai ó profesor?

Logo, atenuadas pola distancia, soaron as cotenadas de Morrell comunicándolle que había unha hora que me cincharan, e que, coma sempre, era inútil comunicarse comigo, pois non ía sentir ren.

– É un bo tipo –coteleou Oppenheimer–. Eu sempre sospeitei dos paparotes que van de cultos pola vida, pero, a este, parece que a educación non lle afectou demasiado. É legal. E a verdade é que ten collóns. Xa lle poden facer de todo, que o nacho non desembucha.

Loanzas coas cales Ed Morrell estivo de acordo, e ás que engadiu algunha máis. Por iso, antes de continuar, hei dicir que... Aínda que vivín moitos anos ó longo de moitas vidas, e aínda que en todas esas vidas houbo sempre algún momento no que me sentín algo orgulloso da miña mísera persoa, xamais, creme, xamais en ningunha delas sentín tanto orgullo como naquel intre no que os meus dous compañeiros do Pavillón de Illamento de San Quintín me loaron así, con tanta sinceridade. Ed Morrell e Jake Oppenheimer demostráronme moitas veces a súa grandeza de espírito, e, por iso, en todo este tempo, non tiveron maior honor que o de que eles me aceptasen coma compañeiro. Houbo reis que me fixeron cabaleiro, emperadores que me concederon títulos de nobreza, e eu mesmo, coma rei, vivín momentos augustos. E, porén, nada diso me parece tan espléndido como o feito de que dous presos encerrados nun Pavillón de Illamento, condenados polo mundo ó mesmísimo fondo do piago da Humanidade, me honraran coa súa acolada.¹²⁶

Máis tarde, xa recuperado daquela curiosa sesión na camisas de forza, aportei a miña visita á cela de Jake como proba de que o meu espírito saía do meu corpo. Pero el non largou corda.

– O que contas é máis que sospeitoso, meu, e, daquela, faime sospeitar –foi a súa retorcida resposta cando lle describín as cousas que el fixera, sucesivamente, mentres eu estaba na súa cela–. Figuracións túas, amigo. Levas case que tres anos aquí, e moi ben podes maxinar o que fai calquera de nós para matar o tempo. Non hai nin

unha soa cousa das que me contaches que Ed e máis ti non fixerades milleiros de veces: dende estar espido no catre, nun día de calor, observando as moscas, ata curar unha chaga ou cotelear unha mensaxe.

Morrel apoioume, pero non valeu de nada.

– Non o tomes a mal, profesor –proseguiu Jake–. Non digo que mintas, senón só que estiveches soñando ou fantasiando, sen decatarte, na camisa de forza. Sei que cres o que dís, e que coidas que ocorreu, pero eu non trago ese conto. Imaxínachelo, meu, pero sen caer en que o facías; ti sabías esas cousas, aínda que non sabías que as sabías ata que as viches en soños, ou delirando...

– Veña, Jake –coteneille–, ti sabes que eu xamais te vin en persoa, non si?

– Farei por crete, profesor. Pero ben me puideches ver antes, sen saber que era eu.

– Xa, pero non creo que te vira espido, así que... Como carallo sei eu que tes unha cicatriz enriba do cóbado dereito, e outra no nocello dereito?

– Boh! Seguro que atopaches toda esa merda nos ficheiros da prisión, xusto debaixo do meu careto... Hai centos de detectives e xefes de policía que saben iso.

– Pois eu xamais oín nada ó respecto, xúrocho.

– Dirás que *non lembrás* oír nada ó respecto –corrixume–, pero sabíalo. Aínda que a esqueceras, a información seguía aí, no teu cerebro, almacenada para cando a precisaras, só que non lembrabas onde a gardaras... Ata que deliraches. Non esqueceriches nunca o nome de alguén, un nome que recordabas tan ben coma o do teu irmán? Eu si. O do xuiciño de marras que me botou en Oakland estes cincuenta anos. E un día decateime de que esquecera o seu nome. Cata, meu, estiven semanas tentando recordalo. Pero o feito de que non o atopara na caixiña da miña memoria non significaba que non estivera alí. Extraviárase nel, e acabouse. E, como proba, un día, cando nin sequera estaba a pensar nel, chimpou dende o meu cerebro á punta da miña lingua: Stacy –dixen en voz alta. Joseph Stacy. Iso é. Entendiches? Ti faláchesme de cicatrices que coñecen un cento de homes. Non sei onde atopaches esa información, se cadra nin sequera ti o sabes. Tanto me ten. O caso é que está aí. Daquela, non creas que vas convencerme contándome cousas que sabe unha chea de xente, profesor. Terás que matinar algo mellor se queres que trague esa trola.

A Lei de Parsimonia de Hamilton na balanza da evidencia! Tan cerca estaba aquel convicto, criado nos arrabaldes, de ser el mesmo un científico que mesmo acababa de reinventar o principio de Hamilton, e de aplicalo estritamente.¹²⁷

E secasí –o incidente ten graza– Jake Oppenheimer era un home intelectualmente honesto. Aquela noite, mentres eu botaba unha soneca, chamoume empregando o sinal de costume.

– Eh, profesor! Dixeches que me viras mover un dente solto e... Manda nabo! Iso tenme fodido, sabes? Non fago máis que barrenar... De todo o que me contaches, ese é o único detalle que non entendo como carallo o soubeches. Se tan só hai tres días que o teño así, e non llo contei nin a Deus!

CAPÍTULO XXI

Pascal escribiu nalgures: «En vista da marcha da evolución humana, a mente filosófica debería considerar a Humanidade non como un conglomerado de individuos senón como un só ser humano.»

Velaquí estou eu, sentado no Pavillón de Asasinos de Folsom, escoitando o soporífero zunido das moscas mentres medito este pensamento de Pascal. É certo. Xa só cando un é un simple embrión, no seu breve desenvolvemento de dez meses lunares, experimenta toda a historia da vida orgánica: dende a vexetal á humana, pasando, con pasmosa rapidez, por unha miríade de formas e de aspectos multiplicados unha miríade de veces. Xa só cando un é un neno, neses breves anos da infancia, experimenta toda a historia do ser humano primitivo, en todos os seus actos crueis e salvaxes: dende a tendencia a torturar as criaturas máis pequenas á conciencia tribal evidenciada no desexo de entrar nalgunha banda. E xa só eu, Darrell Standing, experimentei e revivín todo o que conformaba ó home primitivo, e todo o que fixo, e todo no que deveu ata chegar a ser ti, e eu, e o resto da Humanidade que existe nesta civilización do século XX.

Abofé, levamos en nós –todos e cada un dos seres humanos que vivimos arestora no planeta– a incorruptible historia da vida dende que esta principiou. Unha historia que está escrita nos nosos tecidos e nos nosos ósos, nas nosas funcións e nos nosos órganos, no noso cerebro e no noso espírito, e en todas as clases de pulos e de instintos atávicos, tanto fisiolóxicos coma psicolóxicos, que posuímos. Unha vez fomos un peixe, ti e máis, lector, e saímos a rastro do océano para emprender a grande aventura terrestre, en medio da cal nos atopamos agora. As pegadas do mar aínda están en nós, así como as pegadas da serpe, antes de que ela acabase sendo ela e nós, nós, ou sexa, cando a pre-serpe e os pre-nós eran Un. Unha vez voamos polo ar, e unha vez moramos nas árbores por medo á escuridade. Eses vestixios fican gravados en ti e en min, e tamén nesa semente que nos sucederá ós dous ata a fin dos tempos terrenais.

O que Pascal albiscou coa ollada dun vidente, eu vivino. Vin cos meus propios ollos ese único ser humano que contemplou o ollo filosófico de Pascal. Ah, eu sei un conto que, para min, é o máis verdadeiro, o máis marabilloso, o máis real que existe.

Mais non teño talento abondo para contarcho, nin creo que o teñas ti para apreciálo, se cho conto. Dígoche que eu fun ese único ser humano ó que aludiu Pascal. Experimentei longos transos na camisa de forza, e albisquei milleiros de persoas vivindo milleiros de existencias que, de seu, conforman a historia do ser humano, dese mamífero que foi rubindo, gabeando a través das idades.

Ah, que magníficas lembranzas as miñas, mentres voo polos eóns do antergo. Neses transos de meu, vivín as innumerables vidas involucradas nas milenarias odiseas das primeiras migracións humanas. Si, creme, eu gardo lembranzas moi, moi vellas, de moito antes de pertecer á caste loira dos Æsir, que moraban en Asgard, e de moito antes de pertecer á caste rubia dos Vanir, que moraban en Vanaheim;¹²⁸ lembranzas vivísimas das primeiras migracións, cando, igual cá lanuxe arrastrada pola brisa, baixabamos ó sur en mandas, mentres ía minguando o casquete polar.

Eu morrín de frío e de fame, morrín en batallas e en inundacións. Eu apañei bagas no pelado espiñazo do mundo, e busquei raíces para comer nos lameiros e os lamazais. Eu gravei a silueta do caribú e do mamut laúdo en cairos de marfil obtidos coa caza e nas paredes rochosas das escuras espenucas, mentres fóra xemía a tormenta invernal. Eu crebei ósos para zugarlles o miolo onda cidades reais que desapareceran moitos séculos antes ou que aparecerían moitos séculos despois. E deixei os ósos das miñas carcasas transitorias no fondo dos pantanos, no grixo dos glaciares e no asfalto dos lagos.¹²⁹

Eu vivín ó longo de idades coñecidas arestora entre os científicos como o Paleolítico, o Neolítico e a Idade do Bronce. Aínda acordo o tempo no que, con lobos domesticados, levabamos os nosos renos a pacer na costa norte do Mediterráneo, onde agora están Italia, Francia e España. Iso foi denantes de que o manto de xeo empezara a fundirse en dirección ó polo. Eu vivín e morrín en infinidades de equinoccios, coma ti... Só que eu o lembro, e ti non –seica.

Eu fun Fillo da Osa Maior, Fillo do Peixe, Fillo da Árbore. Todas as relixións practicadas dende a orixe da espiritualidade bolen en min. E cando o sacerdote de aquí, da capela de Folsom, adora a Deus os domingos como se fai arestora, na civilización moderna, sei que nel, nese cura, tamén latexan aíndan os adoradores da Osa Maior, do Peixe e da Árbore – ah, e tamén os adoradores de Astarté e da Noite.¹³⁰

Eu fun un nobre ario no antergo Exipto,¹³¹ cando os meus soldados gravaban obscenidades nas tumbas esculpidas dos reis mortos, desaparecidos e esquecidos había

tempo. E eu, o nobre ario no antergo Exipto, erixín dúas tumbas para min: unha falsa e maxestosa pirámide da que podería dar testemuño toda unha xeración de escravos; e outra humilde, sinxela, secreta, escavada nas rochas dun desértico val por milleiros de escravos que morreron en rematando a súa tarefa... E velaquí estou agora, en Folsom, mentres a democracia soña con enmeigar o mundo do século XX, preguntándome se alí, na cripta escavada nas rochas daquel secreto e desértico val, aínda estarán os ósos que antano foron os meus e que sostiveron o meu corpo animado cando eu era aquel nobre barrigán que daba ordes.

E, na grande migración, cara ó sur e ó leste, baixo o sol abrasador que aniquilou todos os descendentes das familias de Asgard e de Vanaheim, fun un rei en Ceilán, un construtor de monumentos arios ás ordes dos reis arios, na anterga Xava e na anterga Sumatra. E morrín centos de veces na grande migración ó Mar do Sur, antes de que ese renacemento de meu chegara a erixir monumentos como só os erixen os arios, nas volcánicas illas tropicais que eu, Darrell Standing, non podo nomear agora, xa que non estou moi versado na xeografía daquel mar remoto.

Oxalá tivese talento para expresar, co escaso medio das palabras, todo canto vexo, todo canto sei e todo canto levo incorporado na miña conciencia verbo daquela impresionante migración dos primeiros pobos, nuns tempos moi anteriores ós inicios da nosa historia escrita!¹³² Si, mesmo daquela tiñamos una historia. Os nosos anciáns, os nosos sacerdotes, os nosos sabios explicábannola con relatos, e escribiron eses relatos nas estrelas para que os nosos descendentes non os esqueceran.¹³³ Do ceo viñan a chuvia e os raios do sol dadores de vida. E nós estudabamos o ceo, aprendiamos das estrelas a calcular o tempo e a dividir as estacións; e demos ás estrelas os nomes dos nosos heroes, dos nosos alimentos e dos nosos aveños para obter alimentos; e os nomes das nosas migracións, das nosas viaxes e das nosas aventuras; e tamén os nomes das nosas funcións e dos nosos pulos de furia e de desexo.

E, aí, coidabamos que os ceos nos que escribiamos todas as nosas humildes arelas e todas as humildes cousas que faciamos ou soñabamos facer eran inmutables. Na época na que eu fun un Fillo do Touro, lembro que pasei toda esa vida observando as estrelas. E, despois e denantes, tiven outras vidas nas que cantei cos sacerdotes e cos bardos as cancións sagradas dos astros nos que criamos que estaban escritas as nosas fazañas inesquecibles. E agora, ó final de todo aquilo, debrúzome sobre os libros de astronomía da biblioteca da prisión –pois ós convictos permítennos ler– e decátome que

mesmo os ceos son fluxos transitorios, afectados polo devir das estrelas igual que a Terra se ve afectada polo devir da Humanidade.

Grazas a estes coñecementos modernos, ó voltar, pola morte breve, das miñas vidas anteriores, fun quen de comparar os ceos de entón cos de agora. E agora sei que as estrelas cambian. Eu vin centos e centos de estrelas polares, dinastías enteiras de estrelas polares. A estrela polar está hoxe na Osa Menor. Mais, naqueles tempos, eu vina en Draco, en Hércules, en Lyra, Cygnus e en Cepheus. Non, nin sequera os astros fican iguais. E, porén, a súa memoria e a súa ensinanza seguen en min, no meu espírito que é memoria, e que é eterno. Só o espírito permanece. Todo o demais, o que só é materia, pasa e pasará.

Ah, hoxe vexo en min aquel home que apareceu no mundo primixenio, loiro e feroz, cazador e amante; un comedor de carne e un buscador de raíces; un vagaxeiro e un ladrón, que, maza en man, errou ó longo de milenios de anos polo mundo, á procura de carne que devorar e acubillo para a súa caterva de crías.

Eu son ese home, a súa suma, a súa totalidade, o bípede desprovisto xa de pelo que loitou por se erguer dende a lama primixenia e que creou o Amor e a Lei a partir do caos da fecunda vida que chiaba e berraba na xungla. Eu son todo o que ese home foi e todo no que deveu. Eu véxome, a través de infindas e dolorosas xeracións, axexando e matando o bisonte e o peixe, rozando os terreos dentro do bosque, facendo os trebellos de pedra e de óso, levantando casas de madeira, aquelandos os teitos con follas e palla, domesticando as herbas e as raíces silvestres, criándoas para que deveñan nos proxenitores do arroz, do paínzo, do trigo, da cebada e de todas as clases de suculentos comestibles, aprendendo a arar, a sementar, a apañar, a almacenar, mallando a fibra das plantas para logo fiala na roca e tecer con ela a roupa, ideando sistemas de irrigación, traballando os metais, creando mercados e rutas comerciais, construindo barcos e iniciando a navegación –ah, e organizando a vida da aldea, unificando aldeas para formar tribos, unificando tribos para formar nacións, investigando sempre as leis da Natureza, promulgando sempre as leis dos seres humanos para que estes poidan convivir en harmonía e, xuntando os seus esforzos, vencer e destruír calquera cousa animada ou inanimada que puidera destruílos a eles.

Eu fun ese home en todos os seus nacementos e en todos os seus empeños. Eu son ese home arestora, agardando a morte que me dará esa Lei que eu axudei a establecer hai milleiros de anos, e, por mor da cal, morrín moitas veces antes, moitas. E,

cando contemplo ese vasto pasado da miña historia e observo as diversas, grandes e espléndidas influencias que tiveron, sei que a máis importante de todas foi o amor da muller, o amor do home pola muller da súa especie. Si, véxome a min mesmo como un único home: o amante, sempre o amante. Tamén fun o grande guerreiro, abofé; pero, en certa maneira, hoxe, sentado aquí, reflexionando sobre todo aquilo, decátome de que, por riba de todo, fun o grande amante. E por iso, porque amei grandemente, fun o grande guerreiro.

Ás veces penso que a historia do home é a historia do seu amor pola muller. Todas estas lembranzas miñas que agora estou a escribir son as lembranzas do meu amor pola muller. Pois sempre, nesas dez mil vidas e baixo eses dez mil disfraces, a amei igual que a amo agora. Os meus soños están enchidos dela; as miñas fantasías, empezaran cando empezaren, sempre me levaron a ela. Non hai xeito de fuxir dela, da eterna, espléndida e sempre escintilante figura da muller.

Pero non te enganes. Eu non son un imberbe e ardente rapaz. Son un home maduro, coa saúde e o corpo crebados, e moi pronto morrerei. Son un científico e un filósofo. Eu, coma todos os filósofos que me precederon, coñezo a muller polo que é: a súa debilidade, a súa malicia, a súa inmodestia, a súa falla de nobreza, a súa maneira de ter os pés sempre na terra e non alzar nunca os ollos ás estrelas. Mais —e o feito irrefutable e sempiterno permanece—: *os seus pés son fermosos, os seus ollos son fermosos, os seus brazos e os seus peitos son o paraíso, o seu engado é máis poderoso que calquera dos que abraiou os homes; e, igual que o polo atrae forzosamente o compás, así atrae ela os homes.*¹³⁴

A muller fíxome sorrir na morte e na distancia, desprezar o cansazo e o sono. Eu matei homes, moitos homes, polo amor da muller, e con sangue quente bendicín as nosas nupcias ou lavei a mancha da súa infidelidade. Rebaixeime ó crime e á deshonra, traizoei os meus camaradas e as estrelas¹³⁵ por ela —ou, máis ben por min, que tanto a desexei. Durmín entre a cebada, enfermo de anxeio por ela, tan só por vela pasar e saciar os meus ollos co milagroso bambear da súa figura e o seu cabelo, negro coa noite, ou castaño, ou rubio, ou dourado co sol.

Pois a muller é fermosa... para o home. É doce para o seu gusto, fragrante polo seu olfacto. É lume no seu sangue, un estrondo de trompetas; a súa voz é superior a calquera melodía nos seus oídos. Ela, a muller, pode sacudir a alma do home que fica impasible ante os tempestuosos Titáns da Luz e da Escuridade. E, alén dos ceos que

observa, nesoutros que maxina, o home sempre reservou un lugar para ela, xa for coma valquiria ou coma hurí, pois non pode concibir ningún Ceo sen ela. E a súa espada, zoando na batalla, non asubía un canto tan doce coma o que a muller lle canta simplemente sorríndolle baixo o luar, ou suspirando de amor no escuro, ou arrandeándose baixo o sol mentres el xace na herba embriagado de desexo.

Eu morrín de amor –e morrín por amor, como verás. Moi pronto virán buscarme os meus verdugos, a min, Darrell Standing, e mataranme. E esa morte será por amor. Ah, eu estaba alporizado abondo cando matei o profesor Haskell no laboratorio da Universidade de California. El era un home. Eu era un home. E había unha muller fermosa entre ambos. Entendes? Ela era unha muller e eu era un home, un amante, e todo o amor que fun herdando dende os tempos escuros, cheos de chíos da xungla, moito antes de que o amor fose o amor, e o home fose o home, ardía en min.

Pero, ah, isto non é nada novo. Con moita, moita frecuencia, nese longo pasado, eu dei a vida e a honra, o rango e o poder por amor. O home é diferente á muller. Ela está máis apegada ó inmediato, e só coñece a necesidade do momento. Nós, emporiso, coñecemos a honra por riba da súa honra, e o orgullo por riba da súa salvaxe suposición do que é o orgullo. Os nosos ollos ven máis aló ó mirar as estrelas, mentres que os seus non ven máis aló da terra firme que hai baixo os seus pés, do peito do amante sobre o seu peito, da criatura louzá que leva no colo. E, secasí, esta alquimia que elaboraron as idades funciona tan ben que a maxia da muller percorre os nosos soños e a nosas veas, e por iso ela conta para nós máis cóos soños, cóas visións ou cóo sangue da vida en si, porque ela –como din os amantes con toda sinceridade– vale máis cóo mundo enteiro. Si, isto é así, se non o home non sería o home, o guerreiro e o conquistador que traza o seu vermello camiño sobre a face de todas as demais formas de vida; si, se o home non fose asemade o amante, o soberano amante, xamais acabaría sendo o soberano guerreiro. Pois nós loitamos mellor, e morremos mellor, e vivimos mellor movidos polo que amamos.

Eu son ese único home. Vexo en min os moitos eus que foron constituíndome. E, cando vexo unha muller, vexo as moitas mulleres que me fixeron e me desfixeron, as que me amaron e as que ameí.

Ah, lembro que, hai tempo, cando a Humanidade era ben nova, construín unha trampa, un foxo cun espeque afiado, apuntando cara a enriba, no centro, para cazar con ela un tigre. O tigre de dentes de sabre, cos seus longos pelos e cairos, era o maior

perigo que tiñamos naquel lugar que ocupamos; alí, onde de noite nos acuruxabamos ó redor das nosas cacheiras, e de día incrementabamos a crecente morea de cónchegas coas das ameixas que apañabamos nas marismas e logo devorabamos.

E cando o ruxido e o xemido do tigre nos espertaba alí, onde nos estableceramos, deitados cabo das nosas ascuas moribundas, e eu devecía por ver se a trampa dera resultado, era ela, a muller, apertándome cos seus brazos, apresándome coas súas pernas, quen loitaba comigo e me impedía internarme no escuro para satisfacer a miña arela. Ela, que ía vestida a medias, tan só para quecer, con peles de animais, cotrosas e chamuscadas, que eu cazara; ela, que andaba requemada e chisnada polo fume do campamento; ela, que levaba sen lavarse dende as últimas chuvias da primavera, que tiña as unllas deformadas e rotas, as mans encalecidas coma os pezuños dos animais, máis semellantes a poutas que a mans... Pero os seus ollos, ah, eran azuis coma o ceo de verán, coma o mar profundo. E era iso, o que había nos seus ollos, nos seus brazos, nese corazón que latexaba contra o meu, o que me retiña.... Aínda que despois, ó longo de toda a noite, ata o amencer, puidera sentir ós meus compañeiros rirse polo baixo e moumearlle ás súas mulleres que eu non tiña fe abonda na miña empresa nin no meu invento como para aventurarme na noite e achegarme ata a trampa que ideara para acabar co tigre. Mais a miña muller, a miña salvaxe compañeira retiñame, a min, que era tan salvaxe coma ela, e os seus ollos arrastrábanme, e os seus brazos encadeábanme, e as súas pernas apresábanme, e o seu corazón, latexando contra o meu, seducíame, facéndome esquecer a miña arela de cousas, o meu achado de home, o meu principal obxectivo, atrapar e matar o tigre de dentes de sabre na miña trampa.

Unha vez fun Ushu, o arqueiro.¹³⁶ Lémbroo moi ben, pois extravieime nun grande bosque cando ía cos meus, e fun dar a unhas chairas herbosas, e alí apresoume unha xente estraña, de pel branca, cabelo marelo, e que falaba unha lingua ben distinta da miña. E ela era Igar. E, cantando á noitiña, dei en atraela, pois estaba destinada a ser a nai de toda unha raza. Ela tiña cadeiras anchas e peitos rebordantes, e non podía senón sentirse atraída por ese home robusto e musculoso que cantaba a súa habelencia para loitar e cazar, e que, así, lle prometía protección e comida na súa febleza, mentres ela criaba a descendencia que cazaría e viviría após ela.

Pero ese pobo non era tan avanzado coma o meu, e seguía a cavar foxos con espeques para cazar, e seguía a usar mazas e tirafondas para loitar, e ignoraba as virtudes das frechas velozes, fendidas no cabo para poder suxeitalas a esa corda feita co

tendón dun cervo, ben retorta, que as impulsaba en liña recta cando a soltabas e relaxabas o pau apandado no medio ó que esta ía atada.

E, mentres eu cantaba estas cousas, os homes estraños rían baixo a luz do solpor. E só ela, Igar, cría no que eu dicía, e confiaba en min. E por iso só a ela a levei a cazar, alí, onda aquel burato con auga ó que o cervo ía beber. E a corda do meu arco asubiou e cantou no mato, e o cervo caeu de súpeto. E nós saboreamos a súa carne quente, e logo eu cubrina alí mesmo, onda o burato con auga.

E foi por ela, por Igar, por quen fiquei con eses estraños. E aprendinlles a fabricar arcos coa vermella e olorosa madeira do cedro. E aprendinlles a manteren os ollos abertos, e a apuntaren co ollo esquerdo, e a faceren frechas romas para a caza menor e frechas con puntas de óso para o peixe da auga clara. E aprendinlles a escamaren puntas de obsidiana para o cervo e o cabalo salvaxe, o alce e o vello tigre de dentes de sabre. Pero, cando lles aprendín a escamaren a pedra preciosa, riron de min, ata que atravesei un alce de lado a lado, e viron a punta de pedra asomando por un costado e a frecha emplumada espetada nos órganos vitais do animal, e daquela toda a tribo aplaudiu.

Eu era Ushu, o arqueiro, e Igar era a miña muller e compañeira. Pola mañá, alumeados polo sol, riamos cando a nosa cría macho e a nosa cría femia, marelos coma as abellas, se estomballaban e andaban ós vorcallóns polo campo de mostaza; e, pola noite, ela deitábase onda min, dentro dos meus brazos, e amábame, e suplicábame que, por mor da miña habelencia para curar a madeira e escamar as pedras, ficara preto do campamento e deixara que foran os outros homes buscaren a carne e afrontaren os perigos da caza por min. E eu escoitábaa, e ía engrosando e perdendo folgo, e, pasaba as longas noites esperto, preocupado porque foran eles, os homes da estraña tribo, os que me trouxeran a carne por mor da miña habelencia e da miña honra, e ría do groso que estaba e da miña desgana de cazar e de loitar.

E, na vellez, cando as nosas crías macho eran homes medrados e as nosas crías femias eran nais, cando, procedentes do sur, os homes de pel escura, fronte lisa, pelo encrechado, caeron como vagas do océano sobre nós, e tivemos que fuxir ós outeiros, diante deles, Igar, coma todas as compañeiras que tiven antes e despois, aferrándome cos seus brazos, apresándome coas súas pernas, incapaz de ver máis aló de nós, tentou manterme lonxe da batalla.

Mais eu arrinqueina de min, e, groso e sen folgos como estaba, mentres ela choraba e dicía que xa non a amaba, saín fóra e sumeime á loita da noite e á loita da alba, cando, baixo o canto das cordas e o asubiar das frechas emplumadas e afiadas, demostrámoslles a aqueles cabezas encrechadas a arte de matar, e aprendémoslles o enxeño e a vontade que esixe a loita.

E, como eu morrín daquela, ó final da loita,¹³⁷ houbo prantos na miña honra, cantos fúnebres que seica dicían o mesmo que estas palabras que acabo de escribir eu sobre a época na que era Ushu, o arqueiro, e Igar, a miña compañeira, a que me aferraba cos seus brazos e me apresaba coas súas pernas para manterme lonxe da batalla.

Outra vez, non sei moi ben cando, mais tamén debeu de ser naquela época remota na que aínda o ser humano era ben novo, viviamos onda uns grandes pantanos, preto duns outeiros por entre os cales fluía paseniño un río caudaloso. Alí, as nosas mulleres apañaban bagas e raíces, e nós cazabamos moreas de cervos, cabalos salvaxes, antílopes e alces, matándoos cos nosos arcos ou atrapándoos nos foxos ou nas cavidades das rochas. E no río colliamos peixes con redes trezadas polas mulleres con tiras de cortiza das árbores novas.

Eu era un home, ansioso e curioso como o antílope cando o engaiolabamos axitando os matos espesos tras os que nos agochamos. O arroz silvestre medraba no pantano, emerxendo limpamente da auga nos bordos dos canais. Cada mañá, os merlos espertábanos co seu rechouchío cando liscaban das árbores en dirección ó pantano. E, durante o longo solpor, o ar volvía encherse do seu canto cando tornaban ó niño. Era na época na que o arroz silvestre maduraba. E tamén había parrulos, e os parrulos e os merlos collían unha pancha coa aquel arroz medio depenado polo sol.

Como eu era un home inqueda, cadora matinando, cando preguntándome que habería alén dos outeiros, alén dos pantanos, ou na lama do fondo do río, fixeime nos parrulos e nos merlos, e matinei e matinei ata que o vin claro, como se fose unha visión. E o razoamento que me fixen foi o seguinte:

«A carne é boa para comer. Pero a carne ó final, ou, mellor dito, ó principio, provén da herba. A carne do parrulo e a carne do merlo provén dos grans de arroz que medra no pantano. Matar un parrulo cunha frecha a penas compensa o esforzo de pasar horas e horas axexándoo, agochado. Os merlos son pequenos de máis como para matalos cunha frecha –agás para os cativos, que así se adestran para logo matar pezas grandes. E, emporiso, na estación do arroz, os merlos e os parrulos están ben grosos. A

súa gordura provén, xa que logo, do arroz. Daquela, por que eu e os meus non imos poder engrosar co arroz igual ca eles?>>

E pensei todo iso no campamento, silencioso, taciturno, mentres os nenos rifaban ó meu redor sen decatarse da miña presenza, e mentres Arunga, a miña compañeira, en van me reprendía e me urxía a que fora cazar algo de carne para os moitos que eramos.

Arunga era a muller que eu lle roubara ás tribos dos outeiros. Despois de raptala, tardamos unha ducia de lúas en aprender as nosas respectivas falas. Ah, lembro que aquel día me botei a ela dun chimpó, dende as pólas que penduraban das árbores, cando tentou liscar! Manqueina ó caer xusto enriba dos seus ombros, abrindo as mans coma poutas para pillala. Ela chiou, defendeuse, mordeume, rabuñoume coas unllas coma unha gata brava. Pero eu suxeiteina e domineina, e estiven dous días zoscándolle e obrigándoa a vir comigo dende os canóns dos Homes dos Outeiros ata as chairas herbosas onde o río fluía por entre os arrozais, e os parrulos e os merlos enchían o saco.

Eu tiven a miña visión cando o arroz estaba na propia. Puxen a Arunga na proa do tronco baleirado con lume –que niso consistía a nosa rupestre canoa– e mandeille remar. Na popa estendín o pelexo dun cervo que ela curtira. Con dúas varancas inclinei os talos sobre o pelexo e debullei os grans que, se non, ían comer os merlos. E, logo de aprender eu a maneira de facelo, paseille as dúas varancas a Arunga, e sentei na proa a remar e dirixir o tronco.

Outrora, xa comeramos arroz cru ó pasar por alí, e non nos gustara. Mais agora secámolo enriba do lume ata que os grans incharon e estouparon, branquiños de todo, e os nosos viñeron axiña probalo.

Dende ese día, pasamos a ser coñecidos entre os homes coma os Comedores de Arroz e Os Fillos do Arroz. E moito, moito despois, cando os Fillos do Río nos obrigaron a trasladármonos dende os pantanos ás terras altas, levamos canda nos a semente do arroz para plantala alí. Aprendemos a escoller os grans máis longos para a bota, e, así, o arroz que logo comiamos tiña os grans máis longos e inchados cando o secabamos e cociamos.

Mais, volvendo a Arunga, xa che dixen que chiou e me rabuñou coma unha gata brava cando a raptei. Secasí, lembro a época na que a súa propia familia dos Homes dos Outeiros me atrapou a min e me levou canda ela. Alí estaban o seu pai, o seu irmán, e os seus dous irmáns de sangue. Mais ela era miña, pois vivira comigo. E, de noite, mentres

eu xacía atado coma un porco bravo para a matanza, e eles durmían cansos onda o lume, ela reptou deica eles e partiulles a cabeza coa maza que eu mesmo lle fixera. E logo chorou sobre min, desatoume e liscou comigo, de volta ó caudaloso río e ós pantanos nos que os merlos e os parrulos salvaxes se alimentaban de arroz... Mais iso foi antes de que chegaran Os Fillos do Río.

Pois ela era Arunga, a muller única, a muller eterna. A muller que viviu en todos os tempos e lugares, e que vivirá por sempre, porque é inmortal. Outrora, nunha terra remota, chamouse Ruth. E tamén Isolda, e Elena, e Pocahontas, e Unga. E non hai estranxeiro, de ningunha tribo estranxeira, que non a atopara ou a vaia atopar nas tribos de toda a Terra.

Recordo tantas, tantísimas mulleres que se foron convertendo nesa única muller... Houbo un tempo no que Har, o meu irmán, e máis eu, durmindo e axexando por quendas, dando caza ó cabalo salvaxe cadora, día e noite, e nun círculo amplo onde o atopamos durmindo, desbravámolo a por de cansalo, de facerlle pasar fame e sede, ata debilitalo e amansalo. Así que, ó final, a besta ergueuse tremelicando mentres nós a prendiamos cunhas cordas que fixeramos con fitas de pelexo de cervo trezadas. Nós sós, sen pasarmos apuro ningún e sen máis axuda có noso enxeño —aínda que o plan era meu—, fomos quen de apropiarnos daquel animal veloz.

E, cando eu xa estaba presto a subirme ó seu lombo —pois fora esa a visión que tivera—, Selpa, a miña muller, arrodeoume cos seus brazos, alzou a voz e insistiu en que fora Har, non eu, quen o montara, pois el non tiña nin muller nin fillos ós que deixar sós se morría. Ó final acabou chorando, así que tiven que renunciar á miña visión; e era el, Har, quen, espido e apertado ó seu pescozo, ía montado na besta cando esta marchou a escape.

Despois, á noitiña, en medio de grandes laios, foi a el, a Har, a quen trouxeron dende os remotos penedos onde o atoparan. Tiña a cabeza aberta, e os seus miolos viñan pingando sobre o chan coma o mel dunha colmea rota. A nai enfeluxouse a cabeza e a faciana con cinza. O pai cortouse a metade de cada dedo dunha man en sinal de dó. E todas as mulleres, mormente as novas e as que non tiñan compañeiro, puxéronse contra min; e as máis vellas abanearon as súas sabias cabezas e bisbaron e moumearon que nin os seus pais nin os pais dos seus pais cometeran semellante loucura. A carne de cabalo é boa para comer; a de poldro, tenra para os dentes vellos; e só un tolo podía aferrarse a

un cabalo salvaxe, agás a algún cunha frecha cravada no lombo ou espetado no espeque do foxo.

E Selpa rifoume e mandoume deitar. E logo, pola mañá, seguiu coa mesma leria, trecoleando arreo sobre a miña loucura, laiándose cadora de min e dos nosos fillos. Ata que, ó final, deime por vencido e renunciei á miña visión, xurándolle que nunca máis volvería soñar con montar un cabalo salvaxe para correr tan veloz coma as súas patas ou coma o vento polos areais e polas terras herbosas.

E, ó longo dos anos, o conto da miña loucura nunca deixou de lembrarse ó redor da fogueira do noso campamento. Secasí, foi iso, o feito de que seguiran a latricar sobre aquilo, a fonte da miña vinganza; pois o soño non morrera, e os rapaces, ó sentiren ise conto ata esmendrellárense, volvían soñar con montar a cabalo. E, ó final, foi Othar, o maior dos meus fillos, todo un rapazote, quen deu en tombar un cabalo salvaxe, saltar ó seu lombo, e pasar diante de todos nós á velocidade do vento. A partir de entón, todos os homes, querendo emulalo, atraparon e desbravaron bestas salvaxes. Moitos cabalos foron domados. Algúns homes pereceron, mais eu puíden vivir ata o día no que, ó trasladarmos o campamento nas estacións en que iamos á procura de carne, as nosas crías, metidas en cestas trezadas con pólas de salgueiro, ían arrandeándose dun lado ó outro a lombos dos nosos cabalos, cos cales transportabamos o material do campamento e os nosos propios trebellos.

Eu, cando era novo, tiven unha visión, un soño; Selpa, a muller, afastoume da mira arela; pero Othar, a semente de nós que viviu despois, enxergou a miña visión e realizouna. Así a nosa tribo deveu rica coas ganancias da caza.

Houbo outra muller, naquela grande migración na que saímos de Europa. Unha ardua andaina que durou varias xeracións, cando levamos a India o gando de cornos curtos e o cultivo da cebada. Mais esa muller existiu moito antes de que chegáramos a India. Aínda estabamos na metade do camiño daquela longa migración que durou séculos, mais, por mor dos meus escasos coñecementos de xeografía, non son quen de situar aquel antergo val ó que chegamos.

A muller chamábase Nuhila. O val era estreito, non moi longo, e os seus costentos terreos estaban cubertos de socalcos, reforzados con muros de contención, nos que medraban o arroz e o paínzo —o primeiro arroz e o primeiro paínzo que nós, os Fillos da Montaña, ollabamos. Nel vivía unha xente mansa. Unha tribo que se convertera nunha xente tranquila cultivando aquela terra, xa fértil de seu, que ela

mellorara con auga. O seu foi o primeiro sistema de irrigación que coñecemos, aínda que no tivemos tempo de fixarnos ben nas súas canles e nos seus canais, polos que fluían todas as augas dos outeiros ata ós socalcos que eles construíran. Non tivemos tempo de fixarnos, non, pois nós, os Fillos da Montaña, que eramos poucos, viñamos fuxindo dos Fillos de Nariz Chato, que eran moitos. Nos chamabámoslos os Sen Nariz, e eles chamábanse a si mesmos Os Fillos da Aguiá. Pero eles eran moitos, e nós fuximos deles co noso gando de cornos curtos, as nosas cabras, as nosas sementes de cebada, as nosas mulleres e os nosos fillos.

Mentres os Narices Chatos mataban os nosos mozos na retagarda, nos matabamos na vangarda aquela xente do val, que soubo defenderse ben pero era feble. As casas da aldea tiñan as paredes de barro e o teito de palla e de herba; tamén a muralla que a arroteaba era de barro, pero alta. E, logo de matarmos esa xente que construíra a muralla, e de acubillarmos as mulleres, os nenos e o gando de noso, erguémonos na muralla e insultamos a berros os Narices Chatos. Pois atopamos os celeiros cheos de arroz e de paínzo. Podíamos dar de comer ó noso gando a palla e a herba dos teitos. E a estación das chuvias estaba por chegar, así que non teriamos necesidade de auga.

Foi un longo asedio. Ó pouco de iniciarse, axuntamos as mulleres, os vellos e máis os nenos da aldea que non matamos e obrigámoslos a saír da muralla que eles mesmos construíran. Pero os Narices Chatos liquidáronos todos, tras o cal nós tiñamos aínda máis comida na aldea, e eles na valgada.

Foi un longo e cruel asedio. As enfermidades ceibáronse con nós, e os que ficamos empezamos a finar da peste que xeraran os mortos. Nós acabamos coas provisións dos celeiros, e o gando coa palla e a herba dos teitos, polo que, antes do final, tivemos que comernos as cabras e as vacas.

Alí onde antes houbera cinco homes esculcando, agora non había máis que un; alí onde antes houbera medio millar de bebés e de rapaces, agora non había ningún. Foi Nuhila, a miña muller, quen cortou o pelo e o trenzou para que eu puidera facerme unha boa corda de arco. As outras mulleres fixeron outro tanto, e, cando a muralla foi atacada, estiveron, ombro con ombro, connosco, arrebolando, en medio das nosas lanzas e as nosas frechas, coios e cachotes sobre as cacholas dos Narices Chatos.

Mesmo eles, os pacientes Narices Chatos, perderon a paciencia con nós. Chegou un momento en que, de cada dez homes que tiñamos, só ficaba un vivo na muralla, e mulleres quedaban poucas. Mais, inda así, os Narices Chatos aceptaron parlamentar.

Dixéronnos que eramos unha raza forte; que as nosas mulleres eran boas parideiras de homes; e que, se lle deixabamos quedarse con elas, eles, en troques, deixaríannos quedar a vivir na valgada, e logo xa atoparíamos outras mulleres nos vales do sur.

E Nuhila dixo non. E as outras dixeron non. E nós burlámonos dos Narices Chatos, e preguntámoslles se xa estaban cansos de loitar. E iso que nós xa estábamos medio mortos cando nos mofamos deles, e demasiado febles como para seguirmos loitando. Un ataque máis á muralla e todos pereceríamos. Nós sabíámolo. As nosas mulleres tamén. E Nuhila dixo que o mellor sería acabarmos con nós antes, e así burlámonos para sempre dos Narices Chatos. E todas as mulleres estiveron de acordo. E, mentres os Narices Chatos se preparaban para o derradeiro ataque, nós, alí, na muralla, matamos as nosas mulleres. Nuhila amábame, e por iso botouse á miña espada, alí na muralla. E nós, os homes, por amor á nosa tribo e por respecto a nós mesmos, matámonos os uns ós outros, ata que alí só ficamos Horda e máis eu, bañados en sangue. Horda era o meu fillo maior, e eu boteime á súa espada. Mais non morrín decontado. Eu fun o derradeiro Fillo da Montaña, pois vin como Horda se cravaba a súa propia espada e morría de socate. E eu, arrodeado dos berros que ían medrando nos meus oídos, aledeime de que os Narices Chatos non puideran ter fillos dos ventres das nosas mulleres.

Non sei en que época fun un dos Fillos da Montaña, nin cando morremos alí, naquela valgada estreita onde matamos os Fillos do Arroz e do Paínzo. Non o sei, mais creo que foi antes da grande migración que nos levou a India, e moito antes de que eu fora aquel caudillo ario no antergo Exipto que construíu dúas tumbas para el e mutilou as dos reis que o precederon...

Gustaríame poder contarche máis cousas daqueles días, mais o tempo actual xa está a acabarse. Pronto desaparecerei. E, emporiso, lamento non contarche máis historias daquelas primeiras migracións, cando os pobos chocaban decote á procura de alimento e os mantos de xeo estaban a minguar.

Tamén me gustaría falarche do Misterio, pois dende sempre arelamos resolver os segredos da vida e da morte, do Aquén e do Alén. A diferenza doutros animais, o ser humano sempre esculcou as estrelas. Creou moitos deuses á súa imaxe e semellanza, e tamén á imaxe e semellanza das súas propias fantasías. Naqueles tempos antergos, eu

adorei o sol e a lúa, a luz e a escuridade. Adorei o gran como pai da vida. Adorei a Sar, a Deusa do Millo. E adorei os deuses do mar, do río, do peixe.

Si, eu acordo a Ishtar, antes de que os babilonios nola roubasen; e a Ea, a deusa do Mundo Subterráneo, que permitiu que Ishtar vencera a morte. Tamén Mitra foi un antergo e bo deus ario, antes de nolo furtaren ou de descartármolo nós. E lembro que, en certa época, moito antes de levarmos a cebada a India, eu, un tratante de cabalos, fun alí con moitos criados e unha longa caravana detrás, e que daquela os hindús veneraban o Boddhisatva.¹³⁸

Si, abofé os cultos ó Misterio vagaron coma os homes, e, entre furtos e préstamos, os deuses tiveron tempo para errar dun lado ó outro, coma nós. Igual que os sumerios tomaron prestado de nós a Shamashnapishtin, os Fillos de Shem¹³⁹ tomárono dos sumerios e chamárono Noé.¹⁴⁰

Que curioso –sorrió eu hoxe, aquí, no Pavillón de Asasinos– que o profesor Darrell Standing fose achado culpable e condenado a morte precisamente por un xurado formado por doce membros tan rectos como sinceros... Pois o doce foi sempre un número máxico, unha das cifras do Misterio. E non se orixinou, como cren algúns, por mor das doce tribos de Israel. Xa os vixías do ceo, moi anteriores a elas, crearan doce signos do Zodíaco cos astros do firmamento. De feito recordo, de cando eu descendía dos Æsir e dos Vanir, que Odinn se sentaba a xulgar os homes no tribunal dos doce deuses, e que os nomes destes eran: Tor, Balder, Njord, Freyr, Tyr, Bragi, Heimdallur, Hódr, Vidarr, Ullr, Forseti e Loki.¹⁴¹

Mesmo as Valquirias nos roubaron, e transformáronas en anxos, e as ás dos cabalos daquelas foron parar ós ombreiros destes.¹⁴² E o noso Helheim de entón, feito de xeo e xeadas, deveu no Inferno¹⁴³ de agora, un lugar tan ardente que che fai ferver o sangue nas veas, mentres que, para nós, o Helheim era un lugar tan frío que che conxelaba o miolo dos ósos. E ata o propio firmamento, que nós maxinabamos perdurable, eterno, moveuse e cambiou, polo que agora atopamos a constelación de Escorpio no lugar que daquela ocupaba a de Capricornio, e a de Saxitario no lugar da de Cáncer.

Cultos e máis cultos! Sempre á procura do Misterio! Recordo o deus coxo dos gregos, o ferreiro. Pero o seu Vulcano era o Wieland xermánico,¹⁴⁴ o ferreiro que capturou e deixou paralítico dunha perna o rei dos Nids, Nidud,¹⁴⁵ o cal, a súa vez, fora antes o noso ferreiro, o noso forxador, a quen nós chamabamos Ilmarinen.¹⁴⁶ Nós

creámolo á imaxe das nosas fantasías, dándolle por pai o barbudo deus Sol, e por amas de leite as estrelas da Osa. Pois el, Vulcano –ou Wieland, ou Ilmarinen– naceu baixo un piñeiro, do pelame dun lobo, e tamén foi chamado o Pai Oso antes de que os xermanos e os gregos o asimilasen e adorasen. Nós, daquela, facíámonos chamar os Fillos do Oso e os Fillos do Lobo, e o oso e o lobo eran os nosos tótems. Iso foi antes de que emigráramos ó sur canda os Fillos da Fraga, que adoptaron os nosos tótems e as nosas historias.

Si, e quen era Kashyapa, quen Pururavas¹⁴⁷ senón o ferreiro coxo, o forxador de aceiro que levamos canda nós naquelas migracións, e que logo rebautizaron e adoraron os moradores do sur e os do leste, os Fillos do Pao e do Furador de Lume e o Furaco de Lume.¹⁴⁸

O conto é longo de máis. Se non, falaríache tamén da Herba da Vida de tres follas coa que Sigmund deu en revivir a Sinfioti. Pois velaí esta a orixe da planta soma da India, e do Santo Grial artúrico, e de... Pero xa, xa abonda!¹⁴⁹

Secasí, cando reflexiono con calma sobre todo aquilo, chego a conclusión de que o máis importante nesta vida, en todas as vidas, para min e para todos os homes, foi, é e será a muller –cando menos mentres as estrelas se movan no ceo e a enerxía do universo flúa arreo. Máis importante para nós que o noso labor e que o noso afán, máis que o xogo da invención e da fantasía, máis que a guerra, que a astronomía e que o Misterio, máis importante que calquera outra cousa foi a muller.

Aínda que ás veces me cantara unha falsa melodía, mantivera os meus pés apegados á terra e afastase os meus ollos da esculca do ceo para que a fitase a ela, a muller, a conservadora da vida, a Terra Nai, deume grandes días e grandes noites, anos enteiros de plenitude. Mesmo ó Misterio lle dei a súa forma, e, en todos os zodíacos que elaborei, sempre a puxen no medio das estrelas.

Todo canto argallei e realicei me levou a ela; todas as miñas visións acabaron sendo, ó final, o seu rostro. Se aprendín a facer lume foi só por ela. Aínda que entón non me decatase, por ela ideei o foxo co espeque para matar o tigre; por ela domei o cabalo; por ela cacei o mamut; por ela emigrei cos meus renos ó sur mentres avanzaba o desxeo. Por ela aprendín a cultivar e apañar o arroz, a cebada, o millo, o trigo.

Por ela, e pola semente futura cuxa imaxe levaba dentro, morrín na copa das árbores, asediei espenucas e aldeas amuralladas. Por ela puxen doce constelacións no

ceo. E era ela quen adoraba eu cando me inclinaba diante das dez pedras de xade, reverenciándoas coma símbolos das dez lúas dos meses de xestación.

Dende sempre, a muller acuruxouse preto da terra como unha perdiz chocando os seus pitos; dende sempre, a miña teima de vadiar afastoume dos camiños escintilantes; e, dende sempre, os meus sendeiros estelares leváronme de volta a ela, a figura sempiterna, a muller, a muller única, cuxos brazos necesitaba tanto que, acubillado neles, me esquecía das estrelas.

Por ela realicei odiseas, escalei montañas, crucei desertos; por ela dirixín a cacería e comandeí a batalla. Por ela e a ela cantei as loanzas das cousas que fixen. Por ela e con ela experimentei todas as éxtases e todas as ledicias. E agora, ó final, ben podó dicir que non coñecín ningunha loucura máis doce nin máis profunda que a de abismarme no arrecendo, no divino esquecemento dos seus cabelos...

Só unha palabra máis. Estou a lembrarme de Dorothy, como se fora onte, cando eu aínda daba charlas de agronomía a rapaces de orixe labrega. Ela tiña once anos. O seu pai era decano da universidade. Era unha muller–nena¹⁵⁰, e unha muller, e deulle por coidar que me amaba. Eu sorrín por dentro, pois o meu corazón era incommovible e estaba noutro lugar.

Secasí, foi un sorriso tenro, pois nos ollos da nena vin a muller eterna, a muller de todos os tempos e con todas as trazas. Nos seus ollos vin os ollos da miña compañeira da xungla e da copa da árbore, da cova e do asentamento. Nos seus ollos vin os ollos de Igar cando eu era Ushu, o arqueiro; os ollos de Arunga cando eu era o cultivador de arroz; os ollos de Selpa cando eu soñaba con montar a cabalo; os ollos de Nuhila cando se botou á miña espada. Si, o que había neles transformaba os seus ollos nos ollos de Lei–Lei, a quen abandonei cun sorriso nos beizos; nos ollos da Dama Om, que durante corenta anos foi a miña compañeira mendiga por camiños e carreiros; os ollos de Philippa, por quen caín morto sobre a herba da vella Francia; os ollos da miña nai, cando eu era o cativo Jesse, en Mountain Meadows, no círculo que formaban os nosos corenta carromatos.

Ela era unha muller–nena, mais era filla de todas as mulleres, como a súa nai antes ca ela, e, asemade, era a nai de todas as mulleres por vir. Ela era Sar, a deusa do millo. Era Ishtar, a deusa que venceu a morte. Era Sheba e Cleopatra. Era Esther e Herodías. Era María, a Virxe, e María Magdalena, e María, a irmá de Marta, e a propia

Marta. Era Brunilda e Xenebra, Isolda e Xulieta, Heloísa e Nicolette. Si, e era Eva, e Lilith, e Astarté. Tiña só once anos pero era todas as mulleres que foron e que serán.

Velaquí estou agora, sentado na miña cela, mentres as moscas zunen na soporífera tarde estival, e sei que me queda pouco tempo. Pronto virán poñerme a camisa sen colo... Pero acouga corazón: o espírito é inmortal. Logo da negrume, vivirei de novo, e haberá outras mulleres. O futuro resérvame moitas pequenas mulleres para todas as vidas que aínda vivirei. E, aínda que as estrelas varíen e os ceos enganen, ela fica, a muller escintilante e eterna, a muller única, igual que eu son o home único, o seu compañeiro, baixo todas as mascaradas e todos os infortunios.

CAPÍTULO XXII

A penas me queda tempo. O manuscrito que escribín xa está fóra da prisión. Un home no que confío sacouno ás agochadas e fará por publicalo. Xa non estou no Pavillón de Asasinos.¹⁵¹ Estou a escribir estas liñas na cela do corredor da morte, espreitado cadora por un garda. Un home que me vixía día e noite, coidando, paradoxalmente, de que non me mate. O Estado quere manterme vivo para aforcarme; se non, o público sentiríase enganado, a Lei desprestixiada, e a vergoña caería sobre o oportunista alcaide que dirixe esta prisión, xa que unha das súas obrigas é velar para que os condenados a morte sexan executados como Deus manda... Abofé, que estraña maneira teñen algúns de gañarse a vida.

Este, xa que logo, será o derradeiro texto que escriba. Mañá pola mañá chegará a miña hora. O gobernador rexeitou a petición de perdón ou de indulto, malia que a Liga Contra a Pena Capital armou un bo rebumbio en California.¹⁵² Os xornalistas están a agardar coma voitres. Xa os vin aí fóra. A maioría son rapaces novos, e ben raros. Pero o que me parece máis raro aínda é que se gañen o pan, os cócteles, o tabaco, a casa que teñen alugada e, se están casados, os zapatos e os libros escolares dos seus fillos, asistindo á execución do profesor Darrel Standing e describindo ós seus lectores como morreu este, pendendo dunha soga. Boh, tanto me ten: atoparanse peor ca min cando isto acabe.

Sentado aquí, pensando no que acontece —as pisadas do garda indo e vindo dun lado ó outro, os seus ollos receosos axexándome cadora—, sinto un enorme cansazo, como se levara toda a eternidade vivindo as mesmas cousas. Dende logo, xa vivín moitísimas vidas, e estou canso desta loita sen fin, da dor e da desgraza que cae sobre aqueles que sentan en lugares altos, trazan camiños resplandecentes e vagan polas estrelas.

A próxima vez que renaza, espero non ser máis que un apracible labrego. Ese é o meu soño. Firmaría agora mesmo por levar esa vida xa para sempre. A vida dun labrego! Cos meus alfalfais, o meu bo gando de Jersey, os meus brañadoiros, as miñas abas cubertas de matos facéndose, devagariño, en lameiros, mentres, cada vez máis enriba, as miñas cabras de angora van rozando o monte.

Hai unha vaira alí, no cimo das abas; un encoro natural que deita auga a cachón por tres dos seus lados. Gustaríame facer unha presa no cuarto lado, que é sorprendentemente estreito. Con moi pouco esforzo, podería obter uns cen millóns de litros de auga. Pois, verás: un dos grandes problemas que ten cultivar en California é o seu longo verán de seca. O cal impide que medre unha boa capa de vexetación, e a terra, espida de todo, cuberta tan só de po, perde o seu humus, queimado polo sol. Pero con esa presa podería apanar tres colleitas ó ano, rotando como cómpre os cultivos, e empregando unha boa cantidade de esterco verde...

Hai un intre, tiven que aturar a visita do alcaide –e digo “aturar” adrede. E iso que este é moi diferente ó alcaide de San Quintín. Cando veu, estaba fóra dos eixos, e non me quedou máis remedio que recibilo. Este é o seu primeiro aforcamento, disque. E eu, querendo facer, torpemente, unha graza, no canto de tranquilizalo, díxenlle que a min me ocorría o mesmo: que esta era a primeira vez que me aforcaban. O home non foi quen de rir... Seica ten unha filla no instituto, e o seu rapaz vén de entrar na universidade de Stanford. Non ten máis ingresos có seu soldo, a súa muller está inválida, e o home está preocupado porque quixo facerse un seguro de vida e os médicos da compañía rexeitaron a súa solicitude, argumentando que corrían moito risco con el. A verdade é que o alcaide me contou case que todos os seus problemas. Se non chego a cortalo –iso si, con suma educación–, aínda estaría aquí, largándome o resto.

Os dous últimos anos que pasei en San Quintín foron ben deprimentes. A Ed Morrell, por un deses estraños golpes de sorte, sacárono da cela de illamento e nomeárono xefe dos presos de confianza de toda a cadea. Ese era o posto que tiña Al Hutchins, co cal viña sacándose uns tres mil dólares ó ano, baixo corda. Para a miña desgraza, Jake Oppenheimer, que levaba anos podrecendo na súa cela de illamento, deveu nun tipo amargado, encabuxado con todos e con todo. Estivo oito meses sen falarme.

Na falcona, as noticias voan. Dálles algo de tempo, e acabarán chegando ás celas de illamento. Así souben, por fin, que a Cecil Winwood, ese poeta–falsificador, ese cagainas, ese lambecús, ese papexón de merda, volveran pillalo falsificando. E, como lembrarás, foi el quen matinou a andrómena esa de que eu cambiara de sitio a inexistente dinamita, e, pola súa culpa, botei cinco anos no Pavillón de Illamento.

Daquela, decidín matar a Cecil Winwood. Pero como? Morrell xa marchara, e Oppenheimer, ata o motín que acabou con el, non fixo cinzas con ninguén. A vida na cela cada vez me resultaba máis monótona. Tiña que facer algo. E entón lembrei a época na que fun Adam Strang, cando estiven corenta anos argallando pacientemente a miña vinganza. Podía facer o mesmo ca el: botarlle as mans ó pescozo, se algunha vez batía con Winwood...

Non esperes que che conte como me fixen con esas catro agullas: eu non son un delator. Só che direi que eran catro agullas de tecer.¹⁵³ Co ensumido que estaba, bastaba con que rillara catro barrotes, cada un por ambos lados, para facer unha abertura pola que puidera escapulirme. E iso fixen. Gastei unha agulla con cada barrote, facendo dous cortes en cada un, e cada corte levoume un mes. Total, que botei oito meses en abrir a miña vía de escape. Ende mal, a derradeira agulla partiu antes de rillar o cuarto barrote, e tiveron que agardar outros tres meses ata conseguir outra. Pero conseguina, e conseguín liscar.

Lamento enormemente non dar con Cecil Winwood. Matinei todo ben, agás un pequeno detalle. O lugar onde con máis certeza podía atopar a Winwood era no comedor, á hora de xantar. Así que agardei a que Pie-Face Jones, o garda durmiñón, entrara de servizo ó mediodía. Daquela, eu era o único preso que quedaba no Pavillón de Illamento, así que Pie-Face Jones se puxo a roncar axiña. Quitei os barrotes, escapulinme polo oco, pasei a modiño por diante do garda, abrín a porta e saín libre... ó interior da prisión.

Velaí estaba o pequeno detalle co que non contara: Eu. Levaba cinco anos nunha cela de illamento. Estaba espantosamente feble. Pesaba corenta e catro quilos. Non podía ver ben. E de súpeto entroume un ataque de agorafobia. Sentínme aterrorizado diante daquel espazo inesperado. Despois de pasar cinco anos nunha cela tan estreita, a pendente da escaleira fíxoseme interminable, o patio da prisión, inmenso.

Coido que a maior heroicidade que fixen nesta vida foi obrigarme a baixar aquelas escaleiras... O patio estaba deserto. A luz cegadora do sol multiplicábase nel. Dúas veces tentei cruzalo. Mais, como todo me daba voltas, recuei ata a parede para acubillarme. Collendo azos, volvíntentalo. Mais os meus pobres ollos medio cerrados, igual cós dun morcego, asustáronme ó ver a miña sombra nas lousas. Tentei evitala, tropecei, caín sobre ela, e, igual que un náufrago loitando por chegar á orela, tornei a gatiñas á parede.

Apoieime nela e chorei. Era a primeira vez en anos que choraba. Recordo que, malia o meu estado, notei a calor das bágoas esvarando polas meixelas e o seu celme salgado cando chegaron ós beizos. Entón sentín un arreguizo, e empecei a tremer como se tivese febre. Cruzar a inmensidade daquel patio era unha proeza imposible para min. Así que, tal e como estaba, tremelicando coma un poseso, anicado xunto á parede, apoiándome coas mans, empecei a arrodear o patio.

Foi entón, dende algures, cando o garda Thurston me albiscou. Tamén eu conseguín velo, deformado polas bágoas que ficaban nos meus ollos medio pechados: un xigantesco monstro gordecho que se achegaba a min a unha increíble velocidade dende a máis remota distancia. Probablemente, nese intre, estaría a uns seis ou sete metros, e pesaría oitenta e tantos quilos, así que xa podes imaxinar como foi a loita que mantivemos. Mais, nalgún momento daquela breve pelexa, seica lle dei unha puñada no nariz co decidido propósito de facerlle sangrar por ese órgano.

En calquera caso: como eu era un condenado a cadea perpetua, e, no Estado de California, a agresión a un garda cometida por un preso desa categoría se castiga coa pena capital, o xurado achoume tan culpable dese delito que seica non puido obviar as acusacións do garda Thurston e do resto dos sabuxos-verdugos que testificaron, e o xuíz sentencioume de tal xeito que seica non puido obviar unha lei tan claramente desenvolvida no Código Penal.

Thurston malloume a gusto, e, mentres eu subía por aquela escaleira descomunal, a horda de gardas e de presos de confianza, desexosos de axudarlle, enchéronse a darme patadas e puñazos. Deus, se Thurston sangrou polo nariz, o máis probable é que fose algún deses brutos coma el quen o golpeara en medio daquela violenta confusión. Se cadra fun eu, non sei, tanto me ten, pero esa é unha razón ben penosa para aforcar un home...

Acabo de parolar un cacho co garda que me vixía. Hai pouco máis dun ano, Jake Oppenheimer ocupou esta mesma cela do corredor que conduce ó patíbulo, e que eu percorrerei mañá. Ben, pois este home seica foi un dos gardas que vixiou a Jake. É un vello soldado. Como non para de mascar tabaco, a súa barba e o seu bigote gris están a amarelecer. É viúvo, ten catorce fillos, todos casados, trinta e un netos e catro bisnetas, todas nenas. Pero custoume horrores quitarlle esa información. É un vellouco estraño, e non ten moitas luces, a verdade. Se cadra, por iso viviu tantos anos e procreou

semellante prole. A súa mente debeu de cristalizar hai trinta anos, pois as súas ideas ficaron estancadas entón. Rara vez di algo que non sexa si ou non. E non porque sexa arisco, senón porque carece de ideas. Non estou moi certo, mais, se volvo nacer, quizais debería levar unha existencia tan agradablemente vexetativa coma a deste home, para poder descansar algo antes de reiniciar a miña andaina polas estrelas...

Pero, como che estaba a dicir antes, logo de que Thurston e o resto dos sabuxos—verdugos me empurrasen e sacudisen, me patexasen e zoscasen subindo aquela terrorífica escaleira, sentín un alivio infinito ó verme de novo na miña estreita cela de illamento. Sentínme tan a salvo, tan seguro nela! Igual ca un neno extraviado ó tornar a casa. Nese intre ameí aquelas catro paredes que levaba cinco anos odiando arreo. Porque elas, aquelas catro magníficas e sólidas paredes que, por fin, tiña ó alcance de ambas mans, protexíanme daquel espazo inmenso, daquel monstro que me atacara. A agorafobia éche unha doenza terrible, creme. Ende ben, non tiveron moita oportunidade de experimentalala, pero, polo pouco que a padecín, decateime de que é moito mellor que te aforquen...

Que risa. O doutor da prisión, un fulano simpático, veu charlar comigo hai un intre, e, de paso, ofrecerme os seus coñecementos en materia de estupefacientes. Por suposto, declinei a súa invitación a «xutarme» unhas boas doses de morfina durante a noite, para que mañá, ó subir á forza, non saiba «se vou ou veño».

Canto me rin. Como Jake Oppenheimer. Imaxino perfectamente a súa agudeza o día en que desconcertou aqueles xornalistas con unha deliberada saída de ton que eles coidaron involuntaria. Seica, a súa derradeira mañá, após almorzar, e embutido xa na camisa sen colo, os reporteiros, amoreados ante a cela para apuntaren as súas derradeiras palabras, preguntáronlle que pensaba da pena de morte. (Quen pode negar que somos aínda unhas bestas salvaxes, a penas revestidas dunha finísimo veo de civilización, cando un grupo de supostos cidadáns se atreve a facerlle semellante pregunta a un home cuxa morte veñen presenciar?) Pero Jake sempre foi moi atrevido. «Cabaleiros —dixo—, espero vivir abondo para ver o día no que a pena capital sexa abolida».

Eu vivín moitas vidas ó longo dos tempos, e podo aseverar, con absoluta certeza, que o ser humano, coma individuo, non evoluiu moralmente nos últimos dez mil anos. A única diferenza entre un poldro salvaxe e un paciente cabalo de tiro é que este último está domesticado.¹⁵⁴ A domesticación é a única diferenza moral entre o home de hoxe e

o de hai dez mil anos. Baixo esa fina capa de moralidade que foi pulindo, o ser humano segue a ser a mesma besta salvaxe de hai dez mil anos. A moralidade é un sedimento social, algo engadido ó longo das dolorosas idades. O neno acabado de nacer faríase un salvaxe se esa moral abstracta que se foi acumulando ó longo dos séculos non o domesticase e pulise.

«Non matarás»: E unha merda! Mañá vanme matar a min. «Non matarás»: E unha merda! Os estaleiros de todos os países civilizados están ateigados de acoirazados e superacoirazados.¹⁵⁵ Así que, prezados amigos, o que vai morrer mañá saúdavos dicindo: E unha merda!

Pois –pregúntoche agora a ti–, acaso algunha das morais que se predican arestora é mellor cá de Cristo, ou cá de Buda, ou cá de Sócrates e Platón, ou cá de Confucio e o autor, fose quen for, do *Mahabharata*? Deus! Hai cincuenta mil anos, nos nosos clans totémicos, as mulleres eran máis puras,¹⁵⁶ e as familias e as relacións de grupo máis estritas e correctas.

Asegúroche que a moral que practicabamos naqueles días era mellor cá de hoxe. Xa, xa sei o que pensas, mais non rexeites esta afirmación tan axiña. Lembra os problemas de agora: a explotación infantil, a corrupción política e policial, a adulteración dos alimentos e da propia Natureza, a escravitude das fillas da pobreza... Cando eu era un Fillo da Montaña e un Fillo do Touro, a prostitución non tiña senso. Eramos puros, asegúrocho. Nin sequera podíamos maxinar tales abismos de depravación. Si, tan puros coma as criaturas máis pequenas que seguen a existir hoxe. Só o home, coa súa imaxinación e a súa habelencia para asoballar a materia, podía inventar os pecados mortais.¹⁵⁷ Pois os animais máis pequenos ca el, as outras criaturas, non son quen de pecar.

Repasando á présa as miñas moitas vidas en moitos lugares e en moitas épocas, decátome de que endexamais coñecín unha crueldade máis terrible, ou tan terrible, coma a dos nosos cárceres actuais. Xa viches o que houben de aturar alí, torturado cunha camisa de forza nunha cela de castigo da primeira década do século XX d.C. Naqueles tempos, nós castigabamos drasticamente e matabamos decontado o culpable. E facíámolo porque queríamos, ou porque nos petaba, se o prefires. Mais non eramos hipócritas. Non chamabamos a prensa, a Igrexia e a universidade para que aprobaran o noso deliberado salvaxismo. Se queríamos facer algo, facíámolo e abur, con todas as consecuencias, e afrontabamos os reproches e as críticas tamén con todas as

consecuencias; mais non nos agochabamos tras as saias dos economistas clásicos e dos filósofos burgueses, dos curas, dos profesores e dos directores de xornais mantidos pola sociedade.

Deus, hai cen, cincuenta, cinco anos a penas, o asalto e a agresión non eran castigados coa pena de morte en Estados Unidos. Pero este ano, o ano do Noso Señor de 1913, no Estado de California, aforcaron a Jake Oppenheimer por semellante ofensa, e mañá, polo horrible crime capital de darlle un puñazo no nariz a un home, vanme sacar aí fóra e aforcarme a min. Pregunta: Canto tempo pasará, daquela, antes de que maten tamén o mono e o tigre, existindo tales leis no Código Penal neste ano de 1913 d.C.? Deus! A Xesús só o crucificaron, pero a Oppenheimer e a min fixéronnos cousas peores denantes de nos mataren...¹⁵⁸

Como me transmitiu unha vez Ed Morrell: «O peor favor que lle podes facer a un home é aforcalo.» Non, non sinto o menor respecto pola pena de morte. É un xogo sucio que non só degrada os sabuxos—vergugos que o perpetran en persoa, senón tamén a sociedade que o tolera, que o vota e que o financia cos seus impostos. A pena de morte é algo tremendamente *estúpido*, necio, contrario á razón. «Condado a pendurar do pescozo ata morrer»: velaí a curiosa fraseoloxía da nosa sociedade...

Chegou a mañá —a miña derradeira mañá. Durmín toda a noite coma un neniño. Tanto e tan ben que o vixiante mesmo chegou a asustarse, coidando que me afogara a min mesmo su as mantas. Pobre, ata me deu mágoa. O seu pan estaba en xogo, xaora. A miña morte sería un borrancho negrísimo no seu currículo, e mesmo pode que o despediran. E as perspectivas dun parado, tal e como están as cousas, son moito máis crúas agora. Seica en Europa xa empezaron os despedidos hai dous anos, e agora toca aquí, en Estados Unidos. O cal indica que moi pronto haberá unha crise económica ou que cundirá o pánico¹⁵⁹, que as lexións de parados medrarán, igual que as colas do pan...

Xa almorcei. Parecerá unha parvada, mais comín de boa gana. O alcaide presentouse cunha botella de whisky. Mandeilla ós compañeiros do Pavillón de Asasinos cos meus mellores desexos. O alcaide, o pobre, ten medo de que, se non me emborracho, lle estrague a función e poña en tea de xuízo a súa capacidade como xestor...

Xa me puxeron a camisa sen colo...

Seica son todo un persoeiro, hoxe. De socate, hai unha morea de xente interesada en min...

O doutor vén de marchar. Tomoume o pulso. Pregunteille que tal, e dixo que normal...

Escribo ó chou estes pensamentos que, de folla en folla, xa iniciaron a súa secreta andaina fóra destes muros...¹⁶⁰

Son o home máis tranquilo que hai en toda a prisión. Coma un neno a piques de emprender unha viaxe. Desexando marchar, coñecer novos lugares. Sería ridículo que un home coma min, que entrou tantas veces na negrume para volver vivir, temera a morte...

O alcaide cunha botella de champaña. Envieilla igualmente ó Pavillón de Asasinos. Curioso, non si? Hai que ver a consideración coa que me tratan hoxe, o meu derradeiro día. Se cadra os que me van matar teñen máis medo á morte ca min. Xa o dixo Jake Oppenheimer: «Como vou morrer, están acolloados...».¹⁶¹

Ed Morrell enviame unha mensaxe. Cóntanme que se pasou toda a noite camiñando dun lado ó outro, diante da prisión. Como é un expresidiario, non o deixaron entrar a verme e a despedirse. Uns salxaves? Non sei. Se cadra uns nenos, tan só. Apostaría a que a maioría deles terán medo de ficar ás escuras esta noite, despois de me aforcaren.

Ah! A mensaxe de Morrell: «A miña man está na túa, compañeiro. Sei que te arrandearás con afouteza»...

Marcharon os xornalistas, pero volvei velos axiña, por derradeira vez, dende o patíbulo, antes de que o verdugo me cubra a cabeza co carapuchón negro. Seguro que ó verme se sentirán extrañamente mal... Que rapaces tan raros. Algún parecía estar bébedo xa. Dous ou tres parecían sentirse fatal só con saber que tiñan que asistir á execución. Ó final vai resultar que é máis doado que te aforquen que ver como te aforcan...

As miñas derradeiras liñas. Seica estou atrasando a saída da procesión. A miña cela está petada de funcionarios e altos cargos. Todos están histéricos. Queren que isto acabe canto antes. Sen dúbida, algúns teñen unha cita, quedaron para comer. Para eles é unha verdadeira ofensa verme aquí escribindo estas poucas palabras. O cura volveu ofrecerse para estar comigo ata o final. Pobre, por que lle ía negar ese alivio? Aceptei, e agora parece máis contento. Que lle imos facer, os homes alédasen con tales

pequeneces! Se non estiveran tan apurados, ficaría aquí outros cinco minutos, rindo de boa gana.

Pero remato xa. Agora tan só podo repetirme a min mesmo: non hai morte. A vida é espírito, e o espírito non morre. Só a carne perece. A carne, arrastrándose sempre canda os fermentos químicos que a conforman, sempre coma o plástico, cristalizando para logo fundirse no fluxo, volver cristalizar en carne e nas máis diversas formas efémeras que, unha vez máis, se funden no fluxo. Só o espírito perdura e segue a edificar sobre si mesmo, ó longo de sucesivos e interminables renacementos, esforzándose por elevarse cara á luz.

Que serei cando renaza? Non sei. Non sei...

¹ Esta célebre novela de Jack London apareceu publicada con dous títulos distintos: *The Jacket (A camisa de forza)*, en Inglaterra, e *The Star Rover (O viaxeiro astral)*, segundo a miña interpretación do termo *rover*, distinto do de *tramp*, en Estados Unidos. (N. do T.)

² “*Ode: Intimations of immortality from recollections of early childhood*”. O protagonista volve citar esta oda no capítulo VI. (N. do T.)

³ Como case que todas as personaxes que aparecen na novela, é probable que Darrell Standing tamén existira na realidade. De feito, na época na que se publicou o libro, había un actor, abondo coñecido, que se chamaba Percy Darrell Standing, e, se cadra por iso, o nome do protagonista foi cambiado na primeira versión cinematográfica da novela (1920) polo de *Hugh Standing*. (N. do T.)

⁴ O Ed Morrell real tamén cumpriu condena en San Quintín, e pasou cinco anos no Pavillón de Illamento. London entrevistouno varias veces cando estaba a escribir o libro, mormente en relación coas súas experiencias na camisa de forza, que, en efecto, era unha das torturas que se infrinxían daquela na prisión. Segundo algunhas informacións que puiden achar, ese «método de castigo legal» foi introducido –ou empregado con especial regularidade– en San Quintín por un alcaide de orixe hispana chamado Martin Aguirre. Aguirre era alcaide desa cadea a principios de século (ou sexa, cando London entrevistou a Morrell), aínda que ignoro cando foi nomeado e cando cesado do seu cargo. Denantes fora «sheriff suplente», en 1885 (cando asistiu ó «desaloxo» dunha «pequena banda de indios, encabezada por Rogerio Rocha»), e se cadra fora o mesmo «Martin Aguirre» que «o dezanove de xaneiro de 1886 salvou a vida a vinte persoas, a maioría delas nenos, durante unha inundación, arriscando a de seu». Anos despois, no outono de 1903, o Tribunal Supremo de Estados Unidos desestimou unha «solicitude de *habeas corpus*» presentada contra Martin Aguirre por Burt Ross, un home que mantiveran preso «without information» (ou sexa, sen probas reais), e que despois foi «achado culpable do crime de asasinato, e condenado á forca», igual có noso protagonista... (N. do T.)

⁵ Os “*indentured servants*” eran sobre todo inmigrantes que se comprometían, por medio dun contrato, a traballar durante o tempo pactado pró señor que os acollía no “novo mundo”. Xeralmente, traballaban sen cobrar ren, tan só en troques de comida e cama, aínda que ás veces, ó rematar o “contrato”, o seu amo dáballes algúns cartos e mesmo un anaco das súas terras. Na práctica, como di o propio London, eran case que escravos, e, de feito, substituíron estes despois da abolición da escravitude. (N. do T.)

⁶ O que agora sería o Pavillón [ou Módulo] de Máxima Seguridade, ese que algúns chaman, impropriamente, “o corredor da morte”. E digo impropriamente porque esa expresión aplicase mormente ó corredor onde está a derradeira cela que ocupan o preso ou a presa antes de seren executados. (N. do T.)

⁷ Moito matinaron os tradutores españois con respecto a este suposto instrumento de tortura que deu título a edición inglesa do libro, ata o punto de que algún mesmo chegou a non traducir o termo. E, a verdade, non entendo por que, pois London aclara dende o principio que se trata dunha *straitjacket*, unha camisa de forza. De feito, como veremos logo, na prisión de San Quintín había un manicomio ó que levaban os

presos entolecidos, esa *bughouse* que algún colega traduciu –ignoro tamén a razón– como “casa das pulgas”... (N. do T.)

⁸ Emprego o verbo “papexar” no senso que recollen algúns dicionarios de “delatar”, “ir co conto” ou “toca-la choca”. (N. do T.)

⁹ Entendo aquí “*yellow dog*” no senso que tiña a finais do XIX, principios do XX: “*yellow dog democrat*”, votante do sur de Estados Unidos que, dende a Guerra Civil, votaba sempre ós demócratas, pois «preferían elixir un can marelo antes ca un republicano». O que probablemente quere dicir London é que “o fulano era o cuzo [can faldreiro, neno mimado] dun demócrata influínte do sur”. E o feito de que o protagonista o chame “dexenerado” parece dar a entender que o tal poeta era o amante desa persoa influínte –coido. (N. do T.)

¹⁰ Aínda que a palabra *hang-dog* existe como tal, co senso de “avergoñado, culpable” ou mesmo “cara de malas pulgas”, paréceme ver aquí un moi bo xogo de palabras do autor entre os termos *hound-dog*, “sabuxo”, e *hang-man*, “verdugo de forca”. (N. do T.)

¹¹ “Posterior ó feito”. Segundo o Dereito Romano, non se pode condenar a ninguén *ex post facto*, e a constitución estadounidense –como asevera o propio protagonista liñas despois– prohíbeo *ex profeso*. (N. do T.)

¹² De aí o alcume: Carapastel ou Carabolo. A afirmación de London alude a bonhomía ou bondade que seica caracteriza ás persoas grosas. (N. do T.)

¹³ Verso pertencente á “*Ode: Intimations of immortality from recollections of early childhood*”. «*But trailing clouds of glory do we come/ From God, who is our home./ Heavens lies above us in our infancy.*» «Mais as nubes de gloria veñen deixando o seu ronsel / Dende Deus, que é a nosa casa./ O ceo xace sobre nós na nenez.» (N. do T.)

¹⁴ Casos semellantes ós que conta aquí London aparecen, por exemplo, no *Libro tibetano da vida e da morte*, do mestre espiritual Sogyal Rimpoché. O máis abraiante de todos –e tan similar o do protagonista– é o de Arthur Flowerdew, un inglés que dende neno lembraba perfectamente unha cidade na que vivira outrora. Xa de maior, mentres vía a televisión, *decatouse* de uns arqueólogos estaban a escavar *esa cidade* que tanto o obsesionara dende pequeno. A BBC interesouse polo caso, e mesmo levou o señor Flowerdew a Xordania, onde este axudou ós arqueólogos a descubriren e identificaren moitos dos lugares daquela vila que resultou ser Petra... (N. do T.)

¹⁵ London viviu, en efecto, a esa idade nunha granxa de Alameda, e ó ano seguinte foi vivir a outra en San Mateo County, así que é moi probable que estea a referir un suceso autobiográfico, non inventado ou oído. (N. do T.)

¹⁶ A personaxe, daquela, practicaba unha sorte de “meditación con soporte”, que é o nome que recibe esta clase de práctica na tradición budista, e cuxo “obxecto” ou soporte (*kasina*) máis célebre é o *mandala*. De feito, mesmo a maneira que ten o protagonista de fixar a ollada é propia de certas tradicións –coma a tibetana, por exemplo, na que si se manteñen os ollos abertos ó meditar. A este respecto, xa que logo, non está de máis comentar que unha das múltiples experiencias que tiveron e teñen os grandes *rimpochés* (o príncipe Siddharta entre eles) é lembraren as súas vidas anteriores. (N. do T.)

¹⁷ Se cadra, E.G. Haas, ou Ed Haas, dous pioneiros da aviación. (N. do T.)

¹⁸ A “golconda” (termo que semella provir da tradición caimita, a partir do nome dunha cidade hindú onde Saulot achou a salvación) é unha sorte de “estado de bondade e de pureza” co que Caín, o home (ou o vampiro, segundo outra tradición) redime os pecados da “besta” asasina que foi. Na crónica de Caín do libro de Nod, o arcanxo Gabriel di a Caín que aínda ten unha posibilidade de redimirse ante Deus, «seguindo un camiño chamado Golconda». (N. do T.)

¹⁹ William Grocyn (1446?-1519), humanista inglés. (N. do T.)

²⁰ O coronel Eugène-Auguste Albert de Rochas d’Aiglun (1837-1914), pasa por ser, en efecto, o primeiro “investigador psíquico” que fixo lembrar a un paciente, sometido a hipnose, unha das súas vidas anteriores. As súas múltiples obras e os seus constantes experimentos obtiveron grande sona en Europa e Estados Unidos. (N. do T.)

²¹ No orixinal fálase de «*the little death*», «a pequena morte», mais eu preferín evitar esta expresión que, como é sabido, agora se entende sempre coma «o *baixón* anímico» (nuns casos), «a sensación de paz» (noutros), ou mesmo «a impresión de que a conciencia se escinde do corpo» (nos máis gratificantes) que sobrevén logo dun intenso orgasmo, e que se popularizou en todas as linguas a partir da francesa: «*la petite mort*». Noutros momentos da novela, e dado que o propio protagonista o chama, ás veces, “transo”, decidín traducir ese estado de conciencia, esa “vivencia” á que el alude, por “transo de morte”, aínda sabendo que esta expresión adoita enxergarse coma «unha situación con risco de morte» ou «o derradeiro estado ou tempo da vida, xusto antes da morte». Noutros, en fin, recorrín á «experiencia de

case que morte», que é a expresión que empregan moitos dos autores que estudaron casos de xente clinicamente morta que logo reviviu. (*N. do T.*)

²² Como se advirte por esta frase, o desgrazado invento aínda era recente, e mesmo pode que esta novela de London fose a primeira na que se falaba del. (*N. do T.*)

²³ *To get woozy* é “marearse”, mais en argot –o que está a falar o preso– tamén significa “ferverlle o unto a alguén”, “andar quente, arreitado”, etc., e mesmo “flipar”, “alucinar”, “estar drogado”. (*N. do T.*)

²⁴ Segundo as ensinanzas do *Libro tibetano dos mortos* ou *Bardo T’ödol*, no bardo do devenir (o estado intermedio entre a morte e o renacemento), adquirimos un “corpo mental” que, por mor da cercanía da vida que vimos de deixar, se asemella ó noso último corpo, mais nunha das idades nas que este rebordaba de saúde. De feito –consonte algúns mestres–, ese “corpo mental” adoita ter a forma e o tamaño dun *nenó de oito ou dez anos*. (*N. do T.*)

²⁵ London emprega a palabra *dandy*, que é un evidente anacronismo, xa que esta apareceu rexistrada por vez primeira nunha balada escocesa de 1780 –e non co senso actual, probablemente. O protagonista semella ser máis ben unha sorte de libertino –tamén antetempo. (*N. do T.*)

²⁶ Nietzsche foi un dos filósofos que máis influíu en London –como se advirte, sobre todo, en *Martin Eden*–, así que aquí, máis que un anacronismo, debemos ver un pequeno tributo a quen, segundo o propio London, «estivo no certo ó dicir que non había verdade en nada, ningunha verdade na verdade, nada semellante á verdade». (*N. do T.*)

²⁷ A *Maison de Sainte–Maure* é, en efecto, o berce dunha nobre familia francesa, orixinada «cara ó 1200», cando «Guillaume de Pressigny casa con Avoise de Sainte–Maure, filla e única herdeira de Guillaume, barón de Sainte–Maure. Uns anos despois, os herdeiros Pressigny, funden apelidos e armas, formando a nova Casa de Sainte–Maure». Entre os seus célebres devanceiros figura Benoît de Sainte–Maure, poeta francés, protexido de Leonor de Aquitania, e algúns dos seus membros seica emigraron a América do Norte. Houbo varios Guillaumes no século XIII (época probable deste capítulo), e se cadra London alude a Guillaume II, señor de Sainte–Maure e de Marsillac, morto en 1271, e que casou con Jeanne, filla de Geoffroy, señor de Rancon. (*N. do T.*)

²⁸ O derradeiro duque de Aquitania, como tal, foi Guillaume (ou Guillerme) VIII, e non Geoffroy (ou Geoffrey, como escribe London). A súa filla Leonor, que casou con Enrique II Plantagenet (rei de Inglaterra e duque de Aquitania tamén, fillo de Geoffroy Plantagenet, casa de Anjou), tivo, entre os seus moitos e célebres fillos, a Geoffroy, que casou con Constanza de Bretaña. (*N. do T.*)

²⁹ Se cadra Hugh le Brun, que aparece nas célebres *Memorias do señor de Joinville?* (*N. do T.*)

³⁰ Ou «a vella pata do vello ruzo [ou mulo] de Roma», pois hai un insulto implícito no cualificativo *gray/grey* que cómpre sinalar. De referirse a un papa, é difícil saber a cal, pois os «*old men gray of Rome*» sucedéronse moi rapidamente nesa época. (*N. do T.*)

³¹ Probablemente, o VIII Jean Boutefeux, señor de Joinville (c.1224/1225–1317), «un dos grandes cronistas da Idade Media», célebre polo seu libro *Historia de san Luís* (ou *Memorias do señor de Joinville*), que escribiu a petición de Juana de Navarra. Nel describe a vida de Louis IX, o futuro san Luís, quen organizou a Sétima Cruzada, na que Joinville participou. De ser el a personaxe á que se refire London, estaríamos, xa que logo, neste capítulo, a mediados/ finais do século XIII ou principios do XIV. (*N. do T.*)

³² Jean de Joinville tivo dúas irmás: Marie ou Simonette, e Helvide. A primeira casou con Gilles Le Brun, señor de Trasnignies, e a segunda con Jean de Faucogney, vizconde de Vesoul. Pilles Le Brun participou na Sétima Cruzada, e tivo dous fillos: Oston e Marie. (*N. do T.*)

³³ Ou “ataque de parada”. (*N. do T.*)

³⁴ Dous dos ataques básicos na esgrima. (*N. do T.*)

³⁵ Ezechia Marco Lombroso ou Cesare Lombroso (1835–1909), médico e criminólogo italiano, representante do “positivismo criminolóxico” da “Nova Escola”, que pretendía clasificar os delinquentes segundo a súa particular fisionomía. (*N. do T.*)

³⁶ Nótase que o último que sentiu o protagonista no capítulo anterior foi «o renxer e o rinchar dos ferrollos». Unha mostra máis do talento de London. (*N. do T.*)

³⁷ A vila de Nephi, no condado de Juab, Utah, Estados Unidos, foi creada, en efecto, polos pioneiros mormóns, en 1851. Sempre debeu de ser moi pequena, pois aínda no ano 2000 non chegaba a cinco mil habitantes. O seu nome é unha homenaxe ó autor de catro dos capítulos d’*O libro de Mormón*: Nefi. En 1831, os mormóns, seguindo outra suposta revelación, establecéronse en Missouri, a nova “Terra de

Sión”, mais a súa chegada xerou un sen fin de conflitos entre os partidarios de Joseph Smith e os seus opositores, conflitos que desembocaron no violento verán de 1838. Meses despois, en pleno inverno, doce mil mormóns foron expulsados da cidade por orde do gobernador Boggs. (N. do T.)

³⁸ Segundo profeta e presidente da Igrexa Cristiá dos Santos dos Últimos Días, tralo linchamento de Joseph Smith e do seu irmán Hyrum. Young, nado en Vermont, en 1801, uniuse á seita de Smith con trinta e un anos, e foi o seu grande impulsor. En 1847 chegou a Utah, dende onde se dedicou a espallar a “boa nova”. Amais dun exército (o “batallón mormón”), Young tiña toda unha colonia, e vintecinco esposas (Smith, defensor da poligamia, chegou ter corenta e oito, disque) que el dirixía «con man de ferro». Morreu en 1877, ós setenta e seis anos. (N. do T.)

³⁹ San Novato –probablemente–, un dos primeiros santos da Igrexa cristiá (151 d.C.), irmán do mártir Timothus e neto de Quintus Cornelius Pudens, a muller do cal, Priscilla, convertida ó cristianismo, acolleu a san Pedro na súa estancia en Roma. (N. do T.)

⁴⁰ Sabelianismo ou modalismo: «Doutrina de orixe cristiá situada dentro do Monarquianismo, xurdida no século III e orixinada en Asia Menor. Afirmaba que a Trindade, o Pai, o Fillo e o Espírito Santo, non eran máis que “modalidades” ou manifestacións dunha única realidade divina, co que Cristo pasaba ser outro nome para designar o Deus Pai, ou unha encarnación do Logos divino encargada de enviar a mensaxe de Deus, aínda que aceptaba o seu nacemento milagroso da Virxe María». O nome de sabelianismo provén dun dos seus maiores defensores, o teólogo africano Sabelio, ó que o papa Calixto excomungou no 220 d.C. Anos despois, o papa san Dionisio (259–268 d.c.) condenou a doutrina mesma por considerala herética. (N. do T.)

⁴¹ Constantino I ou san Constantino (272–337 d.C), Emperador romano que legalizou o cristianismo no Imperio (co *Edicto de Milán*, do 313) e apoiou o Concilio de Nicea (no 315). (N. do T.)

⁴² Noeto: presbítero da igrexa de Asia Menor (220 d.C), outro dos teólogos do modalismo –e igualmente excomungado.

⁴³ Arrio (250/256–336 d.C.), outro dos primeiros teólogos cristiáns, fundador do arrianismo. Pensaba que o Fillo de Deus non existira sempre, senón que era obra do Deus Pai, polo que non podía ser considerado Deus. O arrianismo foi declarado herexia no Concilio de Nicea. (N. do T.)

⁴⁴ Todas estas ideas que está a explicar o protagonista, gardan, tamén, semellanza con moitas das afirmacións do budismo verbo da *rupa*, a materia; afirmacións que cada vez confirman máis os estudos de física cuántica –por exemplo. De feito, Buda foi o primeiro que falou das partículas subatómicas, que el denominou *kalapas*. O mesmo pode dicirse verbo da crenza sobre “o espírito” ou “a conciencia” que transmigra, coa salvidade de que, para o budismo, esa “conciencia” non é unha “alma” inmutable (*atman*), senón que está a devir, a se transformar arreo –coma a propia “materia”, por outra banda. (N. do T.)

⁴⁵ A poligamia, como xa dixemos, era unha practica defendida polos mormóns. (N. do T.)

⁴⁶ Entre os nativos norteamericanos, *pow-wow* significa –entre outras cousas– “xuntanza” para discutir un asunto. Manteño o termo orixinal, que aquí resulta tan axeitado. (N. do T.)

⁴⁷ *Apparitional*: propio dunha aparición; espectral, pantasmal. (N. do T.)

⁴⁸ Sobre a “Masacre de Mountain Meadows”, ver, por exemplo, a testemuña de John D. Lee, “o derradeiro bispo mormón”, en http://www.xmission.com/~country/reason/lee_mm.htm. As súas memorias apareceron 1877. Nelas fálase, en efecto, da compañía do capitán Fancher (e do seu fillo *Charley*, non Jesse), e, ó follealas, salta á vista que esa foi a fonte principal de Jack London á hora de evocar un dos máis espantosos capítulos da espantosa historia estadounidense –amais das súas propias lembranzas, se cadra... (N. do T.)

⁴⁹ O feito de que London empregue aquí o concepto “*henids*” demostra que leu o filósofo austríaco Otto Weininger (1880–1930), que só publicou unha obra antes de se suicidar, *Geschlecht und Charakter* (*Sexo e carácter*) pero que exerceu unha enorme influencia na súa época, malia que logo foi moi contestado. (N. do T.)

⁵⁰ Eugen Sandow (Friederich Wilhelm Mueller: 1867–1925), atleta de orixe alemá que pasa por ser “o pai do moderno culturismo”. (N. do T.)

⁵¹ *Pipe dreams*: en realidade, visións ou alucinacións (producidas por unha “pipa de kif”). Por iso Oppenheimer fala despois da súa experiencia coas drogas. Mais, neste caso, hai que manter a palabra “soños”, debido a shakesperiana afirmación que fai xusto despois o protagonista. (N. do T.)

⁵² Rúa e rueiro de San Francisco que resultaron especialmente afectados no incendio de 1906. A vulgar polas palabras do autor, debía de existir un xornal nesa zona e con ese nome, dedicado especialmente ás noticias da Bolsa, aínda que eu non atopei ningunha referencia. (N. do T.)

⁵³ É moi probable que estas lembranzas sexan do propio London, pois a súa nai non só cría nos espíritos senón que practicaba o espiritismo e vivía del. Amais, a afirmación de que «nos mudabamos unhas seis veces ó ano» coincide de pleno coa realidade do autor, xa que Flora, a súa nai, obrigou a familia a mudarse moitas veces. Por outra banda, London, que ata o final da súa vida fora un ateo e materialista indomable, comezou daquela a interesarse polas “cuestións do espírito”, sobre todo a raíz das súas lecturas de Freud e de Jung. (N. do T.)

⁵⁴ Ernst Heinrich Philipp August Haeckel (1834-1919). Biólogo e filósofo alemán que popularizou o traballo de Charles Darwin en Alemaña, creando novos termos como “phylum” e “ecología”. (N. do T.)

⁵⁵ Segundo unha nota do orixinal, *cuny* é unha palabra de orixe descoñecida, se cadra recollida por London, que a emprega no senso de “mariñeiro”, “lobo de mar”, etc. (N. do T.)

⁵⁶ *Quaterstaff*: nome polo que aínda se coñece hoxe entre os afeccionados a este tipo de deporte ou loita tradicional no que se emprega unha varanca duns tres metros de longo. (N. do T.)

⁵⁷ Polo que eu puideron pescudar, Raa Kook, un dos reis das Pelew (arquipélago con máis de dúascentas illas, situado no Océano Pacífico) existiu realmente, ó igual que o seu irmán, Arra Kooker. Así o testemuñan polo menos dous relatos que dan conta do naufraxio dun barco inglés do século XVIII (*The Antelope*, 9 de agosto de 1783) naquela zona aínda descoñecida polos europeos: un dos corenta capítulos da *Tegg's Mariners' marvellous magazine* que se conserva na National Library de Australia, e o *Account of the Pelew Islands situated in the Western Part of the Pacific Ocean* (1788), de George Keate, que Georg Forster traduciu co título de *Georg Forster's Footnotes to the Nachrichten von den Pelew-Inseln* (1789). Relatos que, se cadra, London leu. (N. do T.)

⁵⁸ London estivo en Corea, como corresponsal dos periódicos do magnate Hearst (o “cidadán Kane” de Orson Welles), informando da guerra entre Rusia e Xapón (1904–1905). (N. do T.)

⁵⁹ O tema platónico da Atlantis ou Atlántida volveu ecoar con forza a finais do XIX, sobre todo a raíz das hipóteses formuladas verbo dos anterigos devanceiros arios da Humanidade –dos que máis adiante tamén nos falará o protagonista. (N. do T.)

⁶⁰ O *Sparwehr* real, que ía dende Holanda a Nagasaki, naufragou fronte ás Illas Cheju en 1653. Foi Hendrick (London escribe Hendrik) Hamel quen, en efecto, deu conta daquel desastre, así que coido que o autor chegou a ler o seu relato. (N. do T.)

⁶¹ Carroucha: un tipo de olgas. (N. do T.)

⁶² Navegar de bolina –ou popear– é «navegar de xeito que a dirección da quilla forme coa do vento o menor ángulo posible». A bolina é «o cabo co que se hala a relinga de barlovento dunha vela para que reciba mellor o vento». (N. do T.)

⁶³ Así chaman os mariñeiros –con ese o seu don metafórico– os golpes de mar e as ondas crecidas. (N. do T.)

⁶⁴ Sinal –como se verá máis adiante– da súa caste. (N. do T.)

⁶⁵ Sinónimo de xunco chinés, o barco típico desa zona, que poden ter dous ou máis mastros. O DRAG non recolle este termo. (N. do T.)

⁶⁶ É certo que a nai do pequeno Jack –a quen el detestaba ou quería detestar– adoitaba dicirlle que «un non pode fiarse da xente de pel escura». É certo, como se aprecia, claramente, nalgúns capítulos desta novela, que London tiña fascinación pola raza anglosaxona e nórdica en xeral –se cadra porque tanto a súa nai, ovella negra dunha familia ben, coma el, fillo bastardo e non recoñecido, sentíanse rexeitados polos membros da “súa” clase, á que soñaban con tornar un día (London casando cunha burguesa chamada Mabel, a súa primeira “noiva”). Mais de aí a afirmaren, como afirman algúns críticos, que London estaba convencido da «supremacía da raza branca»... Non sei. O autor conviviu con e quixo a moita xente “de cor” –empezando por Mammie Jennie, a aia negra que o aleitou de pequeno e o guiou de maior–, gabou as virtudes das razas de “pel escura”, e, abofé, estivo ben implicado na defensa dos máis oprimidos, esa «xente do abismo» sobre a que tanto escribiu... Non se pode negar que certas aseveracións súas –coma esta– rozan o racismo, mais tamén se poden achar outras –nesta mesma novela– que afirman o contrario. Coma, por exemplo, esta que lemos aí atrás: «O home branco vai polo mundo en plan dono e señor, coido eu, por mor da súa falla de paixón e de humanidade. Sempre se comportou así, movido, certamente, polo seu desacougo e pola súa arela de botín.». (N. do T.)

⁶⁷ London tentouno algunha vez, mais, como saben os seus lectores e as súas lectoras, e como el mesmo contou en *John Barleycorn*, estivo a metade da vida alcoholizado. (N. do T.)

⁶⁸ Entendo aquí a palabra *coolie* (de orixe india, non coreana) no seu senso común de “traballador non especializado”, aínda que ás veces emprégase no senso de “carrexador”. (N. do T.)

⁶⁹ A versión coreana das *geishas*. (N. do T.)

⁷⁰ Nas décadas de 1620 e 1630, o imperio da dinastía Joseon sufriu varias invasións da dinastía Qing manchú. Lembremos que o *Sparwerh* naufragou no 1653. (N. do T.)

⁷¹ Toyotomi Hideyoshi (1536–1598). *Shogun* foi o nome que recibiron os ditadores militares que, ó longo dos séculos, reduciron o emperador desa época a unha simple figura representativa do poder que, en realidade, exercían eles. Hideyoshi foi o que unificou o actual Xapón. (N. do T.)

⁷² Entre 1592 e 1598, Corea sufriu, en efecto, varias invasións xaponesas que deu en repeler grazas á axuda de China. (N. do T.)

⁷³ O protagonista explica logo en que consiste este prato típico de Corea. (N. do T.)

⁷⁴ Ou *choucroute*, o termo máis habitual entre nós. (N. do T.)

⁷⁵ Técnica fotográfica semellante á do daguerrotipo. (N. do T.)

⁷⁶ En realidade, o protagonista non menciona, *expresamente*, tal cousa. A única vez que fala do xadrez na súa «aventura como Adam Strang» é cando relata a fin do sacerdote Yunsan, que está a botar unha partida co carcereiro. Mais cómpre ter en conta a advertencia do propio narrador de que o relato que lemos aquí non é senón un resumo de todo o que lembraba á hora de escribilo –tal e como el mesmo nos recorda decontado. (N. do T.)

⁷⁷ O xadrez coreano chámase *changgi* ou *jang-ki*, e é moi semellante ó *xianqi* (ou *Shiang-ki*) chinés (do que seica é unha variante) e ó *shogi* xaponés, aínda que todos eles teñen, en efecto, o *chaturanga* hindú por orixe común. (N. do T.)

⁷⁸ En realidade non son exactamente tres ringleiras, senón catro liñas –cando menos no *changgi* actual. As vinte pezas (cinco soldados ou peóns, dous canóns ou catapultas, un xeral ou rei flanqueado por dous gardas, dous elefantes, dous cabalos e dúas torres) colócanse nas interseccións, estando o rei lixeiramente adiantado na ringleira posterior. En internet pode mesmo atoparse un estudo comparativo entre o xadrez coreano que describe London e o actual. (N. do T.)

⁷⁹ O Ragnar (ou Regnar) Lodbrog histórico foi un rei viquingo, semi-lendario, que reinou en Suecia e Dinamarca cara ó século VIII ou IX, e que fixo numerosas incursións por Francia, Inglaterra e outras partes de Europa. (N. do T.)

⁸⁰ *Beaked ship*: Galera de guerra que levaba a proa reforzada cun esporón de aceiro. Seica foi Homero que lles deu ese epíteto. (N. do T.)

⁸¹ Nome co que se coñece, en xeral, os barcos viquingos, que adoptaban levar na proa unha cabeza de dragón. *Longships* (“barcos longos”) en inglés. (N. do T.)

⁸² Corrixo a acentuación do nome deste célebre deus nórdico, que en realidade é grave, como en inglés: *Oðinn*. (N. do T.)

⁸³ Ou *scalds*. Poetas escandinavos da Idade Media, en especial os autores viquingos dos Eddas. (N. do T.)

⁸⁴ Xefe ou nobre escandinavo, na Idade Media. (N. do T.)

⁸⁵ No senso de prisioneiros escravizados. (N. do T.)

⁸⁶ A personaxe real foi, en realidade Maryam III, irmá de Herodías e muller de Arquelao, que era asemade o seu tío. Os nomes hebreos Maryam e Miryam son sinónimos. De feito, a filla de santa Ana –ou sexa, a Virxe nai de Cristo– chamábase Miryam, coma a filla de Moisés. (N. do T.)

⁸⁷ Provincia imperial á que pertencía Palestina ou Xudea. (N. do T.)

⁸⁸ Escudos coas insignias imperiais. Aquela foi a primeira “provocación” de Poncio Pilatos (quen gañou fama de cruel, non o esquezamos, e acabou denunciado por Agripa e deposto por Vitelio, o seguinte legado de Siria) á que responderon os notables xudeus, facendo unha “sentada silenciosa”, diante do pazo do prefecto. Ós cinco días, os soldados arrodeáronos dispostos a matalos, e eles ofrecéronlles o pescozo, dispostos a morrer como auténticos pacifistas *avant la lettre*... Pilatos, seguindo a opinión dos seus conselleiros, cedeu e retirou os emblemas. Mais foron moitos os problemas que el mesmo se buscou, como cando roubou o tesouro do Templo para construír o acueduto que leva o seu nome, e do que se conservan restos. Os xudeus volveron amotinarse, e Pilatos afogou a revolta en sangue. (N. do T.)

⁸⁹ Claudia Prócula, o nome da cal non aparece citado nos evanxeos –nin ó longo deste capítulo. Segundo o cronista Marcio, «foi [ela], a delicada esposa do procurador Poncio Pilatos, quen durante os meus días en Xerusalén me narrou a historia completa dese Templo [o *Sancta Santorum*], ó que acudían xudeus de todas as partes do mundo. Claudia Prócula, quen mesmo cultivou unha grande amizade co mago Xesús [...] era unha muller delicada, belida, reservada en extremo, elegante [e] unha verdadeira estudosa das

doutrinas orientais». Malia estas noticias, son poucos os datos reais que se coñecen sobre a «vida arrodeada de misterio» desta muller que foi canonizada pola Igrexa ortodoxa grega no século VI. (*N. do T.*)

⁹⁰ Algúns investigadores suxiren que era filla ilexítima de Xulia, ou sexa neta do emperador Augusto. (*N. do T.*)

⁹¹ Herodías, nai de Salomé, que casou, sucesivamente, con tres tíos seus: Herodes II ou Boeto, Herodes Filipo –con quen tivo a Salomé– e Herodes Antipas, irmán de Filipo. (*N. do T.*)

⁹² O Herodes da matanza dos inocentes bíblica. Os seus fillos tamén son coñecidos como Herodes Filipo e Herodes Antipas, tal e como lembramos na nota precedente. (*N. do T.*)

⁹³ Ver nota 109. (*N. do T.*)

⁹⁴ O etnarca era o lexislador dunha provincia ou dun pobo, mentres que o tetrarca era o gobernador dunha das catro divisións dunha provincia. Arquelao (c. 23 adC – c. 28) foi etnarca de Xudea, Samaria e Idumea. (*N. do T.*)

⁹⁵ Niflheim é “o fogar da néboa” perpetua; Muspelheim ou Muspell, “o reino do lume”; Valhalla, “o paraíso”. Todos as demais son personaxes da mitoloxía nórdica. O epíteto de “xeado” alude a que os primeiros Xigantes (Jötnar, sing. Jötunn) foron os “da xeada” ou “do xeo”, e vivían en Niflheim. London pluraliza o singular á inglesa: Jotuns. (*N. do T.*)

⁹⁶ Logo da morte, como di máis adiante. (*N. do T.*)

⁹⁷ Alusión á devandita Batalla da Fraga de Teutoburgo –ou Desastre de Varo–, o «encontro armado que tivo lugar no outono do ano 9 entre a tribo xermánica dos queruscos, acaudillados por Arminio, e tres lexións romanas (a XVII, a XVIII e a XIX) comandadas por Publio Quintilio Varo, gobernador da provincia *Germania Magna*, que se estendía deica o Elba». (*N. do T.*)

⁹⁸ Ebionitas foron, en realidade, algunhas comunidades do cristianismo primitivo que se mantiveron fieis á Lei Mosaica, «cumprindo preceptos xudeus tales como a circuncisión, o sábado, as prohibicións alimenticias, etc. Tamén tiñan unha cristoloxía “baixa”, ó dicir dos cristiáns primitivos. Ou sexa, afirmaban que Xesús era o Mesías (“Cristo”), pero rexeitaban a súa preexistencia e que fose de natureza divina. Seica rexíanse, amais de pola *Tora*, polo *Evanxeo segundo Mateu* e por outro libro que chamaban *Evanxeo dos Nazarenos* (hoxe perdido, posiblemente o de Mateu en hebreo) e rexeitaban a feito os escritos do apóstolo Paulo, tachándoo de apóstata da Lei. As derradeiras comunidades ebionitas puideron desaparecer ó redor do século IV». No século II, Ireneu de Lyon diferenciounos dos Nazarenos, que si crían na divindade de Xesús e celebraban o domingo como día da Resurrección de Cristo. London semella aplicar aquí o termo no seu senso estritamente etimolóxico (de *ebión*, “pobre” en hebreo), como se ignorase a historia do mesmo. (*N. do T.*)

⁹⁹ O *tribunum soldi* e o *tribunum capitis*, a base dos cales era, en efecto, o *census*. (*N. do T.*)

¹⁰⁰ Rama extremista da seita dos fariseos. (*N. do T.*)

¹⁰¹ Alusión a Xudas “o Galaunita” –ou “o Galileo”–, quen, xunto con Sadok “o Fariseo”, se rebelou contra o *census* do “Réxime dos Procuradores Romanos” que tentou impoñer Coponio, enviado do emperador Augusto. A revolta fracasou, e ambos os dous líderes foron executados polo devandito “cabaleiro da orde ecuestre”. (*N. do T.*)

¹⁰² Entendido aquí como “a Igrexa” xudía. (*N. do T.*)

¹⁰³ Se cadra, Marco Ambivio, *procurador augusti* das provincias de Xudea, Samaria e Idumea do 9 ó 12 d.C –aínda que Pilatos o foi do 26 ó 36. Baixo o seu goberno morreu Salomé, a irmá do rei Herodes o Grande. (*N. do T.*)

¹⁰⁴ O Bautista, non o Evanxelista, claro. Refírese ó célebre tema de Salomé, fillastra de Herodes Antipas, da que xa falamos nunha nota anterior. Entre as moitas edificacións que teimou en construír, Antipas fundou a cidade de Tiberias, na que, en principio, os xudeus se negaron a establecerse, aínda que, despois do 135, tras a expulsión de todos os xudeus de Xerusalén, deveu nun dos centros principais da cultura hebraica. A fin de poboar a súa nova urbe, Antipas trasladou alí o Sanedrín, o tribunal xudeu. (*N. do T.*)

¹⁰⁵ Herodías, nai de Salomé, casada antes con Filipo, como xa lembramos. (*N. do T.*)

¹⁰⁶ Así no orixinal: Barrabás. «*Bar-Abbá*, en arameo, significa “fillo do pai”. Algúns eruditos (mormente Hyam Maccoby) do Novo Testamento propuxeron a teoría de que este era o alcume que lle daban a Xesús, quen sempre comezaba as súas oracións coa palabra *Abba*, “Pai”. Segundo esta hipótese, cando a multitude en Xerusalén esixiu a Pilatos que amnistiase a “*Bar-Abbá*” (Barrabás) era a liberdade do mesmo Xesús a que pedían. Isto foi cambiado por editores que desexaban ocultar as conexións entre Xesús e o seu pobo, o pobo xudeu. A teoría atopa un forte apoio nos manuscritos provenientes de Cesarea, do Sinaí, de Siria, etc., e dalgúns manuscritos usados polo teólogo Orixes (185–254 d.C), nos

que se chama ó suposto “Barrabás” Iesous Ton Barabban, é dicir Xesús Bar–Abbâ, ou sexa, Xesús Fillo do Pai.», cf. Wikipedia. Pode que London coñecese esta hipótese, xa que escribe o nome orixinal, e non Barabbas, que é como se coñece en inglés esta personaxe. (N. do T.)

¹⁰⁷ A resposta de Xesús a Pilatos, a este respecto, resulta menos ambigua se, no canto de traducila como “Ti vés de dicilo” ou “Dilo ti” –como fan a maioría dos editores bíblicos–, entendémola como “Es ti quen vén de dicilo” ou “Iso dis ti (non eu)”. (N. do T.)

¹⁰⁸ A “animación suspendida” é unha técnica que consiste en arrefriar o corpo dun organismo vivo ata provocar a paralización das súas constantes vitais para logo devolvelo á vida. (N. do T.)

¹⁰⁹ A célebre teoría de Darwin, desenvolvida n’*A orixe das especies*, data de 1859. A teoría continuadora –“síntese” das teorías de Darwin e Mendel, entre outras–, é aínda máis recente, pois foi formulada contra 1940. Como vimos nun capítulo interior, London leu mesmo a Haeckel, uno dos continuadores de Darwin. (N. do T.)

¹¹⁰ Só por esta frase sabemos que o protagonista tamén tivo “vidas de muller”, e non deixa de ser significativo –como comento nunha nota posterior– o feito de que London non contara ningunha desas vidas. Mágoa! (N. do T.)

¹¹¹ Tamén o mariñeiro Daniel Foss existiu na realidade, e a súa historia –tremebunda– aínda é lembrada hoxe. (N. do T.)

¹¹² *Islas Amistosas*, en castelán. *Friendly Islands*, en inglés, que foi o nome que lles puxo o seu “descubridor”: o célebre capitán Cook. Porén, este “reino” polinesio, situado no Pacífico sur e que pasa por ser o primeiro lugar do mundo no que, oficialmente, amence, chámase, en realidade, Tonga. (N. do T.)

¹¹³ Arthur Sewall (1835–1900): construtor de barcos, industrial e político do partido demócrata de Estados Unidos. (N. do T.)

¹¹⁴ Segundo sabemos agora, o *Negociador* partiu «a principios do outono de 1809», cruzou, en efecto, o Cabo de Boa Esperanza, e, en efecto, naufragou o 25 de novembro dese mesmo ano. Daquela, Daniel Foss chegou ó illote en febreiro do 1810, despois do tráxico periplo que de contado leremos. (N. do T.)

¹¹⁵ Velaquí un eco ben claro das devanditas teorías de Charles Darwin, que tanto influíron no autor d’*A chamada do salvaxe* e *Caiño Branco*. (N. do T.)

¹¹⁶ *Dead reckoning*, na terminoloxía marítima: «Expresión derivada do termo náutico *deduced reckoning* (cálculo baseado en inferencia), un procedemento matemático simple para inferir a situación dun navío facendo cálculos baseados no rumbo e na velocidade de navegación ó longo dun período de tempo, sen usar o ceo nin os astros coma referencia». (N. do T.)

¹¹⁷ *Áncora flotante ou de capa*: elemento, ás veces improvisado, que, botado pola borda, frea o avance do barco. (N. do T.)

¹¹⁸ No relato real, o médico cumpriu o pactado. Abriuse «unha arteria do brazo esquerdo» e os seus dous compañeiros nutríronse primeiro co seu sangue e logo coa súa carne... Supoño que London, á hora de escribir esta pasaxe, pensou que a verdade era demasiado forte como para reproducila tal cal. Por certo que, denantes de chegaren a ese terrible extremo, os tres superviventes comeron os seus propios zapatos «con verdadeiro apetito», após adondalos na auga. Un detalle, case increíble, que se cadra inspirou a Chaplin a famosa escena d’*A febre do ouro* na que o esfameado vagaxeiro devora tamén as súas botas logo de cocelas, xa que a historia deste naufrago –da que aínda se fala hoxe, como xa dixen– deu a volta ó mundo, e ben puido chegar a oídos de Chaplin. Por outra banda, London participou, como é sabido, naquela “*gold rush*” de finais do XIX, e de feito a película de Chaplin transcorre nalgúns dos lugares dos que fala London nas súas obras. Ignoro se ambos xenios chegaron a se coñecer, mais si sei que o novelista era tolo polas películas mudas do actor e director inglés. En calquera caso, a similitude entre as dúas escenas é abraiante. (N. do T.)

¹¹⁹ Na traxedia real, xa que logo, só morreu o capitán, pois, como xa dixen antes, o médico dera o seu corpo e o seu sangue –nun acto verdadeiramente cristolóxico– para que os seus compañeiros puideran sobrevivir. (N. do T.)

¹²⁰ O tema da fame, tan presente neste e noutros capítulos, é central na obra de London. Alex Kershaw, na súa biografía sobre el, maxina: «Igual que a un lobo famento, encántalle a comida pouco feita: parrulo ó forno, chuletas de año, filetes de atún, calquera carne que aínda sangue lle serve. Antes, receaba a medianoite un bocadillo canibal: carne crúa, moi picada, con ceboliñas. Sempre tivo un apetito voraz, e lembra o que lle escribiu á súa moza sobre a fame que pasara de neno. Degoiraba tanto a carne que roubaba a comida das cestas dos compañeiros de clase: “Meu Deus, cando aqueles rapaces botaban ó chan os cachos de carne que lles sobaban, dábanme ganas de recollelos para comelos... O tema da carne é o celme da miña vida... A fame, a fame, a fame! Dende a época na que roubaba carne e non había voz

máis forte cá do meu estómago, ata arestora, cando esa voz soa aínda máis con máis forza, todo foi sempre a fame, nada máis cá fame”.» (N. do T.)

¹²¹ London viviu con horror unha matanza semellante, cando, de mozo, estivo nos mares do norte a bordo do *Sophie Sutherland*. Alex Kershaw recreou a terrible escena así: «Tres semanas despois viu por vez primeira unha manda de focas chiando no seu camiño ás colonias do Mar de Bering. Acabouse a festa. Durante os seguintes meses, Jack participaría na rutina cotiá da matanza. Escasos minutos despois de principiar a cacería, o *Sophie Sutherland* xa devira nun matadoiro, a súa cuberta “esvaradía por mor da graxa e do sangue, sementada de pelexos e corpos; os embornais tinguídos de vermello; os paos, cabos e bordas zarrapicados da cruenta cor, e os homes, coas mans e os brazos espidos e vermellos, coma carniceiros metidos en faena, atarefados, cos seus desapiadados coitelos, en esgazaren e esfolaren as fermosas criaturas mariñas que acababan de matar”». (N. do T.)

¹²² London escribe Sabbath, que en inglés pode referirse tanto á festa xudía (o sábado) como á cristiá (o domingo). (N. do T.)

¹²³ Ese tipo de construcións remóntanse ata a Idade de Pedra. Os *inuits* seguen a facelas para, por exemplo, cazar caribús no verán. En Galicia, hai restos dun “foxo de lobos” –chamado así porque o corredor remataba, non nunha “calexa sen saída” (*cul de sac*) senón nun foxo que aínda se conserva– na zona de Reira, moi preto do Cabo Vilán. (N. do T.)

¹²⁴ Advértase aquí a terrible ironía do destino –e a forte crítica social– que encerra este dato, tendo en conta que Daniel Foss, malia a súa soidade e as penurias que pasou naquela a súa illa, nadou nunha certa “abundancia” durante aqueles oito anos. (N. do T.)

¹²⁵ Trala execución do profesor Darrell Standing, cando o manuscrito das súas memorias chegou ás nosas mans, escribimos ó señor Hosea Salsburty, director do Museo de Filadelfia, quen, na súa carta de resposta, nos confirmou a existencia do remo e do opúsculo. *O editor*. (N. do A.)

¹²⁶ O parágrafo, sinte emocionante, é unha lección de escrita. London emprega decote termos vencellados cos sentidos de “grandeza, nobreza, realeza”, etc., e fala da *acolade* coa que os compañeiros de prisión honran ó protagonista (en relación coa frase «*kings have knighted me*»). Así que tiven que recorrer a este galicismo que, ó meu xuízo, ben podería aceptarse en galego, pois, que eu saiba, non existe equivalente ó que en castelán se denomina *espaldarazo* e tamén *acolada*: «Aperta que se lle daba ó neófito despois de nomearlle cabaleiro cun toque de espada no lombo». (N. do T.)

¹²⁷ Alusión ó metafísico escocés Sir William Hamilton (1788–1856) que reformulou o principio lóxico enunciado polo franciscano inglés Guillermo de Occam (1285–1347/9) e coñecido pola “Navalla de Occam” (*Occam's razor*) ou “Lei de Parsimonia” (*lex parsimoniae*). A frase do protagonista quere dicir, sinxelamente, que, entre as dúas hipóteses que tiña diante para explicar a suposta experiencia de Standing, optou pola máis sinxela e lóxica, e non pola máis improbable. (N. do T.)

¹²⁸ Ases (ou *Æsir*) e Vanes (ou *Vanir*) son os dous clans de deuses da mitoloxía escandinava. Segundo esta, ó principio dos tempos houbo unha guerra entre eles, ata que selaron a paz cedéndose “reféns”. O primeiro –liderado por Odín– vén sendo o dos nobres guerreiros, e o segundo o dos pacíficos labregos. Lembrándoo, o protagonista alude, claro está, a aquela existencia viquinga que o levou deica Xerusalén. (N. do T.)

¹²⁹ London escribe o termo en latín: *asphaltum lakes* (ou sexa, “lagos de asfalto”). Aínda que nos estrañe, a expresión é correctísima, xa que esa substancia negra «áchase ás veces en grandes depósitos naturais, coma o Lago Asfaltites ou o Mar Morto; por iso se lle chamou betún de Xudea». (N. do T.)

¹³⁰ Astarté: a deusa fenicia Ashtart, asimilación da sumeria Innana, da arcadia Ishtar, e da hebrea Astaroth. A Grande Nai das orixes. A Deusa Branca. (N. do T.)

¹³¹ A xulgar pola relevancia que lle dá neste capítulo, semella que a hipótese lanzada por Max Müller e outros lingüistas do século XIX e principios do XX verbo desa anterga “raza aria” da que provirían todas as linguas indo–irano–europeas fascinou a London. Malia o espantoso uso que logo lle deron os nazis a este concepto, «cómpre sinalar que nos *Vedas* a palabra *arya* non se emprega nunca con connotacións étnicas ou raciais», e que «aínda hoxe é empregada no zoroastrismo, o budismo, o xainismo e o hinduísmo co significado de “nobre” ou “espiritual”, designando, así mesmo, unha calidade espiritual divina: renacido, nacido dúas veces, que renaceu logo da morte», significado, este último, que encaixa perfectamente co eixo sobre o que xira a nosa novela. (N. do T.)

¹³² A hipotética migración daqueles arios europeos que se espallaron por Oriente Medio e Asia, ata chegaren a India. (N. do T.)

¹³³ O pai biolóxico de London, o “profesor” William Henry Chaney, era astrólogo. (N. do T.)

¹³⁴ Supoñendo que sexa o autor quen fala aquí por boca do protagonista, é certo que as súas afirmacións non resultan hoxe moi “politicamente correctas”, que digamos –e, neste senso, sería ben interesante

comparar esta novela co *Orlando* de Virginia Woolf, a personaxe da cal, a diferenza da de London, si non conta a súa vida como muller, e, abofé, semella estar máis capacitada para opinar sobre *A muller* (supoñendo que tal paradigma exista)... Secasí, coido que deberíamos ter en conta: primeiro, a época na que naceu London e na que na novela está escrita (época na que, por exemplo, a homosexualidade estaba penada co cárcere e o feminismo non fixera máis que principiar); segundo, que London foi e demostrou ser (tanto na súa vida coma na súa obra) un esquerdista comprometido e de ideoloxía avanzada (dentro do marco da súa época, do seu sexo e das súas propias contradicións); terceiro, que o protagonista (ou o autor) non está a falar de si mesmo senón dese “único home”, desa *summa* de todos os homes que existiron ó longo da Historia; e, cuarto, que o que o protagonista (ou o autor) está a facer nestes parágrafos é un “canto xeral”, case que nerudiano, sobre o amor –e a muller– coma pulo primordial do avance da Humanidade. Se cadra así poderemos “xulgallo” doutro xeito... (*N. do T.*)

¹³⁵ Ou sexa, os Deuses. (*N. do T.*)

¹³⁶ Ushu era a cidade que subministraba auga a Tiro. O nome provén de Usus, descendente de Genos e Genea, os fillos dos cales seica descubriron o lume, segundo Sankunyatón, autor fenicio de tres obras mitolóxicas das que só se ten noticia grazas á paráfrase grega que fixo Filo de Biblos e ó comentario que sobre este realizou o bispo cristián Eusebio de Cesarea: «Usus colleu o tronco dunha árbore, podoulle as pólas e foi o primeiro home en se atrever a cruzar con el o mar». (*N. do T.*)

¹³⁷ Aquí semella haber unha gralla nos diversos orixinais consultados: «*And as I died them*», no canto de «*As I died then*». Así o entenderon tamén outros tradutores. (*N. do T.*)

¹³⁸ Ó *buddha* histórico, o príncipe Siddhârta Gáutama. En realidade o concepto de *boddhisatva* –ser iluminado que, polo ben da Humanidade, renuncia ó Nirvana– é posterior a Buda, xa que é un dos piares do budismo Mahaiana que xurdiu moito despois. (*N. do T.*)

¹³⁹ Elam, Ashur, Aram, Arpachshad e Lud, dos que descenderían distintos pobos de Asia e de Oriente Medio. Segundo esta tradición “semítica”, os hebreos e os árabes, serían irmáns de sangue, posto que ambos proveñen de Arpachshad... (*N. do T.*)

¹⁴⁰ Ou sexa, que, canda el, Shamashnapishtin, “vagaría” o tema do Diluvio Universal, xa que, segundo un artigo incluído na Biblioteca Evoliana, «é cara a Occidente, “máis aló das augas profundas da morte (...) aquelas onde xamais houbo vao ningún e que ninguén, dende tempo inmemorial, atravesou endexamais”, onde se atopa o xardín divino no que reina Atrachasis–Shamashnapishtin, o heroe que escapou do Diluvio, e que conserva por iso o privilexio da inmortalidade. Xardín que Gilgamesh alcanzou, seguindo a vía occidental do sol, para obter o don da vida, e que está relacionado con Sabitu, “a virxe sentada sobre o trono dos mares”...» (*N. do T.*)

¹⁴¹ Corrijo algunha gralla do orixinal e transcribo os nomes tal e como aparecen nas Eddas. (*N. do T.*)

¹⁴² Segundo os especialistas actuais, este dato provén dun erro, xa que “cabalos alados das valquirias” é o epíteto que se emprega nas Eddas para referirse... ós lobos! Por certo que as *valkyrur* ou *disir*, como mulleres que eran, estaban consideradas deidades menores que servían ó Pai Odinn. Mais o dato que dá o protagonista (ou London) sobre os anxos é ben interesante, e mesmo pode que alguén estudara xa a posible relación entre os doce Æsir e os doce apóstolos (sendo Loki, claro, Xudas). (*N. do T.*)

¹⁴³ *Hell* en inglés. (*N. do T.*)

¹⁴⁴ Ou Weyland, deus ferreiro da mitoloxía anglosaxona, semellante o Völundr da Edda poética. (*N. do T.*)

¹⁴⁵ Corrijo a grafía de London: Nidung. (*N. do T.*)

¹⁴⁶ Seppo Ilmarinen, «personaxe mitolóxico finlandés, forxador eterno, o ferreiro e o inventor no Kalevala, é o artífice por excelencia ou o arquetipo da mitoloxía finlandesa. (“Seppo” é tanto un nome masculino como a designación da palabra “ferreiro” en finés.) Ilmarinen é un creador por excelencia na mitoloxía finlandesa, pero notoriamente desafortunado no amor. Descríbeselle como coñecedor de metais tradicionais, incluíndo o latón, o cobre, o ferro, o ouro e a prata. Os grandes labores que realiza son: facer a man a bóveda do ceo e forxar o Sampo». Corrijo a grafía de London: Il–marinen (*N. do T.*)

¹⁴⁷ *Káśyapa*: un dos sete grandes *risi* (videntes) védicos, ó cal se lle atribúen numerosos himnos. No *Mahabharata* e no *Ramaiana* aparece deificado como «pai de todo o creado». *Purúravas*: personaxe mitolóxico á que se lle atribúe a procedencia do triple Veda. No *Rig–veda* aparece como «figura del Sol e da inextinguible luz do coñecemento». (*N. do T.*)

¹⁴⁸ *Pole* aquí non é “polo”, como traducen os/as colegas, senón “vara, pao longo”, pois con ese enigmático apelativo de *the Sons of the Fire Drill and Fire Socket* o protagonista está a referirse, seguramente, ós pobos que facían lume *furando* un pao con outro, ou sexa polo método do rozamento. (*N. do T.*)

¹⁴⁹ A lenda artúrica está, en efecto, vencellada dende o principio á mitoloxía nórdica, pois «disfrazado de esmoleiro, Oddin cravou a espada máxica Balmung ou Gram (forxada por Wayland o ferreiro) na árbore

Branstock, un carballo que estaba no pazo de Volsung. Naquel lugar celebrábase un banquete por mor da voda de Signy co rei de Gothland, Siggeir. Logo Oddin predixo grandes cousas para o heroe que fose quen de sacala de alí. Dos nove príncipes de Volsung que o tentaron, só o conseguiu Sigmund, o máis novo deles.» A planta *soma* (da que Huxley colleu o nome para o célebre alimento de *Brave New World*) é unha planta que, polas súas propiedades benéficas e extáticas, aparece case que deificada na mitoloxía hindú, na que o seu zume pasa por ser «o licor da inmortalidade» –como o sangue do Grial. (N. do T.)

¹⁵⁰ Abráíame o feito de que London empregara esta expresión (central no Superrealismo) varios lustros antes de que André Breton o desenvolvese en *Arcano 17*, aínda que, neste caso, se trata máis ben dunha *nená-muller* que dunha *muller-nená*, tal e como a concibía Breton: aquela na que non esmorecen as facultades *marabillosas* da nenez. (N. do T.)

¹⁵¹ London tivo aquí outro *lapsus* que, por moito que pensei nel, non puideron aquelar. Durante toda a novela, o protagonista di que está a escribir o seu manuscrito “*in Murderers Row*” (literalmente, “a ringleira [de celas ou de edificios] dos asasinados”, “o pavillón de asasinados”, o “pavillón de máxima seguridade” actual, ou o que algúns chaman –impropriamente creo– “o corredor da morte”) da Prisión Estatal de Folsom. Ben, pois agora o protagonista afirma que xa non está aí (“*No longer am I in Murderers Row*”), senón “*in the death cell*”, “na cela da morte”, ou sexa, na derradeira que ocupan os condenados –nese *corredor* que os conduce á morte– xusto antes de seren executados. E, amais, dá a entender que, antes de que o levaran a esta, entregou a alguén da súa confianza o manuscrito (cosa lóxica, posto que agora está vixiado día e noite). Esta cela –di axiña, neste capítulo– foi a mesma que ocupou Oppenheimer antes de que o aforcaran. E *velai está o problema*, posto que, ó principio da novela, Darrell Standing di que está a escribir o manuscrito «*in Murderers Row*», e, inda por riba, «na mesma cela do Pavillón de Asasinados [ise *Murderers Row*] que ocupou Oppenheimer antes de que lle fixeran o que me van facer a min». Daquela, onde escribiu o seu relato: «*in Murderers Row*» ou «*in the death cell*», na que agora está a escribir iste derradeiro texto? Ende mal, o *lapsus* non ten solución, coido eu, agás quitar unha das dúas aseveracións que se contradín. Pero estas cousas lle pasan a todos os grandes escritores (incluído o meu admirado John Berger), e non creo que se lle deba tomar en conta a un que –se cadra– estaba apurado porque sabía que pronto ía morrer... (N. do T.)

¹⁵² London mantivo correspondencia coa Anti-Capital-Punishment League na época na que publicou o libro. Correspondencia que conserva a Utah State University, mais á cal non puideron acceder, ende mal, vía Internet. (N. do T.)

¹⁵³ Algún colega optou aquí por transformar esas catro agullas de tecer en... catro serras! Ben, se cadra custa un chisco crer que se poidan “serrar” (*to saw*) catro barrotes, así, moi devagariño, con catro “agullíñas de tecer batista” (unha clase de tecido), pero, en fin, tampouco é imposible. (N. do T.)

¹⁵⁴ Como amosou o propio London n’*A chamada do salvaxe*, cuxo tema central é ese. (N. do T.)

¹⁵⁵ Alusión a primeira Guerra Mundial que xa se vía vir no 1913. (N. do T.)

¹⁵⁶ Entendo aquí a palabra *clean* (limpas) no senso de “non contaminadas”, “non deturpadas”, “non prostituídas” que axiña lle dá London. (N. do T.)

¹⁵⁷ Unha alusión obvia á moral xudeucristiá, creadora e difusora por antonomasia do concepto de pecado. (N. do T.)

¹⁵⁸ Vendo o que está a pasar arestora nos campos de tortura coma o de Guantánamo, e moitos outros clandestinos, non podemos senón darlle a razón ó protagonista. (N. do T.)

¹⁵⁹ Como así foi: a de 1929, que London non chegou a ver pero si a enxergar, polo que parece. (N. do T.)

¹⁶⁰ O protagonista dá a entender, aquí e máis adiante, que hai xente, coñecidos seus, entrando e saíndo cadora, e que algún deles está a pasar, ás agochadas, este derradeiro texto. (N. do T.)

¹⁶¹ Literamente, «han de verme como algo *acolloante* (espantoso, tremendo)». Mais eu teño para min que London emprega aquí a palabra *god-awful* no senso etimolóxico, algo así como “que mete un medo de Deus”, “que infunde un pánico reverencial (sagrado)”. (N. do T.)